

PLENO DO PARLAMENTO

10 de novembro de 2020

10:00 horas

ÍNDICE

	<u>Páx.</u>
Convocatoria do Pleno	<u>1</u>
Relación de membros da Cámara	<u>8</u>
Listado para votación	<u>10</u>
Punto 1. Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 4586, 11/LGNF-000001)	<u>13</u>
Punto 2. Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017) (doc. núm. 52969, 10/ICON-000004) <i>Publicación do ditame e das propostas BOPG n.º 37 do 29.10.2020</i>	<u>62</u>
Punto 3. Textos lexislativos	<u>66</u>
3.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452, 11/PL-000001) <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020</i>	<u>67</u>
<i>Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 36, do 28.10.2020</i>	<u>200</u>
3.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 2453, 11/PL-000002) <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020</i>	<u>214</u>
<i>Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 36, do 28.10.2020</i>	<u>331</u>
Punto 4. Comparecencias	<u>343</u>
4.1 4147 (11/CPP-000023) Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación e das medidas adoptadas polo Goberno galego ante a situación de turbidez do río Eume e o seu impacto no abastecemento de auga en Pontedeume <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020</i>	<u>344</u>

Acumúlase na anterior á seguinte:

4.2 3835 (11/CPP-000021)

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do estado de deterioración ambiental e contaminación do río Eume

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020 [347](#)

4.3 4085 (11/CPP-000022)

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para abordar as medidas que se están a adoptar fronte á segunda onda da covid-19 e aquelas dirixidas a paliar as consecuencias sanitarias, económicas e sociais provocadas pola pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020 [351](#)

Punto 5. Mocións [355](#)

5.1 4110 (11/MOC-000007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 1686, publicada no BOPG n.º 15, do 16.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020 [356](#)

5.2 4148 (11/MOC-000008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 2817, publicada no BOPG n.º 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020 [360](#)

5.3 4158 (11/MOC-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 2246, publicada no BOPG n.º 23, do 30.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020 [363](#)

Punto 6. Proposicións non de lei	<u>367</u>
6.1 2552 (11/PNP-000254) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020</i>	<u>368</u>
6.2 2796 (11/PNP-000285) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-Porto <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020</i>	<u>373</u>
6.3 3737 (11/PNP-000412) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa, polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promociione ou titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020</i>	<u>379</u>
6.4 3878 (11/PNP-000427) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Presas Bergantiños, Noa e 2 máis Sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19 <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020</i>	<u>384</u>
6.5 3945 (11/PNP-000436) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020</i>	<u>389</u>

6.6	3973 (11/PNP-000441)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis	
	Sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020</i>	393
Punto 7.	Interpelacións	398
7.1	3563 (11/INT-000223)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Ortega Otero, Marina e 3 máis	
	Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020</i>	399
7.2	3635 (11/INT-000233)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Torrado Quintela, Julio e 2 máis	
	Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos concellos respecto da incidencia da covid-19	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020</i>	402
7.3	3652 (11/INT-000235)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	González Iglesias, María do Carme e 2 máis	
	Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020</i>	405
Punto 8.	Preguntas ao Goberno	409
8.1	4632 (11/PUP-000079)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Arangüena Fernández, Pablo e Otero Rodríguez, Patricia	
	Sobre o recoñecemento polo Goberno galego do compromiso do Goberno central para satisfacer unha demanda histórica da sociedade galega como a rebaixa das peaxes da autoestrada AP-9	410
8.2	911 (11/POP-000268)	
	Grupo Parlamentario Popular de Galicia	
	Alén Castro, Gabriel e 6 máis	
	Sobre cales son os beneficios que lle reporta ao estudantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020-2021	412

- 8.3 2989 (11/POP-000359)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a carga de traballo para o cadro de persoal da planta de Siemens-Gamesa nas Somozas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020[415](#)
- 8.4 2848 (11/POP-000345)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 máis
Sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir, dada a limitación das citas á atención telefónica, a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020[418](#)
- 8.5 3154 (11/POP-000382)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis
Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de asistencia ao ictus en Galicia, posto en marcha no ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020[421](#)
- 8.6 3810 (11/POP-000478)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da infraestrutura e reforzo do persoal da UCI de adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020[425](#)
- 8.7 4630 (11/PUP-000078)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre o número de persoas restrexadoras que hai en Galicia para o seguimento das persoas contaxiadas pola covid-19[429](#)
- 8.8 3442 (11/POP-000419)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre a demora na detección da presenza da covid-19 e na comunicación dos resultados das probas realizadas na Residencia de persoas maiores Os Gozos, en Pereiro de Aguiar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020[432](#)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 10 de novembro de 2020, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 3 de novembro de 2020, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 4586, 11/LGNF-000001)

Punto 2. Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017) (doc. núm. 52969, 10/ICON-000004)

Publicación do ditame e das propostas BOPG nº 37 do 29.10.2020.

Punto 3. Textos lexislativos

3.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452, 11/PL-000001)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020

Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 36, do 28.10.2020

3.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 2453, 11/PL-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020

Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 36, do 28.10.2020

Punto 4. Comparecencias

4.1 4147 (11/PPP-000023)

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación e das medidas adoptadas polo Goberno galego ante a situación de turbidez do río Eume e o seu impacto no abastecemento de auga en Pontedeume

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020

Acumúlase na anterior á seguinte:

4.2 3835 (11/PPP-000021)



Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do estado de deterioración ambiental e contaminación do río Eume
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020

- 4.3 4085 (11/PPP-000022)
Do presidente da Xunta de Galicia, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para abordar as medidas que se están a adoptar fronte á segunda onda da covid-19 e aquelas dirixidas a paliar as consecuencias sanitarias, económicas e sociais provocadas pola pandemia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020

Punto 5. Mocións

- 5.1 4110 (11/MOC-000007)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 1686, publicada no BOPG nº 15, do 16.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020
- 5.2 4148 (11/MOC-000008)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2817, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020
- 5.3 4158 (11/MOC-000009)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2246, publicada no BOPG nº 23, do 30.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020



Punto 6. Proposicións non de lei

- 6.1 2552 (11/PNP-000254)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020
- 6.2 2796 (11/PNP-000285)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-Porto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020
- 6.3 3737 (11/PNP-000412)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa, polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promocióne ou titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020
- 6.4 3878 (11/PNP-000427)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020
- 6.5 3945 (11/PNP-000436)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020



- 6.6 3973 (11/PNP-000441)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020

Punto 7. Interpelacións

- 7.1 3563 (11/INT-000223)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020
- 7.2 3635 (11/INT-000233)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos concellos respecto da incidencia da covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020
- 7.3 3652 (11/INT-000235)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020

Punto 8. Preguntas ao goberno

- 8.1 4632 (11/PUP-000079)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o recoñecemento polo Goberno galego do compromiso do Goberno central para satisfacer unha demanda histórica da sociedade galega como a rebaixa das peaxes da autoestrada AP-9
- 8.2 911 (11/POP-000268)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Alén Castro, Gabriel e 6 máis



Sobre cales son os beneficios que lle reporta ao estudantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020-2021

- 8.3 2989 (11/POP-000359)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a carga de traballo para o cadro de persoal da planta de Siemens-Gamesa nas Somozas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020
- 8.4 2848 (11/POP-000345)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 máis
Sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir, dada a limitación das citas á atención telefónica, a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020
- 8.5 3154 (11/POP-000382)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis
Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de asistencia ao ictus en Galicia, posto en marcha no ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020
- 8.6 3810 (11/POP-000478)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da infraestrutura e reforzo do persoal da UCI de adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020
- 8.7 4630 (11/PUP-000078)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre o número de persoas restrexadoras que hai en Galicia para o seguimento das persoas contaxiadas pola covid-19
- 8.8 3442 (11/POP-000419)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre a demora na detección da presenza da covid-19 e na comunicación





dos resultados das probas realizadas na Residencia de persoas maiores Os
Gozos, en Pereiro de Aguiar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non
de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do
Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Angel
Santalices Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices
Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel
Santalices Vieira, Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentode
galicia.es
Fecha: 2020.11.03 17:01:09 +01'00'





Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 03/11/2020 17:01:09



RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

María Isaura Abelairas Rodríguez	S
María del Carmen Aira Díaz	BNG
Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
Pablo Arangüena Fernández	S
Raquel Arias Rodríguez	P
José Antonio Armada Pérez	P
José Manuel Balseiro Orol	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Gonzalo Caballero Miguez	S
Diego Calvo Pouso	P
María Elena Candia López	P
Ramón Carballo Páez	P
Iria Carreira Pazos	BNG
Daniel Castro García	BNG
Paloma Castro Rey	S
Francisco José Conde López	P
José Manuel Cores Tourís	P
María Sol Díaz Mouteira	P
Noa Susana Díaz Varela	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Ramón Fernández Alfonso	BNG
Alexandra Fernández Gómez	BNG
Martín Fernández Prado	P
José Luis Ferro Iglesias	P
Juan Carlos Francisco Rivera	S
María Leticia Gallego Sanromán	S
Fabiola García Martínez	P
María González Albert	BNG
María do Carme González Iglesias	BNG
José González Vázquez	P
Rubén Lorenzo Gómez	P
Manuel Antonio Lourenzo Sobral	BNG
Valeriano Martínez García	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Marina Ortega Otero	S
Patricia Otero Rodríguez	S
José Alberto Pazos Couñago	P
Rosana Pérez Fernández	BNG
Daniel Pérez López	BNG
Noelia Pérez López	P
Carmen María Pomar Tojo	P
Ana Pontón Mondelo	BNG

María Corina Porro Martínez	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Mercedes Queixas Zas	BNG
Rosa María Quintana Carballo	P
José Manuel Rey Varela	P
Paulo Ríos Santomé	BNG
Xosé Luís Rivas Cruz	BNG
Ovidio Rodeiro Tato	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Román Rodríguez González	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Cristina Sanz Arias	P
Martín Seco García	S
María Elena Suárez Sarmiento	P
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Julio Torrado Quintela	S
Jesús Vázquez Almuíña	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
María Ángeles Vázquez Mejuto	P
Ethel María Vázquez Mourelle	P
Daniel Vega Pérez	P
Borja Vereá Fraiz	P

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura**

(actualizada 23 de setembro de 2020)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	S	NON	ABST
1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	S			
2. Aira Díaz, María del Carmen	BNG			
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	S			
4. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
5. Arangüena Fernández, Pablo	S			
6. Arias Rodríguez, Raquel	P			
7. Armada Pérez, José Antonio	P			
8. Balseiro Orol, José Manuel	P			
9. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
10. Caballero Miguez, Gonzalo	S			
11. Candia López, María Elena	P			
12. Carballo Páez, Ramón	P			
13. Carreira Pazos, Iria	BNG			
14. Castro García, Daniel	BNG			
15. Castro Rey, Paloma	S			
16. Cores Tourís, José Manuel	P			
17. Díaz Mouteira, María Sol	P			
18. Díaz Varela, Noa Susana	S			
19. Egerique Mosquera, Teresa	P			
20. Fernández Alfonso, Ramón	BNG			
21. Fernández Gómez, Alexandra	BNG			
22. Fernández Prado, Martín	P			
23. Ferro Iglesias, José Luis	P			
24. Francisco Rivera, Juan Carlos	S			
25. Gallego Sanromán, María Leticia	S			
26. González Albert, María	BNG			
27. González Iglesias, María do Carme	BNG			
28. Lorenzo Gómez, Rubén	P			
29. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	BNG			

30. Murillo Solís, María Guadalupe	P			
31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Otero Rodríguez, Patricia	S			
33. Pazos Couñago, José Alberto	P			
34. Pérez Fernández, Rosana	BNG			
35. Pérez López, Álvaro	P			
36. Pérez López, Noelia	P			
37. Pomar Tojo, Carmen María	P			
38. Pontón Mondelo, Ana	BNG			
39. Prado del Río, Paula	P			
40. Presas Bergantiños, Noa	BNG			
41. Puy Fraga, Pedro	P			
42. Queixas Zas, Mercedes	BNG			
43. Rey Varela, José Manuel	P			
44. Ríos Santomé, Paulo	BNG			
45. Rivas Cruz, Xosé Luís	BNG			
46. Rodeiro Tato, Ovidio	P			
47. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
48. Rodríguez Dacosta, M ^a del Carmen	S			
49. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta M ^a	P			
50. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
51. Sanz Arias, Cristina	P			
52. Seco García, Martín	S			
53. Suárez Sarmiento, María Elena	P			
54. Tabarés Pérez Piñeiro, Iago	BNG			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Torrado Quintela, Julio	S			
57. Vázquez Almuíña, Jesús				
58. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
59. Vega Pérez, Daniel	P			
60. Vereza Fraiz, Borja	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

61. Quintana Carballo, Rosa María	P			
62. González Vázquez, José	P			
63. García Martínez, Fabiola	P			
64. Rodríguez González, Román	P			
65. Conde López, Francisco José	P			
66. Vázquez Mourelle, Ethel María	P			
67. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P			
68. Martínez García, Valeriano	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Ortega Otero, Marina	S			
72. Porro Martínez, María Corina	P			
73. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.11.2020

Hora: 10:00

Orde do día

1. Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 4586, 11/LGNF-000001)



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO


Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



galiçia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2020 12:35:52
Nº Rexistro: 4586
Data envío: 02/11/2020 12:35:52.336



Achégolle certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29 de outubro de 2020, polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Asemade, achégase o informe de estratexia económico-financeira ao que se refire o citado artigo.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**





XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de outubro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. O límite máximo de gasto non financeiro da Xunta de Galicia para 2021 fíxase en 11.664 millóns de euros.
2. Este límite poderá axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado, así como na minoración dos axustes de contabilidade nacional sempre que non afecten a taxa de referencia de déficit adoptada.
3. O Vicepresidente primeiro e Conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo remitirá ao Parlamento de Galicia o presente acordo acompañado da documentación á que refire o parágrafo 1 do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.

E para que conste asino a presente, co visto e prace do sr. presidente, en Santiago de Compostela a vinte e nove de outubro de dous mil vinte.

Visto e prace
O PRESIDENTE





Informe de estratexia financeiro-fiscal

Outubro 2020





Índice

Introdución.....	3
1. Escenario Económico.....	6
1.1. O entorno internacional da economía galega.....	6
1.2. Situación da economía española.....	12
1.3. Evolución recente da economía galega.....	16
1.4. Escenario macroeconómico 2020 – 2021.....	23
1.5. Crecemento potencial e output gap.....	24
1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente.....	27
2. Escenario Financeiro.....	29
2.1. Recursos de contabilidade nacional para o teito de gasto.....	29
2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.....	38
Anexo I	40





INTRODUCCIÓN

Co presente informe comeza o ciclo orzamentario do próximo exercicio, empezando pola definición do teito de gasto.

Neste informe polo xeral, se presenta un escenario orzamentario plurianual cun horizonte de planificación financeira de 3 anos en diante desde o exercicio en curso, co fin de que os Orzamentos da Comunidade autónoma teñan encaixe nunha envolvente financeira plurianual. Porén, a actual coxuntura socioeconómica na que nos atopamos, condicionada pola pandemia COVID-19 e a conseguinte crise sanitaria, social e económica, levou a o Goberno de España a suspender as regras fiscais para 2020 e 2021, polo que aquí nos centraremos en fixar o límite de gasto non financeiro para 2021 para as contas autonómicas.

En efecto, a Comisión Europea, a Comisión Europea aplica xa no verán a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento no 2021, que xa antes había declarado para 2020. Esta medida permite aos Estados membros deixar en suspenso a senda de consolidación fiscal aprobada antes da crise. Ademais sendo consciente desta situación, aprobou unha revisión das directrices dos Programas de Estabilidade e Converxencia simplificando o seu contido e limitando o seu alcance temporal ao presente ano e ao seguinte, en vez de catro anos como é o habitual.

Seguindo esas directrices das autoridades comunitarias, o Goberno de España aprobou suspender as regras fiscais en 2020 e 2021. Como consecuencia desta decisión, o Consello de Ministros suspendeu o pasado 6 de outubro, a senda e os obxectivos de estabilidade aprobados o pasado mes de febreiro e que quedaron absolutamente desfasados polo impacto da crise.

O feito de que non acompañe ao teito de gasto unha senda de estabilidade non significa en ningún caso que se renuncie ao principio de estabilidade orzamentaria, polo que non se suspende a responsabilidade fiscal das Administracións Públicas nin o principio de prudencia na estimación dos ingresos e gastos para elaborar os orzamentos da comunidade autónoma, que respectarán como límite a taxa de referencia fixada polo Goberno de España para o sector público autonómico.

En efecto, este informe se basea nas taxas de déficit de referencia propostas polo Ministerio de Hacienda no último pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira , celebrado o pasado 5 de outubro. Así, o déficit de referencia para España no ano 2020 sube ata o 11,3%, fixándose unha referencia do 7,7% para 2021.

A distribución da taxa de referencia para 2021, asigna unha taxa máxima á Administración Xeral do Estado do 5,2%, ás comunidades autónomas do 1,1% e á





Seguridade Social, do 1,3%. Pola súa banda, As entidades locais terán un déficit de referencia aproximado do 0,1%.

Ademáis hai que ter en conta que o próximo exercicio non será de aplicación a regra de gasto xa que tamén se deixou en suspenso polo Ministerio de Hacienda.

No antedito pleno do CPFF comunicáronse adicionalmente as contías previstas dos recursos xerados polo sistema de financiamento autonómico no ano 2021.

Ademais, e na medida en que o sistema de financiamento autonómico non está deseñado para soportar o impacto extraordinario dun acontecemento como a actual pandemia, que afecta de xeito especial ás políticas de gasto sanitarias, sociais e educativas, pero tamén de apoio a os distintos sectores económicos, o pleno do consello acordo reproducir o fondo extraordinario COVID-19 xa impulsado no presente exercicio. Tamén aportouse unha información xenérica sobre os novos mecanismos de financiamento que a Comisión Europea esta desenvolvendo ao abeiro do instrumento Next Generation UE.

Por tanto, o límite de gasto que, permite establecer o tope cuantitativo do orzamento do vindeiro exercicio, elaborouse tendo en conta a previsión de ingresos non financeiros do dito exercicio, aplicando unha taxa de referencia de déficit dun 1,1% e sen que sexa de aplicación a regra de gasto.

Como paso previo á determinación das anteriores magnitudes fiscais, compre definir a envolvente económica deste marco fiscal. O traballo de prospección económica que desenvolve o Instituto Galego de Estatística (IGE en diante) e leva á determinación do escenario, é fundamental por dous motivos:

1. Determina as variables económicas que condicionan a evolución dos ingresos públicos, sendo por tanto a base da estimación do escenario de ingresos, xunto coas previsións de recadación do exercicio en curso e as elasticidades de cada figura de ingresos. Ademais a estimación do PIB, e do seu deflactor, serán tamén a referencia para a cuantificación da taxa de referencia do déficit (medida como necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional sobre o PIB).
2. Determina a situación cíclica da economía galega comparando o PIB real estimado e o potencial. Esta situación debe determinar o sesgo da política fiscal da comunidade autónoma. Por tanto, determina a posición cíclica da economía galega e o saldo cíclico e estrutural da mesma; así como a taxa de referencia da economía galega que debe marcar a evolución tendencial das diferentes políticas de gasto no seu conxunto.





Por todo elo o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia obriga ao Consello da Xunta a acordar o límite de gasto non financeiro dos Orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro exercicio, e á súa remisión ao Parlamento xunto cun informe de estratexia financeiro-fiscal no que se basean os cálculos que dan pe ao devandito límite.

O contido do presente informe recolle, a parte dunha breve introdución explicativa dos obxectivos e contido do mesmo, dous grandes apartados.

- Un apartado económico, no que se establece o escenario económico da comunidade autónoma de forma coherente cos informes dos grandes axentes emisores de informes de conxuntura económica da nosa contorna (informe de primavera/outono da Comisión, OCDE e FMI e o informe de situación económica do Ministerio competente en materia de asuntos económicos).

- Un apartado financeiro, que baixo os supostos da evolución económica prevista e os acordos adoptados no seo do Consejo de Política Fiscal y Financiera, establece unha proposta de límite de gasto non financeiro para o ano 2021.





1. ESCENARIO ECONÓMICO

O artigo 11 da Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira indica que con carácter previo á elaboración dos orzamentos, elaboraranse uns escenarios de previsión plurianual que se recollerán nun informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. A Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o IGE, como axente responsable do subsistema de perspectiva económica, elaborará informes de situación económica que sirvan de base para a elaboración dos escenarios e que deberán conter, como mínimo o seguinte:

- a. Un cadro macroeconómico que explique a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, así como a evolución do PIB en termos nominais.
- b. Análise da posición cíclica da economía galega e o saldo cíclico do sector público autonómico de Galicia, a determinación do crecemento potencial, o output gap e o saldo cíclico orzamentario.
- c. E o cálculo da taxa de crecemento medio de referencia nominal e real de Galicia.

1.1. O entorno internacional da economía galega

A pandemia da COVID-19 provocou unha abrupta caída da actividade económica mundial desde principios de ano. As medidas de confinamento e distanciamento social adoptadas en todos os países para conter a propagación do virus e evitar a sobrecarga dos sistemas sanitarios provocaron un desplome da actividade. China implementou estas medidas xa no mes de xaneiro e na medida que se foi propagando o virus, os outros países comezaron a aplicarlas, sendo os confinamentos máis intensos e xeneralizados desde mediados de marzo ata mediados de maio, o que levou a unha abrupta caída da actividade mundial, sobre todo no segundo trimestre.

As previsións dos principais organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea prevén unha drástica contracción da economía mundial no ano 2020, cunha recuperación parcial no ano 2021. As previsións están suxeitas a unha grande





incerteza: a evolución do virus e as medidas de contención necesarias para frear a súa propagación, a velocidade na que teñan efecto as medidas fiscais e monetarias tomadas polos gobernos e autoridades monetarias, afectarán á recuperación económica. Por este motivo, moitos organismos presentan varios escenarios para as súas proxeccións en función da evolución da pandemia ou un escenario central e escenarios alternativos no caso de rebrotes.

Destas previsións dedúcese que estamos ante unha desaceleración mundial profunda e sincronizada, que afecta a saúde, ao emprego e ao benestar. A economía mundial contraeríase no ano 2020 entre o 4,5% que prevé a OCDE e o 3,5% da Comisión Europea (segundo as previsións de maio). Para o ano 2021 prevese unha recuperación gradual da actividade, cun crecemento entre o 5,0% da OCDE e o 5,2% do FMI e Comisión Europea.

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI (outubro 2020)		OCDE (setembro 2020) ⁽¹⁾		Comisión Europea (xullo 2020) ⁽²⁾	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021
PIB Mundial	-4,4	5,2	-4,5	5,0	-3,5	5,2
Área Euro ⁽¹⁾	-8,3	5,2	-7,9	5,1	-8,7	6,1
Francia	-9,8	6,0	-9,5	5,8	-10,6	7,6
Alemaña	-6,0	4,2	-5,4	4,6	-6,3	5,3
Italia	-10,6	5,2	-10,5	5,4	-11,2	6,1
Portugal ⁽¹⁾	-10,0	6,5	-9,4	6,3	-9,8	6,0
España ⁽¹⁾	-12,8	7,2	-11,1	7,5	-10,9	7,1
Reino Unido	-9,8	5,9	-10,1	7,6	-9,7	6,0
Estados Unidos	-4,3	3,1	-3,8	4,0	-6,5	4,9
Xapón	-5,3	2,3	-5,8	1,5	-5,0	2,7
Marrocos	-7,0	4,9	--	--	--	--
México	-9,0	3,5	-10,2	3,0	-6,4	2,8
Brasil	-5,8	2,8	-6,5	3,6	-5,2	1,9
China	1,9	8,2	1,8	8,0	1,0	7,8
India	-10,3	8,8	-10,2	10,7	1,1	6,7
Comercio mundial de bens e servizos	-10,4	8,3	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países. Na actualización de setembro non difunde as previsións para España e Portugal, polo que para estes países se consideran as previsións de xuño.

(2) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio.

A crise sanitaria afecta a todas as rexións, mais existen diferenzas importantes entre as economías dos distintos países en función da evolución da pandemia, das estruturas económicas dos distintos países (os países máis dependentes do turismo e do petróleo veranse máis afectados) e da situación previa á crise.





Utilizando como fonte de información o FMI, as economías avanzadas¹ mostran unha contracción en 2020, cunha taxa do -5,8%, e unha recuperación en 2021 do 3,9%, e cun comportamento diferenciado entre os principais países: Estados Unidos decrecerá un 4,3% en 2020, para crecer en 2021 un 3,1%; a contracción en 2020 será maior na zona euro, cunha caída do 8,3%, e en Reino Unido, -9,8%, cunha recuperación do 5,2% e 5,9% respectivamente. Para a economía xaponesa prevese unha caída do 5,3% en 2020 e un crecemento do 2,3% no ano seguinte.

A previsión para as economías emerxentes e desenvolvidas² é dunha taxa de -3,3% en 2020 e do 6,0% en 2021. As diferenzas entre os distintos países son significativas: China, que sufriu a maior contracción no primeiro trimestre e xa está recuperando a actividade, crecerá en 2020 un 1,9% e un 8,2% en 2021, mentres que países como Brasil ou México están no período de contención do virus e sufrirán unha desaceleración en 2020 do -5,8% e -9,0% respectivamente e unha pequena recuperación no ano 2021, con crecementos do 2,8% e 3,5% respectivamente.

Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións dispoñibles para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, China, India, os principais da zona euro e Reino Unido. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea, e comentaranse as principais discrepancias coas previsións do FMI e as da OCDE.

As proxeccións reflicten a profunda recesión na que se atopa a zona euro e as dificultades para recuperarse ante o descoñecemento sobre a evolución da pandemia que afectará ao comportamento dos fogares e empresas. As medidas de contención necesarias para conter a propagación do virus que tiveron un forte impacto na economía no primeiro semestre deberían ter menos custo nos próximos meses pola experiencia adquirida e polo comportamento dos axentes económicos. As medidas de política monetaria, fiscal e de emprego que se aplicaron nesta crise, moito máis intensas que nas crises anteriores, deberían contribuír a amortiguar as cicatrices que esta crise sanitaria deixa no emprego, na inversión e nos niveis de benestar. A industria e algúns servizos deberían reactivarse mentres que noutros servizos, como a hostalería e as actividades relacionadas co ocio, manteríanse restricións na actividade. En 2020 a previsión de crecemento da zona euro estaría entre o -7,9% da OCDE e o -8,7% da Comisión Europea; en 2021 o crecemento oscilaría entre o 5,1% da OCDE e o 6,1% da Comisión Europea.

¹ Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.

² Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.





Por países dentro da zona euro, as perspectivas da Comisión Europea para 2020 reflicten que as economías máis afectadas pola crise son Italia, España e Francia. A economía italiana rexistraría un decrecemento do 11,2%, que sería algo inferior segundo o FMI (-10,6%) e a OCDE (-10,5%). Para España, a Comisión Europea prevé unha taxa do -10,9%, mentres que para o FMI sería a economía máis afectada, cunha taxa do -12,8%. As previsións para Francia sitúanse entre o -10,6% da Comisión Europea e o -9,5% da OCDE. Portugal tamén rexistrará unha forte contracción, -9,8% segundo a Comisión e -10,0%, segundo o FMI. O efecto na economía alemá será menor, cunha taxa entre o -6,3% da Comisión Europea e o -5,4% da OCDE.

As previsións para 2021 da Comisión Europea amosan unha recuperación parcial nas principais economías da área euro respecto do ano anterior. Segundo estas previsións, Francia crecerá un 7,6%, España un 7,1%, Italia un 6,1%, Portugal un 6,0% e Alemaña un 5,3%. O FMI empeora estas previsións para Francia (6,0%), Alemaña (4,2%) e Italia (5,2%) na medida na que prevé unha recesión menos profunda no ano anterior. Mellora as cifras para Portugal (6,5%) e España (7,2%) en consonancia cunha previsión de maior caída en 2020. As previsións da OCDE, que son máis optimistas que as da Comisión Europea para o ano 2020 nestes países (agás España), reducen o crecemento para o ano 2021 sinalando que Francia crecerá un 5,8%, Italia un 5,4%, España un 7,5%, Alemaña un 4,6% e Portugal un 6,3%.

No principal país europeo que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, todos os organismos sinalan unha forte desaceleración da economía no ano 2020, con taxas entre o -9,7% da Comisión Europea e o -10,1% da OCDE. A recuperación será lenta, acadando en 2021 taxas de crecemento entre o 5,9% do FMI e o 7,6% da OCDE.

En Estados Unidos, as previsións para o ano 2020 oscilan entre o -4,3% do FMI e o -6,5% da Comisión Europea (previsión de maio). No ano 2021, o crecemento estaría ente o 3,1% do FMI e o 4,9% da Comisión Europea.

China sufriu o maior impacto da pandemia no primeiro trimestre de 2020 e está a recuperar a actividade, polo que o FMI prevé un incremento no ano 2020 do 1,9%. Para o ano 2021, prevese un sólido crecemento da economía, con taxas entre o 8,2% do FMI e o 7,8% da Comisión Europea. As previsións mais recentes para a India prognostican unha desaceleración da economía en 2020, con taxas do -10,3% segundo o FMI e -10,2% da OCDE, e un repunte na economía no ano 2021, con taxas de crecemento entre o 10,7% (OCDE) e o 8,8% (FMI).

A Comisión Europea tamén ofrece, nas súas previsións de xullo, o perfil dos crecementos trimestrais dos países da área do euro. O seguinte gráfico presenta o






crecemento intertrimestral previsto e o observado para as principais economías europeas para os anos 2020 e 2021.

En termos intertrimestrais obsérvase que aínda que as medidas de contención empezaron a aplicarse a finais do primeiro trimestre, xa tiveron impacto na economía neste trimestre, que rexistrou taxas negativas en todos os países. A maior contracción rexistrouse no segundo trimestre, con taxas intertrimestrais entre o -19,8% de Reino Unido e o -9,7% de Alemaña. Para o terceiro trimestre espérase un crecemento intertrimestral elevado despois da forte caída do segundo e para os seguintes trimestres unha recuperación moderada da actividade.



Previsións crecemento intertrimestral do PIB en 2020 e 2021



Fonte: Comisión Europea

Asinado por: Parlamento de Galicia
 Data e hora: 02/11/2020 12:35:20

CSV: REXISTRO\XJT8rrk8
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



1.2. Situación da economía española

1.2.1. Escenario macroeconómico

A crise sanitaria orixinada pola expansión da COVID-19 provocou un shock económico a nivel mundial. España está a ser un dos países máis afectados polo virus e o impacto económico será significativo. As medidas de confinamento máis estritas adoptadas en España así como as características estruturais da economía española levarán a unha caída abrupta da actividade no ano 2020.

A economía española encadeaba seis anos consecutivos de crecemento, mantendo un diferencial positivo coa media dos países europeos. Era un crecemento sólido e sostido, que permitía avanzar na corrección dos desequilibrios macroeconómicos que afectan a economía española. Antes da expansión do virus, prevíase unha desaceleración progresiva da economía mundial que tamén se manifestaría na economía española. A crise da COVID-19 mudou completamente as perspectivas futuras.

No ano 2019, a economía española experimentou unha moderación no seu crecemento, cunha taxa do 2,0%, catro décimas menos que no ano anterior, en liña coa moderación rexistrada polas economías do noso entorno, e mantendo un crecemento superior ao da área do euro.

Analizando o crecemento do PIB no ano 2019, pódese observar un crecemento equilibrado, con achega positiva da demanda interna, 1,4 puntos porcentuais, inferior á do ano anterior, e do sector exterior, 0,6 puntos porcentuais.

España. Demanda. Índices de volume. Referencia 2015								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>								
Operacións	2018	2019	2019				2020	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,0	1,3	1,3	0,9	1,4	1,4	-3,7	-17,8
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,8	0,9	1,1	0,4	1,2	1,0	-6,1	-24,7
-Gasto en consumo final das AAPP	2,6	2,3	2,2	2,4	2,2	2,6	3,7	3,1
Formación bruta de capital	7,4	2,0	5,4	1,2	1,9	-0,3	-5,3	-25,4
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	3,0	1,4	2,1	0,9	1,5	1,0	-3,9	-18,8
Exportacións de bens e servizos	2,3	2,3	1,1	3,2	2,7	2,1	-5,6	-38,1
Importacións de bens e servizos	4,2	0,7	0,8	-0,1	2,0	0,3	-5,4	-33,5
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,4	2,0	2,2	2,1	1,8	1,7	-4,2	-21,5

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidade nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2019





Entre os compoñentes da demanda interna, o consumo privado aumentou un 1,3% no ano 2019, sete décimas menos que o ano anterior. O consumo público incrementouse un 2,3%, tres décimas menos que no ano anterior.

A formación bruta de capital moderou o seu crecemento do 7,4% en 2018 ata o 2,0%, en 2019. Esta desaceleración no crecemento débese principalmente á inversión en construción.

A demanda externa achega 0,6 puntos ao crecemento do PIB en 2019, cun incremento das exportacións do 2,3%, similar ao do ano anterior, e das importacións do 0,7%, taxa 3,5 puntos inferior á do ano anterior.

Antes da pandemia, as previsións dos principais organismos nacionais e internacionais coincidían no mantemento da senda expansiva da economía española, baseada tanto na achega da demanda interna como da demanda externa. A situación económica e social mundial mudou completamente. O primeiro país afectado polo coronavirus foi China, que aplicou medidas xa a primeiros de ano; en Europa as primeiras medidas para a contención do virus comezaron no mes de marzo.

España, un dos países con maior incidencia do virus, foi un dos que adoptou medidas máis restritivas, a partir da segunda quincena de marzo, e máis intensas no tempo, ata a segunda quincena de xuño non se levantaron totalmente as restricións. Estas medidas reflectíronse na evolución da economía, xa no primeiro trimestre do ano, cunha taxa interanual do -4,2%, e máis intensamente no segundo trimestre, cunha taxa do -21,5%.

O consumo privado reduciuse no segundo trimestre un 24,7%. As restricións da mobilidade e o peche dos establecementos comerciais xunto coa perda de emprego tiveron un forte impacto no consumo.

A inversión tamén rexistrou unha caída significativa, -25,4%, nun entorno de incerteza sobre a evolución da pandemia e o seu impacto tanto a nivel nacional como internacional.

O peche das fronteiras e a redución da actividade afectaron ao comercio internacional, cunha caída tanto das exportacións (-38,1%) como das importacións (-33,5%).

Ante a situación de incerteza actual, algúns dos organismos que elaboran previsións optaron por establecer varios escenarios en función da posible evolución da crise sanitaria e a súa repercusión económica: a nivel nacional, o Banco de España e a Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF) nos seus últimos informes;



dos organismos internacionais, a OCDE tamén estableceu dous posibles escenarios no mes de xuño.

Nos seguintes cadros preséntanse a desagregación das previsións para España nas súas compoñentes de demanda previstas para os anos 2020 e 2021 polo Goberno, o Banco de España, a AIReF, o FMI e a OCDE.

Previsións macroeconómicas. España. TVI (%). Ano 2020								
	Ministerio (outubro 2020)	Banco de España (setembro 2020)		AIReF (xullo 2020)		FMI (outubro 2020)	OCDE (xuño 2020)	
		Escena rio 1	Escena rio 2	Escena rio 1	Escena rio 2		Escena rio 1	Escena rio 2
PIB por compoñentes de demanda								
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	-12,6	-11,2	-13,1	-11,6	-14,0	-14,8	-13,4	-17,3
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	6,3	-5,4	5,8	6,4	7,9	3,7	3,2	3,2
Formación bruta de capital fixo	-18,3	-19,5	-21,9	--	--	-16,2	-20,1	-24,7
Demanda nacional ⁽²⁾	--	-9,3	-10,9	-10,5	-13,6	-12,0	--	--
Exportacións de bens e servizos	-22,7	-20,7	-25,2	-29,2	-36,8	-25,5	-16,7	-19,8
Importacións de bens e servizos	-20,0	-18,7	-22,0	-33,2	-44,0	-22,3	-18,0	-21,1
Produto interior bruto	-11,2	-10,5	-12,6	-10,1	-12,4	-12,8	-11,1	-14,4
Produto interior bruto nominal	-11,2	--	--	-9,7	-12,2	-12,4	-10,5	-13,8
Taxa de paro	17,1	17,1	18,6	--	--	16,8	19,2	20,1

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio e Banco de España: Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, Banco de España, AIReF, FMI e OCDE

Calquera das previsións considerada manifesta a magnitude da crise económica: a redución do PIB de España no ano 2020 estaría entre o -10,1% prognosticado pola AIReF nun escenario de menor incidencia da pandemia e o -14,4% da OCDE supoñendo que hai unha segunda ola de infectados. Para o ano 2021, todas as previsións coinciden en que non se recuperará totalmente a actividade perdida durante 2020, con taxas de crecemento entre o 4,1% do Banco de España e o 7,5% da OCDE.



Previsións macroeconómicas. España. TVI (%). Ano 2021

	Ministerio (outubro 2020)	Banco de España (setembro 2020)		AIReF (xullo 2020)		FMI (outubro 2020)	OCDE (xuño 2020)		
		Escena rio 1	Escena rio 2	Escena rio 1	Escena rio 2		Escena rio 1	Escena rio 2	
PIB por compoñentes de demanda									
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	8,3	9,4	5,5	6,6	6,7	9,1	9,7	7,1	
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	0,5	-1,3	-1,2	-1,8	-2,8	0,2	1,2	1,2	
Formación bruta de capital fixo	7,2	6,0	2,4	--	--	10,3	10,3	6,2	
Demanda nacional ⁽²⁾	--	6,2	3,3	5,5	5,5	7,2	--	--	
Exportacións de bens e servizos	11,7	11,5	7,4	15,2	12,8	10,1	9,5	5,7	
Importacións de bens e servizos	8,6	8,4	4,9	18,8	14,5	10,6	10,7	7,5	
Produto interior bruto	7,2	7,3	4,1	5,2	5,8	7,2	7,5	5,0	
Produto interior bruto nominal	8,1	--	--	6,0	6,4	8,1	7,8	5,0	
Taxa de paro	16,9	19,4	22,1	--	--	16,8	18,7	21,9	

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio e Banco de España: Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, Banco de España, AIReF, FMI e OCDE

Esta crise tamén ten un forte impacto no emprego, aínda que as medidas adoptadas (ERTE, prestación por cese de actividade) mitigan o seu efecto nos fogares. As estatísticas oficiais non reflicten a verdadeira magnitude do impacto, xa que as persoas afectadas por un ERTE seguen estando afiliadas á Seguridade Social e, a efectos da EPA, son ocupados. Ademais, as persoas que non puideron buscar emprego durante o período de confinamento ou non podían incorporarse a un hipotético traballo, ao non cumprir algunha das condicións para clasificarse como paradas segundo a definición da Organización Internacional do Traballo (OIT), clasificáronse como inactivas. Isto distorsiona a cifras de emprego e da taxa de paro do ano 2020, que non reflicten a magnitude do impacto da pandemia no emprego. Aínda así, o incremento da taxa de paro prevista para 2020 supera en como mínimo dous puntos a taxa do ano 2019 (14,1%). A previsión máis favorable é a do FMI, 16,8%, mais podería elevarse ata o 20,1% segundo a OCDE, nun escenario de rebotes na segunda metade do ano.

Para o ano 2021, a taxa de paro oscilaría entre o 16,8% do FMI e o 22,1% do Banco de España no seu escenario máis pesimista.





1.3. Evolución recente da economía galega

Durante os últimos anos a economía galega mantivo un crecemento sostido, baseado tanto na demanda interna como externa. Non obstante apreciábase unha desaceleración no crecemento que se mantería no ano 2020. A implosión dunha crise sanitaria como a provocada pola COVID-19, nun mundo tan globalizado, ten tamén un forte impacto na economía galega, como xa o indican as estimacións da contabilidade trimestral de Galicia dos dous primeiros trimestres do ano. As características estruturais da economía galega e a menor incidencia do virus que no resto de España axudan a que o impacto en Galicia sexa menor que no resto de España. A continuación detállase o comportamento da economía galega nos últimos trimestres para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

Produto interior bruto. Índices de volume. Referencia 2015								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario</i>								
	2018	2019	2019				2020	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Variación interanual	2,2	1,8	1,9	1,7	1,7	1,8	-3,6	-17,9
Variación intertrimestral	--	--	0,4	0,4	0,4	0,5	-4,9	-14,5


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

Demanda

Desde a óptica da demanda, o crecemento da economía galega nos últimos anos sustentouse na demanda interna, mentres que a demanda externa, afectada pola as tensións xeopolíticas que repercutiron no comercio mundial, debilitou o avance da economía.

No ano 2019 a achega da demanda interna en termos nacionais foi de 3,0 puntos porcentuais, rexistro similar ao do ano anterior, sendo o consumo o motor deste crecemento.





Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

Demanda. Índices de volume. Referencia 2015

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2018	2019	2019				2020	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,6	3,0	2,1	3,3	3,4	3,0	-4,9	-18,9
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	3,1	3,3	3,0	3,3	3,4	3,3	-8,1	-25,3
-Gasto en consumo final das AAPP	1,3	1,9	-0,8	3,1	3,4	2,1	5,2	1,3
Formación bruta de capital	4,9	2,7	4,6	3,5	3,1	-0,4	-7,2	-24,7
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	3,0	3,0	2,6	3,4	3,5	2,5	-5,5	-20,8
Exportacións de bens e servizos	3,1	-0,4	0,0	-5,4	1,7	2,3	-2,5	-19,9
Importacións de bens e servizos	4,6	1,8	1,2	-2,1	4,7	3,6	-5,6	-23,4
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,2	1,8	1,9	1,7	1,7	1,8	-3,6	-17,9

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares incrementouse un 3,3% no ano 2019, dúas décimas máis que no ano anterior, e chegou 2,1 puntos ao crecemento do PIB. Os principais indicadores de consumo dos fogares móstranse en sintonía co agregado, presentando no ano 2019 unha taxa interanual superior á do ano anterior. O indicador de renda salarial real calculada con: afiliación, incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflactor rexistra no ano 2019 un crecemento medio superior ao do ano precedente.



A formación bruta de capital mostraba, no ano 2019, sinais de desaceleración no seu crecemento, reducindo o seu incremento desde unha taxa do 4,9% en 2018 ata o 2,7% en 2019; aínda así, encadeaba seis anos consecutivos de crecemento.

Pola súa parte, o sector exterior restou, no ano 2019, 1,2 puntos porcentuais ao crecemento do PIB, cun incremento das importacións do 1,8% e un descenso das exportacións do 0,4%.

A situación mudou totalmente na primeira metade do 2020 coa propagación do virus da COVID-19. A incidencia do virus en Galicia foi menor que no conxunto de España e o impacto económico tamén foi menor, con caídas do PIB do 3,6% no primeiro trimestre e do 17,9% no segundo fronte ao -4,2% e -21,5% da economía española.

Desde a óptica da demanda, como xa se comentou para España, o consumo dos fogares veuse moi afectado polas restricións na mobilidade e o peche dos establecementos comerciais. A paralización da actividade e a incerteza sobre a evolución da pandemia tamén reduciron a inversión na primeira metade do ano. Todo isto, xunto co peche das fronteiras, motivou o descenso tanto das exportacións como das importacións.

Os datos de comercio exterior, obtidos a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria, indican que tanto as exportacións como as importacións galegas en termos nominais rexistraron as maiores caídas nos meses de abril e maio. Nos oito primeiros meses do ano, as exportacións reducíronse un 13,5% e as importacións un 21,2%.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no ano 2019 a industria é o único sector no que diminuíu o VEB. O sector primario e os servizos rexistraron taxas de crecemento superiores ás do ano anterior.





Oferta. Índices de volume. Referencia 2015

Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2018	2019	2019				2020	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-1,9	0,2	0,1	0,1	0,5	-0,1	-1,3	-2,0
Industria	3,8	-1,3	-2,3	-2,4	-0,8	0,2	-0,3	-19,7
- Industria manufactureira	3,3	0,9	-0,9	-1,0	2,8	2,7	-1,0	-25,2
Construción	4,6	2,6	4,9	3,3	1,8	0,6	-5,3	-23,2
Servizos	1,9	2,7	3,1	2,5	2,5	2,6	-3,3	-16,5
- Comercio, transporte e hostalería	2,2	3,4	4,3	3,2	3,6	2,8	-9,5	-38,3
- Información e comunicacións	2,9	0,4	0,9	-1,1	0,4	1,4	3,6	-6,0
- Actividades financeiras e de seguros	3,6	6,1	6,7	4,8	4,6	8,3	3,8	6,9
- Actividades inmobiliarias	1,1	1,2	1,1	1,1	1,2	1,5	0,2	-0,5
- Actividades profesionais	4,0	2,8	4,8	2,7	1,9	2,0	-6,0	-23,9
- Administración pública, sanidade e educación	1,0	2,7	1,6	4,3	2,9	2,0	1,9	-1,3
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,7	0,7	1,3	0,9	-0,1	0,6	-5,7	-34,4
Impostos netos sobre os produtos	1,9	1,1	1,2	0,4	1,2	1,8	-11,3	-22,7
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,2	1,8	1,9	1,7	1,7	1,8	-3,6	-17,9

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

As ramas industriais rexistran un descenso do 1,3% no ano 2019, principalmente debido á produción de enerxía. A industria manufactureira creceu un 0,9%, 2,4 puntos menos que no ano anterior.

A taxa de variación interanual do sector da construción no ano 2019 foi do 2,6%, dous puntos inferior á do ano precedente.

O sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 2,7% en 2019, 0,8 puntos superior ao do ano anterior. A rama de actividade cun crecemento máis robusto nos últimos anos é Comercio, transporte e hostalería, cun crecemento en 2019 do 3,4%, superior en 1,2 puntos ao do ano anterior. Todas as ramas rexistran taxas positivas no ano.

A crise sanitaria afecta a todas as ramas de actividade, pero con maior magnitude naquelas cuxa actividade vese limitada polo mantemento das medidas de distanciamento social, como a hostalería e as actividades artísticas. Así, no segundo trimestre de 2020, o Comercio, transporte e hostalería e as Actividades artísticas, recreativas e outros servizos rexistraron as maiores caídas, -38,3% e -34,4% respectivamente.

Ademais destas, rexistraron unha forte contracción a industria (-19,7%), a construción (-23,2%) e as actividades profesionais (-23,9%).





Emprego

No ano 2019 o número medio de postos de traballo equivalentes a tempo completo foi de 1.024.108, isto supón un incremento de 11.982 postos en termos absolutos con respecto a 2018; en termos relativos o crecemento foi do 1,2%.

Todos os grandes agregados rexistran taxas positivas no conxunto do ano 2019 agás o sector primario (-1,6%). Na industria aumentan os postos de traballo equivalentes a tempo completo o 1,0%, na construción o 2,4% e nos servizos o 1,4%.

Distinguindo por situación profesional, os postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados aumentaron un 2,0% no ano 2019, nove décimas menos que no ano anterior. Todos os grandes agregados rexistran taxas positivas agás o sector primario (-0,8%). Na industria aumentan un 2,0%, na construción un 4,4% e nos servizos un 2,0%.

As horas efectivas aumentaron no ano 2019 un 0,7%, dúas décimas máis que no ano anterior. Todos os grandes agregados rexistran taxas positivas agás o sector primario (-2,3%). O maior aumento no número de horas rexístrase na construción (2,8%), taxa lixeiramente superior á do ano anterior. O crecemento das horas no sector servizos (0,9%) foi tamén lixeiramente superior ao do ano precedente (0,8%). Na industria as horas aumentan un 0,6%, 1,9 puntos menos que no ano precedente.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo situouse no 0,6% no ano 2019, seis décimas máis que no ano anterior. A variación interanual da produtividade por hora situouse no 1,1%, seis décimas menos que no ano precedente.





Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2018	2019	2019				2020	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-3,6	-1,6	-5,2	1,0	-0,9	-1,2	1,5	-4,1
Industria	2,7	1,0	1,9	0,6	0,2	1,5	-1,0	-21,4
- Industria manufactureira	3,0	1,1	2,1	0,7	0,3	1,3	-1,1	-22,2
Construción	3,8	2,4	4,1	3,1	2,3	0,2	-5,1	-28,6
Servizos	2,5	1,4	1,7	1,5	1,2	1,0	-1,5	-23,9
- Comercio, transporte e hostalería	2,7	0,6	0,5	0,7	0,8	0,4	-2,9	-36,9
- Información e comunicacións	4,0	2,7	3,1	3,0	2,4	2,4	2,1	-3,7
- Actividades financeiras e de seguros	-0,7	-2,0	-1,6	0,3	-3,8	-3,0	-3,9	-5,2
- Actividades inmobiliarias	3,7	3,2	3,4	3,9	2,6	2,7	1,0	-18,6
- Actividades profesionais	5,1	2,5	3,7	2,5	1,9	1,9	-0,5	-14,9
- Administración pública, sanidade e educación	3,1	1,7	1,8	1,9	1,9	1,4	0,9	-12,1
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-3,4	2,0	4,2	1,3	0,7	1,7	-5,6	-30,7
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	2,2	1,2	1,4	1,4	1,0	0,9	-1,5	-22,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

A crise económica provocada pola emerxencia sanitaria tamén se traslada ao emprego. As medidas adoptadas polo Goberno para manter o emprego: ERTE, prestación por cese de actividade, fan que tanto nas cifras de ocupados da EPA como nas afiliacións á Seguridade Social se inclúan persoas nestas situacións. Non obstante, nos postos de traballo equivalentes estas persoas non se consideran, o que provoca unha diferenza importante entre as cifras.

Os postos de traballo equivalentes a tempo completo caeron un 22,5% no segundo trimestre do ano, sendo as actividades nas que máis se reduciu a actividade as que máis emprego perderon: Comercio, transporte e hostalería (-36,9%) e Actividades artísticas, recreativas e outros servizos (-30,7%).

Non obstante, a mellor visión do impacto das medidas de contención do virus na economía é a proporcionada polas horas traballadas. No segundo trimestre, as horas caeron un 26,1%.

O Plan para la Transición Hacia la Nueva Normalidad do Goberno de España establecía catro fases para o levantamento das restricións impostas tras a declaración do estado de alarma e disposicións posteriores. Estas fases da desescalada incluían unha paulatina e diferenciada (por actividades e provincias) recuperación da actividade, o que se reflicte no número de horas traballadas no trimestre. Ademais, as medidas a



implementar, necesarias para a adaptación dos postos de traballo á nova situación, levaron a unha recuperación gradual da actividade.

As ramas de Comercio, transporte e hostalería e Actividades artísticas, recreativas e outros servizos son as que reduciron máis as horas, con taxas de -41,4% e -36,2% respectivamente.

Na industria as horas diminuíron un 26,6% e na construción un 32,1%. O sector primario, que pola súa natureza veuse menos afectado polas restricións, reduciu o número de horas un 3,5%.

Emprego por ramas de actividade Horas efectivas

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2018	2019	2019				2020	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-5,9	-2,3	-5,7	0,3	-1,4	-2,4	1,3	-3,5
Industria	2,5	0,6	1,6	-0,5	0,9	0,3	-2,2	-26,6
- Industria manufactureira	2,8	0,6	1,7	-0,6	0,7	0,4	-2,3	-27,0
Construción	2,7	2,8	4,5	2,2	3,9	0,4	-5,9	-32,1
Servizos	0,8	0,9	0,6	0,3	1,4	1,2	-3,9	-28,2
- Comercio, transporte e hostalería	0,3	0,3	-0,6	-0,7	1,5	1,0	-6,5	-41,4
- Información e comunicacións	3,3	2,6	1,7	4,3	2,3	1,9	-0,2	-2,7
- Actividades financeiras e de seguros	3,1	-4,3	-2,1	-2,5	-6,6	-5,9	-6,4	-8,7
- Actividades inmobiliarias	2,3	6,1	8,3	6,6	7,0	2,8	-2,1	-33,6
- Actividades profesionais	3,0	1,6	2,7	1,5	1,2	1,0	-2,4	-18,7
- Administración pública, sanidade e educación	1,4	1,6	1,8	1,5	1,7	1,3	0,3	-12,8
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-3,2	0,9	-0,3	-1,4	1,1	4,1	-6,2	-36,2
TOTAL HORAS	0,5	0,7	0,4	0,3	1,2	0,7	-3,3	-26,1

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

Segundo a Enquisa de poboación activa (EPA) o número de ocupados aumentou un 1,6% no ano 2019, menos que no ano anterior (2,4%); supón un incremento de 17.550 persoas ata chegar aos 1.095.200 ocupados, o valor máis alto desde 2011.

Como se indicaba nos parágrafos anteriores a efectos da Enquisa de poboación activa (EPA) as persoas acollidas a un ERTE seguen a considerarse ocupadas se existe unha garantía de reincorporación ao posto de traballo unha vez finalizado o período de suspensión. No segundo trimestre de 2020, a ocupación baixa en 32.600 persoas respecto do primeiro trimestre, ata 1.050.400 ocupados, unha taxa interanual do





-4,4%. Destes ocupados, o total de persoas que efectivamente traballaron redúcese a 749.900, o 32,06% da poboación de 16 e máis anos.

O número de parados reduciuse no ano 2019 en 20.000 persoas, -12,0% en termos relativos, ata os 145.900 parados. Con este nivel de paro, a taxa no 2019 é do 11,8%, reducíndose en 1,5 puntos respecto ao ano anterior.

No segundo trimestre de 2020 rexístrase unha caída do paro, 14.300 persoas menos. Hai que ter en conta que segundo a definición da OIT non todos os que perderon a seu emprego pasaron a clasificarse como parados, unha parte pasou á inactividade, que aumentou en 47.100 persoas. Con estas cifras, a taxa de paro, que aumentou no primeiro trimestre ata o 12,65%, reduciuse no segundo trimestre ata o 11,95%.

As afiliacións medias á Seguridade Social aumentaron un 1,7% en 2019, sete décimas menos que no ano anterior; desde o mes de marzo están a diminuír as afiliacións. Nos nove primeiros meses de 2020 o descenso das afiliacións é do 1,8%. Os datos de afiliacións indican que entre o último día de febreiro e o último de abril perdéronse máis de 42.600 afiliacións, contabilizándose o 31 de abril 969.784 afiliacións; de maio a setembro recuperouse emprego ata o 1.005.106 do 31 de setembro, isto é, 35.322 afiliacións máis que a finais de abril.

En Galicia o 30 de abril había 150.241 traballadores afectados por ERTE por forza maior, e a finais de agosto eran 18.581 traballadores, un 87,6% menos.

1.4. Escenario macroeconómico 2020 – 2021

O escenario macroeconómico para Galicia reflicte o impacto na economía galega da crise sanitaria no ano 2020, cunha caída do 9,7%.

Escenario macroeconómico inercial

	2019	2020	2021
Produto interior bruto (PIB)	1,8	-9,7	6,0
Produto interior bruto nominal	2,9	-8,9	6,8
Emprego. PTETC	1,2	-10,6	5,2
Taxa de paro¹	11,8	12,3	13,8

¹ % da poboación activa

Fonte: IGE






Existe unha elevada incerteza sobre a evolución e a intensidade da pandemia, o que repercutirá na velocidade de recuperación da economía. As previsións para Galicia apuntan a unha recuperación parcial en 2021, cun crecemento do 6,0%. Este é un escenario inercial, no que non se consideran os efectos que o Plan Europeo teñan na economía galega. Estes efectos poderían permitir un maior incremento do PIB no ano 2021, o que daría lugar ao escenario que se reflicte no cadro seguinte.

Escenario macroeconómico

	2019	2020	2021
Produto interior bruto (PIB)	1,8	-9,7	8,0
Produto interior bruto nominal	2,9	-8,9	8,7
Emprego. PTETC	1,2	-10,6	7,0
Taxa de paro¹	11,8	12,3	12,9

¹ % da poboación activa

Fonte: IGE



O emprego medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo reduciríase un 10,6% en 2020, e incrementaríase un 5,2% en 2021.

Un descenso tanto da ocupación como da poboación activa en 2020 levaría a unha taxa de paro do 12,3%, cinco décimas superior á do ano anterior, e chegaría no ano 2021 ata o 13,8%. Os efectos do Plan Europeo afectarían tamén ao emprego no ano 2021, e levarían a unha taxa de paro no entorno do 12,9%.





1.5. Crecemento potencial e output gap

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF en diante) establece que ningunha administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, salvo nalgunhas circunstancias fixadas na devandita Lei. En virtude dela, é necesario dispor do cálculo do saldo estrutural para cada comunidade autónoma, así como para o Estado e a Seguridade Social.

A obtención do saldo estrutural dunha administración pública consiste en medir o compoñente cíclico do dito saldo e calcular o compoñente estrutural como diferenza entre o observado e o cíclico. A Orde ECC/2741/2012, de 20 de decembro, sobre o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española desenvolve a metodoloxía para o cálculo do PIB potencial e o compoñente cíclico dos ingresos e gastos públicos seguindo a metodoloxía da Comisión Europea. Esta metodoloxía foi revisada posteriormente pola Comisión Europea e as modificacións quedan recollidas na Orde ECC/493/2014 de 27 de marzo e na Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro.

O cálculo do compoñente cíclico realízase en dúas fases. En primeiro lugar, calcúlase a fenda de produción, expresada como diferenza entre o PIB real observado e o PIB potencial, expresado en porcentaxe do produto potencial. En segundo lugar, estímase unha relación (elasticidade) entre o saldo observado e a fenda cíclica.

O crecemento potencial e o output gap dunha economía son conceptos de gran utilidade para a análise económica e, en particular, para a toma de decisións de política económica. Constitúen a referencia básica para avaliar a posición cíclica da economía e efectuar o diagnóstico sobre a orientación das políticas económicas.

Defínese o produto potencial como o nivel de produción en termos reais que unha economía e capaz de xerar utilizando os factores dispoñibles e a tecnoloxía existente, sen xerar presións inflacionarias. O output gap ou fenda de produción defínese como o cociente entre o PIB observado ou previsto, en termos reais, e o nivel estimado para o PIB potencial menos un.

A metodoloxía empregada para o cálculo do PIB potencial e do output gap para a economía galega³ segue no fundamental o contemplado nas ordes ministeriais ECC/2471/2012 de 20 de decembro, ECC/493/2014 de 27 de marzo e ECC/1556/2016, de 28 de setembro, que seguen, a súa vez, a metodoloxía da función de produción da

³ http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_PIB_output_gap.pdf



Comisión Europea⁴. Esta metodoloxía esixe, por un lado, a estimación da produtividade total dos factores (PTF) e, por outro, a avaliación dos factores produtivos (emprego e capital) no seu nivel potencial.

No seguinte cadro recóllense para Galicia as taxas de crecemento previstas para o PIB real, o PIB potencial estimado, as achegas das súas principais compoñentes e o output gap.

Evolución cíclica. Galicia			
	2019	2020	2021
PIB real. TVA (%)	2,0	-9,7	6,0
PIB potencial. TVA (%)	0,3	0,4	0,6
Achegas ao crecemento do PIB potencial (*)			
Produtividade total dos factores	1,0	1,0	1,0
Traballo	-0,7	-0,7	-0,6
Capital	0,1	0,1	0,2
Output gap (*)	6,2	-4,5	0,6

(*) Porcentaxe do PIB

NAWRU calculada con curva de Phillips híbrida


Fonte: IGE

A crise sanitaria provoca un lento crecemento potencial da economía, cunha taxa do 0,4% en 2020 e do 0,6% en 2021.

O produto potencial da economía galega caracterízase pola achega negativa do factor traballo, motivada polo perda de poboación en idade de traballar. As crises económicas, coas conseguíntes perdas de emprego, profundizan na redución do factor traballo, como se pode ver no gráfico que segue. O capital, que contribuíu negativamente na crise anterior, non está a afectar tan intensamente na actualidade, aínda que a súa contribución ao crecemento potencial é moi débil.

⁴ http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2014/ecp535_en.htm





A chegada do factor traballo ao crecemento do PIB potencial ven determinada pola evolución da poboación en idade de traballar e da taxa de desemprego non aceleradora dos salarios (NAWRU).

A estimación da NAWRU realízase a través do programa GAP, elaborado por Fiorentini, Planas e Rossi. No manual da versión 5.0 describe o modelo utilizado mediante análise factorial dinámico.

O desemprego μ_t descomponse en ciclo g_t e tendencia (NAWRU) N_t :

$$\mu_t = N_t + g_t$$

$$\Delta N_t = \eta_{t-1} + \alpha_{Nt}$$

$$\eta_t = \eta_{t-1} + \alpha_{\eta t}$$

$$g_t = \phi_{g1} g_{t-1} + \phi_{g2} g_{t-2} + \alpha_{gt}$$

A NAWRU segue un proceso aleatorio de orde un ou dous segundo a varianza de $\alpha_{\eta t}$ sexa nula ou estritamente positiva. A expresión anterior relaciónanse cos costes laborais unitarios a través da ecuación da curva de Phillips:

$$w_t = \mu_t + \phi_{w1} w_{t-1} + \beta_0 g_t + \beta_1 g_{t-1} + \gamma'_w z_t + \alpha_{wt}$$

onde o vector z_t contén información esóxena sobre produtividade, termos de comercio e fixadores de salarios. Todas as innovacións, α_{Nt} , $\alpha_{\eta t}$ e α_{gt} , son ruído branco, independentes e normalmente distribuídos.

As estimacións indican que a taxa de paro sería superior á NAWRU no ano 2021.





Como resultado da evolución do PIB real e do potencial, o output gap de Galicia comeza a reducirse a partir de 2014 ata chegar a unha taxa positiva en 2016 (0,5%) e continuar en valores positivos ata o ano 2020, onde a crise provoca unha caída (-4,5%) e unha recuperación en 2021 (0,6%).

1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio competente en asuntos económicos, que segue a da Comisión Europea e explícase no Anexo I deste informe. Esta metodoloxía baséase no uso das semi-elasticidades para o cálculo do saldo orzamentario cíclico, a partir do cal obtense o saldo estrutural.

A partir das semi-elasticidades e o output gap é posible obter a descomposición do saldo orzamentario de Galicia en saldo cíclico e ciclicamente axustado. O saldo cíclico calcúlase como o produto da semi-elasticidade e o output gap e o saldo axustado do ciclo como a diferenza entre o saldo público e o saldo cíclico.

Finalmente, obtense o saldo estrutural ao restar do saldo ciclicamente axustado a diferenza entre os ingresos e gastos non recorrentes.

Saldo orzamentario cíclico. Galicia (% do PIB)

	2019	2020	2021
Saldo público	-0,1	-0,2	-1,1
Intereses	0,3	0,2	0,2
Medidas non recorrentes temporais	0,0	0,0	0,0
Saldo primario	0,2	0,0	-0,9
Output gap	6,2	-4,5	0,6
Saldo cíclico	1,0	-0,8	0,1
Saldo ciclicamente axustado	-1,1	0,6	-1,2
Saldo primario ciclicamente axustado	-0,9	0,8	-1,0
Saldo estrutural	-1,1	0,6	-1,2
Saldo estrutural primario	-0,9	0,8	-1,0

Fonte: IGE, Consellería de Facenda e Administración Pública

No que respecta á compoñente cíclica, a evolución do output gap provocará un saldo cíclico positivo nos anos anteriores e posteriores a 2020 e fortemente negativo no ano 2020. Como resultado do comportamento do saldo cíclico e do saldo público, o saldo ciclicamente axustado pasaría do -1,1% do PIB en 2019 ao 0,6% no ano 2020, e voltaría a valores negativos no ano 2021, -1,2%, semellante ao nivel pre crise.





2. ESCENARIO FINANCEIRO 2021

Partindo do marco económico fixado con anterioridade, pódese estimar a envolvente financeira dimanante das anteriores previsións económicas e das decisións sobre política fiscal adoptadas que servirán de base para a elaboración dos orzamentos.

Como xa se explicou na introdución debido a extraordinaria situación na que nos atopamos como consecuencia da pandemia provocada polo SARS-CoV-2 este informe soamente fixará as previsións financeiras do vindeiro exercicio e non dos 3 anos seguintes, tal e como establece o artigo 3 da Orde de 4 de xullo de 2016 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para iso, nos seguintes apartados realízase unha previsión das principais masas financeiras dos recursos da comunidade autónoma.

2.1. Recursos de contabilidade nacional para o límite de gasto non financeiro.

Os recursos dispoñibles en termos de contabilidade nacional que determinan o límite de gasto non financeiro dependen de tres factores:

- i. A evolución dos ingresos non financeiros.
- ii. O obxectivo de estabilidade orzamentaria (que suporá maiores recursos cando o obxectivo sexa de déficit ou menores recursos cando sexa de superávit), dito obxectivo determínase como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, expresada coma unha porcentaxe do PIB nominal da comunidade autónoma.
- iii. Os axustes de contabilidade nacional sobre a orzamentaria.

i) Evolución dos ingresos non financeiros.

A composición dos ingresos non financeiros ven determinada polos seguintes grandes agregados segundo a fonte do ingreso:

- Ingresos do sistema de financiamento autonómico:

A partida que dentro do total de recursos non financeiros de Galicia ten maior importancia é a dos recursos procedentes do sistema de financiamento (con carácter xeral supoñen en torno o 80% dos ingresos non financeiros totais, neste





orzamento excepcional pola contía dos fondos extraordinarios que nel aparecen como fonte de financiamento supón o 67%).

O cálculo dos recursos do sistema de financiamento recollese no límite de gasto non financeiro en base á comunicación provisional dos recursos do sistema de financiamento do Ministerio de Hacienda, xa que esta é a que debe lucir nos estados orzamentarios de gasto dos PGE e de ingreso dos orzamentos da comunidade autónoma. Tal e como indica a lei de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o límite de gasto poderá revisarse en función das contías definitivas que aparezan nos PGE se houberse algunha modificación sobre a comunicada previamente, nunha primeira comprobación das contas Estatais as contías non mudaron.

No ano 2021 o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico diminuírá nun -1,6% respecto aos importes consignados por estas partidas no Orzamento do ano anterior.

E preciso lembrar que para realizar para o orzamento do ano 2020, ante a falta de comunicación por parte do Ministerio de Hacienda das entregas a conta do dito ano e da liquidación provisional do ano 2018, os servizos da Consellería de Facenda tiveron que estimar os respectivos importes.

As entregas a conta definitivas do ano 2020 foron determinadas polo Ministerio de Hacienda en marzo de este ano, a través do Real Decreto Lei 7/2020, de 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico da COVID-19, ascendendo o importe das entregas a conta de Galicia a 7.594,6 M€, un 0,8% menos que a cantidade prevista no Orzamento do ano 2020.

De modo que si se comparan as entregas a conta do ano 2020 definitivas coas comunicadas polo Ministerio de Hacienda para o vindeiro exercicio, en outubro de este ano, a caída é dun -0,5%, -37,2 M€ menos.

En canto á liquidación do ano 2019 a estimación provisional comunicada polo Ministerio é de 376,3 M€, un 6% menos que o importe consignado no orzamento de 2020, e un 7,6% menos que a liquidación definitiva do ano 2018 comunicada en xullo de este ano.

Non obstante, a liquidación anual do sistema de financiamento hai que axustala como consecuencia do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-84,8 M€ despois do acordo adoptado polo pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en





adiar ata 240 mensualidades adicionais a devolución das mencionadas liquidacións). Por tanto o saldo total da liquidación de anos anteriores do sistema de financiamento ascenderá no exercicio orzamentario 2021 ata os 291,5 M€.

- Por outra banda, o próximo exercicio as CCAA recibirán unha transferencia extraordinaria por parte do Estado por importe de 13.486 M€, tal e como anunciou o Consello de Ministros o día 6 de outubro de 2020 e como corrobora o Plan presupuestario de 2021 enviado a Bruxelas o pasado 15 de outubro. O obxectivo da dita transferencia é replicar o fondo extraordinario para gastos covid e compensar a baixada de recursos do sistema de financiamento, tendo en conta que polas súas competencias, as comunidades autónomas son as administracións públicas que financian o groso dos gastos extraordinarios dimanantes da pandemia.

Ante a falta de concreción por parte do Ministerio de Hacienda de como se van repartir ditos recursos entre as CCAA estímase que o dito importe ascenderá 684,9 M€, resultado de aplicar o 1,1% ao PIB estimado de Galicia para 2021.

As transferencias finalistas doutras administracións, procedentes basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos, crecen de forma moi importante respecto ao exercicio anterior nun 35,8%.

Isto débese fundamentalmente a inclusión dentro dos fondos europeos do novo instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa) que son unha iniciativa que prosegue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da mesma, propostas na Iniciativa de Inversión en Resposta ao Corovirus (IIRC) e a Iniciativa de Inversión en Resposta ao Corovirus Plus (IIRC+).

O Reino de España conta cuns recursos que ascenden a 12.400 millóns de euros, dos que 10.000 millóns distribuiranse entre as CCAA a razón de 8.000 millóns no 2021 e 2.000 no 2022, segundo o acordado no consello de política fiscal e financeira. A previsión é que a Galicia lle correspondan entono a 430 millóns desa cantidade.

No que atinxe ao resto dos fondos europeos estímase unha previsión moi similar á do presente exercicio, cun lixeiro incremento dun 0,7% ata alcanzar os 629,2 millóns de euros, con esta contía pechamos a orzamentación das contías programadas de fondos estruturais (FEDER e FSE) do marco 14-20.

No que atinxe ao financiamento finalista do Estado empeórase lixeiramente a súa estimación cunha caída dun -1,6%, fundamentalmente pola redución dos





ingresos derivados das finalistas de emprego nun -6,9%, e polo caída esperada dun -9,1% do Fondo de Compensación Interterritorial, ata os 38,5 millóns de euros.

- Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma nos que se inclúen os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais estímase que o seu importe reducirase nun -7,6% respecto aos importes previstos no Orzamento 2020.

A súa evolución depende en gran medida da evolución dos principais tributos cedidos: o Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITPAXD), o Imposto sobre sucesións e doazóns e o Imposto sobre o Patrimonio, xa que estes 3 impostos representan máis da metade desta partida.

A caída desta masa financeira débese principalmente pola evolución prevista do ITPAXD, de forma que o vindeiro ano os dereitos que se esperan recoñecer por dito imposto redúcense nun -18,4% respecto ao Orzamento do ano en curso, pero hai que ter en conta que a previsión deste ano é que os dereitos recoñecidos soamente acaden o 70% da previsión inicial, como consecuencia da parálise que sufriu a economía durante gran parte deste ano (como xa se comentou no apartado anterior de escenario económico a previsión é que este ano o PIB de Galicia se reduza nun -9,7%) e a que este é un imposto moi vencellado ao ciclo económico.

A continuación detállase a evolución estimada dos recursos non financeiros durante o período 2020-2021:

millóns de euros				
	2020	2021	diferencia 2021-2020	taxas de variación 2021-2020
recursos sistema de financiamento	7.974	7.849	-125	-1,6%
fondos finalistas doutras administracións	1.183	1.606	424	35,8%
outros recursos non financeiros	943	1.557	613	65,0%
TOTAL RECURSOS NON FINANCEIROS	10.101	11.012	911	9,0%





ii) Obxectivo de déficit.

Como consecuencia da situación extraordinaria na que nos atopamos este ano, o Consello de Ministros ao abeiro dos acordos da Comisión Europea decidiu, como xa se comentou anteriormente, suspender as regras fiscais durante o presente ano e durante o seguinte, de forma que se suspenden os obxectivos de estabilidade e de débeda aprobados polas Cortes Generales en marzo deste ano para os anos 2020-2023 e non se van a probar uns novos.

Porén o Consello de Ministros, previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira, aproba unhas taxas de referencia do déficit que servan para guiar a xestión orzamentaria das distintas Administracións públicas, de forma que para o ano 2020 fixou unha taxa de referencia para as CCAA dun 0,6% e para o 2021 unha taxa dun 1,1%, e adicionalmente que a AXE realice unha transferencia extraordinaria ás CCAA por importe de 13.486 millóns de euros.

É dicir, o Goberno do Estado non vai fixar obxectivos de estabilidade nin de débeda para os próximos anos, aínda que solicitou do Congreso de los Deputados que apreciara a concorrencia das circunstancias excepcionais ás que fai referencia o artigo 11.3 da LOEPSF como consecuencia da pandemia provocada pola COVID-19. Ao abeiro da antedita Lei, cando o Congreso aprobe a existencia dalgunha das ditas circunstancias debe aprobarse un plan de reequilibrio que permita a corrección do déficit estrutural tendo en conta a circunstancia excepcional que orixinou o incumprimento. Tamén dispón dita Lei que a desviación temporal do déficit estrutural non pode poñer en perigo a sostibilidade fiscal a medio prazo.

En canto os recursos derivados da fixación da taxa de referencia do déficit no 1,1% do PIB estes ascenderán ata os 684,9 millóns de euros, o que permitirá incrementar a capacidade de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia, polo concepto de necesidade de financiamento e respecto ao Orzamento anterior, en 617,33 millóns de euros.





A cláusula xeral de salvagarda no Pacto de Estabilidade e Crecemento (PEC)

O Pacto de Estabilidade e Crecemento constitúese, principalmente, polo **Regulamento 1466/1997** relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas e polo **Regulamento 1467/1997** relativo á aceleración e clarificación do Procedemento de Déficit Excesivo (PDE), ambos Regulamentos foron modificados no ano 2011 como consecuencia da anterior crise financeira.

Como consecuencia da dita reforma se introduciu no primeiro Regulamento unha cláusula xeral de salvagarda de forma que como se establece no seu considerando 22º: *A fin de facilitar a recuperación económica, debe permitirse unha desviación temporal da traxectoria de axuste cara o obxectivo orzamentario a medio prazo cando dita desviación se derive dun acontecemento inusitado que este fora do control do Estado membro afectado e que teña unha grande incidencia na situación financeira das administracións públicas, ou en caso de crise económica grave na zona do euro ou no conxunto da Unión, sempre que dita desviación non poña en perigo a sostibilidade orzamentaria a medio prazo.*

Para permitir unha desviación temporal do obxectivo orzamentario a medio prazo ou da traxectoria de axuste cara a él, debe terse en conta, ademáis, se se están poñendo en práctica reformas estruturais de grande calado, e cerciorarse de que se manteña unha marxe de seguridade con respecto ao valor de referencia do déficit (...).

Como consecuencia da pandemia a Comisión Europea e o Consello Europeo aprobaron en marzo activar dita cláusula de salvagarda do PEC para o ano 2020, e posteriormente en setembro se prorrogou para o ano 2021. Dita activación non supón que se suspenden os procedementos do PEC pero permite pospor temporalmente a senda de obxectivos fixada con anterioridade as circunstancias que xustificación a activación da cláusula de salvagarda.

Pola súa parte a Constitución española no seu artigo 135 establece unha cláusula semellante no seu apartado 4º: *Os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública só poderán superarse en caso de catástrofes naturais, recesión económica ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou a sostibilidade económica ou social do Estado, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados.*

Ao que a LOEPSF engadiu que: *Dita desviación temporal non pode por en perigo a sostibilidade fiscal a medio prazo.*





Por último, para determinar a magnitude total do límite de gasto hai que ter en conta os posibles axustes que se deben aplicar sobre as dispoñibilidades financeiras determinadas ata o de agora, pola posible diferenza na súa consideración como gasto ou ingreso orzamentario e como emprego ou recurso en termos de contabilidade nacional, que é como se calcula o déficit ou o superávit en cada exercicio.

O sistema europeo de contas (en adiante SEC-2010) é un sistema de Contabilidade Nacional e *"constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, dos seus compoñentes e das súas relacións con outras economías"*.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade ou necesidade de financiamento e, por tanto, deberá terse en conta os seus criterios para calculalas.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración e aprobación do orzamento como na súa fase de execución. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, desta forma, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan os criterios de contabilidade nacional, nos ingresos e nos gastos, conleva incertezas no resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC-2010 fronte ao orzamento administrativo:

Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e permiten, por tanto, clasificar, ou non, os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico (e polo tanto, dentro do perímetro de consolidación en termos SEC-2010). Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.





Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co gallo de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta para a elaboración do límite de gasto foron os seguintes:

1. A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe da recadación líquida, tanto a derivada do exercicio corrente como dos exercicios anteriores, dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos e o importe dos dereitos recoñecidos netos procedente de ditos capítulos.
2. As achegas de capital. Considéranse gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas a Fundacións do sector público autonómico.
3. Os axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declaradas fallidas e que se pagan con cargo ao fondo de garantía de avais que se instrumenta orzamentariamente como un gasto financeiro (en concreto, a través dunha aplicación do capítulo VIII).
4. As estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no momento en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon, mediante o que se amortiza a estrada, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado na súa integridade no intre do investimento.
5. Como maior ingreso recóllese o axuste debido ao reintegro da anualidade das contías aprazadas por mor das liquidacións negativas do sistema de financiamento autonómico dos anos 2008 e 2009.

Debe terse en conta que tan só se recollen neste momento os axustes que se poden estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual e pouco representativo.





De cara á determinación do teito de gasto estimouse para o vindeiro ano unha importante redución dos axustes de contabilidade nacional evolucionan lixeiramente desde os -20 millóns de euros no ano 2020 ata os -33,3 millóns de euros no próximo, como consecuencia do proceso de amortización en 2019 da débeda de SPI e de Xestur, que eliminan os axustes positivos que xeraban nos empregos non financeiros as súas transferencias de financiamento.

2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.

De acordo co artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade de Galicia aprobado o obxectivo de estabilidade do artigo 4.1, o Consello da Xunta acordará o límite máximo de gasto non financeiro dos Orzamentos xerais da comunidade autónoma. Este acordo remitirase ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación, xunto co presente informe.

O límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria. O límite aprobado poderá ser axustado na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado, así como na variación dos axustes de contabilidade nacional sempre que non afecte ao obxectivo de estabilidade que se propón acadar.

O Consello da Xunta ven de aprobar o límite de gasto non financeiro da comunidade autónoma de Galicia para 2021. É un paso clave para a elaboración dos orzamentos da comunidade autónoma, orzamentos que terán como obxectivo manter o control socio sanitario da pandemia, paliar os seus efectos sobre todo nos máis febles e recuperar a capacidade económica e emprego perdidos polo efectos da mesma.

En efecto, as contas orzamentarias serán a panca transformadora e modernizadora da nosa estrutura económica que canalicen os novos fondos europeos, e que deben converter as nosas empresas e servicios públicos máis competitivos, máis dixitais e máis sostibles.

Todos estes aspectos fan que o teito de gasto 2021 non sexa comparable ao de anos precedentes. Polo miúdo, o teito de gasto, cifrado en 11.664 millóns de euros, recolle dúas grandes partidas extraordinarias que non se replicarán no futuro e que non obraban en orzamentos anteriores, o fondo extraordinario do Goberno de España, que ten como obxectivo principal compensar a baixa dos ingresos do SFA e replicar o fondo covid-19 de 2020, e que se fixa en 685 millóns de euros e os recursos de fondos europeos REACT UE, dos que se recolle unha contía de 430 millóns de euros.



De non conter estas partidas extraordinarias estaríamos ante uns orzamentos que en total rondarían os 10.549 millóns de euros un 4% máis que o orzamento de 2020, polo importante recurso á necesidade de financiamento dada extraordinaria a situación coxuntural.

Por tanto, como xa se comentou anteriormente debido as circunstancias extraordinarias nas que nos encontramos soamente se estiman os recursos do vindeiro ano, de modo que si se agregan todas as fontes de financiamento a capacidade de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 increméntase nun 14,9% en relación ao presente ano, ata os 11.664 millóns de euros, é dicir, 1.515 millóns de euros máis que no ano 2020.

Este incremento, como xa se detallou anteriormente, débese principalmente aos recursos procedentes do incremento do déficit, 0,1% no ano 2020 e 1,1% en 2021, a transferencia extraordinaria procedente da AGE, e aos 430 millóns dos Fondos REACT-UE, estes 3 conceptos supoñen en torno a 1.730 millóns de euros máis que o previsto no Orzamento do presente ano.

millóns de euros			diferencia	taxas de variación
	2020	2021	2021-2020	2021-2020
recursos sistema de financiamento	7.974	7.849	-125	-1,6%
fondos finalistas doutras administracións	1.183	1.606	424	35,8%
outros recursos non financeiros	943	1.557	613	65,0%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	10.101	11.012	911	9,0%
capacidade (-) ou necesidade (+) de financiar	68	685	617	907,2%
axustes de contabilidade nacional	-20	-33	-13	65,0%
LIMITE DE GASTO	10.149	11.664	1.515	14,9%

Cos orzamentos que posibilitará este teito de gasto, a comunidade autónoma envía a mensaxe de que non reparará en gastos no que atinxe ás medidas sanitarias e de política social para loitar contra os efectos da pandemia, e de que inicia un proceso de reactivación e de modernización do tecido económico sen precedentes para saír da





crise o máis axiña posible cunha estrutura económica máis competitiva, sostible e resistente a futuras crises.

Anexo I. Metodoloxía para a obtención do saldo cíclico.





Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio competente en asuntos económicos, que segue a da Comisión Europea⁵, que no ano 2013 introducía un cambio na metodoloxía de cálculo dos saldos orzamentarios axustados do ciclo (en inglés cyclically-adjusted budget balance (CAB)). A nova metodoloxía substitúe a sensibilidade respecto da brecha de produción (output gap (OG)) que se viña utilizando pola semi-elasticidade dos ingresos e gastos públicos tamén con respecto da brecha de produción.

O documento da Comisión Europea demostra que o uso da semi-elasticidade para o cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo aproxima mellor este concepto que o uso anterior da sensibilidade.

A diferenza entre o uso da semi-elasticidade e a sensibilidade é unha cantidade igual ao produto do saldo orzamentario real en porcentaxe do PIB e a brecha do produto:

$$CAB_{semi-elasticidade} - CAB_{sensibilidade} = OG \frac{B}{Y}$$

onde OG é o Output Gap, B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto. As consecuencias deste cambio pódense resumir en que na maioría dos casos a diferenza entre o uso da sensibilidade e a semi-elasticidade é dun orde de magnitude moi pequena no cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo. Sen embargo, na recente crise económica, nalgún país con brecha de produción superior ao 4% e déficit superior ao 6%, esta diferenza acada valores que superan o 0,25%, un cuarto de punto porcentual, erro bastante considerable se pretendemos medir con precisión o saldo estrutural do orzamento.

Ademais desta diferenza, a utilización da semi-elasticidade fronte á sensibilidade ten outro efecto importante, que consiste no seguinte: a pesar de que o saldo orzamentario axustado do ciclo considerado como a diferenza entre os ingresos e os gastos axustados non mostra moita variación coa sensibilidade, en cambio, a compoñente dos ingresos (e a dos gastos) axustada do ciclo si cambia considerablemente. O compoñente dos ingresos axustado ciclicamente é practicamente nulo se se utilizan as semi-elasticidades e o de gastos rolda o 50%.

Os datos que aparecen no seguinte cadro (sacados do documento da Comisión) reflicten o expresado nos parágrafo anterior para España:

⁵ Este cambio recóllese no documento

http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2013/pdf/ecp478_en.pdf



Compoñente cíclico en % do PIB

Compoñente cíclico dos ingresos											
Sensibilidade				Semi-elasticidade				Diferenza			
2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012
0,8	-1,8	-1,6	-1,7	0,0	0,0	0,0	0,0	-0,8	1,8	1,6	1,8

Compoñente cíclico dos gastos											
Sensibilidade				Semi-elasticidade				Diferenza			
2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012
-0,1	0,2	0,2	0,2	-0,9	2,1	1,8	2,0	-0,8	1,9	1,6	1,8

O compoñente cíclico dos ingresos, que roldaba o -1,5% do PIB nos últimos anos se utilizamos a sensibilidade, pasa a ser 0 se utilizamos semi-elasticidade. Esta diferenza compénsase totalmente na parte dos gastos, onde o método que utiliza a semi-elasticidade estima unha compoñente moi superior ao método da sensibilidade. Volvemos remarcar que o resultado final no caso español é neutro (noutros países como Grecia o resultado final non o é).

No capítulo dous do documento da Comisión derivanse as fórmulas para o cálculo da semi-elasticidade; son as seguintes:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \frac{d(B/Y)}{dY} = \frac{\frac{dB}{dY} Y - \frac{dY}{dY} B}{\frac{Y^2}{Y}} = \frac{dB}{dY} - \frac{B}{Y} \quad (1)$$

Onde B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto

A partir desta formulación e utilizando un argumento similar descomponse esta semi-elasticidade nunha compoñente de ingresos e outra de gastos, do seguinte xeito:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= \frac{d(R/Y)}{dY} - \frac{d(G/Y)}{dY} = \frac{\frac{dR}{dY} Y - \frac{dY}{dY} R}{\frac{Y^2}{Y}} - \frac{\frac{dG}{dY} Y - \frac{dY}{dY} G}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \left(\frac{dR}{dY} - \frac{R}{Y} \right) - \left(\frac{dG}{dY} - \frac{G}{Y} \right) = \left(\frac{dR}{dY} - 1 \right) \frac{R}{Y} - \left(\frac{dG}{dY} - 1 \right) \frac{G}{Y} \\ &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \quad (2) \end{aligned}$$

Onde R son os ingresos e G son os gastos e η_R é a elasticidade dos ingresos sobre o PIB e η_G é a elasticidade dos gastos sobre o PIB





Para calcular a semi-elasticidade a partir das elasticidades entre os distintos tipos de ingresos e de gastos e o PIB derivamos a seguinte fórmula. Se consideramos os ingresos (e os gastos) como suma das súas compoñentes:

$$R = \sum R_i$$

Podemos utilizar o procedemento das expresións (1) e (2) para derivar a achega de cada tipo de ingreso e de gasto ao parámetro ε (semi-elasticidade). Facémolo para o caso dos ingresos, no gasto o procedemento é semellante:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade}_R = \varepsilon_R &= \frac{d(R/Y)}{dY} = \frac{d\left(\frac{\sum R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\sum d\left(\frac{R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} \\ &= \sum \frac{d\left(\frac{R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \sum \frac{\frac{dR_i}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R_i}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \sum \left(\frac{dR_i}{dY} - \frac{R_i}{Y}\right) = \sum \left(\frac{dR_i}{dY} - 1\right) \frac{R_i}{Y} = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} \quad (3) \end{aligned}$$

Polo tanto, a expresión (2) tamén se pode expresar da seguinte forma:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y} \quad (4)$$

A Comisión distingue cinco tipos de elasticidades para os ingresos (IRPF, Imposto de Sociedades, impostos indirectos, cotizacións sociais e ingresos non impositivos) e un para os gastos (gastos por desemprego) e propón a seguinte expresión para o cálculo da semi-elasticidade:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \\ &= \left(\sum_{i=1}^5 \eta_{R,i} \frac{R_i}{R} - 1\right) \frac{R}{Y} - \left(\eta_{G_U} \frac{G_U}{G} - 1\right) \frac{G}{Y} \quad (5) \end{aligned}$$

Esta formulación é equivalente á fórmula (4) sempre que nesta última se consideren todas as partidas de ingresos e de gastos para obter o verdadeiro valor da semi-elasticidade. Isto implica que na expresión (5) se lle está a asignar (implicitamente) un valor cero á elasticidade das partidas que non entran no cálculo.



Para obter os coeficientes (sensibilidade e semi-elasticidade), polos que habería que multiplicar o output gap para calcular o saldo cíclico, utilizamos os datos de execución orzamentaria⁶ de 2018 e 2019 (todos os capítulos excepto os capítulos 8 e 9, é dicir, ingresos e gastos non financeiros) e os datos do PIB por Comunidades da Contabilidade regional de España⁷ para eses anos. Ademais, tamén empregamos unha estrutura simplificada de ingresos e gastos, aplicando unha elasticidade única a cada unha das partidas. Esta elasticidade está tomada da Comisión Europea que adopta as estimacións da OCDE das elasticidades de ingresos e gastos públicos á brecha de produción. No seguinte cadro preséntanse estas elasticidades.

Elasticidades por partidas	
Conceptos	Elasticidade
Ingresos	
IRPF	1,84
Imposto de Sociedades	1,56
Impostos indirectos	1,00
Cotizacións sociais	0,72
Ingresos non impositivos	0,00
Gastos	
Resto de gastos primarios	0,00
Transferencias correntes	
Fondo de garantía	1,38
Fondo de suficiencia	1,42

Aplicando estas elasticidades ás partidas de ingresos, gastos e transferencias utilizando a fórmula (4) e a formulación da sensibilidade da anterior orde ministerial para comparar os resultados, obtemos as semi-elasticidades e as sensibilidades en %:

Semi-elasticidades para os ingresos e gastos

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y}$$

Onde ε es a semi-elasticidade calculada como a diferenza entre a semi-elasticidade dos ingresos e dos gastos. η_{R_i} y η_{G_i} son as elasticidades do nivel de ingresos e gastos da partida i expostas no cadro 14.

Sensibilidade para os ingresos e gastos (anterior cálculo)

⁶ <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/cimcanet/consulta.aspx>.

Aplicación da Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro, coa información dispoñible


⁷ <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft35%2Fp010&file=inebase&L=0>



$$\delta = \sum_i \left(\eta_{R,i} \frac{I_i}{PIB} \right) - \sum_i \left(\eta_{G,i} \frac{G_i}{PIB} \right)$$

Onde δ é a sensibilidade, $\eta_{R,i}$ y $\eta_{G,i}$ as elasticidades do nivel de ingresos e gastos por partidas.

Os resultados finais para o valor de ϵ (semi-elasticidade) e δ (sensibilidade) por comunidades autónomas son os que se mostran nos seguinte gráfico. Neste cálculo excluíronse as comunidades do País Vasco e Navarra; o total das comunidades calcúlase utilizando os datos das 15 comunidades restantes.



O resultado do uso da semi-elasticidade aumenta o saldo cíclico de todas as comunidades comparado coa sensibilidade. Se utilizamos a sensibilidade cíclica, o parámetro toma un valor do 14,4% en media, se utilizamos la semi-elasticidade o valor é do 15,2%. En Galicia estes datos son o 16,7% e 17,0% respectivamente.





A semi-elasticidade dos gastos coincide coa porcentaxe que supón o gasto non financeiro de cada comunidade sobre o PIB. Isto é así porque segundo a fórmula (4), η_{Gi} é igual a cero para todas as partidas i , e, polo tanto, a semi-elasticidade cíclica asociada ao gasto é a suma das partidas dividida polo PIB, isto é, a porcentaxe que supón o gasto sobre o PIB.

Todos os cálculos están feitos coa información da execución orzamentaria en termos de caixa e sen axustar en termos de contabilidade nacional, estes axustes poderían alterar levemente o resultado, sobre todo se o axuste afecta ao gasto.

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/11/2020 12:35:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2020 12:35:52
Nº Rexistro: 4586
Data envío: 02/11/2020 12:35:52.336

CSV: REXISTROIXJT8rrk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.11.2020

Hora: 10:00

Orde do día

2. Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017) (doc. núm. 52969, 10/ICON-000004) Publicación no BOPG nº 37 do 29.10.2020.

Aprobación do ditame e das propostas de resolución

- 52969 (10/ICON-000004)

Consello de Contas

Informes de fiscalización

BOPG nº 5, do 20.08.2020

— Proposta de resolución núm. 1 do G. P. Popular de Galicia

Apróbase a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2017.

— Proposta de resolución núm. 2 do G. P. Popular de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia nos seus informes de fiscalización.

— Proposta de resolución núm. 3 do G. P. Popular de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia e as entidades locais a avanzar decididamente na prevención da corrupción de acordo coas recomendacións emitidas polo Consello de Contas de Galicia



— Proposta de resolución núm. 4 do G. P. Popular de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aproveitar a reforma da lexislación en materia de réxime orzamentario operada a través do artigo 9 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para incluír na próxima rendición da Conta Xeral unha memoria cun contido máis axustado ás recomendacións do Consello de Contas.

— Proposta de resolución núm. 5 do G. P. Popular de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar mellorando o investimento per cápita en sanidade e a mantelo por riba da media española, así como a manter Galicia entre as comunidade autónomas que maior porcentaxe do seu PIB dedican á sanidade pública, tal e como, tanto o Consello de Contas como o Ministerio de Sanidade, nos seus informes, acreditan que fixo no exercicio 2017.

— Proposta de resolución núm. 6 do G. P. Popular de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a manter o control sobre o gasto do Sergas en actividade concertada con medios alleos, mantendo o gasto real neste concepto, en todo caso, por debaixo do 6 % do total do gasto real do Sergas, tal e como o Consello de Contas acredita, nos seus informes, que leva acontecendo desde 2009.

— Proposta de resolución núm. 7 do G. P. Popular de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a completar a adaptación dos contratos de prestación de servizos sanitarios á nova lexislación en materia de contratos, estendendo os acordos marco de prestación sanitaria que xa foron formalizados nos últimos anos en varias áreas sanitarias ata acadar a cobertura do total do territorio galego, así como a mellorar o control interno destes contratos e dos concertos singulares, como o do hospital Povisa, a través dos novos servizos administrativos de control creados na nova estrutura orgánica do Sergas, aprobada mediante o Decreto 137/2019, co fin de facer seguimento da execución destes contratos, identificar aspectos de mellora e analizar as reclamacións presentadas.

— Proposta de resolución núm. 1 transaccionada do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a avanzar no cumprimento das recomendacións contidas nos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2017.

— Proposta de resolución núm. 14 transaccionada do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir as recomendacións pendentes que se reiteran no último Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (Exercicio 2017) e que xa se incluían no anterior.

— Proposta de resolución núm. 23 transaccionada do G. P. dos Socialistas de Galicia



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a coordinarse coas deputacións provinciais para reforzar as medidas de coordinación e información coas entidades locais, coa finalidade de incrementar a súa participación no financiamento de proxectos no marco europeo, nomeadamente daqueles concellos con menores posibilidades por falta de medios materiais ou humanos.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día



3. Textos lexialativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

- 3.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452, 11/PL-000001)



Ref: mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de Pesca Continental de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 17 de setembro de 2020.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICADO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de setembro de dous mil vinte, adoptou o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de Pesca Continental de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, a dezasete de setembro de dous mil vinte.

Vº. e Praxe
O PRESIDENTE





**XUNTA
DE GALICIA**

PROXECTO DE LEI DE PESCA CONTINENTAL DE GALICIA



[Handwritten signature]

CSV: BOPGDSPG3YeikA08j2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRELIMINAR

Capítulo I

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 2. Dereito ao exercicio da pesca

Artigo 3. Principios xerais

Artigo 4. Definicións

Artigo 5. Órganos autonómicos competentes

Capítulo II

Artigo 6. Mecanismos de colaboración e cooperación

Artigo 7. Entidades colaboradoras

Capítulo III

Artigo 8. Promoción da pesca continental

Artigo 9. Formación en materia de pesca continental

Artigo 10. Investigación en materia de pesca continental

Capítulo IV

Artigo 11. Actuacións vinculadas co turismo

Artigo 12. Actuacións en materia hidráulica

Artigo 13. Competicións deportivas oficiais

Capítulo V

Artigo 14. Consello Galego de Pesca Continental

Artigo 15. Consellos Provinciais de Pesca Continental

Título I. APROVEITAMENTOS

Capítulo I

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 16. Requisitos para o exercicio da pesca continental

Artigo 17. Períodos e días hábiles de pesca

Artigo 18. Órgano competente





Sección 2ª. Licenzas de pesca continental

Artigo 19. *Licenza de pesca continental*

Artigo 20. *Recargos e exencións de taxas*

Artigo 21. *Protocolos de colaboración e reciprocidade das licenzas*

Artigo 22. *Anulación ou suspensión da licenza de pesca continental*

Sección 3ª. Permisos de pesca

Artigo 23. *Permisos de pesca*

Artigo 24. *Permisos de pesca sen morte*

Artigo 25. *Revogación dos permisos*

Capítulo II

Artigo 26. *Embarcacións ou artefactos flotantes*

Artigo 27. *Rexistro de embarcacións ou artefactos flotantes*

Artigo 28. *Aparellos de flotación*

Capítulo III

Artigo 29. *Autorizacións especiais*

Capítulo IV

Artigo 30. *Convenios de colaboración*

Capítulo V

Artigo 31. *Especies pescables*

Artigo 32. *Especies ameazadas*

Artigo 33. *Especies exóticas invasoras*

Capítulo VI

Artigo 34. *Artes, medios e modalidades de pesca permitidos*


Artigo 35. *Artes, medios e modalidades de pesca prohibidos*

Capítulo VII

Artigo 36. *Comercialización e transporte da pesca continental*

Título II PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN PISCÍCOLA

Capítulo I



[Handwritten signature]





Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 37. Disposicións xerais

Sección 2ª. Augas pescables

Artigo 38. Augas pescables

Artigo 39. Augas libres para a pesca

Artigo 40. Augas sometidas a réxime especial

Artigo 41. Coutos de pesca

Artigo 42. Coutos de pesca en réxime natural

Artigo 43. Coutos de pesca en réxime natural sen morte

Artigo 44. Coutos de pesca intensiva

Artigo 45. Tramos de auga de especial interese para a riqueza piscícola

Artigo 46. Escenarios deportivo-sociais e de formación

Artigo 47. Augas de pesca de aproveitamento privado

Sección 3ª. Augas non pescables

Artigo 48. Augas non pescables

Artigo 49. Vedados de pesca

Artigo 50. Reservas piscícolas

Capítulo II

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 51. Planificación

Sección 2ª. Plan galego de ordenación da pesca continental

Artigo 52. Plan galego de ordenación da pesca continental


Artigo 53. Contido e vixencia do Plan galego de ordenación da pesca continental

Artigo 54. Procedemento de aprobación do Plan galego de ordenación da pesca continental

Sección 3ª. Plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas

Artigo 55. Plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas

Artigo 56. Contido e vixencia dos plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas



CSV: BOPGDSPG3YeikA08j2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 57. Procedemento de aprobación dos plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas

Sección 4ª. Orde anual de pesca continental

Artigo 58. Orde anual de pesca continental

Título III CONSERVACIÓN E FOMENTO DA RIQUEZA PISCÍCOLA

Capítulo I

Artigo 59. Restricións aos aproveitamentos piscícolas

Artigo 60. Desovadoiros

Capítulo II

Artigo 61. Soltas

Artigo 62. Repoboacións piscícolas

Artigo 63. Centros ictioxénicos

Título IV Pesca profesional en augas continentais

Artigo 64. Pesca profesional en augas continentais

Título V PESCA CONTINENTAL DE CARÁCTER ETNOGRÁFICO

Artigo 65. Pesca continental de carácter etnográfico

Título VI Inspección e réxime sancionador

Capítulo I

Artigo 66. Persoal con funcións inspectoras

Artigo 67. Facultades do persoal con funcións inspectoras

Artigo 68. Deberes no exercicio das funcións inspectoras

Artigo 69. Actuación inspectora

Artigo 70. Vixilantes privados de pesca fluvial

Capítulo II


Sección 1ª. Infraccións

Artigo 71. Infraccións

Artigo 72. Infraccións leves

Artigo 73. Infraccións graves

Artigo 74. Infraccións moi graves





Sección 2ª. Sancións

Artigo 75. Sancións

Artigo 76. Sancións accesorias

Artigo 77. Criterios para a gradación das sancións

Sección 3ª. Reparación do dano causado e indemnización

Artigo 78. Reparación do dano causado e indemnización

Capítulo III

Artigo 79. Principios xerais

Artigo 80. Competencia sancionadora

Artigo 81. Persoas responsables

Artigo 82. Concorrenza de sancións

Artigo 83. Medidas provisionais

Artigo 84. Multas coercitivas

Artigo 85. Recoñecemento da responsabilidade

Artigo 86. Responsabilidade penal

Artigo 87. Comiso

Artigo 88. Prescrición

Disposicións adicionais

Primeira. Prazos dos procedementos e sentido do silencio administrativo.

Segunda. Competencias doutros órganos e administracións

Terceira. Outorgamento da autorización de establecementos de acuicultura

Cuarta. Tramo internacional do río Miño

Disposicións transitorias


Primeira. Procedementos administrativos en tramitación

Segunda. Licenzas e permisos

Terceira. Desenvolvemento das escolas de río

Cuarta. Réxime transitorio aplicable aos pesos que conteñan chumbo

Quinta. Órganos de asesoramento



Sexta. Dispositivos de remonte para garantir as migracións periódicas de peixes

Disposicións derogatorias

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Disposicións derradeiras

Primeira. Modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia


Segunda. Desenvolvemento regulamentario

Terceira. Actualización dos importes das sancións

Cuarta. Entrada en vigor

Anexo I

Anexo II



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Galicia posúe unha incomparable rede fluvial e uns recursos ictícolas de excepcional valor ambiental, que constitúen non só uns dos principais sinais de identidade da nosa Comunidade Autónoma senón que ademais son fonte de desenvolvemento turístico, económico e social do medio rural galego.


Sen embargo, este patrimonio natural vese ameazado nas últimas décadas por problemas tales como o cambio climático, as secas, a contaminación, o furtivismo e a introdución de especies exóticas invasoras, cuestións que tamén teñen incidencia directa na actividade da pesca continental, posto que implican unha mingua dos recursos piscícolas pescables.

Pola súa parte, a propia actividade da pesca continental tamén sufriu unha importante evolución ao longo dos anos, pasándose da súa consideración inicial como fonte de alimentación, ata a súa concepción actual como actividade recreativa e deportiva, acorde coa maior concienciación social da necesidade de protexer o medio ambiente e os recursos naturais que o integran.

Todo isto obriga á definición de novas estratexias de xestión que garantan que a súa práctica sexa compatible de cara ás xeracións futuras cun aproveitamento que se sosteña no tempo e coa protección do medio ambiente.

Sobre a base destas consideracións, resulta necesaria unha actualización e modernización da regulación da pesca continental na nosa Comunidade Autónoma, partindo da experiencia acumulada ao longo dos máis de vinte e seis anos de vixencia da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, mediante o establecemento das previsións necesarias para avanzar ata unha pesca continental máis sostible, e que ademais promovan o achegamento da nosa mocidade ao medio natural, garantindo o relevo xeracional no exercicio da pesca.

No que atinxe á distribución de competencias na materia, a presente lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas autonómicas en materia de pesca nas rías e demais augas interiores e pesca fluvial e lacustre, previstas no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. Son, así mesmo, títulos competenciais autonómicos con incidencia na materia regulada, as competencias exclusivas autonómicas en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade, de promoción do deporte e axeitada utilización do ocio e para o establecemento de normas adicionais de protección do medio ambiente, previstas no artigo 27, números 21, 22 e 30, do Estatuto de autonomía de Galicia.






O exercicio das ditas competencias efectúase dentro do necesario respecto ás competencias estatais con incidencia na dita materia, dada o carácter transversal desta, entre as que cabe salientar as relativas á lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha Comunidade Autónoma e ao establecemento da lexislación básica sobre protección do medio ambiente (artigo 149.1.22ª e 23ª da Constitución española).

Consonte o artigo 37, alínea a), da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, procede sinalar que esta norma se axusta aos principios de necesidade e de eficacia, dado que o dereito ao exercicio da pesca continental e o ordenado aproveitamento dos recursos piscícolas se configuran como razóns de interese real e os fins que motivan esta disposición de rango legal; aos principios de proporcionalidade, de seguridade xurídica e de simplicidade, ao establecer os contidos necesarios para regular o exercicio da pesca continental, sen resultar excesiva ou deficitaria na súa regulación, e ao establecer un marco xurídico claro e de doada comprensión para as persoas destinatarias desta disposición, ao tempo que acorde coa normativa europea e estatal de carácter básico na materia, e aos principios de transparencia e de accesibilidade, ao garantir no seu articulado os dereitos do público en xeral a acceder a toda a información documental e gráfica de que dispoña a administración nesta materia obxecto de regulación.

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, deseñaron un sistema que elimina regulacións innecesarias, establece procedementos máis áxiles e minimiza as cargas administrativas, co fin de fomentar e impulsar o emprendemento e a iniciativa dos operadores económicos, non obstante, esas pretensións non poden descoñecer as especificidades propias do exercicio da pesca continental, especialmente atendendo á necesidade de fomentar o aproveitamento ordenado dos recursos piscícolas. A esixencia de licenzas, permisos, concesións e autorizacións que se recollen nesta lei, respectan ás devanditas previsións normativas, na medida en que a súa esixibilidade responde á razón imperiosa de interese xeral consistente na protección do medio ambiente e se circunscribe aos supostos nos que a dita protección non se pode conseguir mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa.

II

A presente lei consta de 88 artigos, divididos en sete títulos, catro disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, catro disposicións derradeiras e dous anexos. As rúbricas dos títulos fan referencia a “Disposicións xerais” (título preliminar, artigos 1 a 15), “Aproveitamentos” (título I, artigos 16 a 36), “Planificación e ordenación





piscícola” (título II, artigos 37 a 58), “Conservación e fomento da riqueza piscícola” (título III, artigos 59 a 63), “Pesca profesional en augas continentais” (título IV, artigo 64), “Pesca continental de carácter etnográfico” (título V, artigo 65) e “Inspección e réxime sancionador” (título VI, artigos 66 a 88).


O título preliminar (artigos 1 a 15) está composto por cinco capítulos, e establece en primeiro lugar o obxecto e o ámbito de aplicación da lei e os principios xerais, recoñecendo o dereito a pescar. Polo que se refire ao obxecto dásele continuidade ao disposto na Lei 7/1992, do 24 de xullo.

Con respecto ao ámbito territorial de aplicación desta lei, unha particularidade que se debe ter en conta é que, a gran maioría dos ríos galegos, e sobre todo os de certa entidade, desembocan nas ría, existindo polo tanto, nos tramos finais dos ríos, unha zona de influencia mariña que permite a coexistencia de especies das augas consideradas tradicionalmente como continentais e das augas mariñas, ademais doutras que, pola súa condición de migradoras, pasan unha parte do seu ciclo vital, nunhas ou noutras augas, sendo de especial interese para a conservación da biodiversidade.

Neste contexto, faise necesario precisar o alcance das augas comprendidas dentro do concepto de augas continentais aos efectos desta lei, que inclúen tanto as augas doces, correntes ou estancadas, continuas ou discontinuas, tanto de orixe natural como artificial, como as salobres ou salgadas, sendo augas continentais aos efectos desta lei tamén as augas interiores das zonas de desembocadura no mar.

Considerando a xeografía das costas galegas tense definido o límite inferior da zona de desembocadura como o punto mais augas abaixo no que desaparece o leito fluvial, sendo o límite superior destas zonas o que acaden as mareas vivas. Para aportar maior claridade, no anexo I inclúese esta delimitación con respecto aos ríos de maior entidade da nosa comunidade autónoma, establecéndose para os restantes, unha regra de delimitación que obxectiviza esta delimitación.

Dun xeito explícito recóllese o dereito a pescar, como un dereito que corresponde a calquera persoa que cumpra cos requisitos que establece a lei e a súa normativa de desenvolvemento; respecto aos principios xerais, actualízase a súa redacción e incorpóranse máis principios, podendo salientar o aproveitamento ordenado e sostible dos recursos pesqueiros do medio acuático continental, o desenvolvemento e mantemento da biodiversidade autóctona dos ecosistemas acuáticos e das súas poboacións de fauna e flora e a igualdade no acceso ao exercicio da pesca así como o fomento da pesca recreativa e deportiva como ferramenta de desenvolvemento turístico, económico e social no medio rural de Galicia.





Incorpórase un artigo específico de definicións que contribúen a unha mellor comprensión do contido da lei e se establecen determinados mecanismos de colaboración e cooperación para fomentar a conservación e aproveitamento sostible dos recursos piscícolas con outras Administracións e institucións públicas e privadas, con persoas propietarias e usuarias do territorio, así como con entidades de custodia do territorio.


Recóllese a necesidade de integrar a consecución dos principios inspiradores desta lei dentro das accións desenvolvidas a nivel autonómico en materia de educación ambiental e de fomentar tanto a investigación como a formación en materia de pesca continental, promovendo a implicación da cidadanía na conservación dos ecosistemas acuáticos continentais. Como novidade e coa finalidade de promover o relevo xeracional tan necesario, créanse as escolas de río como instrumento especificamente dirixido á formación das persoas noveis na práctica da pesca e a fomentar o seu achegamento aos nosos ríos.

Tendo en conta o carácter transversal da pesca continental, recóllese a integración do principio de aproveitamento sostible dos recursos piscícolas en diferentes actuacións sectoriais, dando tamén cumprimento deste xeito ao principio de coordinación, cooperación e colaboración entre as diferentes Administracións competentes. Entre estas actuacións sectoriais incídese especialmente na consideración da pesca continental como un instrumento de desenvolvemento turístico do medio rural e na necesidade de informe preceptivo da consellería competente en materia de pesca continental nos procedementos para o outorgamento de autorizacións e concesións pola Administración hidráulica competente que poidan afectar ás especies piscícolas ou ao ecosistema acuático e establécense normas adicionais de protección respecto aos vertidos que poidan prexudicar á fauna piscícola.

Así mesmo, contéplase a necesidade de informe preceptivo da consellería competente en materia de pesca continental nos supostos de actividades sobre a vexetación de ribeira que non supoñan meras actuacións menores de mantemento e conservación, clarificando e simplificando deste xeito o procedemento existente en relación con este tipo de actuacións.

Por último, neste primeiro título mantense o importante papel dos órganos de asesoramento en materia de pesca fluvial, xa existentes na actualidade, se ben modifícanse as denominacións do Comité Galego de Pesca Fluvial, que pasa a denominarse Consello Galego de Pesca Continental, e dos Comités Provinciais de Pesca Fluvial, que pasan a denominarse Consellos Provinciais de Pesca Continental, sen que estes cambios das denominacións impliquen unha modificación das funcións que teñen encomendadas.

O título I (artigos 16 a 36) dedícase á regulación dos aproveitamentos piscícolas e está composto por sete capítulos.





Como importante novidade, recóllese a posibilidade de que se poida acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para o exercicio da pesca continental por outros sistemas de identificación distintos da documentación orixinal correspondente.


Na regulación da licenza de pesca continental incorpóranse varias novidades respecto á regulación anterior. Como unha das medidas previstas nesta lei para fomentar o relevo xeracional no exercicio da pesca e achegar aos mais pequenos aos nosos ríos, exímese da necesidade de obter a licenza de pesca ás persoas con idade igual ou inferior a catorce anos cando vaian acompañados dunha persoa maior de idade que sexa titular dunha licenza de pesca continental; ademais quedan exentas do pago de taxas pola obtención de licenza as persoas menores de idade e as maiores de sesenta e cinco anos; para axilizar a tramitación do procedemento de obtención destas licenzas prevese a promoción do emprego de medios electrónicos; e permítense o establecemento de convenios de reciprocidade ou acordos con outras Comunidades Autónomas para permitir a práctica da pesca cunha única licenza outorgada por algunha destas Administracións.

Respecto aos permisos de pesca, esta lei recolle unha regulación máis detallada que a establecida na lei anterior, incorporando como importante novidade a gratuidade dos permisos de pesca sen morte para todas as persoas menores de idade, coa finalidade de incentivar e fomentar a instauración desta modalidade de pesca deportiva entre as xeracións futuras, como elemento fundamental para a preservación dos nosos recursos e como ferramenta e expoñente máxima dos valores e do respecto ao medio ambiente asociados á súa práctica.

A regulación da pesca continental desde embarcacións ou artefactos flotantes tamén atopa un maior desenvolvemento respecto á regulación anterior, engadindo tres novidades. Por un lado, a esixencia de que na orde anual de pesca continental se determinen as zonas hábiles para a navegación e os cursos e tramos de auga onde se permita a utilización de embarcacións ou artefactos flotantes para a práctica da pesca; por outro lado, permitindo con carácter xeral, a pesca desde embarcacións ou artefactos flotantes en augas embalsadas e zonas de desembocadura, coas excepcións que se poidan establecer na orde anual de pesca continental.

A outra das novidades introducidas pola lei é que se permite especificamente a pesca desde aparellos de flotación coma o “pato” nas augas pescables embalsadas, sempre que o seu emprego non se atope expresamente prohibido na orde anual de pesca continental.

Amplíanse pola súa parte, os supostos de pesca e transporte de especies acuícolas e dos seus ovos sometidos a autorización especial, incluíndo ademais dos xa previstos anteriormente, os fins divulgativos, educativos, sanitarios, de seguridade e biolóxicos.



[Handwritten signature]



Como recoñecemento ao importante papel que teñen desempeñado estes anos en favor da riqueza piscícola, de xeito expreso a lei contempla a posibilidade que ten a Administración autonómica de subscribir convenios de colaboración coas asociacións ou sociedades de persoas pescadoras de carácter non lucrativo que acrediten a condición de entidades colaboradoras, con fins de fomento ou especial protección da pesca.

Outra importante novidade da lei é que detalla a lista de especies pescables en Galicia, permitindo non obstante que a consellería competente en materia de pesca continental poida modificalas por vía regulamentaria, previa xustificación técnica. Tamén se prohibe, salvo excepcións, o aproveitamento de especies acuáticas incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e permítese o establecemento dun réxime especial de protección para os tramos de auga nos que estas habiten. Ademais, tamén se permite a adopción de medidas de xestión específicas para facilitar o control e a captura das especies exóticas invasoras, prohibíndose a súa devolución ás augas, en consonancia coa lexislación básica estatal nesta materia.

Regúlanse con maior grado de detalle as artes, os medios e as modalidades de pesca. No que atinxe ás prohibicións, mantéñense as xa existentes e incorpóranse, entre outras, as substancias ou aparatos paralizantes, tranquilizantes, atraentes ou repelentes de peixes, os pesos que conteñan chumbo e a pesca con peixes vivos ou mortos, enteiros ou en anacos.


Con respecto á comercialización e transporte dos exemplares capturados, clarifícase nesta lei a prohibición xenérica de comercialización de calquera especie procedente da pesca recreativa ou deportiva exercida nas augas continentais de Galicia e introdúcese tamén como novidade en materia de posesión e transporte, un sistema de autoguiado para os exemplares de reo pescados legalmente.

O título II (artigos 37 a 58) é o máis extenso da lei e dedícase á regulación da planificación e ordenación piscícola.

Neste título inclúense dous capítulos, o primeiro relativo á clasificación dos tramos de auga, e o segundo á planificación dos aproveitamentos da pesca continental. Polo que se refire aos tramos de auga, a lei os clasifica como augas pescables e augas non pescables.

As augas pescables poden ser, á súa vez, augas libres para a pesca ou augas sometidas a réxime especial.

Pola súa parte, as augas sometidas a réxime especial clasifícanse en catro categorías: coutos de pesca, tramos de auga de especial interese para a riqueza piscícola, escenarios deportivo-sociais e de formación e augas de pesca de aproveitamento privado. Respecto aos coutos de pesca, establécese unha clasificación destes en atención ao seu



aproveitamento, podendo tratarse de coutos de pesca en réxime natural, coutos de pesca en réxime natural sen morte e coutos de pesca intensiva.

Nesta clasificación, salientar a novidade que supón a creación de dúas categorías específicas de augas pescables que non existían con anterioridade: os escenarios deportivo-sociais e de formación e as augas de pesca de aproveitamento privado, os primeiros coa finalidade de promover a realización de competicións deportivas, o adestramento, a formación e a divulgación da actividade da pesca entre a sociedade, e as segundas coa finalidade de promover a práctica da pesca en certos tramos de auga sen conexión con cursos naturais, como medida de impulso socioeconómico do rural.

Pola súa parte, as augas non pescables poderán ser vedados de pesca, que terán carácter temporal, ou reservas piscícolas, onde se prohibirá o exercicio da pesca de todas ou algunhas das especies presentes con carácter permanente.


Respecto á planificación dos aproveitamentos dos recursos piscícolas, establécense tres instrumentos de planificación, configurados de xeito xerárquico: o Plan galego de ordenación da pesca continental –novidade da lei, e que se configura como o instrumento de planificación estratéxica para a xestión da pesca continental da Comunidade Autónoma de Galicia-, os plans técnicos de xestión de recursos piscícolas e a orde anual de pesca continental.

Na lei regúlase detalladamente o contido, a vixencia e o procedemento de aprobación destes instrumentos de planificación, procedemento no que se fomenta a participación pública.

O título III (artigos 59 a 63) establece previsións para acadar a adecuada conservación e fomento das poboacións piscícolas.

Respecto ás medidas previstas para a conservación da poboación piscícola, destacan as restricións aos aproveitamentos piscícolas, que mesmo poderán ser temporais, e a prohibición da alteración dos desovadoiros.

Entre as medidas de fomento das poboacións ictícolas contéplanse as repoboacións piscícolas e as soltas, engadíndose como novidade, que as soltas e as repoboacións se realizarán sempre con especies autóctonas, salvo no caso de establecementos privados de pesca en réxime intensivo que non teñan comunicación con ningún leito, nos que se poderá permitir a solta doutras especies segundo as condicións establecidas pola normativa estatal aplicable na materia. Como novidade, se establece que as repoboacións deberán contar cunha planificación previa da consellería competente en materia de pesca continental.





Tamén se mantén a necesidade de promover determinadas instalacións que sirvan para a recuperación e conservación das poboacións piscícolas salvaxes e do medio no que se desenvolvan, instalacións entre as que se inclúen os centros ictioxénicos, que se declaran de interese xeral e que se xestionarán pola consellería competente en materia de pesca continental.

Os títulos IV e V (artigos 64 e 65) son os mais breves desta lei e dedícanse respectivamente á pesca profesional en augas continentais e á pesca continental de carácter etnográfico, regulación na que se recolle a esixencia de que se exerzan mediante un título habilitante e na que se especifican as especies piscícolas que poderán ser obxecto de cada unha destas modalidades de pesca.


Por último, o título VI (artigos 66 a 88) establece as previsións relativas á inspección e ao réxime sancionador.

En materia de vixilancia e inspección, débese salientar a importante labor desenvolvida ao longo destes anos polo persoal con funcións de vixilancia e control dependente da consellería competente en materia de pesca continental. Isto motiva a necesidade de establecer de xeito mais pormenorizado as previsións para o desenvolvemento das tarefas inherentes a unha correcta vixilancia, inspección e control, mediante a regulación específica tanto das facultades e deberes deste persoal no exercicio das súas funcións, como do propio desenvolvemento desta actuación inspectora e da documentación derivada dela, establecéndose unha serie de previsións que teñen por obxecto garantir o cumprimento do disposto nesta lei.

Respecto á tipificación e clasificación das infraccións e sancións, actualízase a redacción dos comportamentos constitutivos de infracción e elimínase, respecto á regulación anterior, a categoría das infraccións menos graves. Tamén resulta salientable a previsión que permite impoñer a contía sancionadora prevista para o tipo infractor inmediatamente inferior, no caso de que a persoa interesada restaure o medio natural ao estado previo ao feito de producirse a infracción, antes de que remate o procedemento sancionador.

Nesta liña, a lei dedica unha atención especial á reparación do dano causado e á reposición da situación alterada ao seu estado anterior.

Respecto ao procedemento sancionador, mantéñense, en termos xerais, as disposicións contidas na lei anterior, con algunhas modificacións menores dirixidas a acadar unha regulación máis clara e detallada, e se recollen dúas novidades importantes. En primeiro lugar, introdúcense as reducións das contías das sancións previstas na normativa estatal reguladora do procedemento administrativo común para os supostos de recoñecemento da responsabilidade e pago voluntario da sanción e, en segundo lugar, desenvólvese a



[Handwritten signature]




regulación das condicións para poder proceder ao comiso dos medios empregados para a comisión das infraccións ou dos produtos ou exemplares obxecto destas infraccións.

Con respecto ás contías das sancións, modifícanse os importes das multas correspondentes, co fin de garantir o principio de proporcionalidade.

As disposicións que integran a parte final teñen por obxecto adecuar as situacións preexistentes á nova situación xurídica creada pola presente lei, salientando por un lado a posibilidade de subscribir convenios para a posta en marcha das escolas de río mentres non se produza o seu desenvolvemento regulamentario e, por outro lado, a moratoria para a aplicación da prohibición do emprego de pesos que conteñan chumbo.

Pola súa parte, o anexo I, fixa os límites das zonas de desembocadura e o anexo II establece o listado das especies pescables nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta lei foi obxecto de consulta pública previa, de información pública e dunha ampla audiencia.



[Handwritten signature]





TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

O obxecto desta lei é regular, protexer e fomentar o dereito ao exercicio da pesca continental das especies pescables relacionadas no anexo II. Así mesmo, regúlase o ordenado aproveitamento dos recursos piscícolas en todos os cursos e tramos de augas continentais situados dentro dos límites territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia.





Artigo 2. *Dereito ao exercicio da pesca*

O dereito ao exercicio da pesca en augas continentais correspóndelle a toda persoa que cumpra os requisitos esixidos ao efecto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento e non se atope inhabilitada para o exercicio da pesca, conforme ao disposto nesta lei.






Artigo 3. *Principios xerais*

Son principios inspiradores da presente lei:

- a) O aproveitamento ordenado e sostible dos recursos piscícolas en todos os cursos e tramos de augas continentais situados dentro dos límites territoriais de Galicia.
- b) O desenvolvemento e mantemento da biodiversidade autóctona dos ecosistemas acuáticos e das súas poboacións de fauna e flora para contribuír a alcanzar un bo estado ecolóxico dos ecosistemas acuáticos en augas continentais.
- c) A igualdade no acceso ao exercicio da pesca.
- d) A conservación e recuperación dos ecosistemas acuáticos en augas continentais.
- e) A coordinación, colaboración e cooperación entre as Administracións competentes no medio acuático en augas continentais para conseguir os obxectivos fixados nesta lei.
- f) A garantía da participación cidadá na observancia dos preceptos da presente lei e na consecución dos seus obxectivos.
- g) O fomento da pesca deportiva e recreativa como ferramenta de desenvolvemento turístico, económico e social no medio rural da Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) O fomento da investigación, a formación e a divulgación en todo o relativo aos ecosistemas acuáticos en augas continentais, para favorecer e promover a pesca responsable, en coordinación, colaboración e cooperación coas universidades galegas e coas demais institucións de investigación públicas ou privadas.





Artigo 4. *Definicións*

Aos efectos desta lei, entenderase por:

1. Acordo de custodia do territorio: o pacto subscrito de modo voluntario entre unha persoa física ou xurídica, pública ou privada, propietaria ou titular dun dereito de uso sobre un territorio e unha entidade de custodia do territorio co obxecto de favorecer a súa protección e conservación.

2. Actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico: as seguintes actuacións:

a) A retirada de árbores mortas e as podas de árbores que impidan accesos á canle ou á súa servidume de paso, sempre que non impliquen perda do substrato arbóreo da ribeira.


b) A retirada de árbores mortas e as podas de árbores que reduzan a capacidade da canle.

c) A retirada de elementos arrastrados pola corrente que obstrúan a canle e especialmente nas obras de paso sobre esta, ou que constitúan un elemento de degradación ou contaminación do dominio público hidráulico.

d) O mantemento das seccións de medición de caudais das redes oficiais de estacións de medición.


3. Aparellos de flotación: todo obxecto flotante cunha eslora inferior de 2.5 m e/ou sen capacidade para navegar.

4. Augas continentais: serán todas as augas superficiais, existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, correntes ou estancadas, continuas ou discontinuas, doces, salobres ou salgadas, de titularidade pública ou privada, tanto de orixe natural, incluíndo ríos, arrosios, riachuelos, lagoas e marismas, como de orixe artificial, incluíndo encoros, pantanos, canles e presas. Tamén son augas continentais aos efectos desta lei, as augas interiores das zonas de desembocadura no mar comprendidas entre o límite superior das augas salobres e as liñas que se relacionan no anexo I. Nos ríos nos que non estea definida unha zona de desembocadura no mar, entenderase que esta chega ata a liña recta imaxinaria que una os puntos de intersección das dúas beiras do río coa costa nas mareas máis baixas, sen que nunca poida exceder a anchura ou amplitude desta liña dun quilómetro.





5. **Augas de salmónidos:** augas nas que exista constancia da presenza significativa de troitas, reos ou salmóns.
6. **Canle:** leito artificial ou natural por onde se conduce a auga para darlle saída ou para diversos usos.
7. **Canle de derivación:** leito artificial comprendido entre unha obra de captación de auga e as instalacións nas que é utilizada.
8. **Canle de restitución ou de achega:** leito artificial que reintegra as augas ao seu leito natural unha vez utilizadas.
9. **Cebar as augas:** incorporar ás augas materias que poidan constituír un alimento para os peixes, ou para a fauna acuática en xeral, co fin de atraela ou agrupala nunha determinada área.
10. **Cebo:** a substancia, o organismo vivo ou morto ou o obxecto que serve para atraer peixes ou crustáceos na acción de pescar.
11. **Comercialización:** compra-venda, transacción, troco ou posta á disposición de terceiros dos produtos da pesca, así como a exposición, almacenamento ou depósito en establecementos públicos ou nas súas dependencias auxiliares, de produtos de pesca destinados ao seu consumo por terceiros.
12. **Conca hidrográfica:** de acordo co artigo 16 do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, superficie de terreo cuxa escorrentía superficial flúe na súa totalidade a través dunha serie de correntes, ríos e, eventualmente, lagos cara o mar por unha única desembocadura, estuario ou delta.
13. **Concesión de aproveitamento piscícola:** título outorgado pola consellería competente en materia de pesca continental a unha persoa física ou xurídica, que habilita para a explotación das especies ictícolas nun tramo de augas continentais mediante o exercicio da pesca conforme ao previsto no seu correspondente plan técnico, debidamente aprobado consonte ao establecido nesta lei.
14. **Contaminación:** a introdución directa ou indirecta, como consecuencia da actividade humana, de substancias ou calor nas augas que poidan ser prexudiciais para a calidade dos ecosistemas acuáticos, ou dos ecosistemas terrestres que dependen directamente dos ecosistemas acuáticos, ou que causen danos aos bens materiais ou deterioren ou dificulten o disfrute e outros usos lexítimos do medio ambiente.



[Handwritten signature]





15. Custodia do territorio: conxunto de estratexias ou técnicas xurídicas a través das cales se implican ás persoas propietarias e usuarias do territorio na conservación e no uso dos valores e dos recursos naturais, culturais e paisaxísticos.

16. Dano ou prexuízo á riqueza piscícola: calquera lesión, enfermidade, malformación ou mortaldade ocasionada ás especies ou poboacións acuáticas en calquera fase do seu desenvolvemento, así como calquera alteración das condicións químicas, físicas ou biolóxicas dos tramos de auga continentais.

17. Embarcación ou artefacto flotante: todo obxecto flotante cunha eslora mínima de 2.5 m con capacidade para navegar, e dicir, que teña unha propulsión e un goberno, independentemente da súa utilidade ou finalidade e que consonte á normativa vixente en materia de augas non teña a consideración de obxecto complementario do baño.

18. Encoro: obra hidráulica consistente nun recinto artificial para o almacenamento de auga limitado, en todo ou en parte, pola presa. Dentro desta definición tamén se inclúe o conxunto de terreos, presa e auga almacenada, xunto con todas as estruturas auxiliares relacionadas con estes elementos e coa súa funcionalidade.

19. Entidade de custodia do territorio: aos efectos desta lei será a organización pública ou privada, sen ánimo de lucro, que leva a cabo iniciativas que inclúan a realización de acordos de custodia do territorio para a conservación dos recursos piscícolas.

20. Especie anádroma: especie acuática que se reproduce nas augas continentais e reside no mar durante outras fases do seu ciclo vital.

21. Especie catádroma: especie acuática que se reproduce no mar e reside nas augas continentais durante outras fases do seu ciclo vital.

22. Especie de esteiro: especie acuática que pode habitar tanto en augas doces como en augas salobres ou salgadas.

23. Especie migradora: especie que realiza desprazamentos, polo xeral periódicos e regulares, na procura de tramos de auga específicos para cumprir determinadas fases do seu ciclo biolóxico.

24. Especie piscícola continental: peixes que realizan todo ou algunha parte do seu ciclo biolóxico nas augas continentais.

25. Establecementos privados de pesca en réxime intensivo: aquelas instalacións situadas sobre charcas, estanques ou tramos de auga similares que non teñan conexión con cursos naturais e que sexan de titularidade privada ou respecto das cales exista unha concesión de





uso privativo de acordo coa normativa vixente en materia de augas, e que sexan autorizadas pola consellería competente en materia de pesca continental para a práctica da pesca continental de poboacións procedentes de soltas.

26. Establecementos públicos: locais, instalacións ou recintos, tanto de titularidade pública como de propiedade privada, dedicados a levar a cabo neles calquera tipo de actividade e abertos ao público.

27. Estacada: a ponte ou pasarela de madeira ou doutro material similar situada voando sobre o río, perpendicularmente á dirección da corrente co obxecto de dirixir ás lampreas para facilitar a súa captura mediante o emprego de luces e cuxa lonxitude máxima non supere en ningún caso a metade do leito fluvial ocupado polas augas en cada momento.

28. Lago: masa de auga continental superficial queda.

29. Lagoa: masa de auga de características semellantes ás dun lago pero de menor dimensión.

30. Lagoa artificial: acumulación de auga conseguida por medios artificiais, como pode ser a impermeabilización do terreo ou a formación de barreiras artificiais.

31. Leito: de acordo co artigo 4 do Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, terreo cuberto polas augas nas máximas crecidas ordinarias das correntes continuas ou descontinuas de auga.


32. Leito ou fondo dun lago ou lagoa: de acordo co artigo 9 do Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, terreo que ocupan as súas augas nas épocas en que alcanzan o seu maior nivel ordinario.

33. Leito ou fondo dun encoro superficial: de acordo co artigo 9 do Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, terreo cuberto polas augas cando estas alcanzan o seu maior nivel a consecuencia das máximas crecidas ordinarias dos ríos que o alimentan.

34. Marxe: de acordo co artigo 6.1 do Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, terreo que linda co leito.

35. Pato: aparello de flotación de uso individual deseñado expresamente para a pesca desde a auga.

36. Permiso de pesca: título nominal, individual e intransferible que habilita para pescar nun couto de pesca outorgado pola consellería competente en materia de pesca continental.





37. Pesca a mosca ortodoxa: a acción de pescar en augas continentais a mosca con cola de rata.

38. Pesca ao roubo: a acción de pescar en augas continentais consistente en cravar intencionadamente a arte de pesca en calquera parte do corpo dun peixe que non sexa a boca.

39. Pesca científica: a acción de pescar en augas continentais exercida coa finalidade de investigación.

40. Pesca continental: a acción de pescar en augas continentais exercida sobre as especies piscícolas incluídas no anexo II.

41. Pesca continental de carácter etnográfico: a acción de pescar en augas continentais na que se empreguen aqueles coñecementos, prácticas, técnicas, usos e actividades relacionadas coa pesca continental que se consideren representativas da cultura e formas de vida tradicionais galega e que procedan de modelos ou técnicas tradicionais de pesca utilizadas nunha determinada zona ou por un determinado colectivo.

42. Pesca deportiva: a acción de pescar en augas continentais exercida coa finalidade de competir, así como as súas actividades preparatorias, demostracións, concursos e adestramentos.

43. Pesca nocturna: a acción de pescar en augas continentais exercida desde posto fixo no período comprendido entre unha hora despois da posta do sol e unha hora antes da súa saída.


44. Pesca profesional en augas continentais: a acción de pescar en augas continentais exercida coa finalidade de comercializar os produtos que se obteñan.

45. Pesca recreativa: a acción de pescar en augas continentais exercida coa finalidade de ocio e polo tanto sen fins comerciais, deportivos ou de investigación.

46. Pesca sen morte: a acción de pescar en augas continentais exercida de tal modo que todos os exemplares capturados son devoltos vivos ás augas de procedencia de xeito inmediato e da forma menos lesiva posible, empregando en todo caso un so anzol sen morte e algún dos cebos artificiais que se determinen regulamentariamente.

47. Pescar: sacar ou intentar sacar da auga peixes e outros animais acuáticos.

48. Redefol: arte de pesca consistente nun aro cunha rede en forma de bolsa e que se emprega, xeralmente, na pesca de cangrexos.



CSV: BOPGDSPG3YeikA08j2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





49. Repoboación piscícola: introdución no medio natural de exemplares vivos co obxecto de reforzar ou equilibrar as poboacións piscícolas existentes ou de recuperar poboacións desaparecidas.

50. Residuo perigoso para a fauna acuícola: calquera substancia, resultado dun proceso de produción, transformación, utilización ou consumo que, vertida ao medio acuático, cause ou sexa susceptible de causar una mortaldade na fauna acuícola. En todo caso, entenderase que unha substancia é susceptible de causar mortaldade cando se demostrara mediante experiencias ecotoxicolóxicas que a concentración á que se atopa na auga é letal para algunha especie da fauna acuícola ou cando esta concentración sobrepase os límites de seguridade ou semellantes establecidos pola Unión Europea para especies de auga doce.

51. Ribeiras: de acordo co artigo 6.1 do Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, faixas laterais dos leitos públicos situadas por enriba do nivel de augas baixas.


52. Solta: Liberación de exemplares vivos de especies pescables no medio natural.





Artigo 5. *Órganos autonómicos competentes*

A regulación, planificación, ordenación e xestión da pesca continental e dos recursos piscícolas en todos os cursos e tramos de auga continentais situados dentro dos límites territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia corresponde, nos seus respectivos ámbitos competenciais, ao Consello da Xunta e á consellería competente en materia de pesca continental.





Capítulo II

Mecanismos de colaboración e cooperación

Artigo 6. *Mecanismos de colaboración e cooperación*

1. A Administración autonómica, cando sexa titular de terreos, poderá subscribir acordos de cesión da súa xestión, total ou parcial, a entidades de custodia do territorio, aos efectos de fomentar a conservación e aproveitamento sostible dos recursos piscícolas da súa competencia.

Os acordos para a cesión da xestión formalizaranse por escrito, terán unha duración temporal limitada e recollerán, en todo caso, o sistema de financiamento para o seu axeitado desenvolvemento e as directrices mínimas de xestión, que se deberán fixar previamente nun documento de xestión. Estes acordos non supoñerán en ningún caso a transmisión da titularidade dos terreos obxecto destes.

2. Con idénticos efectos, poderá fomentar a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia do territorio e as persoas físicas ou xurídicas propietarias e usuarias deste.

3. Así mesmo, poderanse establecer mecanismos de cooperación da Administración autonómica con outras administracións e institucións públicas ou privadas coa finalidade de incentivar a conservación a aproveitamento sostible dos recursos piscícolas e a integración dos sectores socioeconómicos nesta conservación.

4. Nas concas hidrográficas intercomunitarias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coa Administración xeral do Estado e convenios ou acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas por cuxo territorio discorran, previo cumprimento das esixencias impostas pola normativa aplicable, coa finalidade de salvagardar a coherencia e efectividade das medidas de protección correspondentes.



Artigo 7. Entidades colaboradoras

1. Considéranse entidades colaboradoras as que realicen actividades programadas de promoción e divulgación da pesca continental, ou actividades ou investimentos en favor da riqueza piscícola das augas continentais galegas, así como da mellora da calidade das devanditas augas e que teñan recoñecido tal condición.

Reglamentariamente determinaranse os requisitos necesarios para a obtención da condición de entidades colaboradoras, así como os beneficios e obrigas derivados desta consideración e as condicións nas cales poderán organizar as actividades de promoción e divulgación da pesca.

2. Estas entidades colaboradoras inscribíranse no Rexistro de Entidades Colaboradoras de Pesca Continental que se configura como un rexistro público, de carácter administrativo dependente da consellería competente en materia de pesca continental.

3. A consellería competente en materia de pesca continental, poderá outorgar concesións de aproveitamentos piscícolas en tramos de ríos, encoros e lagoas a entidades colaboradoras e que se encarguen do coidado e conservación dos recursos piscícolas e da súa promoción e xestión.

O procedemento de outorgamento destas concesións tramitarase consonte ao disposto na normativa reguladora do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, requiríndose ademais e, en todo caso, o informe preceptivo da Administración hidráulica competente.

Estas concesións terán unha duración máxima de cinco anos.






Capítulo III

Promoción, formación e investigación en materia de pesca continental

Artigo 8. Promoción da pesca continental

1. A consellería competente en materia de pesca continental promoverá un mellor coñecemento por parte da sociedade sobre a actividade da pesca continental e, particularmente, sobre os seus aspectos ambientais, sociais e económicos. Así mesmo, realizará programas de promoción da pesca sen morte.
2. A Administración autonómica realizará as actuacións necesarias para favorecer a consideración da pesca continental como un recurso de desenvolvemento rural, especialmente mediante o fomento dun turismo ligado á súa práctica.





Artigo 9. *Formación en materia de pesca continental*


1. A Estratexia Galega de Educación Ambiental prevista na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, integrará entre os seus obxectivos, a consecución dos principios inspiradores desta lei, a cuxos efectos, incluírá programas de formación e educación específicos na práctica da pesca continental e no coñecemento e respecto dos ecosistemas acuáticos continentais.

Nestes programas terá carácter preferente a formación ás persoas noveis na práctica da pesca continental e a promoción da pesca sen morte mediante a organización de actividades e eventos de carácter educativo.

2. A consellería competente en materia de pesca continental colaborará na execución da Estratexia Galega de Educación Ambiental, no que atinxe ás materias obxecto desta lei, promovendo a implicación da cidadanía na conservación dos ecosistemas acuáticos continentais.

3. A consellería competente en materia de pesca continental promoverá o establecemento de escolas de río, para fomentar a formación e educación en materia de pesca continental das persoas noveis na práctica da pesca. O seu réxime de funcionamento e os seus programas formativos desenvolveranse regulamentariamente.

As escolas de río poderán dispoñer, previo cumprimento dos requisitos esixibles, de tramos de auga de uso exclusivo para o desenvolvemento dos seus programas formativos. A práctica da pesca nestas escolas non requirirá dispor da preceptiva licenza de pesca continental.



[Handwritten signature]



Artigo 10. *Investigación en materia de pesca continental*

A consellería competente en materia de pesca continental impulsará a mellora do coñecemento sobre a etoloxía, bioloxía e dinámica poboacional das especies da fauna acuática, en especial das pescables. Así mesmo, impulsará o coñecemento xenético das poboacións ictícolas e do impacto das especies exóticas invasoras sobre o ecosistema acuático e a mellora dos métodos de xestión da pesca continental.





Capítulo IV

Actuacións sectoriais

Artigo 11. *Actuacións vinculadas co turismo*

1. A consellería competente en materia de pesca continental, co fin de fomentar o turismo, poderá outorgar concesións de aproveitamentos piscícolas en encoros e lagoas a persoas físicas ou xurídicas que teñan como finalidade a promoción do turismo e que se encarguen do coidado e conservación dos recursos piscícolas e da súa promoción e xestión.

O procedemento de outorgamento destas concesións tramitarase consonte ao disposto na normativa reguladora do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, requiríndose ademais e, en todo caso, o informe favorable da consellería competente en materia de turismo e o informe preceptivo da Administración hidráulica competente.

Estas concesións terán unha duración máxima de cinco anos.

2. Co fin de fomentar o turismo, a consellería competente en materia de pesca continental determinará regulamentariamente as augas pescables con reserva de permisos para persoas físicas ou xurídicas que teñan como finalidade a promoción do turismo e as porcentaxes máximas destes permisos tanto respecto ao total dos permisos anuais dispoñibles como respecto aos permisos dispoñibles nunha xornada de pesca.

En cada couto soamente poderase reservar ata o dez por cento dos permisos anuais, sen que o número de permisos nunha xornada de pesca concreta poida superar o cincuenta por cento dos dispoñibles.

3. A consellería competente en materia de turismo adxudicará os permisos previstos no número anterior segundo os criterios que para o efecto estableza.





Artigo 12. Actuacións en materia hidráulica

1. Requirirase informe preceptivo da consellería competente en materia de pesca continental para o outorgamento de autorizacións ou concesións pola Administración hidráulica competente que poidan afectar ás especies piscícolas ou ao ecosistema-acuático en augas continentais.

2. Cando estas autorizacións ou concesións teñan por obxecto a anulación ou baleirado dun tramo de auga no que exista poboación ictícola ou impliquen o establecemento de correntes de derivación ou achega, o informe preceptivo da consellería competente en materia de pesca continental establecerá as medidas necesarias para garantir a protección e conservación da fauna ictícola.


As persoas titulares das autorizacións ou concesións de aproveitamento do dominio público hidráulico deberán instalar reixas ou outros dispositivos de protección que impidan o acceso da poboación ictícola ás correntes de derivación ou achega, así como dispositivos de remonte u outras alternativas que se poidan establecer para garantir as migracións periódicas dos peixes ao longo dos cursos fluviais. Regulamentariamente desenvolverase esta obriga.

3. No marco dos procedementos previstos na normativa vixente en materia de augas para a aprobación dos respectivos instrumentos de planificación hidrolóxica, a consellería competente en materia de pesca continental formulará as propostas e garantirá a subministración da información necesaria aos efectos de salvagardar o disposto nesta lei.

4. Os vertidos de residuos perigosos para a fauna acuícola ou de augas ou produtos residuais que poidan prexudicar á fauna piscícola axustaranse aos valores de referencia que se determinen regulamentariamente como de obrigado cumprimento para garantir a protección dos salmónidos na súa área de distribución natural en Galicia.

5. As persoas propietarias dos terreos comprendidos na zona de servidume para uso público deberán permitir o paso das persoas pescadoras por estes terreos nos termos establecidos na normativa vixente en materia de augas.

6. A consellería competente en materia de pesca continental emitirá informe previo preceptivo no marco do procedemento de autorización que corresponda á Administración hidráulica competente, para a execución de actuacións sobre a vexetación de ribeira dos ríos e augas continentais que non supoñan actuacións menores de mantemento e conservación.





7. As concesións de aproveitamento hidráulico sexan ou non de uso consuntivo deberán respectar o caudal ecolóxico establecido na planificación hidrolóxica vixente para facilitar o normal desenvolvemento das poboacións piscícolas, nos termos previstos na normativa básica estatal aplicable.



Artigo 13. *Competicións deportivas oficiais*

1. A consellería competente en materia de pesca continental facilitará, de acordo coa lexislación do deporte, a organización e celebración das competicións deportivas oficiais que organice a Federación Galega de Pesca & Casting.

A estes efectos, comprobará que as devanditas competicións deportivas se desenvolven nos cursos de auga e nos escenarios de pesca mais apropiados asegurando, en todo caso, a súa compatibilidade coa adecuada conservación dos ecosistemas acuáticos continentais e coas normas de funcionamento das augas pescables correspondentes.

2. Regulamentariamente se desenvolverá o procedemento para a adxudicación de permisos de pesca no marco destas competicións.





Capítulo V

Órganos de asesoramento


Artigo 14. Consello Galego de Pesca Continental

1. O Consello Galego de Pesca Continental configúrase como o órgano colexiado e de asesoramento en materia de pesca continental da consellería competente en materia de pesca continental, cuxa composición e funcionamento se determinará regulamentariamente.

2. O Consello Galego de Pesca Continental levará a cabo as seguintes funcións, sen prexuízo das que se lle poidan encomendar regulamentariamente:

a) Propor as liñas de actuación encamiñadas ao fomento, protección, conservación e aproveitamento ordenado dos recursos ictícolas nas augas continentais de Galicia.


b) Emitir informes e ditames en relación coa pesca continental que someta á súa consideración a consellería competente en materia de pesca continental.





Artigo 15. *Consellos Provinciais de Pesca Continental*

1. En cada provincia da Comunidade Autónoma de Galicia existirá un Consello Provincial de Pesca Continental que se configura como un órgano colexiado e de asesoramento en materia de pesca continental no seu ámbito territorial respectivo.
2. Regulamentariamente se determinará a composición e funcionamento destes Consellos Provinciais de Pesca Continental.
3. Sen prexuízo das que se lle poidan encomendar regulamentariamente, será función dos Consellos Provinciais de Pesca Continental propoñer e informar no seu ámbito territorial acerca dos períodos hábiles, modalidades de pesca, cotas de captura, períodos de veda e calquera outro asunto relacionado coa pesca continental que someta a súa consideración a consellería competente en materia de pesca continental.





Título II

Aproveitamentos

Capítulo I

Licenzas e permisos


Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 16. *Requisitos para o exercicio da pesca continental*

1. Para o exercicio da pesca continental na Comunidade Autónoma de Galicia, a persoa interesada deberá dispoñer dos seguintes documentos:

- a) Licenza de pesca continental en vigor, agás nos supostos establecidos no artigo 19.3.
- b) Documentación acreditativa da identidade segundo o establecido na Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.
- c) Autorizacións especiais, no caso de empregar artes ou medios de pesca que o requiran.
- d) Permiso de pesca, no caso de pesca en coutos.
- e) Demais documentos, permisos ou autorizacións esixidos nesta lei, nas súas disposicións de desenvolvemento ou en calquera outra norma vixente.

2. Durante o exercicio da pesca continental, a persoa pescadora deberá poder acreditar, tanto a súa identidade, como que cumpre cos requisitos esixidos para o exercicio da pesca continental.



Artigo 17. *Períodos e días hábiles de pesca*

1. Anualmente a consellería competente en materia de pesca continental ditará unha orde na que se determinarán os períodos e os días hábiles de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Con carácter xeral, queda prohibida a pesca nocturna, agás o que se determine especificamente para a pesca da lamprea consonte ao disposto no artigo 65.4 e para a pesca da anguía.





Artigo 18. Órgano competente

1. O outorgamento das licenzas de pesca continental e dos permisos de pesca corresponde á consellería competente en materia de pesca continental, sen prexuízo da posible delegación da súa expedición en determinadas entidades, nos termos que se establezan regulamentariamente.

2. O disposto neste título enténdese sen prexuízo do respecto ao disposto nos convenios ou acordos de cooperación con outras comunidades autónomas así como nos acordos ou convenios internacionais.



[Handwritten signature]






Sección 2ª. Licenzas de pesca continental

Artigo 19. Licenza de pesca continental

1. Para poder practicar a pesca continental é imprescindible estar en posesión dunha licenza de pesca continental, que terá carácter persoal e intransferible.
2. Pode obter a licenza de pesca continental toda persoa que o solicite e que cumpra os requisitos determinados pola presente lei e a súa normativa de desenvolvemento.
3. As persoas de idade igual ou inferior a catorce anos poderán practicar a pesca recreativa e deportiva en augas continentais, sen necesidade de licenza de pesca continental, sempre que vaian acompañadas dunha persoa maior de idade que sexa titular dunha licenza de pesca continental.

A licenza de pesca continental tampouco será necesaria para o exercicio da pesca nos establecementos previstos no artigo 47 nin nas escolas de río previstas no artigo 9.3.

4. As persoas menores de idade non emancipadas que queiran solicitar a licenza de pesca continental deben dispoñer do permiso da persoa que ostente a súa representación legal.
5. Regulamentariamente se determinarán as clases de licenza, a súa vixencia e o procedemento para o seu outorgamento.





Artigo 20. Recargos e exencións de taxas

1. Para practicar a pesca continental do salmón e o reo, así como para pescar desde embarcacións ou artefactos flotantes en augas continentais, ademais da taxa correspondente á licenza de que se trate, deberán abonarse as recargas específicas que legalmente se establezan.

2. Quedarán exentas do pago de taxas para a obtención da licenza de pesca continental as persoas menores de idade ou maiores de sesenta e cinco anos.






Artigo 21. *Protocolos de colaboración e reciprocidade das licenzas*

1. A Xunta de Galicia poderá establecer convenios ou acordos de colaboración con outras comunidades autónomas que faciliten a obtención das respectivas licenzas. Nestes convenios ou acordos poderán establecerse os criterios e condicións para unificar as licenzas, a súa expedición e os instrumentos de colaboración entre as comunidades autónomas.


2. Igualmente, a Xunta de Galicia poderá establecer convenios ou acordos de colaboración con outras comunidades autónomas respecto dos tramos de auga que se estendan polo territorio da comunidade autónoma galega e doutras comunidades autónomas de xeito que sexa posible a práctica da pesca continental en ditos tramos de auga continental mediante a posesión dunha soa das licenzas correspondentes.





Artigo 22. Anulación ou suspensión da licenza de pesca continental

A licenza de pesca continental poderá ser anulada ou suspendida por tempo determinado, como consecuencia dunha resolución administrativa firme conforme ao disposto nesta lei e na restante normativa de aplicación.



Sección 3ª. Permisos de pesca


Artigo 23. Permisos de pesca

1. Cando o tramo no que se desexe pescar se atope incluído nalgún dos coutos de pesca, escenarios deportivo-sociais e de formación ou tramos de auga de especial interese para a riqueza piscícola previstos nesta lei, ademais da licenza de pesca continental, requirirase estar en posesión do pertinente permiso de pesca.
2. Cada permiso de pesca será válido unicamente para un determinado couto de pesca e para un so día de pesca e, unha vez obtido, terá carácter persoal e intransferible. O permiso soamente faculta para pescar as especies para as que foi expedido e coas modalidades que nel se especifiquen, e conleva a aceptación pola súa persoa titular de todas as normas específicas do couto no que se pesque.
3. Regulamentariamente se determinarán as clases e o procedemento de outorgamento destes permisos.



Artigo 24. *Permisos de pesca sen morte*

1. Entre os permisos de pesca, incluírase o permiso de pesca sen morte, válido para a práctica da pesca baixo esta modalidade.
2. Estes permisos de pesca serán gratuítos para as persoas menores de idade.





Artigo 25. *Revogación dos permisos*

O incumprimento das condicións impostas no permiso de pesca ou das normas específicas establecidas para o couto no que se pesque será causa de revogación do permiso de pesca sen dereito a indemnización e sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incurrir a súa persoa titular.





Capítulo II

Pesca desde embarcacións ou artefactos flotantes e aparellos de flotación

Artigo 26. Embarcacións ou artefactos flotantes

1. Para o exercicio da pesca continental desde unha embarcación ou artefacto flotante, ademais da licenza de pesca continental individual que deberá posuír a persoa pescadora, deberá obterse unha licenza especial outorgada tamén pola consellería competente en materia de pesca continental.
2. Para a expedición desta licenza especial de embarcación ou artefacto flotante requirirase a previa presentación, ante a Administración hidráulica competente, da declaración responsable esixida pola lexislación vixente para a navegación ou flotación.
3. A consellería competente en materia de pesca continental establecerá na correspondente orde anual de pesca continental, de acordo coa determinación pola Administración hidráulica competente das zonas hábiles para a navegación, os cursos e tramos de auga onde se permita a utilización de embarcacións ou artefactos flotantes para a práctica da pesca continental, entre os que figurarán con carácter xeral, sempre que sexa conforme con aquela determinación, as augas embalsadas e as zonas de desembocadura da Comunidade Autónoma de Galicia agás o disposto no artigo 35.1 h) e as demais excepcións que a orde poida establecer.





Artigo 27. Rexistro de embarcacións ou artefactos flotantes

1. En cada xefatura territorial da consellería competente en materia de pesca continental existirá un rexistro de embarcacións ou artefactos flotantes autorizados para a pesca continental.
2. Este rexistro configúrase como un rexistro público, de carácter administrativo adscrito á consellería competente en materia de pesca continental.
3. O contido e funcionamento deste rexistro desenvolverase regulamentariamente.





Artigo 28. *Aparellos de flotación*

Con carácter xeral, permítese a pesca desde aparellos de flotación coma o pato, nas augas pescables embalsadas sempre que o seu uso non se atope prohibido expresamente na orde anual de pesca continental e se cumpran as esixencias impostas pola restante normativa aplicable.





Capítulo III

Autorizacións especiais

Artigo 29. Autorizacións especiais

1. A consellería competente en materia de pesca continental poderá autorizar para fins científicos, divulgativos, educativos, sanitarios, de seguridade, biolóxicos, de repoboación ou para evitar a súa morte, a pesca e o transporte de especies acuícolas ou dos seus ovos en toda época do ano, empregando calquera dos métodos de captura permitidos consonte ao disposto nesta lei, nas súas normas de desenvolvemento e na restante normativa aplicable. A realización destes traballos pola propia consellería competente en materia de pesca continental exceptúase da necesidade de obter esta autorización.

2. Regulamentariamente se determinará o contido, o procedemento de outorgamento e o prazo de vixencia destas autorizacións.



[Handwritten signature]





Capítulo IV

Convenios de colaboración

Artigo 30. Convenios de colaboración

1. A consellería competente en materia de pesca continental, poderá subscribir convenios de colaboración coas asociacións ou sociedades de persoas pescadoras de carácter non lucrativo que acrediten a condición de entidades colaboradoras, e que terán como obxecto a realización de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola, así como a mellora dos ecosistemas acuáticos, en tramos concretos de ríos, encoros e lagoas.
2. As entidades asinantes dos convenios responsabilizaranse do coidado, conservación, promoción e xestión dos recursos piscícolas.



[Handwritten signature]





Capítulo V

Especies de fauna acuática

Artigo 31. *Especies pescables*

1. Aos efectos desta lei e das súas normas de desenvolvemento, unicamente poderán ser obxecto de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia as especies recollidas no anexo II respectando, en todo caso, as prohibicións contidas na normativa básica estatal.

A consellería competente en materia de pesca continental poderá modificar por vía regulamentaria, previa xustificación técnica, as especies pescables contidas no devandito anexo II.

2. Con carácter xeral, as dimensións mínimas de captura de especies pescables nas augas continentais galegas determinaranse regulamentariamente, sen prexuízo de que se poidan variar estas dimensións, sen prexuízo de que se poidan variar estas dimensións, coa debida motivación técnica, pola orde anual de pesca continental e, con carácter local, polos plans técnicos de xestión de recursos piscícolas.

3. Prohíbese a pesca, posesión, circulación, comercialización e consumo das especies pescables que non alcancen as dimensións mínimas establecidas conforme ao disposto no número anterior.

4. As especies non pescables capturadas deberán devolverse inmediatamente ás augas de procedencia, sexa cal sexa o seu tamaño, sen prexuízo do indicado no artigo 33.3.





Artigo 32. *Especies ameazadas*

1. As especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia non poderán ser obxecto de aproveitamento.

Queda igualmente en todo caso prohibida calquera actuación feita co propósito de lles dar captura, salvo nos supostos descritos no artigo 99.1 da Lei 5/2019, do 2 de agosto.

De capturarse de xeito accidental unha especie incluída na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia, devolverase inmediatamente ás augas de procedencia, causándolle o menor dano posible.

2. A Administración autonómica disporá o necesario para que aqueles tramos de auga habitualmente habitados por especies ameazadas teñan a consideración de tramos de auga de especial interese para a riqueza piscícola.

3. A Administración autonómica impulsará o desenvolvemento de programas para a cría e propagación das especies acuáticas ameazadas, dirixidos a constituír unha reserva xenética e á obtención de exemplares de especies autóctonas para a súa reintrodución no medio acuático.



[Handwritten signature]





Artigo 33. *Especies exóticas invasoras*

1. Terán a consideración de especies exóticas invasoras as que ostenten tal condición conforme ao disposto na lexislación vixente en materia de patrimonio natural e biodiversidade.
2. A consellería competente en materia de pesca continental poderá adoptar medidas de xestión específicas para facilitar o control e, no seu caso, a captura das especies incluídas no Catálogo español de especies exóticas invasoras, no marco do disposto na normativa básica estatal e na Lei 5/2019, do 2 de agosto.
3. A consellería competente en materia de pesca continental determinará as medidas de prevención, control e xestión das especies incluídas do Catálogo español de especies exóticas invasoras con ocasión do exercicio da pesca continental, incluída a prohibición da súa devolución ás augas, no marco da normativa vixente en materia de patrimonio natural e biodiversidade.





Capítulo VI

Artes, medios e modalidades de pesca permitidos

Artigo 34. Artes, medios e modalidades de pesca permitidos

1. Na práctica da pesca en augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia unicamente se poderán empregar as artes, medios e modalidades de pesca expresamente permitidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.


2. Con carácter xeral, para a pesca de salmónidos soamente se permitirá o emprego dunha cana por persoa pescadora e dunha sacadeira como elemento auxiliar; para a pesca de ciprínidos con cebos específicos e para a pesca de salmónidos en encoros, permítese o emprego dun máximo de dúas canas a unha distancia máxima da persoa pescadora de tres metros; mentres que para a pesca desde embarcación soamente se poderá empregar unha cana por persoa pescadora, sexa cal sexa a especie susceptible de pesca, permitíndose unicamente tres canas por embarcación, aínda que o número de persoas pescadoras sexa maior.

Para a pesca do cangrexo permítese a utilización de trueiros, arañas e redefoles, no número que se estableza na autorización correspondente, que nunca será superior a dez por persoa pescadora.

3. De maneira motivada e dentro do necesario respecto á normativa básica estatal, a consellería competente en materia de pesca continental poderá autorizar o emprego de redes e artefactos de malla en tramos e períodos determinados.

4. Regulamentariamente determinarase o número máximo destas artes ou medios de pesca permitidos, as súas características, así como a distancia máxima para a colocación destas artes, a distancia mínima entre persoas pescadoras e, no seu caso, a limitación temporal da acción de pescar, coa finalidade de protexer o libre tránsito das especies polos leitos e compatibilizar o exercicio da pesca entre persoas pescadoras.

5. Soamente poderán empregarse para pescar os cebos permitidos para cada especie e tramo de auga polo instrumento de planificación correspondente.






Artigo 35. Artes, medios e modalidades de pesca prohibidos

1. Queda prohibido en todas as augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo das excepcións previstas no artigo 99 da Lei 5/2019, do 2 de agosto:

- a) Pescar con calquera tipo de arte, en época de veda.
- b) O emprego con fins de pesca de:
 - i. Calquera material explosivo ou substancia que ao contacto coa auga produza explosión.
 - ii. Toda substancia velenosa para a poboación ictícola ou desosixenadora das augas.
 - iii. Calquera substancia ou aparato paralizante, tranquilizante, atraínte ou repelente de peixes, en particular, aqueles cebos ou atraentes con compoñentes bioquímicos ou químicos que poidan alterar a calidade da auga e o comportamento, metabolismo ou ciclo de cría e reprodución natural de calquera especie ou organismo, especialmente os que conteñen feromonas, hormonas ou laxantes.
 - iv. Os pesos que conteñan chumbo,
 - v. A enerxía eléctrica.
 - vi. Peixes vivos ou mortos, enteiros ou en anacos.
- c) Bater nas augas, guindar pedras ou espantar de calquera xeito aos peixes para obrigalos a fuxir en dirección das artes propias ou para que non caian nas alleas, así como cebar as augas para atraer aos peixes ás artes propias.
- d) Pescar con calquera tipo de arte, nas canles de derivación ou de rega.
- e) Pescar a man, con arma de fogo ou golpear as pedras que lles sirvan de refuxio aos peixes.
- f) A pesca de salmóns e de reos durante o seu descenso ao mar unha vez realizada a desova.
- g) Deteriorar, inutilizar, destruír, instalar ou trasladar sen autorización da consellería competente en materia de pesca continental os aparellos de incubación artificial que estean instalados nas augas continentais, os desovadoiros, as estacións de captura, as canles de crianza, os laboratorios ictioxénicos ou outras instalacións análogas.





- h) Pescar durante a migración do salmón e reo nas entradas dos ríos ou nas zonas de paso destes.
- i) Facer seguimento dos desprazamentos de salmóns e reos por calquera sistema ou instalar medios que os detecten, salvo cando se conte con autorización expresa da consellería competente en materia de pesca continental.
- j) Empregar calquera outro procedemento de pesca que sexa declarado nocivo pola consellería competente en materia de pesca continental e os que estean prohibidos conforme á normativa básica estatal.
- k) A pesca subacuática en augas continentais.
- l) A pesca en pozas illadas polo descenso do caudal dos leitos.
- m) A pesca ao roubo.
- n) A pesca no interior das escalas ou dos pasos dos peixes ou no interior das estacións de captura ou canles de cría.
- ñ) Construír barreiras de pedras ou outros materiais, estacadas, cercados, atallos, caneiras, canzais ou pesqueiras con fins directos ou indirectos de pesca, así como colocar nos ríos artefactos destinados a este fin, salvo os autorizados pola consellería competente en materia de pesca continental ou pola Administración hidráulica competente.


2. Queda prohibida a construción ou colocación de calquera tipo de obstáculo, permanente ou transitorio que serva para encamiñar a pesca para a súa captura.

Sen embargo, poderán seguir empregándose as pesqueiras existentes, logo de autorización específica e individual da consellería competente en materia de pesca continental, na que se describirán as condicións técnicas da súa utilización.

3. En augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia non se poderá utilizar ningún tipo de rede ou artefacto de malla, excepto os supostos contemplados no artigo 34.3.

4. Prohíbese o uso de artefactos luminosos con fins de pesca, excepto para a pesca da lamprea en que se requirirá unha autorización especial da consellería competente en materia de pesca continental para cada tempada de pesca para cuxo outorgamento terase en conta as esixencias impostas pola normativa básica estatal.

5. Non se permitirá para pescar a utilización de aparellos punzantes, agás na pesca da lamprea desde pontóns e logo de autorización da consellería competente en materia de



pesca continental. Así mesmo, non se poderán utilizar artes de tirón e áncora, calquera que sexa a súa forma.

6. Prohíbese o uso de cordeis, sedelas dormentes e palangres.

7. Prohíbese pescar con calquera clase de artes fixas, como redes de cope, voitiróns e, especialmente, coas chamadas “de parada” para troitas, aínda que non se suxeiten a estacas, caneiros ou cercas.

8. Prohíbese o abandono das artes de pesca, en especial daquelas que puidesen supoñer un deterioro do medio natural ou un risco tanto para as especies de fauna acuática como para as persoas que desenvolven algunha actividade no devandito medio.

9. A consellería competente en materia de pesca continental poderá prohibir temporalmente o emprego de calquera arte ou modalidade de pesca, en toda ou en parte das augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia, cando existan razóns hidrobiolóxicas e de orde sanitario que así o aconsellen.

Esta prohibición publicarase no Diario Oficial de Galicia con expresión da súa motivación e da súa duración.





Capítulo VII

Comercialización e transporte da pesca continental

Artigo 36. Comercialización e transporte da pesca continental

1. Queda prohibida a comercialización de calquera especie procedente da pesca deportiva ou recreativa exercida nas augas continentais de Galicia
2. Para posuír e transportar reos ou salmóns será condición indispensable que vaian provistos da documentación que acredite a súa orixe legal.

Reglamentariamente establecerase a documentación que deberá acompañar aos exemplares de salmón pescados ao abeiro desta lei así como o sistema de autoguiado aplicable aos exemplares de reo pescados legalmente.

3. As autoridades competentes poderán ordenar a inspección de establecementos públicos co obxecto de facer as comprobacións oportunas sobre posesión de guías, documentos de compra e calquera outro documento acreditativo da orixe legal das especies piscícolas, quedando as persoas titulares dos devanditos establecementos públicos obrigadas a facilitar as inspeccións.



Título II

Planificación e ordenación piscícola

Capítulo I

Clasificación dos tramos de auga

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 37. Disposicións xerais

1. Aos efectos desta lei, as augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia, clasifícanse en:


a) Augas pescables.

b) Augas non pescables.

2. A consellería competente en materia de pesca continental delimitará regulamentariamente as diferentes clases de augas continentais.

3. A sinalización das distintas categorías de tramos de auga continental previstas de acordo co establecido nas seccións 2ª e 3ª do capítulo I do título II, corresponderá á consellería competente en materia de pesca continental, ás entidades ás que se refire o artigo 7, no caso de que teñan subscrito un convenio, ou ás persoas titulares dos establecementos privados de pesca en réxime intensivo. A falta de sinalización non eximirá da responsabilidade por incumprimento do previsto nesta lei ou nas súas disposicións de desenvolvemento.

4. Respecto á colocación desta sinalización estarase ao disposto na normativa sectorial aplicable en materia de augas, montes e patrimonio natural.






Sección 2ª. Augas pescables

Artigo 38. *Augas pescables*

Aos efectos desta lei e das súas disposicións de desenvolvemento, serán augas pescables:

- a) Augas libres para a pesca
- b) Augas sometidas a réxime especial.





Artigo 39. Augas libres para a pesca

1. Son augas libres para a pesca aquelas que non están sometidas a réxime especial, non requirindo dunha declaración expresa en tal sentido da consellería competente en materia de pesca continental.
2. Nas augas libres para a pesca o exercicio da pesca continental require estar en posesión da licenza de pesca continental e da documentación acreditativa da identidade, sen máis limitacións que as establecidas na presente lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. Así mesmo será necesario contar coa correspondente autorización especial, no caso de empregar artes ou medios de pesca que o requiran.



Artigo 40. Augas sometidas a réxime especial

1. As augas sometidas a réxime especial son aquelas declaradas expresamente pola consellería competente en materia de pesca continental, nas que o exercicio da pesca se somete ás condicións específicas establecidas nos artigos seguintes desta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. As augas sometidas a réxime especial clasifícanse nas seguintes categorías:


a) Coutos de pesca

b) Tramos de auga de especial interese para a riqueza piscícola

c) Escenarios deportivo-sociais e de formación

d) Augas de pesca de aproveitamento privado

3. Con carácter xeral o exercicio da pesca continental nas augas sometidas a réxime especial requirirá estar en posesión da licenza de pesca continental respectiva e dun permiso de pesca específico, coas excepcións establecidas nesta lei, así como contar coa correspondente autorización especial, no caso de empregar artes ou medios de pesca que o requiran.





Artigo 41. *Coutos de pesca*

1. Considéranse coutos de pesca os tramos de ríos, encoros ou lagoas nos que a intensidade da práctica da pesca, o volume de capturas e o número de persoas pescadoras está regulado coa finalidade de realizar un aproveitamento ordenado e sostible dos recursos piscícolas.

2. A creación dos coutos de pesca poderá promoverse de oficio ou a instancia de entidades públicas ou privadas, cuxos fins sexan deportivos ou sen ánimo de lucro, debendo xustificarse debidamente as razóns da súa conveniencia, así como os fins perseguidos.

3. Atendendo ao seu aproveitamento, os coutos de pesca poden ser:

- a) Coutos de pesca en réxime natural
- b) Coutos de pesca en réxime natural sen morte
- c) Coutos de pesca intensiva





Artigo 42. Coutos de pesca en réxime natural


Son coutos de pesca en réxime natural aqueles coutos nos que a pesca se realiza sobre as poboacións existentes.





Artigo 43. Coutos de pesca en réxime natural sen morte


Teñen a consideración de coutos de pesca en réxime natural sen morte aqueles coutos nos que o exercicio da pesca se realiza nesta modalidade.





Artigo 44. *Coutos de pesca intensiva*

1. Son coutos de pesca intensiva os coutos de pesca que están sometidos a un aproveitamento piscícola de forma continuada.
2. Nestes coutos poderá recorrerse a repoboacións sucesivas, nos termos establecidos na presente lei, para manter os niveis de aproveitamento.



Artigo 45. *Tramos de auga de especial interese para a riqueza piscícola*

1. Considéranse tramos de auga de especial interese para a riqueza piscícola aqueles tramos de auga que, polas súas características naturais ou interese ecolóxico, requiran unha protección especial.

2. A declaración dun tramo de auga de especial interese para a riqueza piscícola realizarase mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de pesca continental, conxuntamente coa aprobación do réxime especial aplicable.


Nesta regulación, de acordo co establecido no capítulo II do título II, fixaranse as medidas axeitadas para a protección, conservación, mantemento e mellora destes tramos de auga que incluírán, como mínimo, a relación de actuacións que deban levarse a cabo para protexer e mellorar os recursos piscícolas, así como a fixación de veda ou dunha determinada modalidade de pesca que non supoña perigo para as especies de interese piscícola.





Artigo 46. Escenarios deportivo-sociais e de formación

1. Considéranse escenarios deportivo-sociais e de formación aqueles tramos de auga destinados á realización de competicións deportivas, adestramento, formación ou divulgación da actividade da pesca.
2. Nestes escenarios unicamente se poderá practicar a pesca sen morte debendo, en consecuencia, devolverse vivos os exemplares capturados ás augas de procedencia, de xeito inmediato e da forma menos lesiva posible, sen prexuízo do indicado no artigo 33.



Artigo 47. Augas de pesca de aproveitamento privado

1. A consellería competente en materia de pesca continental poderá autorizar a pesca en establecementos privados de pesca en réxime intensivo, a solicitude da persoa interesada previo informe sobre a compatibilidade cos usos e termos das concesións de uso privativo preexistentes, emitido pola Administración hidráulica competente.
2. A citada solicitude acompañarase dun plan de aproveitamento que deberá ser aprobado pola consellería competente en materia de pesca continental. O contido mínimo deste plan de aproveitamento será determinado regulamentariamente, debendo en todo caso detallarse a procedencia dos exemplares, as medidas adoptadas para impedir a comunicación con leitos naturais e os aspectos relativos á sanidade animal.
3. Para a práctica da pesca nestes establecementos estarase ao disposto no segundo parágrafo do artigo 19.3.
4. A persoa titular destes establecementos de pesca privada en réxime intensivo facilitará o acceso ao persoal con funcións inspectoras da consellería competente en materia de pesca continental.





Sección 3ª. Augas non pescables

Artigo 48. Augas non pescables

Aos efectos desta lei e das súas disposicións de desenvolvemento, serán augas non pescables:

- a) Os vedados de pesca.
- b) As reservas piscícolas.





Artigo 49. *Vedados de pesca*

Considéranse vedados de pesca, os tramos de auga así declarados mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de pesca continental nos que, por razóns xustificadas de orde técnica, hidrobiolóxica, educativa, de pesca científica ou de interese pública sexa necesario prohibir o exercicio da pesca de todas ou algunha das especies con carácter temporal.



Artigo 50. Reservas piscícolas

1. Son reservas piscícolas os tramos de auga así declarados mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de pesca continental nos que, por razóns xustificadas de orde técnica, hidrobiolóxica, educativa, de pesca científica ou de interese pública sexa necesario prohibir o exercicio da pesca de todas ou algunha das especies con carácter permanente, mentras se manteña a vixencia da declaración.

En todo caso, deberán ser declarados reservas piscícolas todos os tramos próximos ao nacemento dos ríos ou tramos de cabeceira que se atopen na Comunidade Autónoma de Galicia e que se delimiten ao efecto pola consellería competente en materia de pesca continental.

2. A creación de reservas piscícolas poderá promoverse de oficio ou a instancia de entidades públicas ou privadas, cuxos fins sexan culturais, científicos, deportivos ou sen ánimo de lucro, debendo xustificarse nunha memoria técnica as razóns da súa xustificación, así como os fins perseguidos.

3. Nestas reservas piscícolas prohibese permanentemente o exercicio da pesca continental, mentras se manteña a vixencia da declaración.





Capítulo II

Planificación dos aproveitamentos da pesca continental

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 51. Planificación

1. A Administración autonómica planificará a xestión e o aproveitamento dos recursos piscícolas coa finalidade de garantir a súa sustentabilidade.
2. Os instrumentos de planificación dos aproveitamentos da pesca continental son os seguintes:
 - a) Plan galego de ordenación da pesca continental
 - b) Plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas
 - d) Orde anual de pesca continental
3. Estes instrumentos gardarán unha relación xerárquica entre si conforme á orde recollida no número anterior. Cada instrumento desenvolverá as previsións establecidas no instrumento de rango superior. Non obstante o anterior, a ausencia do instrumento de planificación de rango superior non impedirá a xestión mediante os restantes instrumentos de planificación existentes.





Sección 2ª. Plan galego de ordenación da pesca continental

Artigo 52. Plan galego de ordenación da pesca continental

O Plan galego de ordenación da pesca continental configúrase como o instrumento de planificación estratéxica para a xestión da pesca continental da Comunidade Autónoma de Galicia e determinará os criterios xerais para a protección, conservación, mellora e aproveitamento sostible dos recursos obxecto desta.





Artigo 53. Contido e vixencia do Plan galego de ordenación da pesca continental

1. O Plan galego de ordenación da pesca continental terá, como mínimo, o seguinte contido:

a) Os obxectivos xerais de xestión en materia de pesca continental dos tramos de auga continental da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) A definición das concas ou subconcas piscícolas da Comunidade Autónoma de Galicia aos efectos da súa planificación detallada a través dos Plans técnicos de xestión respectivos.

c) Os tramos de auga a conservar e as actuacións prioritarias a desenvolver neles.

d) As especies acuáticas ameazadas que polo seu interese requiran unha especial protección.


e) Os obxectivos a alcanzar mediante o desenvolvemento de plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas entre os que se incluírá o establecemento progresivo da modalidade de pesca sen morte nos tramos de auga pescables ata acadar a proporción que se establecerán regulamentariamente.

f) Programa de educación e sensibilización ambiental en materia de pesca continental.

g) Programa de valorización da pesca continental como instrumento de desenvolvemento sostible.

h) Rede de seguimento e control das poboacións piscícolas.

O Plan galego de ordenación da pesca continental terá unha vixencia máxima de dez anos, sen prexuízo da súa posible actualización conforme ao estado da ciencia e da técnica, e da aplicación das medidas de seguimento que correspondan.



Artigo 54. Procedemento de aprobación do Plan galego de ordenación da pesca continental

1. A elaboración e tramitación do Plan galego de ordenación da pesca continental corresponde á consellería competente en materia de pesca continental.
2. O documento de inicio do Plan galego someterase ao trámite de consulta pública previa previsto na normativa reguladora do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral.
3. Con carácter previo á súa aprobación, a proposta do Plan galego someterase durante un prazo dun mes aos trámites de audiencia ás persoas interesadas e información pública e oírase ao Consello Galego de Pesca Continental. Igualmente solicitarase informe a aquelas consellerías cuxas competencias resulten afectadas, ás Administracións hidráulicas competentes, nos termos previstos no artigo 25.4 do Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e a calquera outra Administración afectada, informe que deberán emitir no prazo máximo de vinte días salvo disposición en contrario que fixe un prazo distinto.
4. A aprobación do Plan galego de ordenación da pesca continental efectuarase mediante decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de pesca continental.



Sección 3ª. Plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas

Artigo 55. Plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas

1. Os plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas teñen como obxectivos avaliar o estado do medio acuático e das poboacións piscícolas, regular o seu aproveitamento para unha óptima xestión dos recursos e adoptar medidas de fomento e protección da fauna piscícola e do ecosistema acuático en xeral.
2. Os plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas aplicaranse á totalidade dunha conca ou subconca hidrográfica ou a unha parte destas comprendida entre os nacementos dos ríos e unha barreira natural ou artificial que impida o movemento natural das poboacións piscícolas.
3. Os plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas poñeranse en relación e coordinaranse cos Plans de ordenación dos recursos naturais naqueles espazos que dispoñan deste instrumento de planificación.



Artigo 56. Contido e vixencia dos plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas

1. Os plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas terán como mínimo, o seguinte contido:

- a) **Ámbito territorial de aplicación.**
- b) **Estado de conservación.**
- c) **Actuacións de fomento e protección dos recursos piscícolas.**
- d) **Inventario piscícola e seguimento da evolución das poboacións.**
- e) **Directrices de xestión do recurso.**
- f) **Período de vixencia.**

2. O período de vixencia de cada plan será o especificamente previsto nel, sen prexuízo da súa posible revisión anticipada cando así o requiran as circunstancias concorrentes.



[Handwritten signature]





Artigo 57. Procedemento de aprobación dos plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas

1. A elaboración e tramitación dos plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas corresponde á consellería competente en materia de pesca continental.
2. O documento de inicio do plan técnico de xestión dos recursos piscícolas someterase ao trámite de consulta pública previa previsto na normativa reguladora do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral.
3. Con carácter previo á súa aprobación, a proposta do plan técnico de xestión dos recursos piscícolas someterase durante un prazo dun mes aos trámites de audiencia ás persoas interesadas e información pública e oírse ao Consello Provincial de Pesca Continental respectivo e ao Consello Galego de Pesca Continental. Igualmente solicitarase informe a aquelas consellerías cuxas competencias resulten afectadas, ás Administracións hidráulicas competentes, nos termos previstos no artigo 25.4 do Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e a calquera outra Administración afectada, informe que deberán emitir no prazo máximo de vinte días salvo disposición en contrario que fixe un prazo distinto.
4. A aprobación dos plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas efectuarase mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de pesca continental.






Sección 4ª. Orde anual de pesca continental

Artigo 58. Orde anual de pesca continental

1. Por medio da orde anual de pesca continental a consellería competente en materia de pesca continental establecerá, para cada tempada, as normas específicas de pesca das distintas especies pescables que habitan as augas continentais de Galicia, adoptará os réximes especiais que se estimen pertinentes en determinados tramos de auga e aprobará as modificacións e revisións dos plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas que sexan necesarias.

2. As normas específicas de pesca fixarán as épocas hábiles, os tamaños mínimos, os cupos de captura, os cebos e as modalidades de pesca para cada especie en todas as augas continentais da Comunidade Autónoma, sen prexuízo do disposto nas normas específicas para cada tramo de auga.





Título III


Conservación e fomento da riqueza piscícola

Capítulo I

Conservación da poboación piscícola

Artigo 59. Restricións aos aproveitamentos piscícolas


1. A consellería competente en materia de pesca continental poderá establecer restricións aos aproveitamentos piscícolas que inclúan as medidas excepcionais e os réximes especiais que estime pertinentes para a adecuada conservación da poboación piscícola.
2. En caso de extremo empobrecemento dos recursos vivos das augas, ou cando circunstancias excepcionais o aconsellen, a consellería competente en materia de pesca continental, oído o Consello Galego de Pesca Continental, poderá acordar as medidas que estime pertinentes, mesmo a veda absoluta naqueles tramos de auga que sexa necesario ou, se é o caso, a pesca sen morte como única modalidade de pesca autorizada.
3. Sempre que nun tramo de auga existan varias especies e algunha delas estea vedada, a veda estenderase nese tramo a todas as especies que se capturen coa mesma modalidade ou cebo, salvo autorización expresa da consellería competente en materia de pesca continental, que será publicada no Diario Oficial de Galicia.



Artigo 60. Desovadoiros

1. Prohíbese calquera alteración dos desovadoiros, salvo as que realice a propia consellería ou autorice coa finalidade de protexelos, conservalos e melloralos, dentro do necesario respecto ás competencias estatais.

2. Cando a consellería competente en materia de pesca continental estime que o baño ou outras actividades poidan supoñer o deterioro do desovadoiro, poderá adoptar as medidas precisas para a protección e conservación deste, sinalizando para tal efecto, as respectivas zonas onde se prohibisen estas actividades.



Capítulo II

Fomento das poboacións ictícolas

Artigo 61. *Soltas*

1. As soltas terán por obxecto atender á demanda de pesca, procurando a captura inmediata ou nun corto espazo de tempo dos exemplares liberados.
2. Soamente poderán realizar soltas de especies piscícolas nas augas continentais da Comunidade autónoma de Galicia, a consellería competente en materia de pesca continental ou calquera persoa física ou xurídica expresamente autorizada por esta.
3. A autorización que se expida acompañarase dun plan de prescricións técnicas no que se establecerán as condicións coas que se executará a solta, debendo en calquera caso, realizarse baixo a supervisión e dirección técnica da consellería competente en materia de pesca continental.
4. As soltas realizaranse con especies autóctonas e con exemplares nados en liberdade ou procedentes de centros ictioxénicos dependentes da consellería competente en materia de pesca continental e obtidos de reprodutores capturados na mesma conca hidrográfica na que se vai a realizar a solta ou, no seu defecto, con ecotipos da maior similitude xenética posible.

Cando a solta se realice en establecementos privados de pesca en réxime intensivo que non teñan comunicación con ningún leito, tamén se poderán empregar outras especies nas condicións establecidas pola normativa estatal vixente na materia.

5. Levantarase unha acta de cada unha das soltas efectuadas. O contido destas actas determinarase regulamentariamente.





Artigo 62. Repoboacións piscícolas

1. Soamente poderá realizar repoboacións piscícolas nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería competente en materia de pesca continental.


Excepcionalmente, no caso de estudos ou investigacións científicas que requiran a realización de repoboacións piscícolas, a consellería competente en materia de pesca continental, á vista dos obxectivos de cada proxecto de investigación e do informe da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de pesca continental, poderá conceder autorizacións especiais para realizar a repoboación, executándose en todo caso baixo a supervisión e dirección técnica da consellería competente en materia de pesca continental.

2. As repoboacións piscícolas realizaranse con especies autóctonas e con exemplares nados en liberdade ou procedentes de centros ictioxénicos dependentes da consellería competente en materia de pesca continental e obtidos de reprodutores capturados na mesma conca hidrográfica na que se vai a realizar a repoboación ou, no seu defecto, con ecotipos da maior similitude xenética posible.

3. A consellería competente en materia de pesca continental elaborará unha planificación de repoboación na que se fixarán os tramos de río a repoboar, as especies, tamaños e número de exemplares a soltar en cada caso, os métodos, técnicas, épocas, condicións ou formas de executar as repoboacións piscícolas.

4. Non poderán repoboarse aqueles tramos de auga nos que habitan poboacións piscícolas de interese polas súas peculiaridades biolóxicas ou xenéticas, así como aqueles tramos de auga nos que exista algún réxime de protección especial, excepto por razóns de defensa das poboacións, debidamente xustificadas.


5. Levantarase unha acta de cada unha das repoboacións efectuadas. O contido destas actas determinarase regulamentariamente.





Artigo 63. *Centros ictioxénicos*

1. Decláranse de interese xeral, os centros ictioxénicos para o fomento da recuperación e conservación das poboacións piscícolas salvaxes e do medio no que se desenvolven.
2. Os centros ictioxénicos dependentes da Administración autonómica xestionaranse pola consellería competente en materia de pesca continental.
3. A consellería competente en materia de pesca continental promoverá estacións de captura, desovadoiros artificiais, canles de crianza, laboratorios ictioxénicos e outro tipo de infraestruturas que sirvan para a recuperación e conservación das poboacións piscícolas salvaxes e do medio no que se desenvolvan, especialmente aquelas infraestruturas situadas nos ríos onde existan posibilidades de recuperar as poboacións anádromas ou catádromas.






Título IV

Pesca profesional en augas continentais

Artigo 64. Pesca profesional en augas continentais

1. O exercicio da pesca profesional en augas continentais requirirá estar en posesión do correspondente título habilitante que se determine regulamentariamente.
2. Poderán ser obxecto de pesca profesional en augas continentais a lamprea, a anguía e as especies de esteiro recollidas no anexo II.





Título V

Pesca continental de carácter etnográfico

Artigo 65. Pesca continental de carácter etnográfico

1. A pesca continental de carácter etnográfico gozará dunha especial protección administrativa polo seu especial interese socioeconómico e cultural.

Sen prexuízo do establecido no artigo 65 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, a consellería competente en materia de pesca continental poderá permitir o emprego de determinadas técnicas tradicionais de pesca continental de carácter etnográfico que se atopen en previsible risco de desaparecer e sobre determinadas especies piscícolas, co obxectivo último de garantir a súa transmisión, promoción e posta en valor.

2. As condicións especiais que rexerán a práctica da pesca continental de carácter etnográfico, así como o título habilitante, as artes, modelos e técnicas necesarias para o seu desenvolvemento, determinaranse regulamentariamente.

3. Unicamente poderán ser obxecto de pesca continental de carácter etnográfico a lamprea e a anguía.

4. Permítese a pesca nocturna da lamprea unicamente naqueles lugares onde se permita expresamente pola consellería competente en materia de pesca continental.





Título VI

Inspección e réxime sancionador


Capítulo I

Inspección

Artigo 66. Persoal con funcións inspectoras

1. A inspección do cumprimento do disposto na presente lei e na normativa que a desenvolva será desempeñada polo persoal funcionario con funcións inspectoras dependente da consellería competente en materia de pesca continental sen prexuízo das funcións que, conforme a normativa aplicable, sexan desempeñadas por outro persoal.

2. O persoal funcionario con funcións inspectoras dependente da consellería competente en materia de pesca continental terá a condición de axente da autoridade aos efectos do previsto no artigo 77.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas



CSV: BOPGDSPG3YeikA08j2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 67. Facultades do persoal con funcións inspectoras

O persoal dependente da consellería competente en materia de pesca continental indicado no artigo 66, está facultado no exercicio das súas funcións inspectoras para:

a) Acceder ás propiedades privadas, sempre que non constitúan domicilio ou restantes lugares cuxo acceso requira consentimento da persoa titular ou autorización xudicial, para levar a cabo as tarefas de inspección. Para o exercicio desta facultade, non se precisará notificación previa da inspección.

b) Efectuar notificacións e realizar requirimentos de información e documentación ou de actuacións concretas.

c) Proceder á toma de mostras.

d) Proceder á toma de fotografías ou outro tipo de imaxes gráficas, sen prexuízo do disposto na normativa vixente sobre segredo industrial e protección de datos de carácter persoal.

e) Realizar calquera outra actuación tendente a investigar os feitos que puideran constituír unha infracción administrativa consonte ao disposto nesta lei.

f) Proceder ao comiso dos medios empregados para cometer as infraccións ou dos produtos ou exemplares obxecto destas.






Artigo 68. Deberes no exercicio das funcións inspectoras

O persoal con funcións inspectoras, dependente da consellería competente en materia de pesca continental, durante o seu desenvolvemento está obrigado a:

- a) Identificarse e acreditarse como tal mediante tarxeta acreditativa ou similar.
- b) Observar o respecto e consideración debidos ás persoas interesadas.
- c) Informar ás persoas interesadas dos seus dereitos e deberes en relación cos feitos obxecto da inspección.
- d) Obter toda a información necesaria dos feitos obxecto de inspección e das súas posibles persoas responsables, accedendo, no seu caso e conforme ás disposicións aplicables, aos rexistros públicos existentes.
- e) Gardar sigilo profesional e segredo respecto dos asuntos que coñeza no desempeño das súas funcións.



[Handwritten signature]





Artigo 69. Actuación inspectora

1. A actuación de inspección iniciárase de oficio, por acordo do órgano de dirección competente en materia de pesca continental, ben por propia iniciativa, ou como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia de particular.

2. Nas actas emitidas no desenvolvemento das funcións de inspección faranse constar, como mínimo, os seguintes extremos: a data, hora e lugar da realización da inspección; a identificación e sinatura do persoal actuante; a identificación da persoa ou entidade inspeccionada ou das persoas coas que se entendan as actuacións; a descrición dos feitos constatados; os datos da toma de mostra, no seu caso. As actas poderán acompañarse de informes aclaratorios e ou complementarios.

3. Unha vez formalizada a acta, entregárase unha copia á persoa inspeccionada ou á persoa coa que se entendan as actuacións e esta asinará a súa recepción. Cando a parte inspeccionada ou persoa coa que se entendan as actuacións, se negase a subscribir a acta ou se negase a recibir un exemplar do documento, faranse constar estas circunstancias.

En ausencia de persoas coas que se poidan entender as actuacións, redactárase a acta facendo constar expresamente este extremo.

No caso de non resultar posible redactar a acta no momento da inspección, remitírase un exemplar á persoa inspeccionada no prazo de tres días contados desde o día seguinte ao da realización da inspección.


A sinatura da acta pola parte inspeccionada non implicará aceptar o seu contido. en todo caso, a negativa a asinala non suporá, en ningún caso, a paralización ou arquivo das posibles actuacións motivadas pola actividade inspectora.

4. As actas emitidas polo persoal con funcións inspectoras, e os informes aclaratorios ou complementarios dos que se acompañen, de ser o caso, nos que observándose os requisitos legais correspondentes se recollan os feitos constatados por aquel, farán proba destes salvo que se acredite o contrario.



Artigo 70. Vixilantes privados de pesca fluvial

1. Os vixilantes privados de pesca fluvial debidamente habilitados conforme a súa normativa específica, poderán prestar a súa colaboración coa finalidade de reforzar o cumprimento das medidas previstas na presente lei en relación coa vixilancia dos recursos piscícolas e dos seus hábitats.
2. Os seus requisitos e funcións serán determinados regulamentariamente. En todo caso, colaborarán co persoal con funcións inspectoras ao que se refire o artigo 66, así como con calquera outro corpo ou coas forzas de seguridade autonómicas ou do Estado.





Capítulo II


Infraccións e sancións

Sección 1ª. Infraccións

Artigo 71. Infraccións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de pesca continental as accións ou omisións tipificadas nos artigos seguintes, sen prexuízo da responsabilidade esixible na vía penal, civil ou doutra orde na que poidan incurrir.

2. Aos efectos desta lei, as infraccións cualifícanse en leves, graves e moi graves.






Artigo 72. *Infraccións leves*

Serán infraccións leves:

- a) Pescar sendo titular dunha licenza de pesca continental válida, cando non se leve consigo esta licenza ou non se poida acreditar a identidade ou o cumprimento dos requisitos esixidos para o exercicio da pesca continental.
- b) Pescar con máis canas das permitidas ou con utensilios auxiliares non permitidos regulamentariamente.
- c) Empregar para a pesca embarcacións ou artefactos flotantes legais cando non se dispoña da licenza especial expedida pola consellería competente en materia de pesca continental.
- d) Utilizar para extraer ou sacar da auga salmóns ou reos legalmente pescados, ganchos ou outros elementos punzantes que produzan feridas nos peixes.
- e) Pescar cangrexos con artes non permitidas ou empregando á vez cada pescador máis trueiros, redefoles ou arañas dos que determine a consellería competente en materia de pesca continental.
- f) Pescar a man.
- g) Remover ou perturbar as augas con ánimo de espantar aos peixes e facilitar a súa captura.
- h) Empregar cebos de uso non permitido ou cebar as augas con fins de pesca, excepto nas zonas en que isto fose permitido pola consellería competente en materia de pesca continental.
- i) Non restituír inmediatamente ás augas os pintos de salmón capturados, estivesen ou non con vida, ou calquera peixe que non fose capturado pola simple mordedura do cebo, senón da trabada do anzol en calquera parte do corpo deste.
- j) Empregar para a pesca de lampreas máis nasas das permitidas por persoa pescadora.
- k) Pescar entorpecendo ou molestado a outras persoas pescadoras cando estivesen previamente pescando.
- l) Deixar transcorrer o tempo que regulamentariamente se estableza sen ceder o seu posto ou pozo a unha persoa pescadora de salmón que o requirise para facelo, se transcorrido o devandito prazo non se trabase un exemplar.





m) Bañarse ou desenvolver calquera outra actividade que poida supoñer o deterioro dun desovadoiro cando exista sinalización que o prohíba, conforme co previsto no artigo 60.

n) Non respectar as limitacións de número, peso ou tamaño fixadas pola consellería competente en materia de pesca continental para as capturas, ou as prescricións especiais en materia de cebos, cañas ou horarios, entre outras, ditadas pola mesma para determinados tramos de auga.

ñ) Negarse a mostrar o contido dos cestos, embornais ou recipientes, así como os aparellos empregados para a pesca cando sexa requirido polo persoal inspector competente.

o) Descompoñer os fondos ou leitos de ríos sen afectar a zonas de cría e reprodución da fauna acuícola.

p) A tenencia ou o transporte de especies pescables de tamaño menor ao regulamentariamente establecido.

q) Obstaculizar a inspección de barcas, vehículos, muíños, fábricas, lonxas e demais dependencias non destinadas a vivendas ou restantes lugares cuxo acceso requira de consentemento da persoa titular ou autorización xudicial, ao persoal inspector competente, cando se sospeite fundadamente a existencia de medios ou substancias prohibidas ou especies que polo seu tamaño, época ou calquera outra circunstancia estea prohibida a súa posesión.


r) Obstaculizar o paso que, nos termos da normativa en materia de augas, as persoas pescadoras poidan realizar pola zona de servidume para uso público.

s) Colocar nos encoros táboas ou outros materiais co fin de alterar o nivel das augas ou o caudal do río, agás que a actuación resulte conforme e cumpra as esixencias da normativa en materia de augas.

t) Derrubar, danar ou cambiar de lugar os carteis de tramos de pesca acoutada, vedados, zonas de baño, desovadoiros e outros sinais colocados consonte ao disposto no artigo 37.3.

u) Pescar en día inhábil, dentro do período de pesca hábil establecido pola consellería competente en materia de pesca continental.

v) Calquera outro incumprimento dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas nesta lei, sempre que non estivesen cualificadas como infracción grave ou moi grave.






Artigo 73. *Infraccións graves*

1. Serán infraccións graves:

- a) Pescar non sendo titular dunha licenza de pesca continental en vigor, cando sexa requisito necesario.
- b) Pescar en coutos de pesca sen ser titular do permiso de pesca.
- c) Pescar no interior das escalas ou dos pasos de peixes.
- d) Practicar a pesca con redes e/ou artefactos de malla en augas continentais sen estar en posesión da correspondente autorización concedida pola consellería competente en materia de pesca continental.
- e) Pescar con redes tanto nas zonas de desembocadura sinaladas no anexo I dos ríos salmoneiros ou de reos, ou nos lugares de paso destas especies nas épocas prohibidas pola devandita consellería ou pola consellería competente en materia de mar.
- f) Pescar utilizando artefactos ou instrumentos de uso prohibido que se refiren no artigo 35, cando non constituía infracción moi grave.
- g) Pescar con cana ou outras artes permitidas en zonas ou lugares vedados ou onde estea prohibido facelo.
- h) Pescar con cana en ríos salmoneiros e de reos de xeito que a persoa pescadora ou o cebo se sitúen a menos da distancia que se estableza regulamentariamente respecto do pé dos encoros, ou das entradas e saídas das escalas ou dos pasos, ou nas canles de derivación de auga de instalacións legalmente autorizadas ou de rega.
- i) Pescar con cana ou outras artes permitidas en época de veda.
- j) Pescar facendo uso de luces que faciliten a captura das especies, agás para a pesca da lamprea conforme co disposto no artigo 35.4.
- k) Pescar utilizando peixes vivos ou mortos, enteiros ou en anacos, como cebo.
- l) Destruír ou alterar desovadoiros.
- m) Pescar exemplares por persoa non autorizada nas estacións da captura ou canles de cría.





n) A formación de entullos en lugares que pola súa proximidade ás augas ou aos leitos sexan susceptibles de seren arrastrados por aquelas ou levados pola choiva, agás que a actuación resulte conforme e cumpra as esixencias da normativa en materia de augas.

ñ) Construír barreiras de pedras ou outros materiais, estacadas, cercados, atallos, caneiras, canzais ou pesqueiras con fins directos ou indirectos de pesca, así como colocar nos ríos artefactos destinados a este fin, salvo os autorizados pola consellería competente en materia de pesca continental ou pola Administración hidráulica competente.

o) Non cumprir as condicións fixadas pola consellería competente en materia de pesca continental para a defensa, a conservación ou o fomento da riqueza piscícola, cando aquelas fosen determinadas mediante resolución administrativa firme.

p) A tenencia, o transporte e o almacenamento de salmón ou reo sen a documentación que acredite a súa orixe legal.

q) A pesca de salmóns ou de reos durante o seu descenso ao mar unha vez realizada a desova ou a tenencia ou transporte de salmóns ou de reos pescados dese modo.

r) Pescar durante a migración do salmón e reo nas entradas dos ríos ou nas zonas de paso destes.

s) Facer seguimento dos desprazamentos de salmóns ou de reos por calquera sistema ou instalar medios que os detecten, salvo cando se conte con autorización expresa da consellería competente en materia de pesca continental.

t) A pesca en pozas illadas polo descenso do caudal dos leitos.


u) Pescar por persoa inhabilitada para iso por resolución administrativa firme.

v) Pescar durante as horas en que estea prohibido facelo consonte ao horario establecido pola consellería competente en materia de pesca continental.

w) Descompoñer os fondos ou leitos dos ríos afectando a zonas de cría e reprodución da fauna acuícola.

x) Entorpecer o bo funcionamento das escalas ou dos pasos de peixes.

y) Pescar nas augas non pescables definidas nesta lei.





z) A pesca, ou a tenencia nos tramos de auga ou nas súas inmediacións, de exemplares de especies non pescables, a excepción do previsto no artigo 33 para as especies exóticas invasoras e sempre que a conduta non constituía unha infracción moi grave.

aa) Devolver ás augas exemplares de especies exóticas invasoras cando estea prohibido.

ab) Impedir ao persoal inspector competente o acceso ás augas de pesca de aproveitamento privado.

ac) Realizar vertidos de augas ou produtos residuais que incumpran os valores de referencia de obrigado cumprimento para garantir a protección dos salmónidos na súa área de distribución natural en Galicia que se determinen regulamentariamente, nos termos previstos no artigo 12.4.

ad) Non conservar en bo estado as reixas instaladas ou outros dispositivos de protección a que alude o artigo 12.2, con fins de protexer a riqueza piscícola, cando disto se derive o non cumprimento da súa función, ou quitar os precintos colocados nas mesmas pola consellería competente en materia de pesca continental.

ae) A comisión dunha infracción leve cando nun prazo inferior ao prazo previsto nesta lei para a prescrición de tales infraccións, se cometera outra infracción leve e así se tivera declarado por resolución firme na vía administrativa.

2. As infraccións administrativas graves tipificadas nas letras a), b), d), e), f), j) e k) sancionaranse de conformidade co previsto no artigo 81.1 letra b) da Lei 42/2007, do 13 de decembro.



Artigo 74. *Infraccións moi graves*

1. Serán infraccións moi graves:

- a) Os tipos infractores previstos no artigo 73 letras a), b), d), e), f), j) e k) se a valoración económica dos danos supera os 200.000 euros.
- b) A pesca de especies ameazadas sen que se devolvan ás augas de xeito inmediato.
- c) Realizar vertidos ilegais de residuos perigosos para a fauna acuícola.
- d) Repoboar ou soltar nas augas continentais especies acuícolas sen a autorización da consellería competente en materia de pesca continental.
- e) Deteriorar, inutilizar, destruír, instalar ou trasladar, sen autorización da consellería competente en materia de pesca continental, os aparellos de incubación artificial que estean instalados nas augas continentais, os desovadoiros, as estacións de captura, as canles de crianza, os laboratorios ictioxénicos ou outras instalacións análogas.
- f) A comercialización de calquera especie piscícola procedente da pesca deportiva ou recreativa exercida nas augas continentais de Galicia.
- g) A comisión dunha infracción grave cando nun prazo inferior ao prazo previsto nesta lei para a prescrición de tales infraccións, se cometera outra infracción grave e así se tivera declarado por resolución firme na vía administrativa.

- 2. As infraccións administrativas moi graves tipificadas na letra a) sancionaranse de conformidade co previsto no artigo 81.1 letra c) da Lei 42/2007, do 13 de decembro.**






Sección 2ª. Sancións

Artigo 75. Sancións

As infraccións tipificadas nesta lei sancionaranse coas seguintes multas:

- a) Infraccións leves: multa de 100 a 3.000 euros.
- b) Infraccións graves: multa de 3.001 a 25.000 euros. No caso das infraccións tipificadas no artigo 73 letras c), d), e), f), k), l), m), n), ñ), o), p), q) r), s), t), v), w) e ac) o importe da multa non será inferior a 6.500 euros.
- c) Infraccións moi graves: multa de 25.001 a 150.000 euros.





Artigo 76. Sancións accesorias

1. Pola comisión das infraccións leves poderán impoñerse tamén como sancións accesorias a retirada da licenza de pesca continental e a inhabilitación para obtela durante un período de ata un ano.

2. Pola comisión das infraccións graves poderán impoñerse tamén como sancións accesorias a retirada da licenza de pesca continental e a inhabilitación para obtela durante un período de entre un ano e un día e tres anos. No suposto das infraccións graves contempladas no artigo 73 letras c), d), e), k), l), m), p), r), t), y) e aa), impoñerase en todo caso a sanción accesoria de retirada da licenza e a inhabilitación para obtela dentro do período sinalado con anterioridade.

3. Pola comisión de infraccións moi graves impoñerase como sanción accesoria a retirada da licenza de pesca continental e a inhabilitación para obtela durante un período de entre 3 anos e un día e dez anos.


4. Ademais da multa correspondente, poderá procederse ao comiso nos supostos e nas condicións establecidas no artigo 87.

5. Cando se cometan infraccións graves ou moi graves, poderán impoñerse tamén as seguintes sancións accesorias:

a) Suspensión do dereito a obter subvencións ou axudas públicas da Administración autonómica de Galicia por un prazo de entre dous anos e un día e tres anos para as infraccións moi graves e ata dous anos para as infraccións graves.

b) Revogación das licenzas, permisos, autorizacións ou concesións outorgadas en aplicación da presente lei cuxas condicións foran incumpridas ou suspensión destas por un prazo de entre dous anos e un día e tres anos para as infraccións moi graves e ata dous anos para as infraccións graves.

c) Peche dos establecementos, locais ou instalacións.





Artigo 77. Criterios para a gradación das sancións

1. Na imposición de sancións, deberá gardarse a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, tendo en conta non só os criterios recollidos no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, senón tamén os seguintes: a magnitude do risco que supón a conduta infractora e a súa repercusión; a contía, no seu caso, dos danos ocasionados; a súa transcendencia polo que respecta á seguridade das persoas ou bens protexidos por esta lei; as circunstancias da persoa responsable; o grado de intencionalidade apreciable na persoa infractora ou infractoras; e, no seu caso, o beneficio ilícitamente obtido como consecuencia da conduta infractora, así como a irreversibilidade dos danos ou deterioracións producidas.

2. Cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou doutras, impoñerase unicamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida.

3. Evitarase que o beneficio obtido pola persoa infractora sexa superior ao importe da sanción, a cuxos efectos poderá incrementarse a contía máxima das multas prevista no artigo 75 ata alcanzar o importe do beneficio obtido.

4. A reposición da legalidade mediante a restauración do medio natural ao estado previo ao feito de producirse a infracción ou ben a obtención das licenzas, permisos ou autorizacións previstas nesta lei, efectuadas en calquera momento anterior á finalización do procedemento administrativo sancionador, determinará a aplicación á persoa interesada das sancións de multa previstas para os tipos infractores de gravidade inmediatamente inferior.





Sección 3ª. Reparación do dano causado e indemnización

Artigo 78. *Reparación do dano causado e indemnización*

1. Sen prexuízo das sancións administrativas que en cada caso procedan por incumprimento do disposto nesta lei, a persoa infractora deberá reparar o dano causado, na forma e condicións establecidas na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental, reparación que comprenderá a obriga de repoñer a situación alterada ao seu estado anterior ou, no seu defecto, indemnizar os danos e prexuízos causados á riqueza ictícola ou ao medio que a sustenta, nos termos establecidos regulamentariamente. O importe das indemnizacións deberá destinarse a melloras para paliar os danos ocasionados á riqueza piscícola ou ao tramo de auga.

O órgano competente procederá á valoración en cada caso dos danos e prexuízos causados pola infracción, tendo en conta o potencial produtivo do tramo de auga, así como, no seu caso, o número, especie, peso e lonxitude dos peixes mortos.

2. A consellería competente en materia de pesca continental poderá proceder á execución subsidiaria das obrigas descritas no número anterior a costa da persoa responsable, previo apercibimento e unha vez transcorrido o prazo establecido para a súa execución voluntaria. Non será necesario o apercibimento previo cando da persistencia da situación podería derivarse un perigo inminente para a saúde humana ou o medio ambiente.

3. A esixencia de repoñer a situación alterada ao seu estado anterior comprende a obriga da persoa infractora de destruír ou demoler toda clase de instalacións ou obras ilegais e de executar cantos traballos sexan precisos para tal fin, consonte aos planos, forma e condicións que estableza o órgano competente.

4. A obriga de reparar o dano causado non ten a consideración de sanción, podendo esixirse nun procedemento administrativo independente do sancionador.

5. De conformidade co artigo 90.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando as condutas sancionadas tiveran causado danos ou prexuízos ás Administracións e a contía destinada a indemnizar estes danos non quedara determinada no expediente, a indemnización fixarase mediante un procedemento complementario, cuxa resolución será inmediatamente executiva. Este procedemento será susceptible de terminación convencional, pero nin ésta nin a aceptación polo infractor da resolución que poidera recaer implicarán o recoñecemento voluntario da súa responsabilidade. A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa.



Capítulo III

Procedemento sancionador

Artigo 79. *Principios xerais*

1. A potestade sancionadora nas materias obxecto desta lei corresponderalle á consellería competente en materia de pesca continental e exercerase a través do correspondente procedemento sancionador, sendo aplicables as regras e principios establecidos na lexislación sobre procedemento administrativo común e sobre o réxime xurídico do sector público.
2. O prazo máximo para a tramitación e resolución do procedemento sancionador será dun ano a contar dende a data do acordo de iniciación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase e notificase a resolución producirase a caducidade do procedemento conforme co previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.
3. Será pública a acción para esixir ante a Administración autonómica a observancia do establecido nesta lei, nas disposicións que se diten para o seu desenvolvemento e execución e nos instrumentos de planificación previstos nela.

Para que poida darse a tramitación pertinente á acción pública exercida polos particulares, estes deberán fundamentar suficientemente os feitos que presuntamente sexan constitutivos de infracción. No caso de que a Administración considere que non existen elementos e probas suficientes para a incoación dun procedemento administrativo sancionador, archivarase o expediente e comunicarse ás persoas interesadas.





Artigo 80. *Competencia sancionadora*

1. A competencia para a incoación dos procedementos sancionadores por infraccións tipificadas na presente lei corresponderalle á persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de pesca continental.

Se a infracción administrativa afectase ao ámbito de actuación de dúas ou máis provincias, a competencia para a incoación poderá ser exercida por calquera das persoas titulares das xefaturas territoriais correspondentes, que o notificará á outra xefatura territorial afectada.

2. A competencia para a imposición das sancións ás que se refire esta lei corresponderalle:

a) No suposto de infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de pesca continental no caso de que a infracción afecte a unha única provincia, ou á persoa titular da dirección xeral competente en materia de pesca continental no caso de que a infracción afecte a máis dunha provincia.

b) No suposto de infraccións graves, á persoa titular da dirección xeral competente en materia de pesca continental.

c) No suposto de infraccións moi graves, á persoa titular da consellería competente en materia de pesca continental.





Artigo 81. *Persoas responsables*

1. Só poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infracción administrativa as persoas físicas e xurídicas, así como, cando unha lei lles recoñeza capacidade de obrar, os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos, que resulten responsables dos mesmos a título de dolo ou culpa.

Nos casos de infraccións administrativas cometidas por unha persoa menor de idade responderá solidariamente quen exerza a patria potestade, tutela, curatela, acollida ou garda legal ou de feito, por esta orde, a quen se lle dará trámite de audiencia no procedemento sancionador respectivo.

2. Cando o cumprimento dalgunha obriga prevista nesta lei corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, no seu caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible individualizarse na resolución en función do grao de participación de cada responsable.





Artigo 82. *Concorrenza de sancións*

Non poderán sancionarse os feitos que o teñan sido penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade do suxeito, feito e fundamento.



Artigo 83. Medidas provisionais

1. Iniciado o procedemento sancionador, o órgano administrativo competente para resolvelo poderá adoptar de oficio ou a instancia de parte e de forma motivada, as medidas provisionais que estime pertinentes para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer, se existen elementos de xuízo suficientes para elo, consonte aos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.

2. Antes da iniciación do procedemento administrativo, o órgano competente para iniciar ou instruír o procedemento, de oficio ou a instancia de parte, nos casos de urxencia inaprazable e para a protección provisional dos intereses implicados, poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas.

As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda. En todo caso, ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no devandito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca destas.



Artigo 84. Multas coercitivas

1. Procederáse á imposición de multas coercitivas polo órgano competente para o exercicio da potestade sancionadora, reiteradas por lapsos de tempo non inferiores a quince días, se as persoas infractoras non procederan á reparación do dano causado consonte ao ordenado pola Administración. Estas multas coercitivas serán ~~son~~ independentes e compatibles coas que se puideran impoñer en concepto de sanción.

2. O importe de cada unha das multas coercitivas non excederá, en cada caso, de 3.000 euros, sen que ademais a contía de cada unha delas poida superar o importe da sanción fixada pola infracción cometida.


3. A determinación da contía das multas coercitivas fixarase atendendo aos seguintes criterios:

a) O retraso no cumprimento da obriga de reparar.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración no incumprimento das súas obrigas.

c) A natureza e relevancia dos danos e prexuízos causados.

4. No caso de falta de pagamento, as multas coercitivas serán esixibles pola vía de constrinximento.





Artigo 85. *Recoñecemento da responsabilidade*

1. Iniciado un procedemento sancionador, se a persoa infractora recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda.

2. Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impor unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da segunda, o pagamento voluntario pola presunta persoa responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e perdas causados pola comisión da infracción.

3. En ambos os casos, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará reducións de, ao menos, o 20 % sobre o importe da sanción proposta, que serán acumulables entre si. As citadas reducións deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.


A porcentaxe de redución prevista neste número poderá ser incrementada regulamentariamente.





Artigo 86. Responsabilidade penal

Nos supostos en que as infraccións puideran ser constitutivas de delito, a administración instrutora trasladará as actuacións ao Ministerio Fiscal e suspenderá a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite resolución firme que poña fin ao procedemento ou teña lugar o sobreseemento ou o arquivo das actuacións ou a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal. A condena penal excluírá a imposición de sanción administrativa, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feitos e fundamentos. No caso de non apreciarse a existencia de delito ou falta, a Administración poderá continuar o procedemento sancionador. Os feitos declarados probados por resolución penal firme vincularán ao órgano administrativo.





Artigo 87. *Comiso*

1. Toda infracción administrativa prevista nesta lei poderá levar consigo o comiso dos medios empregados para a súa comisión ou dos produtos ou exemplares obxecto dela.
2. O comiso como medida provisional das previstas no artigo 83 poderá efectuarse tanto polo órgano competente para iniciar o procedemento sancionador coma polo persoal con funcións inspectoras regulado nesta lei.


Cando o comiso se acorde por este persoal, deixarase constancia por escrito na acta de inspección correspondente.

3. Cando o comiso teña por obxecto un animal vivo, o persoal actuante poderá proceder á súa liberación no medio natural cando considere que pode continuar con vida e sempre e cando se trate dunha especie autóctona.

Nos demais supostos, os comisos depositaranse en dependencias da Administración autonómica, sen prexuízo da posibilidade de celebrar acordos de colaboración con outras Administracións públicas a estes efectos. En todo caso, darase recibo dos produtos decomisados no que se describirá o seu estado, custodiándose ata que se acorde o seu destino.

4. O destino dos produtos decomisados decidirse na resolución do procedemento sancionador, acordándose a súa destrución, enaxenación ou devolución aos seus donos en función das súas características e das circunstancias da infracción, sen prexuízo de que o órgano competente para a incoación do procedemento sancionador poida ordenar, previa solicitude da persoa interesada, a súa devolución previa baixo a prestación da garantía que o devandito órgano considere suficiente.

5. As contías económicas obtidas pola enaxenación dos produtos decomisados destinaranse á mellora da riqueza piscícola.



Artigo 88. Prescrición

1. As infraccións previstas nesta lei cualificadas como leves prescriben ao ano, as cualificadas como graves, aos tres anos, e as cualificadas como moi graves, aos cinco anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día no que a infracción se cometera. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que rematou a conduta infractora.


Interrompe a prescrición das infraccións a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á presunta persoa responsable.

2. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescriben ao ano, as impostas por infraccións graves, aos tres anos, e as impostas por infraccións moi graves, aos cinco anos.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrera o prazo para recorrela.

Interrompe a prescrición das sancións a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, reanudándose o prazo se aquel estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora. No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.

3. A obriga de reparar o dano causado regulada nesta lei prescribirá no prazo de quince anos contados dende que a Administración ditou o acto que acorde a súa imposición, independentemente da data de inicio do cómputo da prescrición da sanción, consonte co que establece o número dous deste artigo. O anteriormente disposto se entenderá sen prexuízo da aplicación da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental, para a reparación dos danos medioambientais regulados nela.





Disposicións adicionais

Primeira. Prazos dos procedementos e sentido do silencio administrativo

1. Os procedementos previstos na presente lei e que non teñan fixado un prazo específico resolveranse no prazo máximo de dezoito meses contados segundo o previsto no artigo 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
2. O silencio administrativo, no ámbito da presente lei e, para os casos nos que non estean previstos expresamente os seus efectos, producirá efectos desestimatorios da solicitude no caso de procedementos iniciados a instancia de parte.



Segunda. Competencias doutros órganos e administracións

As autorizacións e concesións a que se refire esta lei outorgaranse, no seu caso, sen prexuízo das que lles correspondan a outros órganos ou administracións no exercicio das súas respectivas competencias.





Terceira. Outorgamento da autorización de establecementos de acuicultura

O outorgamento dos títulos administrativos habilitantes para o exercicio da actividade da acuicultura, corresponderá á consellería competente en materia de acuicultura, que tramitará o correspondente procedemento consonte ao previsto no capítulo II do título III do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais ou norma que a substitúa.



Cuarta. Tramo internacional do río Miño

No que atinxe ao tramo internacional do río Miño estarase ao disposto nos correspondentes instrumentos internacionais.





Disposicións transitorias


Primeira. *Procedementos administrativos en tramitación*

1. De acordo co establecido no artigo 26 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, os procedementos sancionadores que se atopen en tramitación na data de entrada en vigor desta lei continuarán a tramitarse consonte ao establecido na lexislación vixente no momento en que se cometeu a infracción. As disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo en canto favorezan a presunta persoa infractora ou a persoa infractora, tanto no referido á tipificación da infracción coma á sanción e aos seus prazos de prescrición, incluso respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a presente lei.
2. O resto dos procedementos administrativos en tramitación na entrada en vigor desta lei, tramitaranse pola normativa vixente ao se iniciar a súa tramitación.
3. Dentro do necesario respecto á normativa básica estatal, o disposto no número 3 do artigo 88 será de aplicación ás obrigas de reparación de danos pendentes de execución no momento da entrada en vigor da presente lei que fosen impostas pola Administración autonómica en aplicación da normativa en materia de pesca continental.



Segunda. Licenzas e permisos

As licenzas e os permisos de pesca expedidos con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, manterán os seus efectos ata o fin do seu período de validez.





Terceira. Desenvolvemento das escolas de río

En tanto en canto non se desenvolva regulamentariamente o previsto no artigo 9.3, poderase prever a posta en marcha das escolas de río mediante a subscripción de convenios coa Federación Galega de Pesca & Casting ou coas entidades colaboradoras previstas no artigo 7. Estes convenios recollerán os contidos dos programas formativos aplicables e o réxime de funcionamento destas escolas.





Cuarta. Réxime transitorio aplicable aos pesos que conteñan chumbo

Os pesos que conteñan chumbo empregados na pesca nas augas continentais da comunidade autónoma de Galicia deberán substituírse por materiais non contaminantes cando estes estean dispoñibles no mercado. A tal efecto, a prohibición do emprego destes pesos incluída no artigo 35.1 b), non será de aplicación ata que por resolución ou, se procede, no desenvolvemento regulamentario desta lei, se determinen os materiais análogos non contaminantes que substitúan aos devanditos pesos.





Quinta. Órganos de asesoramento

O Comité Galego de Pesca Fluvial e os Comités Provinciais de Pesca Fluvial pasan a denominarse, respectivamente, Consello Galego de Pesca Continental e Consellos Provinciais de Pesca Continental, sen que esta modificación das súas denominacións supoña ningún cambio nas funcións que teñen encomendadas.



Sexta. Dispositivos de remonte para garantir as migracións periódicas de peixes

A obriga de instalación polas persoas titulares das autorizacións ou concesións de aproveitamento do dominio público hidráulico dos dispositivos de remonte u outras alternativas que se poidan establecer para garantir as migracións periódicas dos peixes ao longo dos cursos fluviais que establece o artigo 12, so será esixible respecto das autorizacións ou concesións que se outorguen con posterioridade á entrada en vigor desta lei.



Disposicións derogatorias

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derogada a Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial.
2. O Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, permanecerá vixente no que non se opoña a esta lei, en tanto en canto non se aprobe a súa normativa de desenvolvemento.
3. Así mesmo, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.



19




Disposicións derradeiras

Primeira. Modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

Engádesse un número 12 no artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

“12. As persoas menores de idade e as maiores de sesenta e cinco anos pola tramitación da licenza de pesca continental”.



Segunda. Desenvolvemento regulamentario

Autorízase ao Consello da Xunta a ditar cantas normas sexan precisas para o desenvolvemento da presente lei.



Terceira. Actualización dos importes das sancións


Mediante decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia poderá procederse á actualización dos importes das sancións recollidas no artigo 75, que se realizará de conformidade coa normativa básica estatal en materia de desindexación.





Cuarta. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor aos vinte días naturais seguintes ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia [11/PL-000001 (doc. núm. 2452)]**, en base ás seguintes consideracións:

Desde o coñecemento que dá o tempo, quen teña anos dabondo e coñecese os nosos ríos e masas de auga continentais hai non máis de 20 anos, se fai unha mínima comparación cae na conta que é tanto o perdido que esta lei debera, cando menos, estar transversalmente informada por esta realidade.

Facer unha lei de pesca continental no País dos mil ríos, dos mil ríos apoucados, en franco e progresivo deterioro, (tanto na calidade das súas augas coma na abundancia e equilibrio da flora e fauna do cauce e das ribeiras), sen un ánimo conservacionista e recuperador é un absurdo; é inventar unha norma para unha realidade inexistente.

Con este proxecto de lei de Pesca Continental de Galicia, a Xunta de Galiza pretende unha vez máis adecuar a lexislación ás esixencias de comercio e explotación privadas obviando ou minimizando os acosos e deterioros aos que a sociedade de consumo está a someter as augas do noso País sen que a lexislación se aplique coa eficacia desexable.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esquece este proxecto de lei que a función e riqueza principal dos cursos fluviais é a de constituír ecosistemas biodiversos equilibrados en si mesmos capaces de irradiar vida e biodiversidade para a totalidade do territorio.

Pero faise necesario dicir que para esta función estes ecosistemas deben estaren nun estado de saúde como mínimo aceptable.

Mais as veas e masas de auga continentais, grandes ou cativas, non son unicamente esas augas franqueadas por ameneiros, vidueiras, salgueiros, espiños... Son moitísimo máis. E así a súa área de influencia debe ser preservada e mimada garantindo o máximo equilibrio de flora e fauna autóctonas e unha saúde medioambiental notable.

Nin que dicir que estes espazos deberan ser as barreiras naturais aos incendios, lugares de contención e de penetración para a súa extinción e tamén as zonas protexidas para a preservación da saúde ambiental en xeral.. Mais nada se menciona deste aspecto e nada se legisla que condicione , preserve e potencie esta función.

Apenas se menciona, soamente de pasada, a gravísima ameaza que pesa sobre os cursos fluviais, lagoas e humidais por vertidos, lixiviados e eutrofización das súas augas debido a vertedoiros, malas prácticas agrícolas e ás escorrentías de puríns, lodos e outros fertilizantes que aplicados en exceso disparan a presenza de nitratos, feito que favorece a invasión e crecemento dos brizos, oucas e outras plantas acuáticas que ocupan e abafan o cauce e agudizan a escaseza de osíxeno, cando as augas son poucas, provocando mortalidade nos individuos máis débiles das especies ictícolas autóctonas convertendo os seus





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

leitos en verdadeiras pradarias que confinan a fauna acuática e desequilibran a flora natural propia.

Por máis que o intentemos apenas atopamos cóbregas, parrulos, garzas, londras ou merlos de río. Eran estes, e aínda o son alí onde queden, os auténticos e fiables medidores da saúde das augas e do equilibrio do ecosistema. Difícil xa ver o muiñeiro sobre as pedras flexionando as súas patas e deixando a súa impronta branca sobre as pedras da ribeira ou atopar o rouco branco dentro da súa casiña cilíndrica debaixo das pedras do remanso ou nos areais das beiras. Canto tempo hai que os inspiradores/as desta lei non se internan nalgún curso fluvial e permiten que lles fale?

Pois é. Propoñen unha lei de pesca continental menosprezando como vimos de expoñer o elemento principal, os ríos e a súa conservación. E istoponse xa de manifesto no preámbulo da propia lei. Como é posible obviar en todo o texto a mención á Lei 5/2006, de 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos e non poñer ambas normas en estreita relación? Vaia, si que é posible ao se tratar dunha ILP, que no seu momento quedaba feo non apoiar e que máis tarde é un obstáculo para os intereses "prácticos" das políticas do PP. O mellor, por tanto, é obvia-la, facer coma que non existe.

Outro tanto acontece coa Lei 5/2019, do patrimonio natural de Galiza, esquecida tamén do preámbulo. Unha lei do verán do ano pasado que promulga, no seu artigo 87, que a Administración outorgará un papel prioritario aos cursos fluviais, en aras de mellorar a coherencia e conectividade ecolóxica do territorio. Esta idea non se traslada a este novo documento.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Presentan pois unha lei cun ostensible déficit conservacionista, que deixa de lado a conservación e principios fundamentais de sustentabilidade. **Só falan dun dereito de aproveitamento** á marxe da realidade en que se atope o recurso e non de como se preserva.

Pola contra, como xa vimos dicindo, nin unha palabra aos ríos de vida. A función principal destes no conxunto da natureza galega. Canles de irradiación de biodiversidade,

Prescindir da mención normativa da Lei 5/2006 é **suficiente como para solicitar, de inmediato, a devolución do texto**, pois deixa ás claras a intencionalidade e falta de vontade por someter a pesca continental á realidade dos nosos ríos.

A aspiración primeira tería que ser de garantir ríos de vida, para que estes fosen fornecedores, incluso, dese susceptible aproveitamento. Pero para iso os ríos deben ser mimados.

Dedícanlle máis esforzo legal a aspectos de privatización de pesca turística, que a velar porque eses ríos contén coas condicións indispensables para garantir uns parámetros de calidade biolóxica e de funcionalidade ecolóxica.

Nas condicións actuais nas que permiten que se atopen os nosos ríos, unha idea de aproveitamento sostible queda coma un obxectivo moi lonxano. Hoxe asistimos a ríos nunha situación de decadencia e de degradación ambiental moi grave e acelerada, e así é utópico propoñer cara ao futuro o mantemento dun aproveitamento sostible de pesca.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Podemos poñer coma exemplo os disparates recentes sobre o río Furelos ou o Mera, cronicamente arrasados por vertidos industriais, ou os vertidos directos de lodos de depuración de procedencia descoñecida na cabeceira da conca do río Mandeo. Todos/as sabemos de onde veñen e todos/as miran para outro lado, a Administración competente tamén. Por que denunciadas as agresións pola poboación afectada non se montan por parte das autoridades as investigacións e controis para punir os delitos e para evitar a súa repetición?

Xa non se lembran cando no 2008 denunciaban a contaminación brutal, con piritas de sulfúrico, no Chamoselo, afluente do Eume. Lustros despois a Xunta mantén o expediente como un secreto pero seguen a investirse inxentes cantidades de diñeiro anuais no tratamento das súas augas (cal para manter o Ph) e tratamentos esporádicos do encoro coa mesma finalidade, pois continúa a haber lixiviación e todo indica que vai para décadas. Claro que non se repercute o custe ós responsables da desfeita. Faltaría máis, habendo diñeiro público...

O Eume volve sufrir nestas datas un episodio grave de contaminación que é consecuencia de décadas de abandono e permisividade por parte da Xunta diante das prácticas da multinacional Endesa, así como das consecuencias da construcións de infraestruturas viarias que produciron graves danos ambientais. Aínda que Augas de Galicia reacciona con suposta contundencia mediante a declaración do estado de emerxencia e a contratación de actuacións urxentes para combater a contaminación, aínda que a administración anuncia un expediente sancionador á empresa, a realidade é que as recentes verteduras ao Eume augas abaixo do encoro da Capela son un episodio máis da triste historia dun río maltratado pola minaría e esquecido polas administracións. Todo isto nunha





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bacía que forma parte dun parque natural que aínda está agardando a aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión. Dunha bacía que agarda tamén polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de outubro de 2012 de inicio do procedemento de elaboración do Plan territorial integrado da bacía hidrográfica do río Eume.

O mesmo poderíamos dicir do río Umia, abafado por un encoro que converteu un río con vida nun río tóxico, como consecuencia da construción do encoro da Baxe, unha infraestrutura concibida para o aproveitamento hidroeléctrico e que constitúe unha ameaza para os equilibrios ambientais e a saúde pública debido á contaminación por cianobacterias.

A realidade dos nosos ríos é que están secuestrados por interese economicistas e privatizadores. E que a administración autonómica é incapaz, por acción ou por omisión, de facer unha xestión eficiente que atalle os graves problemas que padecen. Unha situación que responde a decisións políticas e tamén ao desgobierno provocado pola carencia dun organismo único que vele pola conservación, a protección e o aproveitamento sostíbel dos ríos.

A Lei 5/2006, recoñece no seu preámbulo que *...diversos aspectos da lei 7/1992, de pesca fluvial de Galiza, están tendo unha aplicación deficiente...* A situación mudou para moito peor e resulta que a día de hoxe, e tendo en conta aquel diagnóstico, a Xunta continúa obviando todo iso, e peor aínda, ignoran inadmisiblemente dita lei.

Van contra o que promulga a Lei 5/2006, que recolle no seu artigo 1 a prioridade de interese xeral a conservación do patrimonio natural fluvial,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incluíndo a flora e fauna. E declara, así mesmo, **a obriga** das administracións públicas de garantir a súa protección, conservación e mellora.

A pregunta que facemos é como se reflicten e recollen esas obrigas neste texto? Como encaixan esta norma nas inexistentes medidas que deberían estar aplicándose en canto aos programas de restauración dos ecosistemas fluviais, de mellora integral, de restauración dos humedais e zonas de restauración, de restauración hidrolóxico-forestal das bacías, ou do saneamento integral dos cursos fluviais e depuración integral dos vertidos.

Soamente con manter conservadas e ben protexidas as franxas de policía das nosas correntes fluviais xa permitirían recuperar unha boa parte da saúde dos ríos. Escasa mención e lexislación lles merece a situación destas franxas invadidas de aproveitamentos forestais exóticos, por veces case ata o mesmo cauce, e de especies de flora invasiva non autóctona resultado do descontrol na súa multiplicación e venda.

E que dicir dalgúns encoros onde as especies ictícolas autóctonas teñen desaparecido para dar paso a especies exóticas de gran tamaño para un aproveitamento “deportivo” que nos leva á posta en perigo de todo o ecosistema.

Todas estas cuestións deberían ser obxecto da súa vixilancia e control. Mais sen embargo, non é que fagan a vista gorda, peor, agochan informes e denuncias dos seus técnicos e axentes, toleran vertidos de polígonos, lixiviación de vertedoiros, difusión de lodos de depuración sen tratar, existencia de balsas de lamas de diferentes procedencias que en épocas de chuvia intensa sobordan e contaminan as augas de superficie e acuíferos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Claro que logo veñen con que hai que protexer e fomentar **o dereito ao exercicio da pesca** no artigo 1. E o que resulta sangrante, no propio artigo 1 **obvian** que o DEREITO AO EXERCICIO DA PESCA **se faga conforme a unha práctica sostible e respectando a conservación do patrimonio fluvial e a súa biodiversidade.**

Iso debería figurar no obxecto da lei, de entrada, no seu artigo primeiro, xa que se trata de cuestións que van mais alá do que son principios inspiradores da lei como manifestan no artigo terceiro. **A conservación e sustentabilidade do recurso, da vida do río susceptible de aproveitarse, debe ser obxecto prioritario e non un fundamento co que argumentar e xustificar a realización da actividade.**

Pois claro que a pesca deportiva nas augas continentais resulta ser unha actividade de lecer san e valorada e que pode supoñer recursos complementarios para habitantes das ribeiras, pero esta debe estar supeditada ao estado de conservación do recurso e nunca poñer en perigo a saúde do mesmo.

Por iso consideramos inadmisíbel a incorporación da visión privatizadora de treitos do río para o seu aproveitamento pesqueiro, segundo consta nos artigos **11, 19.3, ou 40.2.d**, augas de pesca de aproveitamento privado, e o **47**, co que pretenden privatizar aproveitamentos ictícolas en encoros e lagoas.

A pesca nos rios debe preservar o que sempre foi, unha pesca pública e socializada, ben coma tramos libres ou mediante coutos de pescadores sen ánimo de lucro, rexida por uns principios de servizo público que contemple os ecosistemas acuáticos coma un BEN COMÙN a preservar e cunhas bases





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lexislativas que permitan un aproveitamento sostible baseado en datos e principios científicos. Nunca enaxenar e sempre baixo a tutela da Administración.

O trato que lle confiren ás especies exóticas invasoras, disposto no artigo 33, deberían ser só exclusivamente as previstas nos artigos 108 e 109 da lei do Patrimonio natural, norma na que recae dita cuestión.

A inclusión do artigo 44, sobre coutos de pesca intensivo mantidos a base de repoboacións, é ademais incoherente cos principios inspiradores desta lei, segundo o recollido no artigo 3, e antiecolóxico para as poboacións autóctonas.

Non comprendemos a razón que os levou a suprimir enteiramente o capítulo IV do Anteproxecto referido **ó fondo para a xestión da pesca continental** que se nutría dos importes das sancións, taxas, prezos, canones e demais ingresos vencellados á xestión da pesca continental por parte da Administración. Por que renunciar a un importante instrumento financeiro directo que podería contribuír na mellora dos ecosistemas acuáticos?

Ningunha alusión sería ás presas hidroeléctricas que continúan a seren o grande obstáculo en máis do 70% dos nosos cursos fluviais para as especies migratorias. A anguía atópase en perigo de extinción no seu estado salvaxe, e o salmón reduciu a súa existencia en máis dun 99% nos últimos cincuenta anos. Por que esta lei non fai ningunha mención á obrigatoriedade de se instalaren dispositivos de franqueo eficaces para permitir que estas especies completen o seu ciclo biolóxico?





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E así é que a **disposición transitoria sexta supón unha amnistía encuberta aos titulares de aproveitamentos hidráulicos** que levan anos e anos causando danos irreparables aos nosos ríos ao faceren caso omiso á obrigatoriedade legal de estableceren dispositivos de remonte ou outras alternativas que permitan as migracións dos peixes. Que xeito tan sutil de favorecer a aqueles peixes gordos que incumpren a lei causando reiteradamente un grave prexuízo ás poboacións ictícolas.

Son estes que levamos debullado, uns poucos dos moitos defectos e ausencias que atopamos neste proxecto de lei que aquí analizamos. Mais son estes dabondo para cualificar este texto de inadecuado para o estado actual das nosas augas fluviais continentais.

O Grupo parlamentar do BNG solicita a retirada do Proxecto de lei de pesca continental pola desconsideración que fai este texto aos nosos maltratados ríos, lagoas e humidais no que obvian elementos fundamentais e prioritarios para mellorar, protexer e conservar a súa calidade e natureza. Porque pretende crear un artificio de aproveitamento máis preocupado de privatizar un ben público, de facer repoboacións, e dunha ensoñación ao pensar que temos uns ríos en envexable estado de conservación que serían capaces de satisfacer a mentira que nos traen aquí. **Tal e como están os nosos ríos hoxe, resulta imposible facer un aproveitamento de pesca sostible e viable, en tanto a administración autonómica non asuma que os nosos ríos, coma arterias que osixenan o territorio, precisan dunha verdadeira vontade de mirar por eles, amalos, mimalos, recuperalos e protexelos.**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Xosé Luis Rivas Cruz
Deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2020 12:35:17

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/10/2020 12:35:26

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2020 12:35:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade, con expresa petición de devolución, ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452), sobre a base das seguintes consideracións:

Estamos ante un texto que pretende legislar o mundo complexo da pesca continental de Galicia, que reproduce partes importantes doutra normativa vixente, pero obvia materias fundamentais e necesarias para preservar a nosa riqueza piscícola e o conxunto dos ecosistemas. Na súa elaboración non se percibe a implicación dos actores interesados, nin da comunidade científica, polo que non se reflicte adecuadamente a diversa problemática existente, ao tempo que se achegaron moi poucas alegacións no período de audiencia aos interesados, o que debería facer reflexionar o Goberno galego.

A súa presentación carece dunha xustificación sólida, dado que na exposición de motivos se utiliza como argumento principal a longa vixencia da Lei 7/1992, do 24 de xullo, cando o problema non é a longa vixencia da norma legislativa de 1992, o problema é a nefasta xestión dos recursos realizada pola Xunta de Galicia e o deterioro medioambiental dos ecosistemas fluviais, que derivou nunha situación de abandono da pesca fluvial por parte de moitos dos seus practicantes, caendo case á metade o número de licencias de pesca na última década.

Non establece medidas precisas para regular, protexer e fomentar o dereito á pesca continental, nin tampouco a potencia como posible motor económico do rural.

Só prevé esixencias para as novas concesións e autorizacións hidráulicas e non afronta o incumprimento das numerosas concesións e autorizacións anteriores, que eluden obrigas establecidas para conservar de xeito sostible os ecosistemas, como as de instalar reixas e dispositivos de protección para impedir o acceso da poboación ictícola ás correntes de derivación ou achega, ou instalar dispositivos de remonte ou outras alternativas que permitan garantir as migracións periódicas dos peixes ao longo dos cursos fluviais ou manter caudais mínimos, todas elas cuestións que non se tratan no texto remitido o que indica que neste campo o Goberno galego intenta camiñar cara a unha normativa moito máis laxa, con todo o que iso pode chegar a provocar.



Non introduce ningunha novidade salientable para o control de vertidos e residuos perigosos que afectan á fauna acuícola e á auga, e ademais reduce considerablemente o réxime sancionador xa que baixa o importe das sancións para os infractores, diminuindo, polo tanto, o poder coercitivo da norma neste eido.

Tampouco se establecen de forma clara medidas para a conservación de leitos que garantan o mantemento das súas condicións naturais, dado que se obvia a eliminación gradual das especies invasoras e a retirada de vexetación que evite as inundacións naturais das zonas adxacentes.

Tamén resulta moi pouco comprensible a retirada do denominado Fondo para a xestión da pesca continental.

Outro aspecto fundamental que non prevé o proxecto de lei é a problemática que está a xerar o escaso número de efectivos para os labores de inspección e vixilancia, que son nulos na época estival, por estaren a maioría dos efectivos destinados a labores de prevención e extinción de incendios. Por conseguinte, non establece ningunha novidade que garde relación con esta importante circunstancia e incluso se certifica que non existirá ningún aumento dotacional para estas cuestións a partir do momento no que a lei poda entrar en vigor.

Tampouco podemos aceptar como xustificación válida a necesidade desta norma para impulsar a renovación xeracional do colectivo de pescadores fluviais, e a promoción da actividade da pesca continental como unha ferramenta para o desenvolvemento turístico no medio rural, xa que existiu a posibilidade de ter actuado a través doutras normas sen carácter de lei que non foron desenvolvidas para acadar estas metas e que agora tentan presentar como “novidades importantes da lei”. Hai anos que se puideron poñer en marcha actuacións como as autorizacións de novos aparellos de flotación, novas artes de pesca, escolas de río ou a non esixencia de licencia para os menores de catorce anos e a exención de taxa para os maiores de sesenta e cinco anos.

Por todas as consideracións anteriores solicítase a expresa petición de devolución ao Goberno da Xunta de Galicia do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia, co obxecto de reformulalo e remitir unha nova proposta de texto normativo que teña en conta adecuadamente a realidade do sector.

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/10/2020 12:41:23



Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.11.2020



Hora: 10:00

Orde do día

- 3.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 2453, 11/PL-000002)



Ref: mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de Ordenación do Territorio de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 17 de setembro de 2020.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de setembro
de dous mil vinte, adoptou o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de Ordenación do Territorio de Galicia* e a súa
remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en
Santiago de Compostela, a dezasete de setembro de dous mil vinte.

Vº. e Praxe
O PRESIDENTE





**XUNTA
DE GALICIA**

PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA



CSV: BOPGDSPG3YeikA08j2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

- Artigo 1. *Obxecto da lei*
- Artigo 2. *Principios e criterios orientadores*
- Artigo 3. *Fins e obxectivos fundamentais en materia de ordenación do territorio*
- Artigo 4. *O desenvolvemento territorial sostible*
- Artigo 5. *A racionalidade territorial*
- Artigo 6. *A cohesión social e económica e a perspectiva de xénero*
- Artigo 7. *A paisaxe*
- Artigo 8. *O sistema rural de Galicia*
- Artigo 9. *A infraestrutura verde*

CAPÍTULO II. Competencia, colaboración e cooperación administrativas

- Artigo 10. *Competencia administrativa*
- Artigo 11. *Colaboración e cooperación entre Administracións Públicas*

CAPÍTULO III. A transparencia e a participación cidadá

- Artigo 12. *Dereitos e deberes da cidadanía*
- Artigo 13. *A participación cidadá*
- Artigo 14. *Dereito de acceso á información territorial*

TÍTULO I. A ORDENACIÓN DO TERRITORIO


CAPÍTULO I. Disposicións xerais

- Artigo 15. *Contido da ordenación do territorio*
- Artigo 16. *Instrumentos de ordenación do territorio*
- Artigo 17. *Vinculación das determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio*
- Artigo 18. *Suspensión cautelar motivada pola formulación dun instrumento de ordenación do territorio*
- Artigo 19. *Avaliación ambiental dos instrumentos de ordenación do territorio*

CAPÍTULO II. Instrumentos de ordenación do territorio

Sección 1ª. As directrices de ordenación do territorio

- Artigo 20. *Obxecto, ámbito e funcións das directrices de ordenación do territorio*
- Artigo 21. *Contido das directrices de ordenación do territorio*
- Artigo 22. *Documentación das directrices de ordenación do territorio*
- Artigo 23. *Borrador das directrices de ordenación do territorio*
- Artigo 24. *Eficacia das directrices de ordenación do territorio*
- Artigo 25. *Control parlamentario das directrices de ordenación do territorio*





Sección 2ª. Os plans territoriais

Subsección 1ª. Plans territoriais integrados

Artigo 26. Obxecto, ámbito e funcións dos plans territoriais integrados

Artigo 27. Contido dos plans territoriais integrados

Artigo 28. Documentación dos plans territoriais integrados

Subsección 2ª. Plans territoriais especiais

Artigo 29. Obxecto, ámbito e funcións dos plans territoriais especiais

Artigo 30. Contido e documentación dos plans territoriais especiais

Subsección 3ª. Eficacia dos plans territoriais

Artigo 31. Eficacia dos plans territoriais

Sección 3ª. Os plans sectoriais

Artigo 32. Obxecto, ámbito e funcións dos plans sectoriais

Artigo 33. Contido dos plans sectoriais

Artigo 34. Documentación dos plans sectoriais

Artigo 35. Eficacia dos plans sectoriais

Artigo 36. Carácter limitativo dos plans sectoriais

Sección 4ª. Os proxectos de interese autonómico

Subsección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 37. Obxecto, ámbito e funcións dos proxectos de interese autonómico

Artigo 38. Declaración de interese autonómico

Artigo 39. Procedemento de declaración de interese autonómico

Artigo 40. Caducidade da declaración de interese autonómico

Artigo 41. Contido dos proxectos de interese autonómico

Artigo 42. Documentación dos proxectos de interese autonómico

Artigo 43. Relación con outros instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos

Artigo 44. Iniciación do procedemento de aprobación dos proxectos de interese autonómico

Artigo 45. Eficacia dos proxectos de interese autonómico

Artigo 46. Vixencia e caducidade dos proxectos de interese autonómico

Artigo 47. Declaración de caducidade

Subsección 2ª. Xestión e execución dos proxectos de interese autonómico

Artigo 48. Xestión dos proxectos de interese autonómico

Artigo 49. Execución dos proxectos de interese autonómico

Artigo 50. Subrogación na posición xurídica da persoa ou entidade promotora privada do proxecto de interese autonómico

CAPÍTULO III. Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio

Artigo 51. Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria

Artigo 52. Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada





CAPÍTULO IV. Modificación dos instrumentos de ordenación do territorio

Artigo 53. *Modificación dos instrumentos de ordenación do territorio*

Artigo 54. *Procedemento de modificación non substancial dos instrumentos de ordenación do territorio*

CAPÍTULO V. Efectos e vixencia dos instrumentos de ordenación do territorio

Artigo 55. *Eficacia dos instrumentos de ordenación do territorio*

Artigo 56. *Declaración de utilidade pública e interese social*

Artigo 57. *Vixencia dos instrumentos de ordenación do territorio*

Artigo 58. *Rexistro dos instrumentos de ordenación do territorio*

Disposición adicional primeira. *Modificación do Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia*

Disposición adicional segunda. *Sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico S.L.*

Disposición adicional terceira. *Bens adquiridos mediante o exercicio da potestade expropiatoria para ser destinados ao tráfico xurídico patrimonial*

Disposición adicional cuarta. *Títulos habilitantes municipais para as edificacións que se sitúan en varios termos municipais*

Disposición adicional quinta. *Plans sectoriais e proxectos de interese autonómico relativos a parques empresariais e parques eólicos*

Disposición adicional sexta. *Normas técnicas*

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos*

Disposición transitoria segunda. *Determinacións das directrices de ordenación do territorio*

Disposición transitoria terceira. *Proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, plans de ordenación do medio físico e programas coordinados de actuación*


Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.*

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario*

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


I

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto no artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, ostenta a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

A Carta europea de ordenación do territorio de 1983, conceptúa a ordenación do territorio como *“a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade”* e defínea como *“unha disciplina científica, unha técnica administrativa e unha política concebida como un enfoque interdisciplinario e global cuxo obxectivo é un desenvolvemento equilibrado das rexións e a organización física do espazo según un concepto reitor”*, ademais de establecer unha serie de obxectivos fundamentais da política territorial.

A Constitución española, no seu artigo 40, establece que *“os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa”*. No artigo 45 a Constitución española *“consagra o dereito de todos a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa e impón aos poderes públicos a obriga de velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente”*.

A ordenación do territorio, pola forza mesma dos principios de que trae causa, correspóndelle o papel integrador das distintas perspectivas e a consecución dunha visión superadora da parcialidade inherente a estas, determinando o seu carácter organizador das funcións sectoriais, presidido pola idea central dos principios de colaboración e cooperación. A globalidade do fin perseguido demanda primariamente a articulación dunha política pública integrada, capaz de darlle satisfacción; e isto, no marco dun ordenamento xurídico complexo e dun Estado baseado na existencia de varias instancias territoriais dotadas de poder político, esixe a articulación dos procesos de decisión nun dobre sentido: asegurando a necesaria integración das políticas sectoriais no seo de cada instancia



territorial e establecendo os eixes de interconexión das distintas instancias territoriais entre si.

II

Sobre estas bases, aprobouse a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, que veu completar o sistema de planificación urbanística con outro sistema, o de ordenación territorial, que puidese solucionar as insuficiencias que ofrecía aquel, e na que se definiron unha serie de instrumentos de ordenación do territorio orientados, fundamentalmente, a corrixir os desequilibrios territoriais e mellorar a coordinación das actuacións territoriais supramunicipais.

No ano 1999, como resultado dunha serie de reunións celebradas entre os ministros europeos responsables da ordenación do territorio, publicouse a *Estratexia Territorial Europea*, na que se establecía que as políticas de desenvolvemento territorial deberían orientarse a conseguir un desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio da Unión Europea. Segundo se recolle neste documento, é importante asegurar que os tres seguintes obxectivos fundamentais da política europea se alcancen por igual en todas as rexións da Unión Europea: o desenvolvemento sostible, a xestión intelixente e a protección da natureza e do patrimonio cultural.

Neste senso, a aportación das políticas de desenvolvemento territorial consiste en promover o desenvolvemento sostible da Unión Europea mediante unha estrutura equilibrada do territorio, para o cal se acordaron os tres principios ou directrices da política de desenvolvemento territorial da Unión Europea: o desenvolvemento dun sistema equilibrado e policéntrico de cidades e unha nova relación entre campo e cidade; a garantía dun acceso equivalente ás infraestruturas e ao coñecemento e o desenvolvemento sostible; e a xestión intelixente e a protección da natureza e do patrimonio cultural.

No ano 2011, seguindo os obxectivos establecidos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, aprobáronse as primeiras Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, o instrumento de ordenación do territorio de rango superior que






serviría de marco de referencia para o desenvolvemento da planificación territorial e urbanística da Comunidade Autónoma.

A consecución dos obxectivos sinalados pola *Estratexia Territorial Europea*, a necesaria adaptación do contido da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, aos mesmos, así como os anos de aplicación da dita lei, tras máis de dúas décadas de vixencia da mesma que poñen de manifesto as súas debilidades e fortalezas, xustifican a necesidade da revisión da normativa vixente en materia de ordenación do territorio mediante a aprobación dunha nova lei que, baseada nos principios de colaboración e cooperación interadministrativa, racionalidade e planificación, configura os instrumentos ordenadores que permiten obter un marco territorial global e flexible, no que se establecen as referencias básicas, as pautas espaciais para o desenvolvemento económico e social, os criterios e mecanismos que posibilitan a harmonización dos distintos elementos que conforman o territorio e a coordinación entre os distintos poderes e axentes económicos e sociais implicados.

Estes criterios reflíctense en numerosas políticas europeas expresadas, entre outros documentos, na Estratexia Territorial Europea, no Libro Verde sobre a Cohesión Territorial, na Axenda Territorial da Unión Europea 2020 e na Estratexia "Europa 2020: unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador", na que se aposta polo fomento das actividades que aproveiten as oportunidades que ofrece o territorio, sen menoscabar os seus valores ambientais e culturais.

A lei explicita o tratamento integral do territorio, de xeito que, ao tempo que harmoniza todas as escalas espaciais da planificación, establece mecanismos de avaliación dos aspectos ambientais, territoriais, paisaxísticos, económicos e sociais, contribuíndo a unha maior eficiencia do feito planificador.

Un dos obxectivos desta lei é incorporar a perspectiva de xénero como concepto transversal e transformador, aos efectos de acadar un cambio de paradigma dos modelos de cidades, adoptando enfoques do desenvolvemento urbano e territorial sostibles, integrados, centrados nas persoas e tendo en conta a idade e o xénero.





Por iso, esta lei tamén atende aos principios de igualdade entre homes e mulleres, avanzando cara unha cidade coidadora, na que os elementos deben atender ás persoas e a súa diversidade, situadas como elementos clave sobre as que regular o territorio no que habitan. A perspectiva de xénero aporta a visión de que o territorio, as cidades e a forma en que ordenamos a paisaxe deben perseguir a idea de xerar espazos sostibles medioambiental e economicamente, e accesibles humanamente; é dicir, que a finalidade última da ordenación debe ser mellorar de forma equitativa a vida das persoas tendo en conta o conxunto da súa diversidade e complexidade.

Asemade, as políticas de planificación territorial deben orientarse aos principios e ás propostas a escala europea e mundial como son impulsar o desenvolvemento de infraestruturas verdes en todos os ámbitos territoriais (nacional, rexional e local) e garantir a súa consideración na ordenación do territorio, creando así unha rede interconectada dos espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e cultural, planificada de xeito estratéxico, e deseñada para a prestación dunha extensa gama de servizos ecosistémicos e para protexer a biodiversidade, tanto dos asentamentos rurais como urbanos. Do mesmo xeito que as infraestruturas tradicionais, esta infraestrutura servirá para vertebrar o territorio, dotándoo de continuidade, sendo necesaria a súa definición con carácter previo á planificación das novas demandas de solo.

Unha infraestrutura verde, composta polos espazos naturais, cursos e masas de agua, os espazos non urbanizados, e os grandes espazos verdes das cidades, así como os corredores ecolóxicos que os interconectan, permitirá manter en bo estado os ecosistemas, para que poidan continuar prestando os seus valiosos servizos á sociedade, como son o aire limpo e a agua pura. A inversión nunha infraestrutura verde ten unha lóxica económica: manter a capacidade da natureza, por exemplo, para mitigar os efectos negativos do cambio climático, o que resulta moito máis rentable que substituír eses servizos perdidos por solucións tecnolóxicas humanas moito máis custosas.





III


A lei componse de 58 artigos, distribuídos en dous títulos, seis disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

O título preliminar delimita o obxecto da lei e recoñece os principios e criterios orientadores así como os fins e os obxectivos que deben presidir a ordenación do territorio. Como eixos fundamentais sobre os que debe pivotar a ordenación territorial se recollen: o desenvolvemento territorial sostible; a racionalidade territorial, que entende o solo como un ben limitado e esgotable; a cohesión social e económica e a perspectiva de xénero; a necesidade de ter en conta a conectividade e a restauración ecolóxicas e as directrices da Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas; o coidado da paisaxe como ben de especial interese e a atención ao sistema rural de Galicia como un conxunto de espazos que desempeñan un papel territorial fundamental para a Comunidade Autónoma.

A lei introduce, en liña coas políticas da Unión Europea e coas políticas que está desenvolvendo a Comunidade Autónoma, a necesidade de que a planificación territorial e sectorial que realicen as Administracións públicas permita e asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación para os efectos do cambio climático, a desfragmentación de áreas estratéxicas para a conectividade e a restauración de ecosistemas degradados. Así, a lei incorpora como marco de referencia previo para os plans que se elaboren, as Estratexias estatal e galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas que están desenvolvendo as dúas Administracións.

De acordo con estes eixos, o capítulo I delimita o obxecto da lei e recoñece os principios e criterios orientadores e os fins e obxectivos en materia de ordenación do territorio.

No capítulo II recoñécese a competencia administrativa en materia de ordenación do territorio á Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia, e se establece que as relacións entre as Administracións Públicas con competencias sobre o territorio da





Comunidade Autónoma de Galicia rexeranse polos principios de colaboración e cooperación, conforme o previsto na normativa estatal aplicable e, con respecto a esta, na presente lei.

Os dereitos e deberes da cidadanía respecto da ordenación do territorio desenvólvense no capítulo III, garantíndose o dereito á información territorial e a participación cidadá.

IV

O título I desenvolve o contido da ordenación do territorio e os instrumentos de ordenación do territorio: as directrices de ordenación do territorio, os plans territoriais integrados e especiais, os plans sectoriais e os proxectos de interese autonómico.

No capítulo I establécese o contido da ordenación do territorio, o carácter das determinacións dos distintos instrumentos de ordenación do territorio e a vinculación que suporán para o planeamento urbanístico que se vexa afectado pola súa aprobación.

Resulta de especial relevancia a nova regulación que se contempla co fin de garantir a eficacia das determinacións contidas nos instrumentos de ordenación do territorio e os principios de celeridade, eficacia, simplificación administrativa e seguridade xurídica. A tal efecto, contéplase nesta lei a posibilidade de que se tramite nun único procedemento, simultaneamente, a aprobación do instrumento de ordenación do territorio e a modificación do planeamento urbanístico, respectándose, en todo caso, o principio de autonomía municipal.

Asemade, régúlase a posibilidade de suspensión cautelar motivada pola formulación dun instrumento de ordenación do territorio dos procedementos de aprobación do planeamento urbanístico, dos seus instrumentos de xestión ou execución, así como dos procedementos de outorgamento ou a presentación de títulos habilitantes municipais para ámbitos determinados, así como a necesidade de sometemento dos instrumentos de ordenación do territorio a avaliación ambiental estratéxica ordinaria ou simplificada, de conformidade e nos termos previstos na lexislación básica estatal.





Nas diferentes seccións do capítulo II desenvólvense cada un dos instrumentos de ordenación do territorio, definindo o seu obxecto, ámbito de aplicación e funcións; o seu contido e documentación; a eficacia e as limitacións de cada instrumento.

A base dos instrumentos de ordenación do territorio tómase da Lei 10/1995, do 23 de novembro, se ben lévase a cabo unha importante labor de sintetización dos mesmos, eliminando figuras que se prevían naquela, como os plans de ordenación do medio físico ao considerar que existen outras figuras de ordenación que xa están contempladas na lexislación vixente en materia de espazos naturais ou noutra normativa sectorial relativa ao ámbito afectado, ou ben que podería acudirse ás figuras dos plans territoriais integrados ou especiais, ou dun plan sectorial para acadar os seus fins, segundo os seus obxectivos. Asemade, desaparece a regulación dos programas coordinados de actuación, dado o seu carácter netamente inversor.

Este esquema segue a permitir a configuración dun marco territorial global e flexible, que dea cabida a actuacións tanto de carácter sectorial coma integradas, sen excluír a posibilidade de arbitrar solucións puntuais alí onde sexa preciso.

As directrices de ordenación do territorio son o instrumento que ofrece unha visión global da ordenación territorial de Galicia e que serve de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e dos previstos na normativa urbanística, así como para as actuacións con incidencia no territorio que desenvolvan as persoas particulares e as administracións públicas, con pleno respecto, neste último caso, ás competencias respectivas.

Dentro da figura dos plans territoriais, diferéncianse os plans territoriais integrados e os plans territoriais especiais, en función da súa maior ou menor escala e ámbito de afección territorial.

Así, os plans territoriais integrados son instrumentos dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais que, ben por presentar características homoxéneas, ben, polo seu tamaño e relacións funcionais, demanden unha planificación dos usos do solo, das





actividades produtivas, das infraestruturas e dos equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado.


Os plans territoriais especiais, pola súa banda, poderán dar soporte a requirimentos especiais de planificación de ámbitos en función das súas características morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, etnográficas, produtivas, paisaxísticas ou ecolóxicas diferenciadas, que esixan unha consideración e tratamento unitarios. Estes plans, terán como obxectivo propio a definición dun modelo territorial que faga compatible o desenvolvemento e a defensa do medio natural co fin de conseguir un crecemento equilibrado e unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

Redefínense os plans sectoriais, como os instrumentos de ordenación do territorio que teñen por obxecto ordenar e regular a implantación territorial de actividades sectoriais, establecendo, no seu caso, as condicións xerais para as futuras actuacións que desenvolvan os ditos plans e definindo os criterios de deseño e as características funcionais e de localización, que garantan a súa accesibilidade e coherente distribución territorial, segundo a súa natureza.

Finalmente, os proxectos de interese autonómico configúranse como instrumentos de intervención directa na ordenación do territorio da Comunidade Autónoma, que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución inmediata de actuacións que trascenden do ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa magnitude ou as súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado, que non teñan previsión nin acomodo no planeamento urbanístico.

Dado o seu carácter de instrumento directamente executivo, a lei regula a execución dos proxectos de interese autonómico e a posible subrogación na posición xurídica da persoa ou entidade promotora privada do dito proxecto, que teña atribuída a súa execución.

O capítulo III contempla unha importante novidade respecto da regulación anterior, que resposta aos principios inspiradores da lei, como son a simplificación administrativa e o



interese por acadar os principios de axilidade e eficacia, que consiste no establecemento dun único procedemento de tramitación para todos os instrumentos de ordenación do territorio, diferenciando os dous posibles supostos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria ou simplificada, segundo corresponda, integrándose no mesmo o procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Deste xeito incorpórase a nova tramitación derivada da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o que responde á necesidade de adecuar a normativa autonómica ao marco normativo común europeo e estatal, garantindo así a unidade de mercado interior e a competitividade. Este procedemento unificado desenvolverase dende o principio da elaboración do instrumento de ordenación do territorio ata a súa aprobación definitiva.

O capítulo IV regula a modificación dos instrumentos de ordenación do territorio, distinguindo entre modificacións substanciais e non substanciais. Terán a consideración de modificación substancial aquelas que supoñan unha alteración xeral ou fundamental do instrumento de ordenación do territorio e, en todo caso, as que teñan que someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria; no caso dos proxectos de interese autonómico non previstos, terán esta consideración as modificacións que afecten aos aspectos que fundamentaron a declaración de interese autonómico. Para a súa tramitación seguirase o mesmo procedemento previsto para a aprobación do instrumento de ordenación do territorio que se modifica substancialmente.

Por outra banda, terán a consideración de modificacións non substanciais, e se tramitarán a través dun procedemento específico e simplificado, as que non supoñan unha alteración xeral ou fundamental do instrumento de ordenación do territorio e, en todo caso, as que non impliquen unha revisión dos seus obxectivos xerais nin a alteración substancial dos elementos esenciais da ordenación establecida nel.

O capítulo V contempla os efectos e vixencia dos instrumentos de ordenación do territorio, así como a necesidade de que os mesmos se inscriban no *Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia*.



Finalmente, a lei complétase cunha serie de disposicións adicionais, transitorias, derogatoria e derradeiras.

En relación ás disposicións adicionais, destaca a previsión contida na disposición adicional cuarta –sobre o procedemento de outorgamento dos títulos habilitantes municipais de natureza urbanística para edificacións que se empracen en terreos situados en varios termos municipais. O procedemento que se establece, xustificando por razóns de seguridade xurídica, eficacia, celeridade e boa administración, e que ata agora non contaba cunha solución legal na normativa vixente, baséase nun réxime de concorrencia procedimental cun único acto resolutorio, no que o concello tramitante, unha vez recibida a solicitude de licenza, dará traslado ao concello ou concellos afectados para a emisión dun informe preceptivo, con apertura dun período de exposición pública por un prazo de 15 días hábiles.

As disposicións transitorias contemplan cuestións que poden derivarse da entrada en vigor da presente lei, para obter o menor impacto posible como consecuencia das innovacións da lei e garantindo a seguridade xurídica.

A disposición derogatoria contempla a derogación da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, agás o capítulo III relativo á regulación do Instituto de Estudos do Territorio; e do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os Plan e Proxectos Sectoriais de Incidencia Supramunicipal, así como de cantos preceptos de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.

O texto remata cunha serie de disposicións derradeiras nas que se contemplan, entre outros extremos, modificacións normativas derivadas da necesidade de que todos os instrumentos de ordenación do territorio contén cun informe en materia de paisaxe ou a necesidade de adaptar a regulación prevista na lexislación urbanística aos cambios derivados da posible tramitación conxunta dos instrumentos de ordenación do territorio e da modificación do planeamento urbanístico que se prevé nesta lei. Tamén se contemplan outras cuestións



como a previsión do seu desenvolvemento regulamentario ou a súa entrada en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

VI

A presente lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no que se esixe que *“en todas as iniciativas normativas xustificárase a adecuación das mesmas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, simplicidade e eficacia”*.

Así, o principio de necesidade desta iniciativa legislativa ven determinado, non só porque cómpre abordar unha actualización normativa na materia que procure ofrecer solucións ás problemáticas detectadas, senón tamén por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de lei, ben por afectar a materias que están reservadas a este tipo de norma, ben por requirir a modificación integrada e coordinada doutras normas.

Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para acadar os obxectivos da lei non se impoñen con carácter xeral novas obrigas ou cargas administrativas, senón que se realiza un esforzo de simplificación e integración da normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma no ordenamento xurídico vixente, de xeito que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado, e de certidume; ao principio de transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración da propia lei como dos instrumentos de ordenación previstos na mesma; así como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información documental e gráfica de que dispoña a administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas






innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados coas mesmas.

Na tramitación do anteproxecto de lei observáronse todas as garantías esixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva ao longo de todo o procedemento de tramitación.

O texto do anteproxecto de lei foi obxecto do ditame preceptivo *do Consello Económico e Social de Galicia*.





TITULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei*

A presente lei ten por obxecto, ao abeiro da competencia autonómica en materia de ordenación do territorio e dentro do necesario respecto ás competencias das restantes Administracións, establecer os principios e criterios básicos e regular os instrumentos necesarios para a articulación da política territorial e a ordenación do espazo físico na Comunidade Autónoma de Galicia.





Artigo 2. *Principios e criterios orientadores*

1. A ordenación do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia rexerese polos principios de coordinación, cooperación e colaboración interadministrativas, na procura da coherencia na actuación das Administracións Públicas, e de garantía da participación social. Estes principios observaranse na elaboración e execución dos instrumentos regulados nesta lei.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia orientará as súas políticas de actuación, no ámbito do desenvolvemento sostible, a favorecer a utilización racional e equilibrada do territorio baixo o principio do desenvolvemento territorial sostible ao que se refire o artigo 4, de acordo cos seguintes criterios:

a) A ordenación territorial como función pública dende unha perspectiva de xénero e inclusiva, nos termos previstos no artigo 6.

b) A sustentabilidade ambiental e a harmonización dos requirimentos do desenvolvemento social e económico coa preservación e a mellora do ambiente urbano, rural e natural.

A estes efectos, procurarase a ocupación, uso e construción sostibles do solo e o desenvolvemento racional e equilibrado das actividades no territorio, garantindo a súa diversidade e óptimo aproveitamento de acordo coa súa aptitude natural e a súa produtividade potencial. Para isto, terase en conta, en función da escala dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio, a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, con carácter previo á ordenación de usos e actividades no territorio, segundo o disposto no artigo 9.

c) A solidariedade interxeneracional, cuxa finalidade será garantir a calidade de vida das xeracións presentes e futuras, tendo en conta a consideración do solo como recurso natural non renovable.

d) A protección do medio natural e dos procesos ecolóxicos propios do solo, a preservación da biodiversidade e o aproveitamento dos recursos naturais renovables, garantindo a súa recuperación.

e) A protección do patrimonio natural, histórico e cultural.

f) A promoción da cohesión e integración sociais, nos termos sinalados no artigo 6, así como a solidariedade autonómica, intermunicipal e municipal.

g) A accesibilidade, garantindo un acceso equivalente, eficaz e sostible a infraestruturas, equipamentos e servizos, en especial mediante redes de transporte integrado sostibles.

h) A publicidade e participación da cidadanía nos procedementos de ordenación territorial.





Artigo 3. *Fins e obxectivos fundamentais en materia de ordenación do territorio*

Son fins e obxectivos fundamentais da ordenación do territorio:

- a) Definir, protexer e mellorar a estrutura do territorio, en aras a acadar un desenvolvemento equilibrado na Comunidade Autónoma de Galicia, a súa conexión cos principais núcleos nacionais e internacionais da actividade, así como a súa integración no espazo nacional e europeo.
- b) Mellorar a calidade de vida e procurar o máximo benestar da poboación, facilitándolle a accesibilidade ás infraestruturas e aos equipamentos de toda índole, tendo en conta a dispersión xeográfica e os seus efectos na vida das mulleres, coa finalidade de evitar as discriminacións que se produzan por razón do xénero e garantir a igualdade entre mulleres e homes.
- c) Promover unha xestión prudente e eficaz dos recursos naturais, que coordine as necesidades do desenvolvemento socioeconómico coas obrigas de conservación e mellora do medio ambiente e dos lugares e construcións de interese cultural e natural.
- d) A fixación dos núcleos de poboación que, polas súas características e posibilidades, teñan que constituírse en impulsores do desenvolvemento socioeconómico dunha zona, evitando a despoboación do medio rural, atendendo ao previsto no artigo 8.
- e) A adecuación da planificación territorial das dotacións, dos recursos mineiros e dos solos produtivos á súa función vertebradora, definindo os criterios de deseño, características funcionais e localización, que garantan a accesibilidade e a inserción da totalidade do territorio nunha racional dispoñibilidade dos ditos elementos estruturantes, promovendo un modelo de mobilidade sostible.
- f) A compatibilización do desenvolvemento do sistema produtivo, da urbanización e da ordenación turística coa racional utilización dos recursos naturais, sobre todo no referente ao litoral, aos recursos hidráulicos, á paisaxe e á calidade do aire.
Asemade, a planificación da ordenación territorial, a explotación e o aproveitamento racionais dos recursos agrarios, forestais, mineiros, extractivos e enerxéticos, mediante fórmulas compatibles coa preservación e mellora do medio ambiente.
- g) A promoción do desenvolvemento económico e social a través do fomento de actividades produtivas e xeradoras de emprego estable.
- h) Identificar as áreas territoriais que, pola súa idoneidade actual ou potencial para a explotación agrícola, forestal, gandeira, enerxética ou mineira, ou pola súa riqueza natural



ou cultural, deban ser obxecto de especial protección, garantindo o seu uso racional e a súa conservación, coordinando as accións que se proxecten ou executen en cada ámbito territorial ou empregando fórmulas de colaboración ou cooperación de tratarse de accións estatais.

i) A conservación e posta en valor da paisaxe, de conformidade co disposto no artigo 7, como elemento de benestar individual e colectivo con valores estéticos, ambientais, e dimensión económica, cultural, social, patrimonial e identitaria, co fin de integrala na planificación territorial e sectorial con incidencia sobre a mesma.

j) A preservación do patrimonio natural de Galicia incluído nalgunha das categorías de espazos naturais protexidos, impedindo a destrución, deterioro ou transformación dos hábitats, especies e/ou xeodiversidade que motivaron a súa declaración e impulsando a mellora do seu estado de conservación, de acordo ca normativa específica.

k) A preservación do patrimonio cultural de Galicia impedindo a súa destrución, deterioro ou transformacións e impulsando a súa recuperación e rehabilitación de acordo coa súa normativa específica.

l) A loita contra o cambio climático, favorecendo a adopción de medidas de mitigación e adaptación, aproveitando a transversalidade da ordenación do territorio.

m) Procurar a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático, a desfragmentación de áreas estratéxicas para a conectividade e a restauración de ecosistemas degradados.

n) A prevención adecuada dos riscos para a seguridade e a saúde públicas e a eliminación efectiva das perturbacións que se poidan xerar.

ñ) O establecemento, en aplicación dos principios de coordinación, cooperación e colaboración interadministrativas, dos criterios e procedementos necesarios na procura da coherencia das accións con incidencia territorial que lles corresponda desenvolver ás diferentes Administracións Públicas e da súa integración nunha visión do conxunto do territorio. Nestes termos, garantirase a coherencia da política territorial da Comunidade Autónoma de Galicia coa Estratexia Territorial Europea e coa actuación territorial do Estado en Galicia.

o) A integración das perspectivas de xénero e de idade, empregando mecanismos e instrumentos que fomenten e favorezan a participación da cidadanía no proceso de



ordenación territorial para conseguir que esta responda ás aspiracións e necesidades da poboación.

p) Calquera outros que, no marco dos principios xerais da ordenación territorial, en particular, do principio de desenvolvemento territorial sostible previsto no artigo seguinte, tendan a acadar unha equilibrada, coordinada e integrada relación entre o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a súa poboación, o medio ambiente, as actividades económicas, o patrimonio natural e cultural, e os equipamentos, servizos e infraestruturas.





Artigo 4. *O desenvolvemento territorial sostible*

1. O desenvolvemento territorial sostible defínese como a utilización racional do territorio e do medio ambiente para combinar as necesidades de crecemento coa preservación da biodiversidade, xeodiversidade e dos recursos naturais e dos valores paisaxísticos, históricos e culturais, a fin de garantir a calidade de vida das xeracións presentes e futuras. Esas necesidades de crecemento deberán responder a necesidades reais e obxectivas, de xeito que se xustifique a ocupación racional e sustentable do solo e o consumo sustentable de recursos naturais e enerxéticos.

2. O desenvolvemento territorial sostible atenderá ao principio de accesibilidade universal con carácter xeral, cumprindo as condicións necesarias que faciliten o acceso e a utilización do mesmo por todas as persoas, con independencia das súas capacidades e limitacións na súa mobilidade ou na súa percepción e comprensión do contorno.

3. Os instrumentos de ordenación do territorio terán en conta as determinacións establecidas nos instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos así como nas estratexias de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.



Artigo 5. A racionalidade territorial


En atención ao carácter de recurso natural non renovable do solo, o desenvolvemento territorial sostible comportará a configuración de modelos de ocupación de solo que eviten a dispersión da urbanización e das edificacións no territorio, dando prioridade á culminación dos desenvolvementos existentes, favorecendo a cohesión e o equilibrio territorial, a compactación das cidades, e a rehabilitación, rexeneración e renovación do solo urbano, atendendo á preservación e á mellora dos sistemas de vida tradicionais nas áreas rurais, favorecendo a interdependencia entre o urbano e o rural e consolidando un modelo de territorio globalmente eficiente.





Artigo 6. *A cohesión social e económica e a perspectiva de xénero*

1. A ordenación territorial procurará as condicións necesarias para acadar cidades socialmente integradas, evitando solucións espaciais discriminatorias que xeren áreas marxinais e ambientes de exclusión social, propiciando a interdependencia entre núcleos urbanos e asentamentos rurais e favorecendo a complementariedade de funcións entre os mesmos, así como a integración dos sistemas e infraestruturas de transporte e a previsión das dotacións necesarias en condicións óptimas de accesibilidade e funcionalidade.
2. As políticas e plans en materia de ordenación do territorio deben incluír medidas tendentes a facer efectivo o principio de igualdade entre as persoas. Neste senso, a ordenación do territorio terá en conta o impacto dos roles de xénero no uso diferenciado do territorio por mulleres e homes.
3. A ordenación territorial estará orientada a procurar o mesmo grao de cohesión social e económica en todo o territorio da Comunidade Autónoma, arbitrando os mecanismos necesarios para acadar un equilibrio territorial baseado no modelo de asentamentos da Comunidade Autónoma e apoiado nas áreas funcionais que se definan.






Artigo 7. A paisaxe

1. Os instrumentos de ordenación do territorio tomarán en consideración a paisaxe en atención ao seu carácter de elemento diferencial e activo de singular valor para a Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A planificación territorial contribuirá á protección da paisaxe e propondrá os mecanismos que permitan unha adecuada xestión da súa transformación de acordo cos instrumentos aprobados en desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.



Artigo 8. *O sistema rural de Galicia*

Os instrumentos de ordenación do territorio prestarán unha especial atención aos espazos rurais de Galicia, co obxectivo de asegurar a permanencia no territorio da súa poboación, contribuíndo á viabilidade das actividades económicas que puideran desenvolverse nel e que sexan compatibles coa defensa dos seus valores.





Artigo 9. A infraestrutura verde

1. A infraestrutura verde constitúe un sistema territorial básico, composto polos ámbitos de máis relevante valor ambiental, cultural, agrícola e paisaxístico; as áreas críticas do territorio cuxa transformación implique riscos ou custos ambientais para a comunidade; e os corredores ecolóxicos e conexións funcionais que poñan en relación todos os elementos anteriores.

A infraestrutura verde estenderase aos solos urbanos e urbanizables, comprendendo, como mínimo, os espazos libres e as zonas verdes públicas de maior entidade, así como os itinerarios que permitan a súa conexión.

2. Os instrumentos de ordenación do territorio terán en conta, en función da súa escala, as determinacións da *Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas*, así como a que se desenvolva pola Comunidade Autónoma de Galicia. A estes efectos, os instrumentos de ordenación do territorio recollerán a identificación e caracterización dos espazos da *Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas* que se elabore pola Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A infraestrutura verde estará integrada por determinados espazos e elementos que desempeñan unha función ambiental e territorial, incluíndo tanto ámbitos protexidos por unha regulación específica como outros que non posúen esa protección. En ambos os dous casos, os instrumentos de ordenación do territorio regularán os usos e aproveitamentos que resulten compatibles co mantemento da estrutura e da funcionalidade da dita infraestrutura.

4. As funcións da infraestrutura verde son as seguintes:

- a) Preservar os principais elementos e procesos do patrimonio natural e cultural, e dos seus bens e servizos ambientais e culturais.
- b) Asegurar a conectividade ecolóxica e territorial necesaria para a mellora da biodiversidade, a saúde dos ecosistemas e a calidade da paisaxe.
- c) Proporcionar unha metodoloxía para o deseño eficiente do territorio e unha gradación de preferencias en canto ás alternativas dos desenvolvementos urbanísticos.
- d) Orientar de xeito preferente as posibles alternativas dos desenvolvementos urbanísticos cara aos solos de menor valor ambiental, paisaxístico, cultural e produtivo.





- e) Evitar os procesos de implantación urbana nos solos sometidos a riscos naturais e inducidos, de carácter significativo.
- f) Favorecer a continuidade territorial e visual dos espazos abertos.
- g) Vertebrar os espazos de maior valor ambiental, cultural, agrícola e paisaxístico do territorio, así como os espazos públicos e os fitos conformadores da imaxe e identidade urbana, mediante itinerarios que propicien a mellora da calidade de vida das persoas e o coñecemento e disfrute da cultura do territorio.
- h) Mellorar a calidade de vida das persoas nas áreas urbanas e no medio rural e fomentar unha ordenación sostible do medio ambiente urbano.





CAPÍTULO II

Competencia, colaboración e cooperación administrativas

Artigo 10. Competencia administrativa

A titularidade da competencia en materia de ordenación do territorio corresponde á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que a desenvolverá con respecto das que son propias doutras administracións públicas, promovendo con estas a participación da iniciativa privada, nos termos previstos nesta lei.





Artigo 11. *Colaboración e cooperación entre Administracións Públicas*

1. No exercicio da competencia en materia de ordenación do territorio, as relacións da Administración autonómica coas restantes Administracións Públicas con competencias sobre o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia rexeranse polos principios de colaboración e cooperación, conforme o previsto na normativa estatal aplicable e, con respecto a esta, na presente lei.

2. Así mesmo, dentro do necesario respecto á normativa sectorial aplicable, na aprobación de instrumentos, plans e proxectos por outras Administracións Públicas que teñan incidencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia procurarase o emprego de fórmulas de colaboración e cooperación para a articulación das correspondentes competencias sectoriais coas competencias autonómicas.





CAPÍTULO III

A transparencia e a participación cidadá

Artigo 12. Dereitos e deberes da cidadanía

1. O recoñecemento, respecto e protección dos dereitos da cidadanía informarán a actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do territorio, promovéndose o goce, entre outros, dos seguintes dereitos:

a) Dereito a desfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, tanto no entorno urbano como no medio natural, mediante unha ordenación racional equilibrada e sostible dos usos do solo e das dotacións urbanísticas.

b) Dereito a usar e desfrutar os terreos polas persoas titulares deles nos termos previstos na normativa vixente.

c) Dereito a desfrutar do patrimonio cultural e a que se adopten as medidas necesarias para garantir a súa protección, conservación e mellora.

d) Dereito a participar na elaboración e tramitación dos instrumentos de ordenación do territorio.

e) Dereito a acceder a toda a información de que dispoña a Administración xeral da Comunidade Autónoma en materia de ordenación do territorio, sen necesidade de acreditar a existencia dun interese determinado e sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e demais normativa que resulte aplicable, nomeadamente a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. Para a consecución dos fins que a presente lei encomenda á actividade pública de ordenación do territorio, a cidadanía deberá observar os seguintes deberes:

a) Contribuír á preservación e mellora do medio ambiente natural e urbano.

b) Respetar e protexer o patrimonio cultural.

c) Utilizar de forma correcta e adecuada, en atención ás súas características, os bens de dominio público e os equipamentos, infraestruturas e servizos urbanos.

d) Evitar accións que comporten riscos para o medio ambiente natural e urbano así como para os bens públicos ou de terceiros ou para a saúde e seguridade das persoas, agás nos casos nos que tales accións teñan amparo normativo debendo, en tales casos, cumprirse os requisitos esixibles e adoptar as medidas correctoras que puideran establecerse.

CSV: BOPGDSPG3YeikA08j2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





- e) Respetar as limitacións de usos e edificación que a lexislación ou o planeamento territorial e urbanístico impoñán sobre os terreos dos que sexan titulares.
- f) Colaborar na actuación pública de ordenación do territorio nas condicións previstas nesta lei.
- g) Colaborar coas Administracións Públicas de Galicia na conservación e mellora dos valores paisaxísticos existentes, mediante a axeitada integración paisaxística das actuacións individuais e colectivas no territorio.






Artigo 13. *A participación cidadá*

1. As Administracións Públicas de Galicia velarán para que a actividade de ordenación do territorio se desenvolva promovendo a máis ampla participación social, garantindo os dereitos de información e de iniciativa das persoas particulares. A dita participación haberá de ser fomentada e facilitada pola administración competente en materia de ordenación do territorio, integrando as perspectivas de xénero e de idade, empregando mecanismos que fomenten e favorezan a participación da cidadanía en xeral e das mulleres en particular no proceso de ordenación territorial.

2. A cidadanía ten o dereito a participar nos procedementos de elaboración e tramitación dos instrumentos de ordenación do territorio, nomeadamente, mediante a formulación de alegacións durante o período de información pública ao que preceptivamente deban ser aqueles sometidos.






Artigo 14. Dereito de acceso á información territorial

1. Garantírase o acceso da cidadanía aos documentos que integran os instrumentos de ordenación do territorio así como á restante información territorial durante os períodos de información pública e con posterioridade á súa aprobación, nos termos previstos na normativa estatal aplicable e na presente lei.

2. As Administracións Públicas de Galicia adoptarán as medidas necesarias para garantir o acceso á información territorial da súa competencia a todas as persoas, físicas e xurídicas, sen necesidade de que acrediten un interese determinado e con garantía de confidencialidade sobre a súa identidade, sen aplicación doutros límites que os previstos nesta lei e na demais normativa aplicable.

3. Co obxecto de facilitar a dispoñibilidade e uso da información territorial mediante o emprego de novas tecnoloxías, as Administracións Públicas de Galicia promoverán as medidas oportunas que permitan a presentación e utilización de toda a documentación de ordenación territorial en formato dixital. Neste caso, as administracións garantirán a accesibilidade universal dos soportes electrónicos a través de sistemas que permitan obter a información de xeito seguro e comprensible por toda a cidadanía.

4. Conforme á normativa básica estatal, as solicitudes de información territorial deberán ser resoltas no prazo máximo de un mes, que poderá ampliarse por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario, previa notificación ao solicitante.





TÍTULO I

A ordenación do territorio

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 15. *Contido da ordenación do territorio*

1. Para os efectos do previsto na presente lei, enténdese por ordenación do territorio o conxunto de técnicas, normas, plans e criterios expresamente formulados, que orienten e regulen as actuacións e os asentamentos sobre o territorio, co fin de conseguir unha adecuada interrelación entre medio ambiente, poboación, actividades, servizos e infraestruturas co territorio galego no que se implantan, procurando a coherencia das actuacións sobre este dos distintos órganos e das diferentes administracións públicas, dentro do necesario respecto ás competencias destas.
2. Asemade, a ordenación territorial comprende a elaboración, aprobación e, no seu caso, execución dos instrumentos necesarios para planificar e plasmar no territorio as políticas económicas, sociais, medioambientais e culturais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. De conformidade co disposto no número 1 do artigo 4 do texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, a ordenación territorial e a urbanística son funcións públicas non susceptibles de transacción que organizan e definen o uso do territorio e do solo de acordo co interese xeral, determinando as facultades e deberes do dereito de propiedade do solo conforme ao destino deste.





Artigo 16. *Instrumentos de ordenación do territorio*

1. Sen prexuízo da utilización dos instrumentos de ordenación urbanística e dos establecidos na lexislación sectorial que rexe as diversas actividades con impacto territorial, a ordenación do territorio de Galicia realizarase a través dos seguintes instrumentos:

a) Directrices de ordenación do territorio.

b) Plans territoriais:

1º Plans territoriais integrados

2º Plans territoriais especiais.

c) Plans sectoriais.

d) Proxectos de interese autonómico.

2. En aplicación dos principios de cooperación e colaboración, os organismos públicos prestarán o seu apoio á redacción dos instrumentos de ordenación do territorio e, ao efecto, facilitarán aos encargados da súa redacción os documentos e a información necesarios.

3. A redacción dos instrumentos de ordenación do territorio efectuarana facultativos ou facultativas coa correspondente titulación universitaria, en función da materia obxecto de regulación.

Os instrumentos de ordenación do territorio que impliquen a transformación urbanística do solo deberán ser redactados por persoas ou equipos multidisciplinares, nos que polo menos un dos seus membros deberá ser arquitecto ou arquitecta, enxeñeiro ou enxeñeira de camiños, canais e portos, ou, no seu caso, dispoñer de titulación equivalente que habilite para o exercicio das ditas profesións.





Artigo 17. Vinculación das determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio

1. Os instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos conforman un sistema integrado que se articula segundo os principios de competencia, especialidade e coordinación.

En todo caso, as competencias en materia de ordenación do territorio deberán exercerse sen prexuízo das que deriven das diferentes normativas sectoriais que resulten de aplicación.

2. Os instrumentos de ordenación do territorio deberán redactarse de xeito que quede garantida a coherencia entre todos eles, tendo en conta o alcance e o grao de vinculación das súas determinacións, que poden ser as seguintes:

a) Determinacións de aplicación directa, que serán inmediatamente aplicables aos terreos sobre os que incidan e que, como determinacións de ordenación territorial, prevalecerán sobre as previsións contrarias do planeamento municipal.

b) Determinacións vinculantes para o planeamento, que non terán aplicación directa e inmediata, pero obrigan a aterse ao seu contido ao elaborar, aprobar e modificar a planificación urbanística local, ben sexa cando se decida levala a cabo, ben sexa no prazo previsto na propia determinación.

c) Determinacións orientativas, que constituirán criterios, directrices e guías de actuación de carácter non vinculante, informadores das pautas que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia considera adecuadas para a actuación territorial dos poderes públicos.

3. Os instrumentos de ordenación do territorio, en congruencia coa súa escala territorial e cos fins perseguidos, poderán modificar, xustificadamente, o réxime de usos e condicións da edificación previstos na normativa urbanística vixente para o solo rústico.

4. Nos supostos previstos nesta lei e con pleno respecto á autonomía municipal, co fin de garantir a eficacia das determinacións contidas nos instrumentos de ordenación do territorio e os principios de celeridade, eficacia, simplificación administrativa e seguridade xurídica, poderá tramitarse nun único procedemento, simultaneamente, a aprobación do instrumento de ordenación do territorio e a modificación do planeamento urbanístico, nos extremos estritamente afectados polas determinacións do instrumento de ordenación territorial e para garantir a súa efectividade





Artigo 18. *Suspensión cautelar motivada pola formulación dun instrumento de ordenación do territorio*

1. Acordada a iniciación do procedemento de elaboración de calquera instrumento de ordenación do territorio, a persoa titular da consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, de xeito motivado, poderá suspender cautelarmente os procedementos de aprobación do planeamento urbanístico, dos instrumentos de xestión ou execución do planeamento así como o procedemento de outorgamento de licenzas e a presentación doutros títulos habilitantes municipais de natureza urbanística para ámbitos determinados, coa finalidade de salvagardar as competencias autonómicas de ordenación do territorio.

O acordo de suspensión, no que deberán identificarse graficamente as áreas ou zonas afectadas pola mesma, non afectará ás seguintes actuacións:

- a) Ás obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio, non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- b) Ás licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e o previsto no instrumento de ordenación do territorio, sempre que este estivese aprobado inicialmente.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados pola nova ordenación proxectada.

2. Con carácter previo á adopción do acordo de suspensión, darase audiencia ao concello ou concellos afectados polo prazo dun mes. Durante a dita audiencia, os concellos deberán informar das licenzas solicitadas que se verían afectadas pola suspensión.

3. O acordo de suspensión e as súas eventuais modificacións haberán de publicarse no *Diario Oficial de Galicia*. Asemade, notificarase de forma individualizada ás persoas peticionarias de licenzas pendentes de outorgamento que puidesen resultar afectadas, relacionadas no informe ou informes referidos no número anterior, que terán dereito a ser indemnizadas do custo oficial dos proxectos e á devolución, se é o caso, das cantidades correspondentes aos tributos municipais, nos termos sinalados no artigo 47 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.



4. Durante o procedemento de aprobación do instrumento de ordenación do territorio poderán modificarse os ámbitos territoriais e materiais da suspensión acordada, sen que tal circunstancia altere a duración máxima prevista no número seguinte.

5. A suspensión extinguirase coa aprobación definitiva do instrumento de ordenación do territorio que motivou a súa adopción e, en todo caso, polo transcurso do prazo de dous anos a contar dende a data do acordo de suspensión.

6. Extinguidos os efectos da suspensión conforme ao disposto neste artigo, non poderán acordarse novas suspensións no mesmo ámbito e por idéntica finalidade no prazo de catro anos.



Artigo 19. Avaliación ambiental dos instrumentos de ordenación do territorio

1. Serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria os seguintes instrumentos de ordenación do territorio, así como as súas modificacións:

- a) As directrices de ordenación do territorio.
- b) Os plans territoriais integrados.
- c) Os plans sectoriais.
- d) Os proxectos de interese autonómico e os plans territoriais especiais que requiran unha avaliación por establecer o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental, nos termos previstos no artigo 6.1a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; e os plans territoriais especiais e os proxectos de interese autonómico que requiran unha avaliación por afectaren a espazos da Rede Natura 2000, nos termos previstos na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.
- e) Os comprendidos no número seguinte, cando así o decida, caso por caso, o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico ou cando así o determine o órgano ambiental, a solicitude da persoa promotora.

2. Serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada:

- a) As modificacións menores dos instrumentos de ordenación do territorio mencionados no número anterior.
- b) Os plans territoriais especiais e os proxectos de interese autonómico e as súas modificacións, coas excepcións recollidas no número anterior.

3. En todo caso, no suposto de proxectos de interese autonómico que establezan o marco para a futura autorización de proxectos, estes proxectos deberán someterse ao procedemento de declaración de impacto ambiental e poderán adoptarse, en aras do principio de eficacia, a incorporación de trámites e de actos administrativos do procedemento de avaliación ambiental estratéxica noutros procedementos de avaliación ambiental, nos termos previstos no artigo 13.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.



CAPITULO II

Instrumentos de ordenación do territorio

Sección 1ª. As directrices de ordenación do territorio

Artigo 20. Obxecto, ámbito e funcións das directrices de ordenación do territorio

1. As directrices de ordenación do territorio son o instrumento expresivo dos fins e obxectivos da política territorial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, constituíndo o principal elemento de planificación territorial e a base do desenvolvemento das actuacións con incidencia no territorio que haxan de producirse na Comunidade Autónoma, dentro do necesario respecto ás competencias das distintas Administracións Públicas.

No marco desta lei, as directrices de ordenación do territorio son o instrumento que ofrece unha visión global da ordenación territorial de Galicia e que serve de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e dos previstos na normativa urbanística, así como para as actuacións con incidencia no territorio que desenvolvan as persoas particulares e as administracións públicas, con pleno respecto, neste último caso, ás competencias respectivas.

2. O ámbito das directrices de ordenación do territorio será a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Corresponden ás directrices de ordenación do territorio as seguintes funcións:

a) Formular, con carácter global e interrelacionado, e no marco do plan económico - social da Comunidade Autónoma, o conxunto de criterios e normas que orienten e regulen os procesos de asentamento no territorio das distintas actividades económicas e sociais dos axentes públicos e privados que operen no dito territorio, dentro do necesario respecto ás competencias das distintas Administracións Públicas.

b) Construír un marco xeral de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio, así como dos instrumentos previstos na normativa urbanística, e para a formulación e execución das distintas políticas sectoriais da Administración xeral da Comunidade Autónoma, ao que deberán acomodarse os plans, programas e accións con incidencia no territorio que poidan desenvolver a Administración autonómica, as entidades






locais de Galicia e as entidades públicas vinculadas ou dependentes daquela e destas, co fin de garantir unha axeitada coordinación e compatibilización de todas elas.

c) Propoñer as accións territoriais que requiran a actuación conxunta con outras comunidades autónomas e restantes administracións públicas, ofrecendo as bases suficientes para subscribir os convenios ou acordos de cooperación, previo cumprimento das esixencias impostas pola normativa aplicable.

d) Identificar as grandes oportunidades do territorio e propor as accións necesarias para o seu aproveitamento racional e sostible.

e) Integrar de forma coordinada as directrices de ordenación do territorio de Galicia coas estratexias territoriais propias das rexións da Unión Europea, de acordo coa estratexia territorial común desta.

f) Identificar e sinalar áreas que deban estar suxeitas a medidas especiais de protección, conservación, ordenación ou mellora.





Artigo 21. *Contido das directrices de ordenación do territorio*

1. As directrices de ordenación do territorio conterán as seguintes determinacións:

- a) Definición do modelo territorial para Galicia.
- b) Descrición e interpretación das características propias do territorio da Comunidade Autónoma, formulando unha diagnose da problemática existente e potencial, en relación cos asentamentos urbanos e produtivos, co medio físico e cos recursos naturais e coas pautas de desenvolvemento territorial manifestadas ou previsibles.
- c) Definición dos criterios que se deban adoptar, en relación ca problemática obxecto de diagnose, de acordo cos obxectivos referidos na letra seguinte.
- d) Formulación dos obxectivos sociais, económicos e ambientais relacionados co territorio, tendo en conta, entre outros, os criterios de desenvolvemento territorial sostible, de accesibilidade universal e de loita contra o cambio climático.
- e) Formulación, a partir dos distintos elementos das políticas sectoriais, de propostas de ordenación do territorio destinadas a reorientar ou, se é o caso, regular as actuacións públicas e privadas no ámbito da comunidade autónoma, de acordo cos obxectivos sinalados na letra precedente, como marco de referencia pública para a actuación dos axentes sociais e económicos que operen no dito ámbito, dentro do necesario respecto ás competencias das distintas Administracións Públicas.
- f) Proposición das relacións entre as distintas administracións e organismos públicos que interveñan no territorio da Comunidade Autónoma, formulando as propostas relativas aos procedementos e instancias a través dos que deban ser resoltos os conflitos que poidan xurdir na fixación ou execución das actividades que se vaian desenvolver, deixando a salvo en todo caso as facultades que ao Estado lle recoñece a normativa vixente.
- g) Establecemento dos sistemas de información recíproca entre as distintas administracións e organismos públicos capaces de facilitar a uns e outros os datos necesarios para a correcta elaboración dos seus plans e programas e procurar a súa coherencia co marco territorial de referencia que as directrices establecen.
- h) Delimitación de ámbitos a desenvolver mediante plans territoriais especiais, cando as directrices de ordenación do territorio o consideren necesario en función das súas características morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, etnográficas, produtivas, paisaxísticas ou ecolóxicas diferenciadas, que esixan unha consideración e tratamento





unitarios nese ámbito, sen prexuízo das delimitacións específicas que poidan realizarse en aplicación da lexislación sectorial correspondente.

Asemade, as Directrices de ordenación do territorio identificarán a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas que se elabore pola Comunidade Autónoma de Galicia como sistema de espazos que garantan a conectividade ecolóxica e a provisión de servizos ecosistémicos a escala rexional, e conterán as determinacións que resulten necesarias para a súa correcta xestión e ordenación.

i) Proposta de pautas e medidas para a preservación dos recursos naturais, do patrimonio cultural e paisaxístico.

j) Delimitación de áreas xeográficas supramunicipais que, ben por presentar características homoxéneas, ben, polo seu tamaño e relacións funcionais, demanden unha planificación dos usos do solo, das actividades produtivas, das infraestruturas e dos equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado, que poderán desenvolverse mediante plans territoriais integrados.

k) Fixación dos criterios para a cuantificación, localización, deseño e execución das infraestruturas e equipamentos de carácter supramunicipal, procurando a mellora da súa accesibilidade e considerando as previsións dos instrumentos de planeamento urbanístico e a planificación sectorial, así como o necesario respecto ás competencias estatais.

l) Sinalamento das condicións ás que deban someterse as propostas de desenvolvemento urbano, industrial, terciario ou agrario, en función da dispoñibilidade dos recursos enerxéticos, hidráulicos e de saneamento correspondentes.

m) Criterios para establecer as condicións ás que deberá suxeitarse a localización de vivendas sometidas a algún réxime de protección ou das que se incorporen a programas de rehabilitación, tomando en consideración as previsións que nesta orde se conteñan no planeamento local e na restante normativa aplicable.

n) Criterios de actuación en áreas desfavorecidas polo declive económico ou demográfico, por situacións de incomunicación, por outras desvantaxes obxectivas ou pola existencia de riscos naturais ou tecnolóxicos.

o) Sinalamento das causas e dos supostos que vaian determinar a modificación substancial ou non das directrices de ordenación do territorio, en función da aparición de necesidades non previstas nelas ou dos cambios introducidos na política económica ou social que vaian desenvolver as Administracións Públicas implicadas.



A tal efecto, as directrices conterán os indicadores e os criterios para a análise da evolución territorial da Comunidade Autónoma.

2. As determinacións previstas no número anterior teñen carácter enunciativo e non limitativo, polo que as directrices de ordenación do territorio poderán conter cantas outras fosen congruentes coas funcións previstas no artigo anterior.

En todo caso, as directrices de ordenación do territorio respectarán a autonomía das administracións locais para a xestión dos seus intereses propios así como as competencias estatais.





Artigo 22. Documentación das directrices de ordenación do territorio

1. As directrices de ordenación do territorio conterán os documentos gráficos e escritos que reflectan adecuadamente os contidos expostos no artigo anterior, co grao de precisión apropiado ás súas funcións e, como mínimo, os seguintes:

a) Unha memoria na que se identifiquen e expliquen os obxectivos, as fortalezas, debilidades e conflitos territoriais, así como as medidas propostas, criterios e opcións contempladas.

b) A documentación gráfica precisa para plasmar o estado do territorio e os extremos fundamentais da ordenación e previsións a que se refiran as directrices de ordenación do territorio.

c) Determinacións.

d) Síntese e conclusións do proceso de participación pública.

e) A documentación ambiental esixida conforme á lexislación vixente.

2. Para a súa difusión pública, elaborárase un documento resume non técnico das directrices de ordenación do territorio, que facilite o coñecemento dos aspectos esenciais do seu contido.





Artigo 23. Borrador das directrices de ordenación do territorio

1. Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia acordar a iniciación do procedemento de elaboración das directrices de ordenación do territorio. O acordo, que deberá ser publicado no *Diario Oficial de Galicia*, será motivado, sinalará as causas que o xustificuen e determinará o prazo de formulación do correspondente borrador das directrices de ordenación do territorio.


2. Corresponde á consellería competente en materia de ordenación do territorio a tramitación e o impulso do procedemento de elaboración das directrices de ordenación do territorio e a preparación do borrador das directrices de ordenación do territorio. As consellerías con competencias con proxección territorial, formularán as previsións e determinacións que lles correspondan respecto dos contidos sectoriais das directrices, para os efectos da súa integración efectiva no borrador. A dita formulación farase no prazo de tres meses, contados desde a súa petición pola consellería tramitadora do procedemento.

Coa mesma finalidade, solicitarase da Administración do Estado e das administracións locais a formulación de propostas nas materias da súa competencia, que emitirán en igual prazo ao expresado no parágrafo anterior.

3. En calquera caso, para a elaboración do borrador de directrices, a consellería tramitadora do procedemento solicitará dos órganos e entidades mencionados cantos datos e informacións sexan necesarios para a máis correcta redacción do dito documento, que deberán ser achegados no prazo de dous meses a partir do momento no que lles sexan solicitados. Asemade, os ditos órganos e entidades poderanlle achegar cantas informacións e suxestións estimen convenientes para os mesmos fins.

4. O borrador das directrices remitiráselles, ás administracións e aos órganos citados nos números anteriores e ás entidades públicas e privadas que se estimen interesadas, para que no prazo de tres meses acheguen cantas observacións, propostas e alternativas estimen oportunas.

Unha vez realizados os trámites sinalados neste artigo, seguirase o procedemento previsto no artigo 51.






Artigo 24. *Eficacia das directrices de ordenación do territorio*

1. As determinacións contidas nas directrices de ordenación do territorio terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa función de instrumento directriz. Para este efecto, expresarán de forma clara e inequívoca o alcance concreto co que deberán operar todas e cada unha das súas determinacións, segundo o previsto no artigo 17.

2. As directrices de ordenación do territorio non poderán clasificar solo, nin substituír en ningún caso ao planeamento urbanístico nas funcións que lle son propias, de acordo coa lexislación vixente na materia.





Artigo 25. Control parlamentario das directrices de ordenación do territorio

1. Determinarase por decreto do Consello da Xunta de Galicia o procedemento que regule o seguimento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e o seguimento dos efectos sobre o ambiente da aplicación ou execución das devanditas directrices.
2. A Administración autonómica remitirá ao Parlamento de Galicia, cada tres anos, unha memoria de seguimento do grao de desenvolvemento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.





Sección 2ª. Os plans territoriais

Subsección 1ª. Plans territoriais integrados

Artigo 26. Obxecto, ámbito e funcións dos plans territoriais integrados

1. Os plans territoriais integrados son instrumentos dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais que, ben por presentar características homoxéneas, ben polo seu tamaño e relacións funcionais, demanden unha planificación dos usos do solo, das actividades produtivas, das infraestruturas e dos equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado.

2. Como norma xeral, o ámbito dun plan territorial integrado será unha das áreas xeográficas supramunicipais definidas nas directrices de ordenación do territorio.

3. Cando circunstancias non previstas nas directrices de ordenación do territorio o aconsellen por darse os requisitos previstos no número 1, o Consello da Xunta de Galicia poderá acordar a elaboración dun plan territorial integrado, sinalando o seu ámbito territorial e os obxectivos a alcanzar, a proposta da persoa titular da consellaría competente por razón do obxecto e en función da materia sobre o que verse o dito instrumento, e previo informe da consellaría competente en materia de ordenación do territorio.

O acordo, que deberá ser publicado no Diario Oficial de Galicia e notificado aos concellos e deputacións provinciais afectados, será motivado, sinalará as causas que o xustifiquen e determinará a consellaría competente para a tramitación do procedemento de elaboración do plan así como aquel outros órganos que teñan que participar nel.

4. Os plans territoriais integrados só poderán ser promovidos pola iniciativa pública, entendendo por tal, a efectos do establecido nesta lei, as Administracións Públicas, as entidades de dereito público delas dependentes, as sociedades en cuxo capital social sexa total ou maioritaria a participación directa ou indirecta das ditas administracións e entidades e os consorcios con participación dalgunha das anteriores administracións públicas e entidades de dereito público dependentes.


5. Son funcións dos plans territoriais integrados, entre outras:

a) Desenvolver e completar determinados aspectos das directrices de ordenación do territorio no ámbito territorial obxecto do plan.

CSV: BOPGDSPG3YeikA08j2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



- b) Establecer os elementos básicos para a organización e articulación do territorio comprendido no ámbito.
- c) Impulsar un desenvolvemento do territorio ordenado e eficiente, contribuíndo a unha planificación adecuada, racional e equilibrada dos usos do solo en canto recurso natural non renovable, identificando as áreas funcionais presentes no seu ámbito territorial e definindo os usos máis idóneos en coherencia co modelo territorial que se formula e cos diagnósticos de partida.
- d) Procurar a coherencia nas políticas sectoriais e urbanísticas de interese, para garantir un desenvolvemento territorial sostible e equilibrado, co necesario respecto ás competencias estatais.
- e) Constituír o marco de referencia para a formulación, desenvolvemento e coherencia das políticas, plans, programas e proxectos das Administracións e entidades públicas no ámbito, así como para o desenvolvemento das actividades das persoas particulares, con incidencia no mesmo, co necesario respecto ás competencias estatais.





Artigo 27. *Contido dos plans territoriais integrados*

Os plans territoriais integrados conterán, como mínimo, as seguintes determinacións:

- a) Identificación e, no seu caso, delimitación do ámbito xeográfico concreto de actuación, con indicación dos municipios afectados.
- b) Diagnose territorial da área, en especial no referente aos recursos naturais, poboación, planeamento vixente e situación socioeconómica, con delimitación das áreas merecedoras de especial protección polos seus valores ou por tratarse de zonas susceptibles de riscos naturais ou doutro tipo, que deberán identificarse.
- c) Identificación das áreas funcionais presentes no seu ámbito territorial, en función das súas características e dos obxectivos da ordenación.
- d) Orientación dos usos do solo de xeito racional en consonancia coas áreas funcionais que se identifiquen.
- e) Establecemento de relacións entre as paisaxes e as áreas funcionais que se identifiquen tendo en conta os instrumentos aprobados en desenvolvemento da normativa aplicable en materia de paisaxe.
- f) Identificación da infraestrutura verde precisa para mitigar, entre outros, a alteración, perda e fragmentación de hábitats, a deterioración de procesos ecolóxicos e servizos ecosistémicos, así como o incremento dos riscos naturais.
- g) Definición dos obxectivos da ordenación, con especial atención ao estudo das posibilidades de desenvolvemento socioeconómico. Esquema de distribución espacial das grandes áreas de actividade e, no seu caso, criterios para a implantación das mesmas, en consonancia coas áreas funcionais identificadas.
- h) Sinalamento dos espazos aptos para servir de soporte ás infraestruturas estratéxicas, determinando a localización e características daquelas que deban crearse ou modificarse para potenciar o desenvolvemento socioeconómico da área.
- i) Definición da localización dos equipamentos de interese común para a área ou zona obxecto do plan.
- j) Criterios, principios e normas xerais que constitúan o referente para a ordenación urbanística municipal.
- k) Medidas para a súa articulación co planeamento urbanístico e cos demais instrumentos de ordenación do territorio.





- l) Recomendacións e propostas relativas aos espazos que deban ser obxecto de remodelación, rexeneración ou rehabilitación, co fin de evitar a súa degradación ou de conseguir a súa recuperación.
- m) Principios e criterios xerais para o uso e protección do patrimonio cultural de interese no ámbito.
- n) Determinacións tendentes a evitar desequilibrios funcionais en zonas limítrofes de distintos concellos.
- o) Proposta de posibles medidas de apoio encamiñadas a incentivar actuacións que favorezan a consecución dos obxectivos fixados nas directrices de ordenación do territorio e no propio plan, e que contribúan a alcanzar un desenvolvemento territorial eficiente e racional.
- p) Pautas e directrices para unha eficaz coordinación, colaboración e cooperación administrativa.
- q) Supostos de modificación do plan territorial integrado e normas específicas para o seu seguimento.
- r) Criterios, normas e principios necesarios para o desenvolvemento das súas determinacións.





Artigo 28. Documentación dos plans territoriais integrados

Os plans territoriais integrados conterán os documentos gráficos e escritos que reflectan adecuadamente as determinacións expostas no artigo anterior, co grao de precisión apropiado ás súas funcións e, como mínimo, os seguintes:

a) Unha memoria descritiva, na que se detallen:

1º Xustificación da coherencia e oportunidade para a súa formulación.

2º Descrición do ámbito territorial obxecto da actuación.

3º Identificación e explicación dos obxectivos, as fortalezas, debilidades e conflitos territoriais, así como as medidas propostas, criterios e opcións contempladas.

4º Anexos nos que se detallen os estudos elaborados.

b) Unha memoria urbanística que conteña unha análise da relación do contido do plan territorial integrado co planeamento urbanístico vixente, incluíndo as determinacións relativas aos solos cuxa clasificación ou cualificación se recollerá no plan con prevalencia á contida no planeamento urbanístico ou, no seu caso, determinando as posibles discrepancias e xustificando as determinacións que deban ser modificadas posteriormente do dito planeamento.

Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan territorial integrado e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente de conformidade co previsto no número 4 do artigo 17, elaborárase a documentación de carácter técnico e normativo necesaria para a tramitación da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

c) Unha xustificación da adecuación do plan territorial integrado ás determinacións das directrices de ordenación do territorio. Neste senso, incluírase a análise de compatibilidade para garantir a coherencia da planificación en cascada e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos adversos que o plan puidese xerar no medio ambiente.

d) A documentación gráfica precisa para plasmar o estado do territorio e os extremos fundamentais da ordenación a que se refira o plan, a unha escala adecuada para a correcta lectura e difusión do seu contido.

e) Disposicións normativas que poidan resultar necesarias.

f) Estudo de viabilidade económico - financeira das actuacións derivadas do plan.

g) Plan de seguimento.

h) Síntese e conclusións do proceso de participación pública.



i) Documentación ambiental conforme á lexislación aplicable.





Subsección 2ª. Plans territoriais especiais

Artigo 29. Obxecto, ámbito e funcións dos plans territoriais especiais

1. Os plans territoriais especiais teñen por obxecto desenvolver as directrices de ordenación do territorio nos ámbitos nos que aquelas o consideren necesario, en función das súas características morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, etnográficas, produtivas, paisaxísticas ou ecolóxicas diferenciadas, que esixan unha consideración e tratamento unitarios nese ámbito.

2. Cando circunstancias non previstas nas directrices de ordenación do territorio o aconsellen, por concorrer os requisitos previstos no número 1, o Consello da Xunta poderá acordar a elaboración dun plan territorial especial para a protección de determinados espazos ou a ordenación de áreas singulares, sinalando o seu ámbito territorial e os principais obxectivos a alcanzar, a proposta da persoa titular da consellaría competente por razón do obxecto e en función da materia sobre a que verse o dito instrumento, e previo informe da consellería competente en materia de ordenación do territorio.

O acordo, que deberá ser publicado no *Diario Oficial de Galicia* e notificado aos concellos e deputacións provinciais afectados, será motivado, sinalará as causas que o xustifiquen e determinará a consellería competente para a tramitación do procedemento de elaboración do plan, así como aquel outros órganos que teñan que participar nel.

3. Os plans territoriais especiais só poderán ser promovidos pola iniciativa pública, nos termos sinalados no número 4 do artigo 26.





Artigo 30. *Contido e documentación dos plans territoriais especiais*

1. Os plans territoriais especiais conterán cantas determinacións resulten precisas en función do seu obxecto e, como mínimo, as seguintes:

a) Descrición do ámbito obxecto de ordenación e das características diferenciadas, sinaladas no número 1 do artigo anterior, con indicación dos seus valores naturais e potencialidades como soporte de usos e actividades.

b) Diagnose sobre a problemática suscitada polos usos existentes no ámbito e as tendencias previsibles dos mesmos, analizando a súa adecuación ou inadecuación ás esixencias de uso, protección ou explotación dos recursos naturais.

c) Sinalamento das zonas que presenten características homoxéneas e establecemento das medidas e normas de protección e das actuacións públicas ou privadas necesarias para a ordenación, preservación, restauración ou mellora das mesmas.

d) Identificación das infraestruturas verdes precisas para mitigar, entre outros, a alteración, perda e fragmentación de hábitats, o deterioro de procesos ecolóxicos e servizos ecosistémicos, así como o incremento dos riscos naturais.

e) Sinalamento da localización, magnitude e carácter das construcións vinculadas ao desfrute e explotación dos recursos naturais e definición, no seu caso, das infraestruturas e equipamentos correspondentes.

f) Normativa reguladora dos usos e actividades previstos.

g) Estudio económico, no que se analice a coherencia entre as normas e actuacións propostas e a dispoñibilidade de recursos.

h) Formulación, no seu caso, dos programas de inversións públicas vinculados ao desenvolvemento das actuacións de ordenación, preservación, restauración ou mellora das diferentes zonas, establecendo as prioridades das distintas actuacións previstas.

2. Os plans territoriais especiais conterán os documentos gráficos e escritos necesarios para reflectir o contido das súas determinacións e, en todo caso, os seguintes:

a) Memoria descritiva na que se xustifique a coherencia e oportunidade para a súa formulación, o ámbito territorial sobre o que se vai a actuar, os criterios da ordenación, con análise da situación actual, descrición dos obxectivos e medidas de actuación.

b) Memoria urbanística, na que se analice a relación do contido do plan territorial especial co planeamento urbanístico vixente, incluíndo as determinacións relativas aos solos cuxa clasificación ou cualificación se recollerá no plan con prevalencia á contida no planeamento



urbanístico ou, noutro caso, determinando as posibles discrepancias e xustificando as determinacións que deban ser modificadas posteriormente do dito planeamento.

Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan territorial especial e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente de conformidade co previsto no número 4 do artigo 17, elaborárase a documentación de carácter técnico e normativo necesaria para a tramitación da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

- c) Documentación gráfica con planos de información e ordenación a escala axeitada.
- d) Disposicións normativas que poidan resultar necesarias.
- e) Documentación ambiental conforme á lexislación aplicable.
- f) Memoria económica, estimando e ordenando a programación de actuacións planificadas.





Subsección 3ª. Eficacia dos plans territoriais

Artigo 31. Eficacia dos plans territoriais

1. As determinacións dos plans territoriais terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade e expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que deberán operar, de acordo co establecido no artigo 17.

2. Cando os plans territoriais conteñan determinacións de aplicación directa ou vinculantes para o planeamento urbanístico existente, o decreto de aprobación definitiva daqueles precisará, necesaria e respectivamente, os puntos concretos nos que as súas determinacións prevalecerán sobre as previsións do planeamento ou o momento ou prazos nos que os concellos deberán adaptarse ás ditas determinacións.

A tal efecto, os plans territoriais poderán establecer a clasificación e categorización do solo dos ámbitos delimitados, cando sexa condición mesma para a súa efectividade.

3. Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan territorial e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, de conformidade co previsto no número 4 do artigo 17, o decreto de aprobación definitiva daquel terá por obxecto tamén a aprobación definitiva da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.



Sección 3ª. Os plans sectoriais

Artigo 32. Obxecto, ámbito e funcións dos plans sectoriais

1. Os plans sectoriais son instrumentos de ordenación do territorio que teñen por obxecto ordenar e regular a implantación territorial das actividades sectoriais que se sinalan no número 2, establecendo, no seu caso, as condicións xerais para as futuras actuacións que desenvolvan os ditos plans e definindo os criterios de deseño e as características funcionais e de localización, que garantan a súa accesibilidade e coherente distribución territorial, segundo a súa natureza.

2. Aos efectos do sinalado no número anterior, poderán formularse plans sectoriais referidos aos seguintes ámbitos ou sectores:

- a) Abastecemento e saneamento.
- b) Xestión de residuos.
- c) Produción, transporte e distribución de enerxía.
- d) Infraestruturas de transporte e comunicación.
- e) Vivendas de protección.
- f) Actividades económicas, agroforestais e turísticas.
- g) Creación e desenvolvemento de solo empresarial.
- h) Rede de equipamentos de carácter supramunicipal.
- i) Instalacións de acuicultura e de apoio á mesma.
- j) Actividades extractivas.
- k) Portos deportivos.

3. A formulación dun plan sectorial terá carácter integrador e, polo tanto, referirase ao conxunto de actuacións que, pola súa función ou destino, requiran dunha planificación ou ordenación conxunta.

A tal efecto, o ámbito territorial dos plans sectoriais será a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, salvo que pola súa especificidade sexa preciso delimitar un ámbito menor.

4. Os plans sectoriais só poderán ser promovidos pola iniciativa pública, entendendo por tal as administracións e entidades descritas no artigo 26.4.

5. Os plans sectoriais desenvolveranse por medio de proxectos de interese autonómico.





6. Son funcións dos plans sectoriais, entre outras:

- a) A planificación dos sectores de actividade sinalados no número 2 que, por ter incidencia territorial, requiren dun instrumento técnico de apoio para a expresión e formulación das correspondentes políticas sectoriais.
- b) Procurar a coherencia das planificacións sectoriais e urbanísticas de interese autonómico antes sinaladas, para acadar un desenvolvemento territorial sostible e equilibrado e a planificación de infraestruturas e equipamentos de ámbito supramunicipal.
- c) Concretar e completar os obxectivos, principios, criterios e propostas de carácter sectorial das directrices de ordenación do territorio, adaptándoos á realidade territorial.
- d) Establecer os obxectivos, principios e criterios territoriais para as actuacións sectoriais supramunicipais que se concretan neste artigo das administracións públicas, dentro do respecto ás competencias respectivas.
- e) Propiciar a utilización adecuada, racional e equilibrada do territorio, en canto recurso natural non renovable e soporte obrigado das actividades sectoriais realizadas por axentes públicos e privados con incidencia no mesmo.
- f) Propor accións, proxectos, directrices e fórmulas de actuación territorial, para asegurar un desenvolvemento territorial eficiente e racional das actividades sectoriais sinaladas neste artigo.





Artigo 33. *Contido dos plans sectoriais*

Os plans sectoriais conterán as seguintes determinacións:

- a) Definición e xustificación do ámbito espacial do plan, con indicación dos municipios aos que afecte, no caso de non referirse á totalidade da Comunidade Autónoma.
 - b) Identificación da área ou sector de actividade suxeito a ordenación, distinguíndoo coa maior claridade posible doutros afíns e sinalando a relación cos mesmos.
 - c) Xustificación da súa necesidade para o sector do que se trate e o ámbito territorial delimitado.
 - d) Establecemento de criterios de coordinación con outros sectores e co marco xeral da ordenación territorial establecido polas directrices de ordenación do territorio, e cos plans territoriais integrados vixentes no ámbito, de ser o caso.
 - e) Descrición da problemática territorial presentada polo sector e análise do impacto das actuacións públicas e privadas producidas no pasado e previstas para o futuro dentro do ámbito sectorial.
 - f) Definir os obxectivos, principios e criterios territoriais para as actuacións sectoriais supramunicipais das Administracións públicas obxecto do plan, de modo que se executen con carácter integrado.
 - g) Propor as medidas e proxectos concretos que contribúan a alcanzar un desenvolvemento territorial eficiente e racional, en relación co ámbito da materia sectorial obxecto do plan.
 - h) Delimitación, no seu caso, dos ámbitos territoriais nos que se poderán asentar as actuacións que desenvolvan o plan a través de proxectos de interese autonómico.
- A tal efecto, o plan sectorial poderá establecer a clasificación e categorización do solo dos ditos ámbitos delimitados, cando sexa condición mesma para a súa efectividade.
- Neste caso, o plan sectorial deberá conter, respecto da clase ou categoría de solo que defina, as determinacións que, conforme á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, debe incluír o plan xeral de ordenación municipal, agás a delimitación de sectores no caso do solo urbanizable.
- En todo caso, a previsión, polo plan sectorial que proceda á clasificación e categorización do solo, de protección especial para determinados solos ou a modificación da protección especial que estes tivesen recoñecida, esixirá informe favorable do órgano sectorial competente e o cumprimento dos restantes requisitos esixibles.
- i) Descrición das características xerais das actuacións que desenvolvan o plan.





- j) No seu caso, directrices para a redacción dos proxectos de interese autonómico que desenvolvan o contido do propio plan sectorial.
- k) Medidas para a súa articulación co planeamento urbanístico e cos demais instrumentos de ordenación do territorio.
- l) Medidas de protección do medio ambiente, do patrimonio cultural e da paisaxe, de acordo coa normativa vixente.
- m) Identificación das infraestruturas verdes precisas para mitigar, entre outros, a alteración, perda e fragmentación de hábitats, o deterioro de procesos ecolóxicos e servizos ecosistémicos, así como o incremento dos riscos naturais
- n) Determinación das prioridades de actuación e a definición de estándares e normas de distribución territorial, de ser o caso.
- o) Pautas e directrices para unha eficaz coordinación, colaboración e cooperación administrativa.
- p) Supostos de modificación do plan sectorial e normas específicas para o seu seguimento.



Artigo 34. Documentación dos plans sectoriais

Os plans sectoriais conterán, cando menos, os seguintes documentos:

a) Unha memoria descritiva, na que se detalle:

1º Xustificación da coherencia e oportunidade para a súa formulación.

2º Descrición das características do ámbito territorial obxecto da actuación.

3º Análise e diagnóstico da área ou sector de actividade suxeito a ordenación, referida ao desenvolvemento das determinacións contidas no artigo anterior.

4º Xustificación da ordenación e das súas alternativas, no seu caso, definindo obxectivos e criterios para o seu posterior desenvolvemento.

5º Xustificación da idoneidade dos emprazamentos elixidos para futuras actuacións de desenvolvemento, de ser o caso.

6º Definición das características técnicas das posibles actuacións que desenvolvan o plan.

7º Estudo da incidencia territorial do plan, especialmente sobre os núcleos de poboación, usos do solo, infraestruturas, equipamentos e servizos, proteccións e afeccións urbanísticas e ambientais, con previsión dos medios adecuados de corrección ou de minimización de impactos.

8º Anexos nos que se detallen os estudos elaborados.

b) Unha memoria urbanística que conteña unha análise da relación do contido do plan sectorial co planeamento urbanístico vixente, incluíndo as determinacións relativas aos solos cuxa clasificación ou cualificación se recollerá no plan con prevalencia á contida no planeamento urbanístico, no seu caso, ou os criterios orientadores para a posterior clasificación ou cualificación do solo cando se desenvolva a través de proxectos de interese autonómico.

Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan sectorial e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, de conformidade co previsto no número 4 do artigo 17, elaborárase a documentación de carácter técnico e normativo necesaria para a tramitación da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

c) Xustificación do acomodo do plan sectorial aos instrumentos de ordenación do territorio vixentes. Neste senso, incluírase a análise de compatibilidade estratéxica para garantir a coherencia da planificación en cascada e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos adversos que o plan puidese xerar no medio ambiente.




- d) Documentación gráfica comprensiva da diagnose e da ordenación, a escala adecuada para a correcta lectura e difusión do seu contido, que incluíra estudos e planos de información, e planos de delimitación do seu ámbito territorial, así como planos de clasificación e cualificación dos terreos, obtidos do planeamento urbanístico vixente nas zonas afectadas, e os correspondentes á nova clasificación e cualificación do solo cando corresponda.
- e) Réxime normativo de aplicación.
- f) Memoria económica, coa estimación das accións comprendidas no plan e orde de prioridade de execución das mesmas, de ser o caso, e estudo de viabilidade económica-financeira das actuacións derivadas do plan.
- g) Síntese e conclusións do proceso de participación pública.
- h) Documentación ambiental necesaria de acordo coa normativa vixente na materia.



Artigo 35. Eficacia dos plans sectoriais


1. As determinacións dos plans sectoriais terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade e expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que deberán operar, de acordo co establecido no artigo 17.
2. Cando os plans sectoriais conteñan determinacións de aplicación directa ou vinculantes para o planeamento urbanístico existente, o decreto de aprobación definitiva daqueles precisará, necesaria e respectivamente, os puntos concretos nos que as determinacións do plan prevalecerán sobre o planeamento urbanístico ou o momento ou prazos nos que os concellos deberán adaptarse ás ditas determinacións.
3. Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan sectorial e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, de conformidade co previsto no artigo 17, o decreto de aprobación definitiva daquel terá por obxecto tamén a aprobación definitiva da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.





Artigo 36. *Carácter limitativo dos plans sectoriais*

1. Cando se tivese aprobado un plan sectorial só poderán formularse, dentro do obxecto e do ámbito delimitados por este, os proxectos de interese autonómico que desenvolvan o dito plan sectorial.
2. Como consecuencia do anterior, a realización, dentro do obxecto e do ámbito delimitados por un plan sectorial, dunha actuación non prevista nel, requirirá da súa modificación.



Sección 4ª. Os proxectos de interese autonómico

Subsección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 37. Obxecto, ámbito e funcións dos proxectos de interese autonómico

1. Os proxectos de interese autonómico son os instrumentos de intervención directa na ordenación do territorio da Comunidade Autónoma, que teñen por obxecto planificar e proxectar as seguintes actuacións, sempre que trascendan do ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa magnitude ou as súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado:

- a) Implantación de dotacións urbanísticas (equipamentos e infraestruturas).
- b) Creación de solo destinado a vivendas protexidas.
- c) Creación de solo destinado á realización de actividades económicas.

2. De acordo co establecido no número anterior considéranse:

a) **Dotacións urbanísticas:** son o conxunto de instalacións e servizos destinados á satisfacción das necesidades da cidadanía. Poden ser de uso e titularidade públicos ou privados e comprenden: as infraestruturas de transporte e comunicación; as redes de servizos de telecomunicacións, de execución da política enerxética, de subministro de enerxía eléctrica e de gas, de abastecemento de auga e de evacuación de augas residuais e depuración, de tratamento e eliminación de residuos e as instalacións destinadas á loita contra a contaminación e á protección da natureza, e os grandes equipamentos de uso sanitario-asistencial, educativo, cultural, deportivo, administrativo-institucional e de servizos públicos, de acordo ao establecido nos artigos 65, 71 e 72 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

b) **Solo destinado a vivendas protexidas:** é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de actuacións de transformación urbanística promovidas e desenvoltas pola consellaría competente en materia de vivenda a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo e polo sector público autonómico con destino maioritario á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública, pola necesidade demostrada de forte demanda social.

c) **Solo destinado á realización de actividades económicas:** é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de actuacións de transformación urbanística, con destino á creación de



solos para o desenvolvemento de actividades primarias, industriais ou terciarias, que teñan por obxecto a produción, distribución ou comercialización de bens e servizos, incluída a urbanización complementaria que precisen.

3. En función do seu obxecto, diferéncianse os seguintes tipos:

a) Proxectos de interese autonómico previstos, que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución de actuacións contempladas nun plan sectorial vixente.

b) Proxectos de interese autonómico non previstos, que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución de actuacións non contempladas en ningún plan sectorial.

Neste caso, o proxecto deberá axustarse aos criterios e obxectivos xerais que establezan as directrices de ordenación do territorio e deberá ser congruente e axustarse ao contido dos instrumentos de ordenación do territorio vixentes cos que puidera concorrer polo ámbito territorial ou polo contido do proxecto.

4. Unha vez aprobado un plan sectorial non poderán aprobarse, dentro do obxecto e do ámbito delimitados polo dito plan, proxectos de interese autonómico non previstos que planifiquen e proxecten a implantación de actuacións diferentes das contempladas no dito plan sectorial, debendo procederse, no seu caso, á modificación deste.

5. Os proxectos de interese autonómico poderán ser promovidos e desenvolvidos por iniciativa pública ou privada.

6. No caso de proxectos de iniciativa privada que impliquen a transformación urbanística do solo, a persoa promotora deberá acreditar a aceptación polas persoas propietarias que representen máis do 50% da superficie total do ámbito de actuación do proxecto.

7. Os proxectos de interese autonómico definirán os criterios de deseño, as características funcionais e a localización das actuacións obxecto do proxecto, que garantan a accesibilidade e a sustentabilidade ambiental de tales actuacións.

Asemade, garantirán a adecuada inserción no territorio das actuacións que constitúan o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos correspondentes sen menoscabo da funcionalidade dos existentes mediante a realización de cantas obras sexan precisas, a súa adaptación ao entorno no que se empracen e a súa articulación coas determinacións do planeamento urbanístico e territorial vixente.

8. Todas as obras, servizos públicos, infraestruturas e instalacións previstas no proxecto se axustarán ás dimensións e características esixidas pola lexislación sectorial que lles sexa de aplicación.





Artigo 38. *Declaración de interese autonómico*

1. No caso de proxectos de interese autonómico non previstos, será necesaria, como requisito previo ao inicio do procedemento de aprobación, a declaración de interese autonómico da actuación que constitúa o seu obxecto.

2. Aos efectos do sinalado no número anterior, as persoas ou entidades promotoras da actuación solicitarán á consellería competente por razón da materia a declaración de interese autonómico, para o que deberán achegar unha proposta de actuación indicando, cando menos, os seguintes extremos:

a) Descrición do tipo de actuación que se pretende levar a cabo, de acordo co establecido nos números 1 e 2 do artigo 37.

b) Localización xustificada e ordenación da actuación proposta.

c) Características nas que se fundamenta o interese autonómico, xustificando e motivando os seguintes aspectos:

1º Que as actuacións previstas trascendan do ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa magnitude ou as súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado, sen que sexa suficiente xustificación a súa situación en terreos de varios termos municipais.

2º Que as actuacións previstas posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio; ou que serven para desenvolver, implantar ou executar políticas sectoriais previstas na lexislación sectorial; ou que a declaración de interese autonómico é necesaria para garantir a adecuada inserción no territorio das actuacións que constitúen o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos correspondentes sen menoscabo da funcionalidade dos existentes; ou a súa adaptación ao contorno no que se empracen.

d) No seu caso, a inadecuación da actuación ao planeamento urbanístico vixente e a imposibilidade de desenvolver a actuación ao abeiro do mesmo por falta de previsión ou incompatibilidade coas súas determinacións.

d) Xustificación da súa adecuación ás directrices de ordenación do territorio e outros instrumentos de ordenación do territorio vixentes no ámbito no que se desenvolva o proxecto.

e) Medios económicos que garantan a viabilidade do proxecto.

f) Aspectos ambientais a ter en conta.



Artigo 39. Procedemento de declaración de interese autonómico

1. O procedemento de declaración de interese autonómico poderá iniciarse de oficio, por acordo da consellería competente por razón da materia relacionada coa actuación, no que se deberá motivar expresamente a procedencia da declaración, ou a solicitude das persoas ou entidades promotoras, nos termos previstos no artigo anterior.

No suposto de inicio a solicitude da persoa interesada, a consellería competente por razón da materia deberá emitir informe sobre a procedencia da declaración solicitada no prazo de dous meses.

Tanto no caso de iniciación do procedemento de oficio como a solicitude de persoa interesada solicitarase informe á consellería competente en materia de ordenación do territorio sobre a coherencia da proposta de actuación coas determinacións das directrices de ordenación do territorio e dos restantes instrumentos de ordenación do territorio vixentes que afecten ao ámbito do proxecto, que deberá ser emitido no prazo de dous meses.

2. Unha vez realizados os trámites anteriores, darase audiencia por prazo de dous meses aos concellos e demais administracións públicas cuxas funcións puidesen resultar afectadas pola actuación.

3. Á vista do resultado das actuacións sinaladas, a consellería competente por razón da materia formulará unha proposta de resolución e a remitirá, xunto co resto do expediente, ao Consello da Xunta para que este proceda, no seu caso, á declaración do interese autonómico, así como á determinación da consellería competente para a tramitación do procedemento de aprobación do proxecto e aquelas que, se é o caso, deban colaborar na dita tramitación.

4. O acordo do Consello da Xunta polo que se aprobe a declaración de interese autonómico publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial da Provincia correspondente*.


5. A declaración de interese autonómico en ningún caso condicionará a resolución que poña fin ao procedemento de aprobación do proxecto.





Artigo 40. *Caducidade da declaración de interese autonómico*

1. Acordada a declaración de interese autonómico, a persoa promotora disporá dun prazo de un ano para a presentación da documentación necesaria para iniciar a tramitación do procedemento de aprobación do proxecto. O mesmo prazo resultará de aplicación para o suposto de inicio do procedemento de aprobación do proxecto de oficio. De non iniciarse o procedemento no dito prazo, a declaración de interese autonómico quedará sen efectos, declarándose a súa caducidade, previa audiencia da persoa promotora.
2. Transcorridos tres anos desde a aprobación da declaración sen que se publicara no *Diario Oficial de Galicia* o acordo de aprobación definitiva do proxecto de interese autonómico, producirase a caducidade daquela, salvo que no dito tempo recaera acordo de aprobación inicial do proxecto.
3. Se transcorreran tres anos desde o acordo de aprobación inicial do proxecto sen que se publicara no *Diario Oficial de Galicia* o acordo da súa aprobación definitiva, producirase a caducidade da declaración de interese autonómico, salvo que antes de finalizar o prazo sinalado se tivese acordado unha prórroga por un período non superior a dous anos. Neste último caso, producirase a caducidade da declaración se, transcorrida a prórroga, non se tivese publicado no *Diario Oficial de Galicia* o acordo de aprobación definitiva do proxecto.
4. Nos supostos previstos nos números anteriores, a caducidade declararase por acordo do Consello da Xunta que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.





Artigo 41. *Contido dos proxectos de interese autonómico*

1. Os proxectos de interese autonómico detallarán as determinacións do plan sectorial que desenvolvan, de ser o caso, e, como mínimo conterán as seguintes determinacións:

a) Identificación completa da Administración pública, entidade mercantil, persoa física ou xurídica promotora do proxecto e responsable da súa execución.

b) Identificación do emprazamento das actuacións obxecto do proxecto, de acordo coa delimitación establecida no correspondente plan sectorial, de ser o caso, ou delimitación do ámbito no caso dun proxecto de interese autonómico non previsto, e descrición dos terreos nel comprendidos e das súas características, usos do solo e aproveitamentos existentes e previstos para o seu adecuado funcionamento.

No caso de proxectos de interese autonómico previstos nun plan sectorial, o proxecto poderá, xustificadamente, reaxustar o ámbito delimitado polo plan, sempre que non supoña unha alteración superior ao 10% do mesmo, incluso cando o reaxuste afecte á clasificación urbanística do solo. En todo caso, no procedemento de aprobación do proxecto deberá darse audiencia ás persoas propietarias afectadas.

c) Descrición detallada da ordenación e das características técnicas da actuación obxecto do proxecto.

d) Xustificación da coherencia entre as actuacións proxectadas e as previsións contidas nas directrices de ordenación do territorio e noutros instrumentos de ordenación do territorio vixentes no ámbito.

e) Adecuación co planeamento municipal vixente no termo ou termos municipais en que se asente a actuación, ou, se é o caso, indicación das determinacións do dito planeamento municipal que deban ser modificadas, no seu caso, conxuntamente coa aprobación do proxecto de interese autonómico.

Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do proxecto de interese autonómico e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente de conformidade co previsto no artigo 17, elaborárase a documentación de carácter técnico e normativo necesaria para a tramitación da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

f) No seu caso, determinación da nova clasificación e cualificación do solo, así como as determinacións de carácter xeral e pormenorizado que, no seu caso, sexan precisas segundo a clase e categoría de solo.





g) Duración temporal estimada da súa execución, prazos de inicio e terminación das obras, con determinación, no seu caso, das fases en que se divida a dita execución.

h) Recursos económicos afectados á actuación.

i) Estudo da incidencia sobre o territorio físico, afeccións ambientais e paisaxísticas e medios de corrección ou minimización delas.

j) Identificación das infraestruturas verdes precisas para mitigar, entre outros, a alteración, perda e fragmentación de hábitats, a deteriorización de procesos ecolóxicos e servizos ecosistémicos, así como o incremento dos riscos naturais.

k) No caso de actuacións de iniciativa privada, obrigas asumidas pola persoa promotora do proxecto e garantías que, no seu caso, se presten e constitúan, en calquera das formas admitidas en dereito, e que deberán incluír, como mínimo, as correspondentes aos deberes legais derivados do réxime da clase de solo resultante do proxecto.

A tal efecto, a persoa promotora deberá depositar unha fianza equivalente ao cinco por cento do custo das obras e infraestruturas necesarias para a implantación das actuacións contempladas no proxecto, ou, de ser o caso, a establecida expresamente pola normativa sectorial correspondente.

l) Os proxectos de interese autonómico que impliquen a transformación urbanística do solo deberán conter, ademais das determinacións esixidas neste artigo, as que se indican no artigo 68 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para os plans parciais.

m) No caso de que o proxecto de interese autonómico se refira á implantación de equipamentos ou solos destinados a vivendas protexidas ou á realización de actividades económicas, xustificación do cumprimento dos estándares urbanísticos para o solo urbanizable de acordo co disposto na normativa urbanística vixente.

n) Calquera outra determinación que veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.

2. Cando por razón do seu obxecto, a inclusión dalgún dos anteriores extremos resulte imposible ou innecesaria para o proxecto de interese autonómico de que se trate, deberá xustificarse debidamente a dita circunstancia.





Artigo 42. Documentación dos proxectos de interese autonómico

1. Os proxectos de interese autonómico incluírán as determinacións expostas no artigo anterior e conterán, como mínimo, os seguintes documentos:

a) A declaración de interese autonómico, no caso de proxectos de interese autonómico non previstos.

b) Unha memoria na que se detallen:

1º Xustificación da coherencia e oportunidade para a súa formulación e do interese público e utilidade social da actuación.

2º Xustificación da idoneidade da localización elixida no caso de proxectos de interese autonómico non previstos, ou de acomodo ao plan sectorial que desenvolve o proxecto.

No caso de proxectos de interese autonómico non previstos incluírase unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) para garantir a coherencia da planificación en cascada e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos adversos que o proxecto puidese xerar no medio ambiente.

3º Descrición das características técnicas das actuacións obxecto do plan, así como do ámbito territorial afectado.

4º Estudo da incidencia territorial da actuación prevista, especialmente sobre os núcleos de poboación, proteccións e afeccións urbanísticas e ambientais e medios de corrección ou de minimización de impactos.

5º Xustificación do cumprimento das normas de aplicación directa contidas nos artigos 91 e 92 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e, de ser o caso, dos estándares urbanísticos correspondentes ás clases de solo que resulten da nova ordenación.

6º Análise da relación do contido do proxecto de interese autonómico co planeamento urbanístico vixente.

c) Documentación gráfica a escala adecuada para a correcta medición e identificación das súas determinacións e difusión do seu contido que incluírá, polo menos:

1º Planos de información expresivos das características naturais, físicas e topográficas actuais dos terreos afectados polo proxecto, así como da estrutura da propiedade e da clasificación e cualificación urbanística de acordo co planeamento vixente, incluíndo a rede de infraestruturas viarias e demais servizos urbanísticos existentes.

2º Planos de ordenación expresivos da ordenación urbanística prevista no proxecto, identificando as determinacións correspondentes tanto á ordenación estrutural como á





detallada, e descritivos, co grao de desenvolvemento suficiente, do obxecto do proxecto e de todas as obras necesarias para a súa correcta execución. No seu caso, deberán definir todas as obras necesarias para a eficaz conexión do proxecto coas correspondentes redes xerais de servizos e as igualmente necesarias para manter a operatividade e calidade de servizo prestado polas infraestruturas existentes.

d) Normativa.

1º Regulamentación detallada do uso pormenorizado, volume, características técnicas e funcionais, condicións de deseño e de adaptación ao ambiente das actuacións obxecto do proxecto de interese autonómico.

2º No caso de tramitación simultánea da aprobación do proxecto de interese autonómico e da modificación do planeamento urbanístico, documentación de carácter técnico e normativo necesaria para a tramitación da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

e) Documentación esixida pola lexislación de avaliación ambiental.

f) Memoria económica.

1º Estudo económico e financeiro xustificativo da viabilidade do proxecto, en termos de rendibilidade, así como, en todo caso, a identificación das fontes de financiamento e medios con que conte a persoa promotora para facer fronte ao custo total previsto para a execución do proxecto.

2º Informe de sustentabilidade económica, no que se ponderará en particular o impacto da actuación nas facendas públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como, no seu caso, a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos. Tamén se contemplará a eventual constitución ulterior dunha entidade urbanística de conservación da urbanización.

3º Presuposto.

g) Documento de asunción expresa, fehaciente e en firme por parte da persoa promotora do proxecto de interese autonómico das obrigas que, no seu caso, comporte a execución da actuación.

h) No caso de proxectos de interese autonómico que supoñan transformación urbanística do solo, deberán conter, ademais da documentación esixida neste artigo, a que se indica no artigo 69 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, para os plans parciais.






i) Síntese e conclusións do proceso de participación pública.

j) Calquera outra documentación que poda vir establecida no plan sectorial que desenvolvan, no caso dos proxectos de interese autonómico previstos.

2. Os proxectos de interese autonómico poderán prever o seu desenvolvemento mediante os instrumentos técnicos de ordenación necesarios para formalizar con claridade e precisión as determinacións a que se refire o número anterior, en función da súa aplicación á clase de solo e ao destino final previsto na actuación.

A tal efecto, a actuación poderá definirse co detalle suficiente para que poda levarse a cabo a súa execución directamente, ou ben remitirse a un ou varios proxectos de urbanización de desenvolvemento posterior.





Artigo 43. *Relación con outros instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos*

1. Os proxectos de interese autonómico non poderán vulnerar as determinacións contidas noutros instrumentos de ordenación do territorio regulados nesta lei.
2. Sen prexuízo do disposto nos outros instrumentos de ordenación territorial previstos nesta lei e do que se dispón no número seguinte, os proxectos de interese autonómico poderán desenvolverse en calquera clase de solo.
3. Non obstante o disposto no número anterior, cando resulten afectados terreos con valores que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable, a aprobación do proxecto esixirá contar co informe favorable do órgano sectorialmente competente en función dos valores obxecto de protección.
4. Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do proxecto de interese autonómico e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, de conformidade co previsto no número 4 do artigo 17, elaborárase a documentación de carácter técnico e normativo necesaria para a tramitación da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.
5. Os proxectos que teñan por obxecto actuacións que impliquen a transformación urbanística do solo rústico e o seu conseguinte cambio de clasificación ou cualificación, deberán cumprir as condicións e os estándares de reservas mínimas para zonas verdes, equipamentos, arborado e aparcamentos que estableza a normativa urbanística en vigor para o solo urbanizable.
6. As dotacións públicas obxecto dun proxecto de interese autonómico serán cualificadas como sistemas xerais de acordo co establecido no artigo 72.2 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, para os equipamentos de ámbito funcional superior ao do plan xeral.






Artigo 44. *Iniciación do procedemento de aprobación dos proxectos de interese autonómico*

1. No caso de proxectos de interese autonómico previstos, o procedemento de aprobación poderá iniciarse, ben de oficio por acordo da consellería competente na materia obxecto do proxecto, ou ben por solicitude das persoas ou entidades promotoras do proxecto, a cal deberá ir acompañada do proxecto redactado por persoal técnico competente e dirixirse á consellería competente por razón da materia obxecto do proxecto. Unha vez iniciado o procedemento, seguiranse os trámites previstos no capítulo III do título I.

2. Conforme o disposto nos artigos 38 e 39, no caso de proxectos non previstos será necesaria a previa declaración de interese autonómico. Producida a dita declaración e determinada polo Consello da Xunta a consellería competente para a tramitación do procedemento de aprobación do proxecto así como, no seu caso, as consellerías que deberán colaborar na dita tramitación, a persoa ou entidade promotora deberá presentar un borrador de proxecto dirixido á consellería competente para a tramitación do procedemento de aprobación do plan. No caso de iniciarse de oficio, unha vez presentado o borrador do proxecto seguiranse os trámites previstos no capítulo III do título I.



Artigo 45. Eficacia dos proxectos de interese autonómico

1. As determinacións contidas nos proxectos de interese autonómico terán a eficacia correspondente segundo o establecido no artigo 17.
2. Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do proxecto de interese autonómico e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, de conformidade co previsto no número 4 do artigo 17, o decreto de aprobación definitiva daquel terá por obxecto tamén a aprobación definitiva da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.
3. A aprobación definitiva dos proxectos de interese autonómico determinará o réxime de dereitos e deberes aplicable para a súa execución de conformidade coa clase de solo que aqueles determinen e segundo o disposto na normativa urbanística de aplicación.
4. Os municipios serán beneficiarios das cesións de solo e aproveitamento urbanístico que se deriven da execución de proxectos de interese autonómico, conforme á normativa urbanística de aplicación.
5. Cando os proxectos de interese autonómico consistan na implantación de actuacións concretas para dotacións públicas que non supoñan actuacións de transformación urbanística definidas na lexislación básica estatal en materia do solo, e nas que non resulten aproveitamentos lucrativos, non será de aplicación o disposto no número anterior.
6. Os proxectos de urbanización de carácter público que desenvolvan un proxecto de interese autonómico serán autorizados pola consellaría tramitadora do procedemento de aprobación deste, previa audiencia do concello ou concellos afectados.
7. As obras e instalacións públicas definidas detalladamente nun proxecto de interese autonómico serán cualificadas expresamente como de marcado carácter territorial e non estarán suxeitas a licenza urbanística nin a ningún dos actos de control preventivo municipal, sen prexuízo da obrigatoriedade do cumprimento da normativa de aplicación esixible. Neste caso, con carácter previo ao inicio das obras, remitirase aos concellos nos que se asente a actuación, un exemplar do proxecto técnico das mesmas.
8. Os proxectos de urbanización de carácter privado que desenvolvan un proxecto de interese autonómico deberán obter a aprobación do concello no que se desenvolvan, cando os mesmos afecten a un único termo municipal.





No caso de que se desenvolvan en máis dun concello o proxecto de urbanización deberá ser aprobado por cada un dos concellos afectados, co obxecto de dispoñer dunha aprobación conxunta del.


Para estes efectos, os concellos deberán instrumentar os mecanismos de colaboración previstos na lexislación vixente, co fin de coordinar os criterios aos que deberá axustarse a actuación obxecto de licenza, unificar a tramitación dos expedientes de aprobación da dita actuación e determinar o procedemento para recibir as obras de urbanización, así como establecer as bases do procedemento a seguir na xestión das infraestruturas e servizos urbanísticos afectados e o grao de participación de cada concello nos gastos e ingresos xerados pola dita xestión e os que se poidan xerar en función da concesión dos correspondentes títulos administrativos habilitantes de obras e actividades no ámbito.

9. No caso das edificacións que se empracen en terreos situados en varios termos municipais , o outorgamento ou, no seu caso, presentación do correspondente título habilitante municipal de natureza urbanística resolverase de acordo co establecido na disposición adicional cuarta.



Artigo 46. Vixencia e caducidade dos proxectos de interese autonómico

1. Os proxectos de interese autonómico terán vixencia indefinida.
2. Non obstante o disposto no número anterior, o Consello da Xunta, de oficio ou a instancia de persoa interesada, poderá acordar a caducidade dun proxecto de interese autonómico no suposto de que, por causa imputable ao promotor do proxecto, se incumpran os prazos previstos para o seu inicio ou terminación, ou as obras se interrompesen por tempo superior ao autorizado sen causa xustificada, agás que, respecto dalgún ou dalgúns de tales prazos se concedese prórroga pola consellería que tramitase o procedemento de aprobación do proxecto, a cal non poderá ser superior á metade do prazo correspondente fixado no proxecto.





Artigo 47. *Declaración de caducidade*

1. O procedemento de declaración de caducidade poderá iniciarse de oficio ou por petición dun concello afectado ou de calquera persoa interesada.
2. A declaración de caducidade corresponderalle ao Consello da Xunta de Galicia, a proposta e previo informe da consellería competente por razón da materia que tramitou o proxecto de interese autonómico logo de:
 - a) Informe da consellaría competente en materia de ordenación do territorio.
 - b) Audiencia das persoas interesadas por prazo de 1 mes. No caso de que o procedemento non se tivera iniciado a petición do concello afectado, daráselle tamén audiencia polo mesmo prazo.
3. Declarada a caducidade dun proxecto de interese autonómico de iniciativa particular produciranse automaticamente os seguintes efectos:
 - a) Os terreos afectados recuperarán a súa clasificación e cualificación orixinaria.
 - b) A persoa física ou xurídica responsable da execución do proxecto deberá repor os terreos ao estado que tiveran antes do inicio da actuación e perderá, no seu caso, a garantía que tivera constituída.
 - c) As persoas titulares dos terreos que tivesen sido obxecto de expropiación para a execución da actuación, poderán solicitar a reversión, cando así proceda nos termos do disposto na normativa vixente en materia de expropiación forzosa.
4. A declaración de caducidade indicará, se é o caso, as determinacións do planeamento urbanístico municipal que deban ser modificadas, as condicións a que queden sometidas as construcións e instalacións xa realizadas e aquelas outras que resulten adecuadas para corraxir ou eliminar os impactos que puideran producirse no medio físico.
5. A declaración de caducidade non dará lugar, por si soa, a indemnización algunha.





Subsección 2ª. Xestión e execución dos proxectos de interese autonómico

Artigo 48. Xestión dos proxectos de interese autonómico

1. Cando a xestión dos proxectos de interese autonómico o precise, levarase a cabo polo procedemento de expropiación forzosa, de acordo co establecido na normativa vixente en materia de expropiación forzosa. Noutro caso, poderán empregarse os sistemas de actuación previstos na normativa urbanística vixente.

2. Os instrumentos de xestión urbanística non poden vulnerar as determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio.

3. Corresponden á Administración Autonómica, a través da consellaría competente por razón da materia á que se refira o proxecto, as seguintes funcións:

- a) Exercer a supervisión e tutela da execución dos proxectos de interese autonómico.
- b) Exercer a potestade expropiatoria en favor da persoa beneficiaria, e adoptar todas as resolucións que impliquen exercicio da dita potestade, sen prexuízo da intervención, facultades e obrigas que legalmente corresponden á persoa beneficiaria.

A tal efecto, terá a consideración de persoa beneficiaria da expropiación a persoa ou persoas naturais ou xurídicas promotoras da actuación.

c) Prestar a colaboración requirida pola persoa promotora e os concellos interesados para levar a bo termo as actuacións do proxecto de interese autonómico.

4. O procedemento de expropiación forzosa será tramitado pola consellaría competente por razón da materia á que se refire o proxecto. O prezo xusto dos bens e dereitos expropiados fixarase mediante expediente individualizado ou polo procedemento de taxación conxunta. A valoración dos bens e dereitos axustarase aos criterios establecidos ao respecto na lexislación vixente aplicable.





Artigo 49. *Execución dos proxectos de interese autonómico*

1. A execución dos proxectos de interese autonómico corresponde á persoa promotora. A estes efectos, enténdese por persoa promotora a administración pública ou a persoa física ou xurídica que ostente tal condición no momento da súa aprobación definitiva. A identificación da persoa promotora efectuarase no decreto de aprobación definitiva do proxecto.

2. A persoa promotora do proxecto de interese autonómico deberá cumprir os deberes inherentes á clase de solo resultante do proxecto, así como os que, no seu caso, sexan asumidos polo mesmo con carácter voluntario. Asemade, a persoa promotora dun proxecto de interese autonómico está obrigada á completa realización das obras e instalacións previstas no mesmo.


3. Os actos de edificación necesarios para a execución dos proxectos de interese autonómico que corresponda levar a cabo pola persoa promotora, realizaranse sobre a base e con arranxo ao proxecto ou proxectos técnicos que concreten as obras ou instalacións que, no seu caso, sexan precisos.

Os ditos proxectos técnicos remitiranse aos concellos afectados para os efectos de dispoñer do correspondente título habilitante, de acordo co disposto no artigo 45.

4. A recepción das obras de urbanización e dos solos que sirvan de soporte ás oportunas infraestruturas formalizarase de acordo co establecido na normativa urbanística vixente.

5. O proxecto de interese autonómico poderá prever que, unha vez recibidas as obras de urbanización e os solos que lles sirvan de soporte, se constitúa unha entidade urbanística de conservación que asuma o seu mantemento durante un prazo máximo de dez anos. As entidades urbanísticas de conservación suxeitaranse ao previsto na normativa urbanística.

6. No caso de incumprimento na execución, o Consello da Xunta, a proposta da Consellaría competente na materia correspondente, poderá declarar a caducidade dun proxecto de interese autonómico, coas condicións establecidas nos artigos 46 e 47.





Artigo 50. Subrogación na posición xurídica da persoa ou entidade promotora privada do proxecto de interese autonómico

1. A persoa ou entidade promotora á que se refire o número 1 do artigo anterior, á que o decreto de aprobación definitiva atribúa a responsabilidade da execución dun proxecto de interese autonómico, estará obrigada á completa realización das obras e instalacións previstas neste.

2. Excepcionalmente, en virtude de circunstancias sobrevidas, cando sexa indispensable para a aseguranza da conclusión da execución e por acordo do Consello da Xunta adoptado a instancia de persoa interesada na execución do proxecto, poderá autorizarse a substitución, total ou parcial, da persoa promotora nos dereitos e as obrigas derivados do decreto de aprobación definitiva dun proxecto de interese autonómico e relativos, polo tanto, á súa execución. Non será necesario o acordo do Consello da Xunta no suposto de que a persoa promotora sexa unha administración pública ou calquera das súas entidades instrumentais.

3. Aos efectos do disposto no número anterior, deberá presentarse ante a consellaría competente na materia de ordenación do territorio a correspondente solicitude acompañada de copia da escritura pública do acordo suscrito entre as partes, no que deberá identificarse a persoa ou persoas que pretendan subrogarse, total ou parcialmente, na posición xurídica da persoa promotora, expresarse todas e cada unha das condicións en que se verificaría a subrogación e conterse o compromiso da persoa ou persoas que pretendan subrogarse na posición de prestar garantías suficientes e, como mínimo, equivalentes ás xa constituídas.

4. O Consello da Xunta resolverá as solicitudes a que se refire o número anterior no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, a proposta da persoa titular da consellaría competente na materia obxecto do ámbito do proxecto de interese autonómico e, previo informe da Comisión Superior de Urbanismo, atendendo en todo caso á persistencia do interese público na execución do proxecto de que se trate, o grao de cumprimento por parte da persoa promotora na dita execución, a situación deste e das obras e a solvencia económica, técnica e profesional da persoa ou persoas que pretendan asumir, por subrogación, a ulterior realización do proxecto.

O transcurso do dito prazo permitirá entender desestimada a solicitude.





En todo caso, a autorización da dita subrogación comportará a perda da garantía que prestara ante a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, na proporción que representen as obras pendentes de execución sobre o total das previstas no proxecto.





CAPÍTULO III

Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio

Artigo 51. Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria

1. O órgano substantivo segundo o sinalado nesta lei, remitirá ao órgano ambiental unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria, acompañada dun borrador do instrumento de ordenación do territorio e dun documento inicial estratéxico, co contido previsto na normativa básica estatal en materia de avaliación ambiental.

O órgano ambiental comprobará, no prazo máximo de 10 días hábiles, que a solicitude de inicio inclúe os documentos preceptivos e, de non ser así, requirirá ao órgano substantivo que subsane as ditas deficiencias, achegando a documentación sinalada.

2. O órgano ambiental, no prazo de tres meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, tras someter o borrador de instrumento de ordenación territorial e o documento inicial estratéxico a consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses desde a súa recepción. No caso de que a consellería tramitadora non sexa a consellaría competente en materia de ordenación do territorio, esta deberá ser consultada neste momento.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico estará a disposición do público a través da sede electrónica do órgano ambiental e do órgano substantivo. Este documento, determinará as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas que deban ser consultadas no seo do procedemento de aprobación do instrumento de ordenación territorial e, como mínimo, incluírá todas aquelas administracións públicas que deban emitir informe sectorial, de conformidade coa normativa aplicable.

3. A persoa promotora do instrumento de ordenación do territorio elaborará o estudo ambiental estratéxico, atendendo aos criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido esixible pola normativa vixente.

4. A persoa promotora elaborará a versión inicial do instrumento de ordenación do territorio tendo en conta o estudo ambiental estratéxico e procederá á súa aprobación inicial, e o someterá a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia, nos Boletíns Oficiais da Provincia*





correspondentes e na sede electrónica da Xunta de Galicia. O acceso á dita sede poderá efectuarse a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

Asemade, darase audiencia ás deputacións provinciais e ás entidades locais sobre as que incida o instrumento de ordenación do territorio; faranse as consultas previstas no documento de alcance e solicitaranse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos, sen prexuízo da solicitude noutro momento procedimental dos informes sectoriais que procedan, de conformidade co previsto na súa normativa reguladora.

No caso dos proxectos de interese autonómico, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Simultaneamente ao trámite de información pública, deberá solicitarse, no seu caso, informe ás empresas subministradoras, que deberán emitilo, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstos.

Transcorrido o prazo de tres meses sen que se comunicasen os informes sectoriais autonómicos e municipais solicitados, entenderanse emitidos con carácter favorable.

5. Á vista do resultado dos trámites de audiencia e da información pública, así como dos informes emitidos, introduciranse as modificacións ou correccións que procedan no instrumento tramitado e, no seu caso, no estudo ambiental estratéxico, e elaborarse a proposta final do instrumento de ordenación do territorio.

No caso de que se introduzisen modificacións que determinen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrírase un novo trámite de información pública.

6. O expediente de avaliación ambiental estratéxica completo, de conformidade coa lexislación vixente, será remitido ao órgano ambiental, que realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do instrumento de ordenación do territorio no ambiente. Se durante a referida análise o órgano ambiental considera que a información pública ou as consultas non se realizaron conforme co establecido no documento de alcance e na normativa en materia de avaliación ambiental, instará ao órgano competente para a tramitación do procedemento para que emende o expediente de avaliación ambiental estratéxica no prazo máximo de tres meses. Neste





suposto suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica.

Se, transcorridos tres meses desde o requirimento do órgano ambiental non se remitise o expediente subsanado, ou se unha vez presentado resultase insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, e notificará ao órgano competente para a tramitación do procedemento e, de ser persoa distinta, á persoa promotora, a resolución de terminación.

O órgano ambiental continuará o procedemento sempre que dispoña dos elementos de xuízo suficientes para realizar a avaliación ambiental estratéxica, de conformidade co disposto na normativa básica estatal en materia de avaliación ambiental.

7. O órgano ambiental formulará a declaración ambiental estratéxica no prazo de tres meses, contados desde a recepción do expediente completo, prorrogable por un mes máis por razóns xustificadas debidamente motivadas e comunicadas ao órgano tramitador e á persoa promotora. A declaración ambiental estratéxica deberá ser publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica do órgano ambiental e terá a natureza de informe preceptivo e determinante.

8. Cumpridos os trámites sinalados nos números precedentes, incorporarase o contido da declaración ambiental estratéxica no instrumento de ordenación do territorio, elaborase un extracto co contido sinalado na normativa básica estatal en materia de avaliación ambiental e indicaranse as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da súa aplicación.

9. A persoa titular da consellería competente para a tramitación do procedemento acordará a aprobación provisional do instrumento de ordenación do territorio, logo do informe preceptivo da consellería competente en materia de ordenación do territorio, que deberá ser emitido no prazo de dous meses.

10. O Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería tramitadora do procedemento, aprobará definitivamente o instrumento de ordenación do territorio, mediante decreto, que deberá ser publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso das Directrices de Ordenación do Territorio, o Consello da Xunta dará traslado das mesmas ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación de acordo co disposto para os plans e programas remitidos pola Xunta no Regulamento do Parlamento de Galicia. Ao



rematar o procedemento sinalado, o Parlamento remitirá o documento ao Consello da Xunta, que o aprobará coa forma de Decreto que se publicará no Diario Oficial de Galicia.

11. A eficacia do decreto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do instrumento de ordenación do territorio estarán condicionadas ao cumprimento do previsto no artigo 55.





Artigo 52. Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada

1. O órgano substantivo segundo o sinalado nesta lei, remitirá ao órgano ambiental unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada dun borrador do instrumento de ordenación do territorio e dun documento inicial estratéxico, co contido previsto na normativa básica estatal en materia de avaliación ambiental.

O órgano ambiental comprobará, no prazo máximo de 10 días hábiles, que a solicitude de inicio inclúe os documentos preceptivos e, de non ser así, requirirá ao órgano substantivo que subsane as ditas deficiencias, achegando a documentación sinalada.

2. O órgano ambiental, no prazo de tres meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará o informe ambiental estratéxico, tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses.

No caso de que a consellería tramitadora non sexa a consellaría competente en materia de ordenación do territorio, esta deberá ser consultada neste momento.

3. O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas realizadas, determinará no informe ambiental estratéxico se o instrumento de ordenación do territorio ten ou non efectos significativos sobre o medio. No caso de non prever efectos significativos, o dito instrumento poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza, traíos trámites previstos nos números 4 a 8 deste precepto.

No caso de que o instrumento de ordenación do territorio poida ter efectos significativos sobre o medio ambiente, o órgano ambiental determinará que debe someterse a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria. Neste caso, o órgano ambiental elaborará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas, e notificará esta decisión á persoa promotora, xunto co documento de alcance e o resultado das consultas realizadas, para que elabore o estudo ambiental estratéxico e continúe coa tramitación prevista nos números 3 e seguintes do artigo anterior.

4. O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica do órgano ambiental.





5. A consellaría tramitadora do instrumento de ordenación do territorio procederá á súa aprobación inicial e o someterá a información pública durante un prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial da Provincia correspondente* e no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado.

6. Asemade, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados e darase audiencia ás deputacións provinciais e ás entidades locais sobre as que incida o instrumento; e solicitaranse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos, sen prexuízo da solicitude noutro momento procedimental dos informes sectoriais que procedan, de conformidade co previsto na súa normativa reguladora.

Simultaneamente ao trámite de información pública, deberá solicitarse, no seu caso, informe ás empresas subministradoras, que deberán emitilo, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstos.

Transcorrido o prazo de tres meses sen que se comunicasen os informes autonómicos e municipais solicitados, entenderanse emitidos con carácter favorable.

7. Á vista do resultado dos trámites de audiencia e da información pública, así como dos informes emitidos, introduciranse as modificacións ou correccións que procedan no instrumento tramitado e se elaborará a proposta final do instrumento de ordenación do territorio.

No caso de que se introduzisen modificacións que determinen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública.

8. Cumpridos os trámites dos números anteriores, procederase de acordo ao establecido nos números 9 e seguintes do artigo anterior.





CAPÍTULO IV

Modificación dos instrumentos de ordenación do territorio

Artigo 53. Modificación dos instrumentos de ordenación do territorio

1. Os instrumentos de ordenación do territorio poderán someterse ás seguintes alteracións respecto do seu contido:

a) **Modificación substancial:** cando os cambios supoñan unha alteración xeral ou fundamental do dito instrumento. En todo caso, terá o carácter de substancial a modificación que haxa de someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria; e no caso dos proxectos de interese autonómico non previstos, aquelas que afecten aos aspectos que fundamentaron a declaración de interese autonómico.

Para a súa tramitación seguirase o mesmo procedemento previsto para a aprobación do instrumento de ordenación do territorio que se modifica substancialmente.

b) **Modificación non substancial:** cando os cambios propostos non supoñan alteración xeral ou fundamental do dito instrumento. O carácter de non substancial da modificación deberá xustificarse convenientemente, de acordo co establecido nesta lei, e para tal modificación seguirase o procedemento simplificado previsto no artigo seguinte.

2. Os instrumentos de ordenación do territorio deberán definir con claridade que modificacións terán o carácter de non substanciais. En todo caso terán este carácter, sempre que non concorran os supostos da letra a) do número 1, as modificacións que non impliquen unha revisión dos obxectivos xerais do instrumento de ordenación territorial nin a alteración substancial dos elementos esenciais da ordenación establecida nel.

3. Aos efectos sinalados neste artigo e antes do inicio do procedemento contemplado no artigo seguinte, a consellería que tramitara o instrumento de ordenación do territorio que se pretende modificar solicitará á consellería competente en materia de ordenación do territorio informe sobre o carácter non substancial da modificación, que deberá emitirse no prazo de un mes.



Artigo 54. Procedemento de modificación non substancial dos instrumentos de ordenación do territorio

1. No caso de que a modificación sexa considerada non substancial, de acordo co sinalado no artigo anterior, a consellaría que tramitara o instrumento de ordenación do territorio, remitirá ao órgano ambiental unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada dun borrador da modificación do instrumento de ordenación do territorio no que se xustifique o carácter non substancial da mesma e dun documento inicial estratéxico, co contido previsto na normativa básica estatal en materia de avaliación ambiental.

O órgano ambiental comprobará, no prazo máximo de 10 días hábiles, que a solicitude de inicio inclúe os documentos preceptivos e, de non ser así, requirirá á consellería promotora que subsane as ditas deficiencias, achegando a documentación sinalada.

2. O órgano ambiental, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará o informe ambiental estratéxico, tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de un mes.

3. O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se a modificación ten ou non efectos significativos sobre o medio. No caso de non prever efectos significativos, a modificación poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza, tralos trámites previstos nos números 4 a 8 deste precepto.

Noutro caso, deberá seguirse o procedemento previsto no artigo 51 para a aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

4. O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica do órgano ambiental.

5. A consellería tramitadora procederá á aprobación inicial da modificación non substancial, e a someterá a información pública polo prazo de 1 mes, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

Durante o prazo de información pública as distintas administracións e entidades públicas e privadas, e calquera persoa interesada, poderán achegar cantas observacións e suxestións





estimen convenientes, quedando exposta a documentación da modificación nos lugares que para o efecto se sinalen.

6. Asemade, darase audiencia ás entidades locais sobre as que incida o instrumento obxecto da modificación e e solicitaranse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos tendo en conta o obxecto da modificación proposta, sen prexuízo da solicitude noutro momento conforme o esixido pola respectiva normativa sectorial que resulte de aplicación.

Transcorrido o prazo de un mes sen que se comunicasen os informes sectoriais autonómicos e municipais solicitados, entenderanse emitidos con carácter favorable.

7. Á vista do resultado dos trámites de audiencia e de información pública, así como dos informes emitidos, introduciranse as modificacións ou correccións que procedan no documento e se elaborará a proposta final da modificación do instrumento de ordenación do territorio territorial, que será aprobada provisionalmente pola consellería competente para a tramitación, logo do informe preceptivo da consellería competente en materia de ordenación do territorio, que deberá ser emitido no prazo de un mes.

8. O Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellaría tramitadora do procedemento, aprobará definitivamente a modificación do instrumento de ordenación do territorio mediante decreto, que deberá ser publicado do *Diario Oficial de Galicia*.

9. A eficacia do decreto de aprobación definitiva e a entrada en vigor da modificación aprobada do instrumento de ordenación do territorio estarán condicionadas ao cumprimento do previsto no artigo seguinte.





CAPÍTULO V

Efectos e vixencia dos instrumentos de ordenación do territorio

Artigo 55. Eficacia dos instrumentos de ordenación do territorio

1. A eficacia dos instrumentos de ordenación do territorio requirirá da publicación do decreto de aprobación definitiva e das súas disposicións normativas segundo o previsto no artigo 57.
2. No caso de tramitación simultánea nun único procedemento do instrumento de ordenación do territorio e da modificación do planeamento urbanístico segundo o disposto no número 4 do artigo 17, o decreto adoptado polo Consello da Xunta terá por obxecto tanto a aprobación definitiva do instrumento de ordenación como a aprobación definitiva da modificación do planeamento urbanístico.





Artigo 56. *Declaración de utilidade pública e interese social*

1. A aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio levará implícita a declaración de utilidade pública e interese social e a necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos afectados, a fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes, cando os ditos instrumentos habiliten para a súa execución e esta deba producirse por expropiación.

2. Asemade, esa aprobación determinará a declaración de prevalencia dos usos previstos no instrumento de ordenación do territorio sobre calquera outros usos posibles do solo incluído no seu ámbito, sen prexuízo do necesario respecto ás competencias estatais e á prevalencia que, de acordo coa normativa aplicable, ostenten outros plans ou instrumentos sectoriais.

3. Cando para a execución do instrumento non fora necesaria a expropiación do dominio e bastase a constitución dalgunha servidume, poderá impoñerse, de conformidade co procedemento establecido na normativa en materia de expropiación forzosa. Asemade, cando deban modificarse ou suprimirse servidumes privadas por estaren en contradición coas determinacións do instrumento de ordenación do territorio, poderán expropiarse segundo o procedemento establecido na citada normativa.

4. A declaración de utilidade pública e interese social e a necesidade de ocupación referirase aos proxectos que se realicen en execución directa dos instrumentos de ordenación do territorio e tamén aos bens e dereitos comprendidos nos replanteos dos proxectos e nas modificacións de obra que poidan aprobarse posteriormente.

5. Aos efectos indicados nos números anteriores, os proxectos das obras e as súas modificacións deberán comprender a definición da súa localización e a determinación concreta e individualizada dos terreos, construcións ou outros bens ou dereitos que se estime preciso ocupar ou adquirir, para a construción, defensa, seguridade ou servizo daquelas.





Artigo 57. *Vixencia dos instrumentos de ordenación do territorio*

1. Os instrumentos de ordenación do territorio terán vixencia indefinida, sen prexuízo do establecido nos artigos 46 e 47 respecto da caducidade dos proxectos de interese autonómico

2. No prazo dun mes desde a aprobación definitiva dun instrumento de ordenación territorial, deberá ser obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica da Xunta de Galicia:

a) O decreto de aprobación definitiva do instrumento de ordenación do territorio e, no seu caso, da modificación do planeamento urbanístico municipal, e a normativa do dito instrumento de ordenación.

A tal efecto, nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do instrumento de ordenación do territorio e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, o decreto adoptado polo Consello da Xunta terá por obxecto tanto a aprobación definitiva do instrumento de ordenación do territorio como a aprobación definitiva da modificación do instrumento de planeamento urbanístico. Neste último caso, deberá publicarse tamén a normativa relativa á modificación do planeamento urbanístico no *Boletín Oficial da Provincia* correspondente, de conformidade co previsto ao efecto na lexislación vixente en materia de réxime local.

b) A dirección electrónica na que se poida consultar polo público o contido íntegro do instrumento.

c) Os extremos esixidos pola normativa en materia de avaliación ambiental.


3. En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do instrumento aprobado e, no seu caso, da modificación do planeamento urbanístico que se aprobe segundo o disposto no artigos 17, quedan condicionadas á súa publicación de conformidade co establecido neste artigo, previa inscrición no *Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia* do instrumento de ordenación do territorio aprobado definitivamente e, no seu caso, da modificación do planeamento urbanístico.



Artigo 58. *Rexistro dos instrumentos de ordenación do territorio*

1. Os instrumentos de ordenación do territorio e as súas modificacións, unha vez aprobados definitivamente, deberán inscribirse no *Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia*.

2. A consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, a instancia da consellaría impulsora, inscribirá os instrumentos de ordenación do territorio e as súas modificacións no rexistro ao que se refire o presente artigo, con carácter previo á súa publicación nos termos do artigo anterior.





Disposición adicional primeira. *Modificación do Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia*

O Rexistro de planeamento urbanístico regulado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no capítulo X do título II do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, pasará a denominarse *Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia*.





Disposición adicional segunda. *Sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico S.L.*

A sociedade pública estatal Suelo Empresarial del Atlántico, S.L., para levar a cabo as súas actuacións e adquisicións de solo mediante expropiación, dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, terá a condición de beneficiaria nos termos previstos na normativa vixente en materia de expropiación forzosa, correspondendo a potestade expropiatoria a calquera das administracións públicas competentes.

Asemade, poderá adxudicárselle directamente a formulación e execución de proxectos de interese autonómico, plans parciais e, en xeral, calquera plan de ordenación e a xestión dos seus patrimonios de solo mediante os acordos ou concesións que, a tal efecto, se establezan coas administracións correspondentes.



Disposición adicional terceira. Bens adquiridos mediante o exercicio da potestade expropiatoria para ser destinados ao tráfico xurídico patrimonial

Nos supostos de exercicio da potestade expropiatoria para a execución de instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos regulados nesta lei e na lexislación do solo, respectivamente, promovidos ou desenvolvidos pola iniciativa pública, a adquisición dos bens non implicará a súa afectación implícita a un uso xeral ou a un servizo público cando o instrumento de ordenación do territorio ou urbanístico aprobado contemplase que o seu destino sexa devolvelos ao tráfico xurídico patrimonial.





Disposición adicional cuarta. *Títulos habilitantes municipais para as edificacións que se sitúan en varios termos municipais*

O outorgamento ou, no seu caso, presentación do correspondente título habilitante municipal de natureza urbanística no suposto de edificacións que se empracen en terreos situados en varios termos municipais, resolveranse de acordo aos seguintes criterios:

a) O título habilitante municipal será outorgado ou, no seu caso, presentado, no concello no que se emprace a maior parte da superficie construída da edificación obxecto do proxecto.

A tal efecto, no procedemento de outorgamento da licenza deberá emitirse informe previo polos outros concellos afectados, e abrirse un período de información pública por un prazo de 15 días hábiles.

b) Aos efectos do cómputo da superficie da parcela co fin de determinar se esta é edificable, computarase a totalidade da superficie da mesma, sempre que se corresponda coa mesma clase de solo, considerando a parcela unitariamente e aplicando en cada subámbito os parámetros urbanísticos que correspondan.

c) Tanto o acceso coma o subministro dos servizos poderán realizarse dende calquera dos termos municipais sobre os que se desenvolva o proxecto.





Disposición adicional quinta. *Plans sectoriais e proxectos de interese autonómico relativos a parques empresariais e parques eólicos*

Os Plans sectoriais e os proxectos de interese autonómico relativos a parques empresariais e parques eólicos regularanse integramente polas disposicións contidas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Unha vez aprobados definitivamente, resultará de aplicación o previsto nesta lei en relación aos seus efectos, vixencia e caducidade, xestión, execución e modificación dos referidos instrumentos de ordenación do territorio, naqueles aspectos que non estean regulados expresamente na Lei 5/2017, do 19 de outubro, e que non resulten incompatibles coa regulación contida na dita lei.





Disposición adicional sexta. *Normas técnicas*

Empregaranse nos instrumentos de ordenación do territorio os criterios contidos nas Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia aprobadas pola persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo.



Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos*

Os procedementos de aprobación de instrumentos de ordenación do territorio nos que se tivese formulado o informe ambiental estratéxico antes da entrada en vigor da presente lei, poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva conforme ao disposto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.





Disposición transitoria segunda. *Determinacións das directrices de ordenación do territorio*

Ao fin de coordinar os tipos de determinacións establecidos polas actuais directrices de ordenación do territorio, cos establecidos no artigo 17, entenderase que:

a) As determinacións definidas como “excluíntes” nas actuais directrices de ordenación do territorio, terán o carácter de “determinacións de aplicación directa”, segundo establecido no artigo 17.

b) As determinacións definidas como “orientativas” nas actuais directrices de ordenación do territorio, terán o carácter de “vinculantes”, segundo establecido no artigo 17, cando se refiran a aspectos relativos ao planeamento.






Disposición transitoria terceira. *Proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, plans de ordenación do medio físico e programas coordinados de actuación*

1. As referencias e remisións da lexislación e dos instrumentos de ordenación do territorio aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e aos plans de ordenación do medio físico contemplados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, poderán considerarse realizadas, respectivamente, aos proxectos de interese autonómico e aos plans territoriais especiais definidos nesta lei.

2. Sen prexuízo do sinalado no número anterior, os ámbitos para os que as directrices de ordenación do territorio remiten a súa ordenación aos denominados plans de ordenación do medio físico ou aos programas coordinados de actuación na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, poderán ser desenvoltoas polas figuras de ordenación establecidas na lexislación vixente en materia de espazos naturais ou na materia sectorial relacionada co ámbito afectado, ou ben a través dun plan territorial integrado, dun plan sectorial ou dun plan territorial especial, segundo os seus obxectivos concretos.





Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, agás o capítulo III; e o Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os Plans e Proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.



Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia*


Modifícase o artigo 7 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

“Artigo 7. Cooperación en materia de paisaxe

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia impulsará a cooperación con todas as Administracións Públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins que se conteñen na presente lei.

2. Os plans xerais de ordenación municipal e os instrumentos de ordenación do territorio, trala súa aprobación inicial, deberán someterse a informe do órgano competente en materia de paisaxe; informe que versará sobre os aspectos paisaxísticos do plan ou instrumento.

O informe deberá emitirse no prazo de tres meses. Transcorrido este, entenderase favorable. No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, no seu caso, as normas vulneradas”.



Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

Modifícase o número 5 do artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda redactado como segue:

“5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do previsto na lexislación de ordenación do territorio para o suposto de tramitación simultánea da aprobación do instrumento de ordenación do territorio e da modificación do instrumento de planeamento urbanístico”.





Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario*

Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei.





Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade, con expresa petición de devolución, ao proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. Núm. 2453) sobre a base das seguintes consideracións:

Non quedan acreditados os motivos e a necesidade dunha nova lei, xa que o mero feito das máis de dúas décadas de vixencia da actual lei non resulta argumento suficiente, por canto que existen outras moitas leis autonómicas anteriores que non necesitan ser substituídas.

Tampouco as modificacións levadas a cabo na normativa urbanística existente deberan ser as que provocan que deba existir para Galicia unha nova lei de ordenación do territorio, senón que deba precisamente operar en sentido contrario.

E igualmente a teórica necesidade aducida de afrontar novos obxectivos, deba en calquera caso ir precedido dunha análise dos resultados da actual Lei de ordenación do territorio de Galicia, tanto no referido ao seu grado de desenvolvemento e aplicación, como á vixencia ou a capacidade dos instrumentos de ordenación do territorio que contén, cuestión que tampouco se aborda. Ao tempo tamén hai que argumentar cales serían aquelas cuestións que non poden ser abordadas no marco da actual normativa.

Sen esa análise previa da actual lei, que a Xunta de Galicia evita realizar, resulta incoherente motivar a suficiente xustificación para a súa modificación, mais cando, de feito, a maioría dos aspectos sinalados na exposición de motivos do proxecto de lei xa están incluídos na aprobación do ano 2011 das propias directrices de ordenación do territorio.

Tanto é así que incluso a Xunta de Galicia ten recoñecido que o modelo de desenvolvemento territorial recollido na Lei de ordenación do territorio vixente na actualidade e nas directrices de ordenación do territorio de 2011 é flexible, e conta con percorrido; ou cando se salienta a utilidade de determinados instrumentos de ordenación existente, que agora se pretenden eliminar.

Así o proxecto de lei semella unha cortina de fume na que agochar a falta de xestión e incapacidade da Xunta de Galicia nesta cuestión fundamental, resultando evidente a súa ineptitude ante as posibilidades de desenvolvemento, aínda vixentes, de cada unha das figuras contempladas na actual Lei de ordenación do territorio.

Resulta sorprendente que pola Xunta de Galicia se argumente agora a inutilidade de determinados instrumentos que contén a actual Lei de ordenación do territorio e opte pola súa derogación, cando foi precisamente o propio Goberno autonómico o que se desentendeu de



promovelas, evidenciando a súa propia ineficacia, que agora tenta transmutar en obsolescencia.

Un proxecto de lei que, pola contra, encubre cambios importantes e concretos e que precisan de corpo legal para poderen ser levados á práctica, como é a problemática introdución de novas figuras, como a que constitúen os denominados “*proxectos de interese autonómico*”. Estes novos instrumentos formúlanse dun xeito distinto a dos actuais *plans ou proxectos de incidencia supramunicipal*, configurándose como instrumentos de ordenación “directa” por parte da Xunta de Galicia, que vén posibilitar que se lesione o principio de autonomía municipal e supón unha ameaza para a totalidade o territorio, calquera que sexa a súa cualificación de solo, incluso para aquel con protección especial. Ao tempo que é a constatación da falta de orientación e incapacidade de xestión pública demostrada nos últimos anos para a planificación estratéxica e ordenación do territorio polo Goberno autonómico cando agora promove unha opción que equivoca flexibilidade con liberalización e transixencia; e cando xa na actual lexislación urbanística ou industrial existen figuras ás que acudir para posibilitar a implantación de determinados proxectos.

Así mesmo, e xa tomada a decisión de realizar un novo texto legal, o proxecto non aproveita a oportunidade para potenciar cuestións que si aparecen como orientadoras do “*desenvolvemento sostible utilización racional, protección do medio e equilibrio territorial*” e que se deberían incluír con criterios máis claros a prol da sostibilidade, o aforro enerxético, a rexeneración territorial, as actividades de baixo impacto territorial, paisaxístico e sobre os recursos territoriais, o medio ambiente e a paisaxe. Cuestións que deberían servir para situar a planificación territorial no novo contexto tecnolóxico e alimentario, facendo fincapé en aspectos esenciais como a saúde e o benestar, posto que as mencións a estes aspectos resultan meramente expositivos e teóricos quedando o seu potencial real anulado coa perda de instrumentos operativos que o proxecto de lei anula.

O proxecto de lei tampouco introduce ningún tipo de compromiso real nin de obriga futura por parte do Goberno da Xunta de Galicia, cuns obxectivos proclamados que contrastan coa nimiedade do gasto público realmente dedicado ás cuestións relacionadas coa ordenación territorial de Galicia na última década.

Tamén resulta problemática a desaparición de calquera referencia - que se incluía nas dúas leis que de aprobarse o proxecto de lei se derrogarían -, do *Instituto de Estudos do Territorio*, entidade do sector público autonómico actualmente vixente e que necesita da base dunha norma con rango suficiente que recolla as súas principais determinacións.

Por todas as consideracións anteriores solicítase a expresa devolución ao Goberno da Xunta de Galicia do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia remitido.

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/10/2020 12:33:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia [11/PL-000002 (doc. núm. 2453)]**, en base ás seguintes consideracións:

O presente proxecto de lei vén recoñecer o fracaso do marco legal actual, concretado na tardía Lei de ordenación do territorio de 1995 e nas Directrices de Ordenación do Territorio de 2011, que non foron quen nin de ordenar nin de planificar un desenvolvemento territorial equilibrado, vertebrador e cohesionador capaz de producir unha mellora das condicións de vida dos galegos e das galegas.

A Lei de 1995 tivo un impacto e unha incidencia sobre a ordenación do territorio moi limitada e cativa ao longo dos seus 25 anos de vixencia, máis se temos en conta o feito de que se partía dun contexto de nula planificación. Isto foi así, en boa medida, como consecuencia dunha produción normativa derivada da lei moi escasa. Algo que sen dúbida debería ser un elemento fundamental a corrixir na nova normativa, máis a falta de definición e de regulación dunha serie de instrumentos mínimos de planeamento a desenvolver, fai desta nova lei unha continuación dunha interesada deixación de funcións e falta de compromiso por parte do lexislador de mudar a actual situación de parálise que vive a ordenación do territorio no noso país.

E para comprobar a ineficacia deste tipo de normativa, baseada nas recomendacións e nas declaracións de intencións, pero que non implementa accións concretas; non hai mellor maneira de verificalo que percorrendo o país,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comprobando a falta de ordenación, o crecemento caótico e disperso das áreas urbanas, os desequilibrios territoriais, o emprazamento inaxeitado de equipamentos, o abandono do rural, o impacto e falta de planificación das infraestruturas, a agresión visual e ambiental das plantacións forestais de crecemento rápido, o descontrol das actividades extractivas, a degradación do litoral ou a alteración da paisaxe.

Por iso, fronte á retórica da “utilización racional do territorio”, bótase en falta tanto na normativa anterior como no presente proxecto de lei unha visión holística, que integre e desenvolva o territorio, a paisaxe e o medio ambiente, e que planifique e desenvolva de maneira xerárquica e secuenciada (con prazos) os instrumentos territoriais e sectoriais para facela realidade. Porque a experiencia do acontecido en 25 anos demostra o desinterese por desenvolver os instrumentos de rango máis alto e a proliferación dos de menor escala (Plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal), que son os que precisamente responden maiormente a intereses particulares fronte á planificación de conxunto e ao interese xeral.

O feito de que desde a aprobación da Lei de ordenación do territorio de Galiza de 1995 unicamente se aprobase un Plan Territorial Integrado –e aínda así sen desenvolver- pon en evidencia o fracaso da política de ordenación do territorio da Xunta de Galiza.

O proxecto de lei recolle nos seus primeiros artigos un conxunto de declaracións de boas intencións que non atopan concreción no desenvolvemento dos instrumentos que as farían efectivas. Atopamos nos capítulos non vinculantes unha recua de mantras da retórica “buenista” (desenvolvemento equilibrado, desenvolvemento económico sostíbel, accesibilidade poboación a infraestruturas e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizo, mellorar a relación do medio urbano co rural...) o que constitúe un arsenal de declaracións de intencións que chocan coa realidade, e coa verdadeira axenda da lei, e que se explicita sobre todo nos artigos 37 a 50.

Neste sentido, o proxecto inclúe no articulado declaracións para a galería (Artigo 4. Desenvolvemento territorial sostible, Artigo 5. Racionalidade territorial) que non se concretan de xeito práctico, e que se contradín coas políticas reais e os marcos normativos impulsados polo goberno galego na última década. Políticas e marcos que avanza todos na mesma dirección: desprotección do territorio, degradación de solos e paisaxes e depredación de recursos. Todo isto co obxectivo non declarado, ou si, de crear unha especie de barra libre para que as grandes empresas multinacionais fagan rapina no territorio galego.

Por outra parte, na contextualización sobran algunhas referencias que parecen máis de recheo, como é o caso da mención da Estratexia Europa 2020, e elúdense outras cuestións centrais para a ordenación do territorio como a loita contra o cambio climático ou a transición enerxética. Nese sentido, resulta especialmente rechamante a falta de referencia e a pouca presenza dun tema tan crucial como a ordenación da mobilidade sustentable, especialmente no tocante á necesidade de desenvolver infraestruturas de transporte socialmente máis xustas e ambientalmente máis sustentábeis. Tanto no proxecto como sobre todo nas políticas da Xunta primase a mobilidade por estrada e as grandes infraestruturas, e non existen nin prioridades claras nin planificación seria en relación con elementos centrais da ordenación do territorio como a mobilidade sustentábel ou a axenda urbana arredor dos espazos públicos e a mobilidade. E no que ten que ver coa relación de Galiza coa súa contorna, parece necesario incluír unha referencia á eurorexión Galiza-





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Norte de Portugal tanto desde o punto de vista das conexións como das relacións evidentes en materia de planificación e mesmo xestión de equipamentos e servizos.

Asemade, bótase de menos unha maior articulación dos instrumentos de ordenación do territorio e aqueles que teñen como finalidade protexer os espazos naturais e as paisaxes. Neste sentido, resulta imprescindible aprobar as Directrices da paisaxe, que teñen entre outras a finalidade de incluír: “Unha serie de normas e recomendacións para a definición dos plans urbanísticos e sectoriais e das estratexias rexionais ou locais encamiñadas a un desenvolvemento sustentable do territorio, a fin de integrar neles os obxectivos de calidade paisaxística”.

No que ten a ver cos espazos naturais protexidos, percíbese unha tendencia á devaluación dos seus valores e proteccións, ao tempo que se insire unha referencia á Infraestrutura Verde mais sen concretar como se vai levar a cabo. Porque ademais da Estratexia prevista na normativa estatal, o lóxico sería que tivese a consideración dun Plan Territorial e prazos para a súa aprobación. A este respecto, cómpre sinalar que unha boa maneira de avanzar cara á infraestrutura verde sería a ampliación dos espazos naturais protexidos, nomeadamente a Rede Natura 2000, e a aprobación de plans de xestión e usos de cada un dos espazos recoñecidos con esta figura de protección.

Unha das grandes eivas do Proxecto de lei é a proclamada e non efectivizada “participación cidadá”. Consideramos que existe un problema conceptual, xa que se confunde intencionadamente “participación” con “consulta” e “acceso á información”. Realmente non existe vontade política de desenvolver verdadeiros procesos de participación social arredor do territorio, a paisaxe ou o patrimonio natural, procesos que deberían poñerse en práctica en diferentes fases, desde a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

elaboración e aprobación das leis ata o desenvolvemento dos instrumentos previstos. E a posteriori tamén no seguimento e avaliación das diferentes figuras de ordenación do territorio, fomentando a información e a corresponsabilidade da cidadanía.

Outra das carencias da proposta ten que ver coa “cooperación administrativa”, outra declaración de intencións que queda en mera declaración retórica, xa que se contradí co non cumprimento do principio de cooperación entre institucións e o ataque da autonomía municipal que se deriva do proxecto de lei. Entendemos como máis xusto e razoábel que en lugar de facilitar a iniciativa privada “supramunicipal” (ou de “interese autonómico”), debería estimularse a colaboración interadministrativa e a iniciativa dos concellos para poder desenvolver estes instrumentos en colaboración coa Xunta de Galiza.

Con respecto aos Plans Territoriais, non semella clara a diferenciación entre Plans Territoriais Integrados e Plans Territoriais Especiais, alén de establecer un submecanismo que facilite a implementación de determinadas actividades con mecanismos menos garantistas. Os Plans Territoriais Integrados adoecen dunha falla de criterios mínimos para a súa implementación, desenvolvemento e control; que a todas luces supón reincidir no fracaso e a parálise das últimas décadas deberían. Especialmente grave supón a falta deste tipo de instrumentos en áreas máis dinámicas como son as áreas metropolitanas que levan décadas de mudanzas carentes dunha visión integral, así como para a algúns problemas de natureza territorial que constitúen ameazas crecentes debido ao cambio climático como a ordenación do monte fronte aos incendios forestais ou fronte ao problema acuciante de despoboamento sistemático de grandes áreas do territorio galego.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, cada Plan Territorial Integrado debería levar asociado un “Plan Coordinado de actuación”, polo que non parece lóxica a supresión desta figura, por máis que ata o momento non se aprobouse ningunha. Parece razoábel manter este instrumento e potencialo como canle para o desenvolvemento conxunto de infraestruturas, equipamentos e servizos nunha escala supramunicipal.

Con respecto á perspectiva de xénero, se ben se valora positivamente a inclusión de medidas propostas pola Secretaría Xeral de Igualdade, debería facerse un maior esforzo por integrar este enfoque en todas as fases da ordenación e xestión do territorio, aplicando análises e actuacións que xa foron postas en práctica con éxito noutras latitudes. E consideramos que o proxecto debería incluír todas as propostas recollidas no informe do departamento de Igualdade.

Como se sinalou máis arriba, o verdadeiro cabalo de batalla e principal motivo de discrepancia co proxecto de lei ten que ver co núcleo duro da mesma, os proxectos de interese autonómico, PIA, cuxa formulación vai na liña dos cambios normativos introducidos na lei de fomento de iniciativas empresariais (“lei de depredación”), noutras normas sectoriais e na anunciada nova lei de avaliación ambiental. O común denominador de toda esta reforma normativa está na prevalencia dos intereses económicos privados sobre o interese público, e na pretensión de alfombrar o camiño á implantación de actividades económicas extractivas, proxectos de espolio enerxético, mineiro e forestal, e grandes infraestruturas e equipamentos que teñen impactos moi negativos no solo, na paisaxe e nos ecosistemas. Unha reforma legal que ten como obxectivo desprotexer o territorio, mesmo aquelas áreas que contan con figuras de protección, e que pretende relaxar os mecanismos de avaliación ambiental e os controis públicos sobre estas afectacións. As présas coas que se pretende aprobar esta auténtica involución





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lexislativa parecen indicar que o actual goberno galego quere blindar a regresión nestes ámbitos, e dificultar a acción neste sentido de futuros gobernos.

Resulta particularmente evidente a incoherencia entre as disposicións xerais que consideran a ordenación territorial como unha función de carácter público e a regulación que se fai dos Proxectos de Interese Autonómico, que poderán ser promovidos e desenvolvidos por iniciativa privada. Na práctica estamos a falar dunha auténtica “externalización” da función pública da ordenación do territorio, poñendo os intereses privados por riba do interese xeral. Unha privarización que, co pretexto da axilidade administrativa, vai acompañada dunha preocupante relaxación dos mecanismos de control ambiental e por parte das entidades locais, que tamén se vén prexudicadas pola merma do seu dereito a participar nas plusvalías da ordenación territorial e urbanística.

En definitiva, desde o BNG avogamos por un novo proxecto que inclúa unha ordenación e planificación pública, xerarquizada, (Directrices, Plans Territoriais, Plans Coordinados de Actuación e Plans Sectoriais) con prazos e con disposicións vinculantes e proxectuais. Resulta fundamental concibir un novo proxecto que engada novos principios e criterios, ao redor de temas como o da mobilidade sostible, a expansión urbana discontinua ou as novas relación urbano-rural; temas fundamentais para abordar a necesaria ordenación supramunicipal dende unha perspectiva actual da cultura da ordenación do territorio. Mais nada de isto será efectivo se os criterios, principios e obxectivos (tanto os xa incluídos na lei como outros novos como os que se propoñen) non son vinculantes; por iso desde o BNG apostamos por un novo marco legal onde os principios teñan un correlato nos instrumentos de planificación, facendo con que estes sexan capaz de imprimir unha serie de criterios no futuro desenvolvemento da ordenación do territorio. Iso supón





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha revisión en profundidade do desenvolvemento do conxunto de instrumentos, pero o máis urxente resulta no tocante aos proxectos de interese autonómico, nos que debería garantirse que sexan de iniciativa pública para desenvolver plans sectoriais, e, sobre todo, que a iniciativa privada non se permita no caso dos PIA non previstos nun plan sectorial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/10/2020 13:09:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2020 13:09:25



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4. Comparecencias

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 4147(11/PPP-000023)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición
propia, para informar da situación e das medidas adoptadas
polo Goberno galego ante a situación de turbidez do río Eume
e o seu impacto no abastecemento de auga en Pontedeume

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento-, da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade para informar “**da situación e medidas adoptadas polo Goberno galego ante a situación de turbidez do río Eume e o seu impacto no abastecemento de auga en Pontedeume**”.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSM: REXISTRO:miz7oXXdf6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/osv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 4147
Data envío: 23/10/2020 14:47:34.616

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2020 14:47:24

CSV XERXAL REGISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 3835(11/PPP-000021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do estado de deterioración ambiental e contaminación do río Eume

Publicación da iniciativa, 33, 21.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2020 17:01:02
Nº Rexistro: 3835
Data envío: 19/10/2020 17:01:02.285

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno da Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade**, para dar conta do estado de deterioro ambiental e contaminación do río Eume.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

CSM - REXISTRO Nº 3835
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csm/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2020 17:01:02
Nº Rexistro: 3835
Data envío: 19/10/2020 17:01:02.285

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2020 16:57:34

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2020 16:57:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/10/2020 16:57:52

María del Carmen Aira Díaz na data 19/10/2020 16:57:59

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2020 16:58:10

Iria Carreira Pazos na data 19/10/2020 16:58:18

CSX: REXISTRO/Narur/isc9
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2020 17:01:02
Nº Rexistro: 3835
Data envío: 19/10/2020 17:01:02.285

Daniel Castro García na data 19/10/2020 16:58:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/10/2020 16:58:41

Alexandra Fernández Gómez na data 19/10/2020 16:58:56

María González Albert na data 19/10/2020 16:59:04

María do Carme González Iglesias na data 19/10/2020 16:59:14

Rosana Pérez Fernández na data 19/10/2020 16:59:23

Daniel Pérez López na data 19/10/2020 16:59:33

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2020 16:59:45


Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2020 16:59:54

Paulo Ríos Santomé na data 19/10/2020 17:00:04

Mercedes Queixas Zas na data 19/10/2020 17:00:10

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/10/2020 17:00:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/10/2020 17:00:33



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 4085(11/PPP-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para abordar as medidas que se están a adoptar fronte á segunda onda da covid-19 e aquelas dirixidas a paliar as consecuencias sanitarias, económicas e sociais provocadas pola pandemia

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2020 18:14:44
Nº Rexistro: 4085
Data envío: 22/10/2020 18:14:44.518

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Presidente da Xunta de Galiza**, para abordar as medidas que se están a adoptar fronte á segunda onda da COVID-19, e aquelas dirixidas a paliar as consecuencias sanitarias, económicas e sociais provocadas pola pandemia.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

CSM-REXISTROYSDB7cYqV4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2020 18:14:44
Nº Registro: 4085
Data envío: 22/10/2020 18:14:44.518

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/10/2020 18:01:56

Olalla Rodil Fernández na data 22/10/2020 18:02:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/10/2020 18:02:32

María del Carmen Aira Díaz na data 22/10/2020 18:02:39

Xosé Luis Bará Torres na data 22/10/2020 18:02:50

Iria Carreira Pazos na data 22/10/2020 18:03:03

CSV REGISTRO: ysd7z6q44
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2020 18:14:44
Nº Registro: 4085
Data envío: 22/10/2020 18:14:44.518

Daniel Castro García na data 22/10/2020 18:03:21

Ramón Fernández Alfonso na data 22/10/2020 18:03:31

Alexandra Fernández Gómez na data 22/10/2020 18:03:44

María González Albert na data 22/10/2020 18:03:53

María do Carme González Iglesias na data 22/10/2020 18:04:10

Rosana Pérez Fernández na data 22/10/2020 18:04:19

Daniel Pérez López na data 22/10/2020 18:04:29

María Montserrat Prado Cores na data 22/10/2020 18:04:40

Noa Presas Bergantiños na data 22/10/2020 18:04:50

Mercedes Queixas Zas na data 22/10/2020 18:05:00

Paulo Ríos Santomé na data 22/10/2020 18:05:11

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/10/2020 18:05:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/10/2020 18:05:27



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

5. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 4110(11/MOC-000007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 1686, publicada no BOPG nº 15, do 16.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2020 10:53:44
Nº Rexistro: 4110
Data envío: 23/10/2020 10:53:44.447

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 21 de outubro, sobre a política do Goberno galego en relación coa garantía da asistencia sanitaria á cidadanía, (doc. núm **1686**, [11/INT-000092]).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Presentar de inmediato no Parlamento un Plan de Continxencia para garantir a asistencia sanitaria dxs galegx tanto na Atención Primaria como na hospitalaria nos vindeiros meses diante do previsíbel aumento da demanda asistencial derivada tanto pola COVID 19 como polos brotes de gripe e enfermidades respiratorias estacionais.

2.- Proceder de inmediato a subsanar os déficits de persoal coa contratación urxente de todxs xs profesionais precisos para ter todos os servizos dimensionados con anticipación ao aumento da presión asistencial que se vai a producir.

3.-Rematar coa política de precariedade e explotación na contratación, ofertando contratos dignos para evitar que sigan marchando profesionais ven cara

CSM-REVIS-TROEcb-HWU5Zb6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2020 10:53:44
Nº Registro: 4110
Data envío: 23/10/2020 10:53:44.447

a privada ou o estranxeiro. Realizar contratos pola causalidade que os orixina e por todo o tempo da mesma.

4.- Minimizar os riscos de contaxio dxs traballadorxs facilitándolle a todxs xs que traballan en contacto directo cxs doentes os materiais de protección axeitados ao nivel de risco (máscaras de protección respiratoria FFP2 en combinación co resto de medidas de protección)

5.- Activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados.

6- Garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responden ao aumento exponencial da demanda.

7.- Poñer en marcha de inmediato un Plan de rastrexo e detección precoz, co persoal necesario e suficiente dedicado en exclusiva á detección, identificación e seguimento, con equipas formadas e dotadas de protocolos claros e unificados para desenvolver este labor. Para configurar estas equipas contarase coas persoas das listas de contratación do Sergas que estean dispoñíbeis.

8.- Informar no Parlamento das causas da falta nuns casos, e escaseza noutros, de doses de vacina da gripe nos centros de saúde, despois de ter feito unha chamada masiva á poboación para que se vacinara.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 23/10/2020 10:53:44

Nº Rexistro: 4110

Data envío: 23/10/2020 10:53:44.447

9.- Presentar un informe no Parlamento no que se expliciten os detalles da colaboración da Consellaría de Sanidade co Colexio de Farmaceutixs de Ourense polo que en farmacias desta provincia se procedeu á realización de tests rápidos de antíxenos á poboación que o demande, así como dos test usados(data de compra, proveedor, número de doses, custe...)”

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2020 10:53:09

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2020 10:53:19

CSX: REXISTROEBCDHWU3Z6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 4148(11/MOC-000008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2817, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 20 e 21 de outubro de 2020, sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación de profesionais sanitarios para afrontar a covid-19 (11/INT-000163, documento número 2817).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar todas as iniciativas e accións institucionais que faciliten a posta en marcha da medida de eliminación da taxa de reposición que foi promovida dende a Comisión de Reconstrución do Congreso dos Deputados, e comprometer un programa de contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia que, unha vez que se elimine dita taxa, recupere nun prazo de 3 anos todas as prazas que non puideron ser convocadas pola esa limitación.
2. Convocar todas as prazas MIR habilitadas para o sistema sanitario público de Galicia naquelas especialidades deficitarias en termos de persoal.
3. Avaliar coa Facultade de Medicina da USC a posible necesidade de formar máis estudantes de medicina nos vindeiros anos, coa dotación dos medios necesarios para facelo.
4. Ampliar o tempo medio de contratación de persoal eventual ata o máximo posible, especialmente no correspondente ás prazas de enfermería, para dotar de maior estabilidade ao persoal.
5. Realizar un informe no prazo de un mes que avalíe a necesidade de contratar persoal ao abeiro de todas as modificacións normativas que se faciliten dende o Goberno de España para os recursos humanos do sistema sanitario, e incluír as propostas que dende Galicia se consideren de relevancia.
6. Entregar un informe de contabilización do persoal do sistema público de Galicia que contemple o número de profesionais estatutarios nos anos 2019 e 2020, e o volume de contratacións extraordinarias realizadas durante o ano 2019 e





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2020 16:30:00
Nº Registro: 4148
Data envío: 23/10/2020 15:05:44.086

2020, especificando a aplicación orzamentaria utilizada para facelas, e distribuídas por categoría profesional e EOXI.

Pazo do Parlamento, 23 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/10/2020 15:05:11

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/10/2020 15:05:19



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 4158(11/MOC-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2246, publicada no BOPG nº 23, do 30.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2020 16:49:11
Nº Rexistro: 4158
Data envío: 23/10/2020 16:49:11.052

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 21 de outubro, sobre a política do Goberno galego en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos, (doc. núm **2246**, [11/INT-000129]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar a elaboración e aprobación dunha lei, consensuada coa FEGAMP, de regulación da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos, na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto.
2. Contemplar nos criterios de reparto do Fondo de Cooperación Local os factores demográficos e territoriais que inciden no custo que os concellos asumen na prestación dos seus servizos (poboación, dispersión e envellecemento).
3. Integrar progresivamente no Fondo de Cooperación Local as axudas e subvencións anuais que o goberno autonómico destina ás entidades locais, para o maior respecto á autonomía financeira e á suficiencia local.

CSM-REXISTROy4Tirw6T2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2020 16:49:11
Nº Rexistro: 4158
Data envío: 23/10/2020 16:49:11.052

4. Crear un Fondo anual de infraestruturas destinado ás entidades locais formado por aquelas transferencias de capital que actualmente a Xunta destina aos concellos a través de subvencións e convenios.

5. Activar un instrumento de transparencia que permita a visualización - anual e na serie histórica- das transferencias da Xunta ás entidades locais, e establecer medidas para un reparto equilibrado das dotacións anuais recibidas por cada unha delas.

6. Habilitar de maneira inmediata un Fondo Extraordinario para as entidades locais que garanta facer fronte ás necesidades derivadas da crise da COVID 19 .

7. Defender activamente diante do goberno do Estado o cambio do sistema de financiamento local e de Participación das entidades locais nos Ingresos do Estado, de maneira que se substitúa o actual sistema, que é discriminatorio e inxusto para Galiza, por outro que teña en conta criterios como a dispersión da poboación e o envellecemento que repercuten directamente na prestación e custo dos servizos.

8. Reclamar do goberno do Estado que:

- Habilite de maneira inmediata un Fondo Extraordinario para as entidades locais que garanta facer fronte ás necesidades derivadas da crise da COVID 19.

- Adopte fórmulas para compensar as perdas na liquidación definitiva da PIE (efectoSII) cuantificada no caso das entidades locais galegas en máis de 50 millóns de euros.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 23/10/2020 16:49:11

Nº Rexistro: 4158

Data envío: 23/10/2020 16:49:11.052

- Na liña do acordo adoptado polo Congreso, flexibilice a disposición da totalidade dos remanentes de tesouraría das entidades locais de maneira que se poidan destinar a gastos non financeiros e a calquera investimento que redunde en beneficio da veciñanza.

- Modifique a lexislación en materia de estabilidade financeira que afecta ás entidades locais (flexibilización da regra de gasto, regulación e límites do endebedamento local e outras cuestións relativas a esta normativa), en consonancia cos acordos adoptados na asemblea xeral da FEGAMP do 29 de novembro de 2019.”

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2020 16:48:12

CSX: FEXYSTROYd4Tiw6T2
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 2552(11/PNP-000254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos





daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara ás formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introducción
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

- 3.1. Financiamento local.
 - 3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.
 - 3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño deste ano, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e establécese o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás. Estas medidas están contempladas dentro do punto 4.2 do dito Plan:

- 4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2020 17:32:30
Nº Rexistro: 2552
Data envío: 25/09/2020 17:32:30.409

- 4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento
- 4.2.3 Medidas sociais
- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, novamente todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X Lexislatura e comezo desta XI a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que se incrementaron as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle achegasen o financiamento necesario para poder desenvolvelas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1º) Enviar ao Parlamento un proxecto de lei, consensado coa Fegamp, para regular a participación no financiamento dos concellos galegos por parte da Xunta de Galicia.
- 2º) Incrementar o Fondo de Cooperación Local para o exercicio 2021 na contía das partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.
- 3º) Establecer neste exercicio 2020, de cara á próxima aprobación dos orzamentos de 2021, os criterios que rexan o reparto das subvencións da





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2020 17:32:30
Nº Registro: 2552
Data envío: 25/09/2020 17:32:30.409

Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran todos os concellos en igualdade de oportunidades

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2020 17:16:56

Pablo Arangüena Fernández na data 25/09/2020 17:17:14

Paloma Castro Rey na data 25/09/2020 17:17:29

Gonzalo Caballero Míguez na data 25/09/2020 17:17:42

CSV REGISTRO XERAL
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 2796(11/PNP-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-O Porto

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2796
Data envío: 01/10/2020 14:16:53.357

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e das deputadas **Carme González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto ten un longo historial de incumprimentos, atrasos e enganos. No ano 2006 os gobernos español e portugués incluíron o proxecto no Plan Estatal de Infraestruturas e fixaron a entrada en funcionamento do servizo no ano 2013. Coa escusa da crise estas previsións foron adiadas e precisamente nese ano 2013 adoptáronse algunhas decisións –sobre todo as supresión de 11 paradas- que permitiron reducir o tempo da viaxe desde as 3 horas ás 2 h e cuarto.

2. Ao longo deste período de tempo fóronse anunciando sucesivamente os anos 2015 e 2017 para a posta en funcionamento da modernización da liña, que debe ter como obxectivo final reducir sensibelmente a duración da viaxe e mellorar a seguridade. Pero a realidade é que unha infraestrutura que é vital e estratéxica para a vertebración da área xeográfica segue acumulando dilacións, atrasos e trasacordos.

3. En xaneiro de 2018 tivo lugar en Vigo o foro “Vertebración ferroviaria da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal”, organizado pola CEG e o Eixo Atlántico, no que participaron o secretario de Estado de Infraestruturas do goberno portugués, Guilherme





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2796
Data envío: 01/10/2020 14:16:53.357

D'Oliveira, e o secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda do goberno español, Julio Gómez-Pomar. Neste encontro, o representante do goberno portugués anunciou as obras de modernización e electrificación da liña do Miño entre Porto e Valença. O investimento previsto nos 93 km que ten a liña é de 83,2 millóns de euros e a previsión do goberno portugués era que estivese rematada en 2019.

4. O compromiso do actual goberno portugués pola modernización da vía contrasta coa ausencia de iniciativa do goberno español e o silencio cómplice da Xunta de Galiza. Malia os acordos acadados na cimeira ibérica de Baiona en xuño de 2015, os bos desexos da presidencia galega da Comunidade de Traballo Galiza Norte de Portugal, e os compromisos das sucesivas cimeiras hispano-lusas, a realidade é que esta área de grande dinamismo non conta aínda cunha conexión ferroviaria moderna, competitiva e segura.

Proxectos como a saída sur de Vigo, a solución ao paso da liña férrea polo centro do Porriño, a supresión de pasos a nivel, a mellora do trazado e a dotación dos sistemas de seguridade máis avanzados seguen gardados nalgún caixón do Ministerio de Fomento. No caso do proxecto da saída sur, que permitiría darlle continuidade ao trazado do eixo atlántico cara a Portugal pasando por Vigo, está paralizado polo Ministerio de Fomento desde o ano 2007.

5. Mentres agardan estes investimentos imprescindíbeis para a modernización e a competitividade da vía, as comunicacións ferroviarias entre Vigo e Porto están baixo mínimos en canto a dotación de vehículos e oferta de servizos. Na actualidade, coa escusa da pandemia da COVID a oferta está reducida a unha única frecuencia en cada sentido: o tren Celta Vigo Porto sae ás 8.58 h (chegada ás 10.20 hora local) e o tren Porto Vigo ten a saída ás 8.13 h (chegada ás 11.35 hora local).

CSV REXISTROenvy32c808
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2796
Data envío: 01/10/2020 14:16:53.357

6. Por outra parte, esta modernización da liña ferroviaria de transporte de persoas debe ir acompañada tamén da integración da liña de mercadorías Vigo Porto no Corredor Noroeste, garantindo o acceso a fondos europeos para o seu financiamento. En definitiva, a Xunta de Galiza debe liderar a modernización e a mellora do servizo desta liña, que ademais dunha conexión de media distancia debe cumprir o papel de liña de cercanías para a vertebración e a conectividade para a área metropolitana de Vigo e Baixo Miño.

O plan de dinamización postcovid pode ser unha oportunidade para o relanzamento de proxectos estratéxicos para a Eurorrexión, dobremente castigada pola pandemia. O novo trazado e a modernización da liña ferroviaria Vigo Porto, así como a mellora dos convois e a ampliación de frecuencias debe ser un obxectivo prioritario para o futuro inmediato

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Incluír na axenda postcovid a modernización da liña ferroviaria Vigo Porto e a súa consideración como proxecto estratéxico e prioritario para a Eurorrexión, co obxectivo de contar cun tren competitivo, moderno e rápido que garanta a mobilidade sustentábel e segura. Con este obxectivo, o goberno galego impulsará, diante dos gobernos español e portugués, as seguintes actuacións de modernización da liña ferroviaria, entendida como traxecto de media distancia que dá continuidade ao eixo Coruña Vigo e como infraestrutura para a creación dun servizo de cercanías vertebrador da mobilidade entre Vigo e o Baixo Miño:

CSV REXISTRO CSV
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2796
Data envío: 01/10/2020 14:16:53.357

- Impulsar a aprobación do proxecto da saída sur de Vigo e a súa construción.
 - Estudar e aprobar unha alternativa ao paso da vía férrea polo centro da vila do Porriño.
 - Completar a electrificación da vía, nunhas condicións homoxéneas a ambos lados do Miño.
 - Mellorar as condicións de seguranza do trazado e suprimir os pasos a nivel.
2. Demandar ao goberno do Estado a recuperación dos servizos ferroviarios entre Vigo e Porto suprimidos coa escusa da COVID.
3. Reclamar do goberno do Estado que transitoriamente acometa a modernización dos vehículos que circulan pola liña Vigo Porto.”.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: Carme González Iglesias


Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2796
Data envío: 01/10/2020 14:16:53.357

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 01/10/2020 14:13:41

María do Carme González Iglesias na data 01/10/2020 14:14:07

Alexandra Fernández Gómez na data 01/10/2020 14:14:18

Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 14:14:58

CSV, REXISTROSEN/32c808
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 3737(11/PNP-000412)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa, polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promocióne ou titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Ovidio Rodeira Tato, Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento e José Luis Ferro Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para a seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A través dos medios de comunicación, a comunidade educativa de Galicia e do resto do Estado enterouse do contido do Real Decreto-Lei 31/2020, de medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria, que foi aprobado no Consello de Ministros do día 29 de setembro de 2020.

Unha parte do contido deste decreto, en concreto, a pretensión do Ministerio de Educación de permitir que o alumnado pase de curso e titule sen límite de materias suspensas non foi abordada na última Conferencia Sectorial de Educación, onde si se trataron e acordaron outras cuestións recollidas no devandito Real Decreto-Lei.

Esta medida, que afectará ao curso 2020-21, debe verse como unha imposición do ministerio que dirixe Isabel Celaá, xa que non foi tratada previamente coas CCAA nin cos sindicatos.

Ademais das críticas realizadas por diferentes CCAA, profesores e sindicatos están molestos con esta medida por entender que dana a calidade da educación en todo o Estado, busca maquillar as estatísticas educativas e afectará ao alumando porque xerará desigualdade.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia oponse a unha medida, habilitada a través do devandito Real Decreto-Lei, porque converte unha solución puntual acordada de xeito excepcional para o curso 2019-20 ante a aparición da covid -cando xa estaba iniciado e houbo que suspender a actividade presencial- nunha decisión unilateral para o curso 2020-21 que está iniciado e conta con protocolos de actuación.

Lonxe de facilitar o traballo no curso 2020-21, a decisión do Ministerio de Educación de rebaixar o nivel e os requisitos para aprobar, promocionar en nada axuda a mellorar a educación; ao contrario, significa unha merma da calidade educativa e racha coa función do sistema educativo como xerador de igualdade de oportunidades.

Este xeito de proceder por parte do Goberno do Estado, ignorando a normativa orgánica e ocultando a información nunha decisión tan importante para toda a comunidade educativa, desprestixia a educación e o traballo dos docentes e as súas familias, vai en contra da cultura do esforzo e ataca a equidade na medida en que establece cuestións como:

- A rebaixa dos criterios de avaliación, promoción e titulación, permitindo que calquera alumno ou alumna pase de curso sen importar o número de suspensos
- A supresión da avaliación final de etapa de Primaria e de ESO
- Ou a redución da duración dos módulos de formación en centros de traballo (FCT) nos ciclos formativos.

Ademais estas medidas, tal e como xa denunciou a Xunta de Galicia e como apuntan tamén outras CC.AA., poden xerar desigualdades entre o alumnado en función do seu lugar de residencia e crea inseguridade xurídica e confusión normativa.

Galicia leva anos poñendo en marcha medidas e plans que favorecen a motivación pola aprendizaxe e que proporcionan un reforzo ao alumnado máis vulnerable, medidas que facilitaron a baixada de máis de 10 puntos da taxa de abandono escolar, pasando no ano 2009 dun 25,8% a un 21,6% no ano 2019.

Por iso, desde o Grupo Parlamentario Popular, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia declara a súa posición contraria a que, a través dun Real Decreto-Lei que ignora o previsto na normativa orgánica de educación e que non foi pactado coas CC.AA., o Ministerio de Educación decida rebaixar o nivel e os requisitos para que un alumno aprobe, promocióne ou titule no curso 2020-21 con independencia do número de materias suspensas; ao entenderse que esta medida non é acorde coa situación actual dos sistema educativo, suprime a función da educación como xeradora de igualdade de oportunidades no alumnado”.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2020 12:43:12
Nº Rexistro: 3737
Data envío: 16/10/2020 12:43:12.577

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/10/2020 12:37:07

Ovidio Rodeiro Tato na data 16/10/2020 12:37:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/10/2020 12:37:40

Martín Fernández Prado na data 16/10/2020 12:37:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: REXISTRO04hy3Sou11
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2020 12:43:12
Nº Rexistro: 3737
Data envío: 16/10/2020 12:43:12.577

Marta Nóvoa Iglesias na data 16/10/2020 12:38:27

Teresa Egerique Mosquera na data 16/10/2020 12:41:07

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/10/2020 12:41:19

José Luis Ferro Iglesias na data 16/10/2020 12:41:38



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6.4 3878(11/PNP-000427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2020 17:52:11
Nº Rexistro: 3878
Data envío: 20/10/2020 17:52:11.507

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os criterios de reparto dos fondos europeos para dar resposta á crise da Covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten por diante un gran reto respecto dos fondos europeos arbitrados para dar resposta á crise da Covid-19. É necesario impulsar a maior anticipación posíbel para intervir neste debate e que o noso país sexa quen de obter fondos que destinar á reactivación económica, social e cultural e incrementar a capacidade de acción.

Galiza necesita avanzar económica e socialmente e combater as graves consecuencias da pandemia actual. Para iso, é necesario que o noso país non fique atrás no impulso de ferramentas económicas propias nin na obtención de fondos estatais ou europeos. Así mesmo, é necesario un debate amplo e profundo cos axentes sociais e económicos relevantes do país, así como coas universidades e centros de investigación para definir as prioridades.

Cómpre recordar que o Consello Europeo celebrado entre o 17 e o 21 de xullo de 2020 decidiu poñer en marcha un novo instrumento económico ao servizo da recuperación da covid-19, o denominado Next Generation EU (NGEU) que conta con 750 mil millóns de euros, dos que o Estado español estima obter 140 mil millóns, uns 77 mil en axudas e 63 mil en préstamos, aos que inicialmente ten renunciado. Así





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2020 17:52:11
Nº Rexistro: 3878
Data envío: 20/10/2020 17:52:11.507

mesmo, existirán outros fondos complementarios e podemos sinalar tamén que diversos fondos coñecidos como “tradicionalis”, como o de Desenvolvemento rural, poderán experimentar importantes recortes, pois o novo fondo non sae da nada e en parte finánciase con elementos propios do Marco financeiro plurianual (MFP) 2021-2027 .

Hai unha cuestión clave neste asunto, e é que estes fondos, a diferenza doutros anteriores, non están inicialmente territorializados senón que terán un ámbito de decisión fundamentalmente estatal. Ata o día de hoxe nin consta unha proposta da Xunta de Galiza noutro sentido nin información concreta do goberno central que poidan facer pensar nalgunha posibilidade real de descentralización. Este feito é lesivo para os intereses galegos e atenta contra o dereito a decidir do noso país sobre a súa propia folla de ruta económica. Máis aínda cando as liñas para as que estarán destinados afectan fundamentalmente competencias da Xunta de Galiza, moitas delas mesmo exclusivas.

É polo tanto necesario e urxente que Galiza se posicione sobre cales son os criterios que deben pivotar ese reparto e corrixir o papel subsidiario que está a adoptar a Xunta de Galiza, así como a súa falta de transparencia ao dialogar exclusivamente cunha lista de empresas elixidas arbitrariamente. Así mesmo, é preciso que Galiza se posicione arredor dun obxectivo claro respecto de que contía aspira a conseguir.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Defender diante do goberno central e das institucións europeas correspondentes que Galiza debe recibir unha contía respecto dos fondos europeos da Covid-19 non inferior a 12.600 M€.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2020 17:52:11
Nº Rexistro: 3878
Data envío: 20/10/2020 17:52:11.507

2. Defender diante do goberno central que na distribución dos fondos do MRR se teñan en conta os seguintes criterios, así como a súa xestión directa e territorializada:

2.1) A inversa do PIB per cápita. O peso deste indicador debe ser superior ao da poboación co obxectivo de evitar a concentración dos fondos nos territorios con máis habitantes.

2.2) A situación demográfica . Como indicadores dos desequilibrios territoriais tamén deben terse en conta: a) A evolución da poboación primando aqueles territorios con peor comportamento e b) O peso da poboación moza primando aqueles territorios nos que este é menor.

2.3) O criterio da taxa de desemprego debe ser complementado coa utilización da taxa de actividade.

2.4) A inversa da produtividade do traballo como un indicador do grado de fortaleza e resiliencia do tecido produtivo de forma que a distribución dos fondos contribúan á cohesión económica de Galiza.

2.5) O peso do territorio rural.

2.6) A dispersión poboacional, para ter en conta o maior custo da prestación de servizos públicos que supón a dispersión.

2.7) O avellentamento da poboación.

2.8) A perda de emprego polo peche de centrais térmicas como consecuencia da necesaria transición enerxética.

2.9) A baixa taxa de reposición no persoal sanitario.”





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2020 17:52:11
Nº Registro: 3878
Data envío: 20/10/2020 17:52:11.507

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/10/2020 17:48:44

Ramón Fernández Alfonso na data 20/10/2020 17:48:48

Daniel Pérez López na data 20/10/2020 17:48:59

Ana Pontón Mondelo na data 20/10/2020 17:49:07



CSV: FEYXJSTFOLSVHMBXRUG

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6.5 3945(11/PNP-000436)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Elena Suárez Sarmiento, María Corina Porro Martínez e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

A comezos de 2020, a Xunta de Galicia anunciou que comezaba os traballos para elaborar un novo Plan Galego de Oncoloxía, na estela dos avances no tratamento contra o cancro que levaron a crear en 2017 a Unidade de Oncoloxía Pediátrica de Galicia, que uniu os recursos das estruturas organizativas da Xestión Integrada de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña. Esta unidade serviu como exemplo para trazar un plan que lograra axilizar o itinerario de visitas clínicas e acelerar o diagnóstico e o inicio do tratamento.

Ante as eleccións autonómicas do ano 2020, o Partido Popular de Galicia incluíu o desenvolvemento dese proxectado Plan no seu programa electoral. Pero quixo facelo concretando algunha das melloras que ese Plan debía introducir.

En particular, fíxose referencia ao seguinte compromiso: “Incluíranse terapias avanzadas, poñendo en marcha un Centro de Terapia CAR-T en Galicia e elaborando una estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada para que os galegos poidan beneficiarse deste tipo de tratamentos dunha forma máis próxima”.

A chamada terapia avanzada é aquela coa que se pretende que o sistema inmune do paciente recupere a capacidade de recoñecer e destruír de forma selectiva as células tumorais. Forman parte da inmunoterapia, unha forma de tratamento do cancro que se pretende que no futuro complemente aos clásicos tratamentos de radioterapia e quimioterapia. Ter en Galicia un centro CAR-T implicaría dotar a Galicia da posibilidade de fabricar no noso propio territorio os medicamentos indicados para estes tratamentos. O avance neste eido, no que se teñen dado algúns pasos por parte do SERGAS, requirirá dun importante esforzo organizativo e económico. Trátase dunha aposta política de primeiro nivel que o Grupo Popular cre que a Xunta debe levar a cabo baixo o amparo dun mandato parlamentario firme.

Por todo o exposto, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2020 12:32:30
Nº Registro: 3945
Data envío: 21/10/2020 12:32:30.567

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, no marco do seu futuro Plan Galego de Oncoloxía, elabore unha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada e poña en marcha un centro de terapia CAR-T en Galicia”.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020



CSV: REXYSTRO2HjbaWxM2
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2020 12:32:30
Nº Rexistro: 3945
Data envío: 21/10/2020 12:32:30.567

Pedro Puy Fraga na data 21/10/2020 12:04:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/10/2020 12:04:32

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 21/10/2020 12:05:17

José Alberto Pazos Couñago na data 21/10/2020 12:05:25

Noelia Pérez López na data 21/10/2020 12:05:34

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/10/2020 12:05:49

María Corina Porro Martínez na data 21/10/2020 12:06:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/10/2020 12:06:18



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.galicia.gal/gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6.6 3973(11/PNP-000441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Leticia Gallego Sanromán**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O sector da hostalaría en Galicia está a sufrir un enorme impacto como consecuencia dos efectos da covid-19. Un impacto continuado no tempo que está a provocar unha importante caída no emprego e unha redución drástica dos ingresos.

Segundo datos correspondentes o ano 2019 (que proveñen do Clúster do Turismo en Galicia), o sector da hostalaría rexistrou máis de 21.000 establecementos, empregou a máis de 66.825 persoas e facturou, 4.700 millóns de euros, o equivalente o 4,5 % da riqueza da nosa Comunidade Autónoma. Do total de establecementos de hostalería 19.052 eran bares e restaurantes.

O sector da hostalería necesita de forma urxente a adopción de medidas económicas que supoñan axudas directas por parte da Xunta de Galicia, diante dunha situación totalmente insostible dende o punto de vista económico e que afecta directamente á supervivencia dun sector de forte implantación en Galicia.

Un sector excesivamente fragmentado, formado por pequenos negocios, moitos de carácter familiar, que operan con marxes de beneficios baixos e con enorme dependencia da capacidade de renda e en consecuencia da capacidade de consumo da cidadanía.

Segundo o III Informe de Conxuntura publicado polos especialistas do Foro Económico de Galicia, a crise económica orixinada pola pandemia tradúcese nunha forte contracción da demanda interna no primeiro semestre do ano, sendo máis acusada en Galicia que no conxunto do Estado. Entre os compoñentes da demanda interna, a nosa Comunidade presenta unha contracción do consumo privado relativo o gasto das familias, entre os meses de abril a xuño do - 25,3 %.

En termos macroeconómicos a caída do sector servizos, no que atinxe o comercio, transporte e hostalería, sufriu unha variación negativa inter anual no





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2020 17:09:16
Nº Registro: 3973
Data envío: 21/10/2020 17:09:16.771

segundo trimestre do ano 2020, 38,3 % . Si atendemos ás horas traballadas no sector da hostalería, existe unha variación inter anual no segundo trimestre do ano 2020 , do -70,3 %.

No actual contexto a situación do sector da hostalería é francamente desesperada, con miles de negocios pechados dende a declaración do estado de alarma, con máxima incerteza sobre a continuidade dos locais que aínda permanecen abertos e con miles de empregos en risco a pesares do importante paquete de axudas habilitadas por parte do Estado e de moitos dos concellos galegos para paliar esta desfeita.

Con maior intensidade, que xa é dicir, en provincias coma Ourense, onde practicamente a metade da poboación ocupada vive do sector servizos (47.000) e onde o 23 % da poboación ocupada son pequenos autónomos (23.000), máxime diante da adopción de medidas de restricións extremas no acceso aos locais de hostalería, con impedimentos de consumo no interior dos mesmos, redución de aforos en terraza ou mesmamente acordando o peche total dos bares e locais de ocio en vilas coma Verín.

Desde o inicio da crise, a actitude do Goberno da Xunta de Galicia foi a ausencia sistemática, con axudas de escaso calado e pouca profundidade diante dunha crise que supón a destrución de miles de postos de traballo.

En definitiva, a Xunta de Galicia debe establecer un plan específico de axudas directas dirixidas a evitar o colapso total do sector, ao igual que están a facer os concellos e outras comunidades do Estado, coma Navarra, Cataluña, etc.

Existe marxe orzamentario (participación de Galicia no Fondo covid de 16.000 millóns, utilización do fondo de continxencia, modificacións orzamentarias de partidas que non foron executadas, etc) e existe marxe fiscal , unha vez que por parte do Ministerio de Hacienda se ten comunicado a suspensión das regras fiscais, permitindo ás comunidades autónomas un incremento do déficit do 2,20 % para o ano 2021, precisamente para empregar toda a capacidade de gasto posible en socorrer á cidadanía para que manteñan o emprego e a actividade económica.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2020 17:09:16
Nº Registro: 3973
Data envío: 21/10/2020 17:09:16.771


Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego, dentro da súa capacidade orzamentaria e tendo en conta a marxe fiscal derivado da flexibilización das regras de déficit autorizadas polo Ministerio de Hacienda, insta a Xunta de Galicia a adoptar de xeito urxente un plan de axudas directas a fondo perdido dirixidas a paliar estragos económicos que a covid-19 está a producir no sector da hostalaría en Galicia.

Pazo do Parlamento, 20 de outubro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Leticia Gallego Sanromán
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2020 17:09:16
Nº Registro: 3973
Data envío: 21/10/2020 17:09:16.771

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/10/2020 16:58:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/10/2020 16:58:12

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/10/2020 16:58:28

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/10/2020 16:58:34



CSV REGISTRO9Trv9ZsZ

Verificación

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

7. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 3563(11/INT-000223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial

Publicación da iniciativa, 33, 21.10.2020



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

No día de onte, 13 de outubro de 2020, Galicia registrou nas últimas 24 horas once novos falecementos por covid, o que supón a maior cifra de falecementos nunha mesma xornada dende o pasado 26 de abril. Parte da provincia de Ourense atópase inmersa nun proceso de alerta máxima (nivel 3) motivada pola pandemia da Covid-19. Neste momento parte da provincia atópase con medidas moi restritivas e confinamento perimetral.

Os centros de atención residencial configuran o núcleo máis vulnerable neste contexto, polo que se precisan parámetros claros e obxectivos na forma de actuar.

Na segunda onda da pandemia en Ourense tres residencias tiveron focos masivos e de xeito abrupto, en concreto a residencia de Pereiro, a Val de Monterrei, e Nosa Señora do Viso en Lobeira. A primeira foi intervida pola Xunta tralo contaxio de practicamente a totalidade de usuarios do centro.

É urxente que se tomen medidas preventivas e non actuar cando os contaxios invaden o centro na práctica totalidade. No caso de Val de Monterrei e Nosa Señora do Viso a situación xa é límite, tendo en conta que hai 70 e 50 contaxios por covid respectivamente. É preciso que a Xunta interveña a xestión para poder dotar do persoal suficiente, así coma de recursos que habiliten unha mellora na atención dos internos, e sobre todo, e o máis importante, evitar máis falecementos.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte Interpelación.

1.ª) Cales son os parámetros ou protocolo obxectivo, no caso de que exista, para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios por covid?

CSM-REXISTROGpZ5Smj6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 10:22:39
Nº Registro: 3563
Data envío: 15/10/2020 10:22:39.223

2.ª) Cales son os medios materiais e humanos que se habilitan por parte da Administración competente unha vez interveñen o centro?

3.ª) Por que non se interveñen (de non ser así) os centro residenciais de Val de Mantereí e Nosa Señora do Viso dende a Xunta de Galicia neste momento tendo en contan con 70 e 50 contaxios por covid?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Juan Carlos Francisco Rivera
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 15/10/2020 10:11:57

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/10/2020 10:12:38

Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/10/2020 10:12:51

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2020 10:13:05



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 3635(11/INT-000233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa
información aos concellos respecto da incidencia da covid-19

Publicación da iniciativa, 33, 21.10.2020



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A transparencia e a facilitación de información sobre a afectación da covid-19 é un dos elementos que está xerando maior confusión e disparidade de accións por parte da Xunta de Galicia. Durante meses, os datos ofrecidos evitaron as series que permitiran establecer comparativas e mellor análise da evolución. Tampouco existen datos abertos, que permitan obter a información a investigadores, periodistas e axentes sociais, económicos ou políticas que permitan facer análises propios e contribuír con conclusións.

De maneira sinalada, fornecer datos aos concellos é un dos debates existentes dende o principio da pandemia, especialmente agravado dende o momento en que a xestión pasou a estar integramente dirixida pola Comunidade Autónoma e as medidas tómanse por concellos. Neste contextos, numerosas alcaldías e a Federación Galega de Municipios e Provincias estiveron reclamando maior información, para poder servir de axuda e colaboración na toma de medidas e loita contra a pandemia. A pesar disto, o goberno da Xunta de Galicia negou esta información, e o propio presidente da Xunta de Galicia cualificou esta información como “perigosísima”. Lonxe de establecer un debate sobre se é necesario ou non compartir estes datos, ou existen outras posibilidades, o Goberno galego modificou a súa postura e anunciou a información por concellos. Non en tanto, demorou máis dunha semana dende que se prometeron ata que finalmente se entregaron.

Esta información que se facilita non é, non en tanto, unha información concreta de datos, se non que se entrega un mapa de gravidade por concellos, que non esclarece tendencias nin posición concreta dos concellos. Con esta información, sendo mellor que nada, tampouco é posible establecer posicións e evolucións que permitan aos concellos tomar medidas claras.

Esta falta de información, que si se filtra dende a Xunta de Galicia a outros axentes como medios de comunicación, deixa de lado a colaboración institucional cos concellos, e impide accións coordinadas e complementarias.

CSM-REXISTRO026-JUCYVrn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:01:13
Nº Rexistro: 3635
Data envío: 15/10/2020 17:01:13.221

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que a información ofrecida pola Xunta de Galicia é un mapa de niveis e non os datos concretos por concellos como demandan as entidades municipais a través de todos os seus mecanismos?
2. Segue considerando o Goberno galego que ofrecer esta información é perigosísimo?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar o sistema de información que facilita aos concellos de Galicia?
4. Como explica a Xunta de Galicia que exista información concreta sobre datos, que non ofrece oficialmente, filtrada e publicada sistematicamente?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2020 16:58:35

Marina Ortega Otero na data 15/10/2020 16:58:42

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/10/2020 16:58:51



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 3652(11/INT-000235)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos

Publicación da iniciativa, 33, 21.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:25:54
Nº Rexistro: 3652
Data envío: 15/10/2020 17:25:54.414

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas de apoio previstas para os autónomos e as autónomas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 6 meses de pandemia o colectivo de autónomos e autónomas está a sufrir unha fonda crise que está levando a unha perda preocupante de traballos do colectivo.

O impacto da crise da Covid-19 e as semanas de obrigado peche, son un golpe que lles afecta de forma drástica e que pon en xaque o seu futuro nun contexto no que se prevén meses nos que o consumo por parte das e dos usuarios será tamén moderado pola constrición económica e a perda de postos de traballo.

Nesta situación, os seus ingresos foron escasos ou nulos, mais seguiron tendo que pagar os gastos estruturais dos seus negocios (alugueiro, luz, auga, ...).

Con esta situación, atopámonos con que a gran perda de postos de traballo do colectivo prognostícanse para o outono, podendo levar, segundo algúns cálculos á perda do 30% dos autónomos/as do País.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é fundamental actuar con urxencia para garantir a supervivencia dos pequenos negocios de Galiza e non

CSM-REXISTRORYNLInq6S
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:25:54
Nº Rexistro: 3652
Data envío: 15/10/2020 17:25:54.414

entendemos que a Xunta de Galiza non adopte ningún tipo de axuda directa como as que están impulsando a maioría dos territorios, gobernados por diferentes forzas políticas, e así garantir os postos de traballo dun colectivo que constitúe un pilar da nosa economía.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Cre o Goberno galego que no inmediato as medidas que tomou garanten a supervivencia dos autónomos e autónomas?
- É consciente o Goberno galego de que a falta de liquidez dos negocios os está levando ao peche?
- Ten previsto o Goberno galego axudas directas para autónomos e autónomas que sexan compatibles coas do Estado ?
- Valora a Xunta de Galiza impulsar compensacións por “limitación de actividade” para as que non poden reiniciar a súa actividade ou estean condicionadas por novas normas sanitarias ou de aforo?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Carme González Iglesias**
Ramón Fernández Alfonso
Daniel Pérez López





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:25:54
Nº Registro: 3652
Data envío: 15/10/2020 17:25:54.414

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/10/2020 17:20:48

María do Carme González Iglesias na data 15/10/2020 17:20:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/10/2020 17:21:00

CSV: REXISTROBRYNL1hqe5
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

8. Preguntas ao goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 4632(11/PUP-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o recoñecemento polo Goberno galego do compromiso do
Goberno central para satisfacer unha demanda histórica da
sociedade galega como a rebaixa das peaxes da autoestrada AP-
9



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada polo proceso orzamentario que vén de poñerse en marcha no Parlamento do Estado.

O proxecto de orzamentos do Estado que se presentou a semana pasada recolle, por primeira vez, partidas para unha reivindicación histórica da sociedade galega, como é a rebaixa da peaxe da AP-9, unha vía de comunicación que vertebra a Galicia atlántica e que ten unha importancia fundamental polo seu impacto sobre a cidadanía e as empresas dunha gran parte de Galicia.

En total, máis de 60 millóns para rebaixar e bonificar peaxes. Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Recoñece o Goberno galego o compromiso do Goberno do Estado para satisfacer unha demanda histórica da sociedade galega como a rebaixa das peaxes da AP-9?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 02/11/2020 17:19:27

Patricia Otero Rodríguez na data 02/11/2020 17:19:45

CSM-REXISTRO-XERAL-ENTRADA
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 911(11/POP-000268)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre cales son os beneficios que lle reporta ao estudantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020-2021

Publicación da iniciativa, 9, 22.09.2020

Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Pleno**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos

Na última década, o Goberno galego apostou por colocar a Galicia como a comunidade que aplica as taxas universitarias máis baixas do conxunto de España.

Para organizar o inicio do curso universitario 2020-21, cumprindo cos trámites pertinentes, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2020/21, que recolle a baixada dos prezos públicos das primeiras matrículas de Máster non habilitante (enfocados a unha especialización de coñecementos ou á investigación científica), ata equiparalos aos prezos de grao universitario; así como a conxelación por décimo ano consecutivo das taxas de grao; e, por terceiro ano, de máster habilitante (necesarios para exercer unha profesión).

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno

Que beneficios reporta ao estudantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020/2021?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 09:30:00
Nº Registro: 911
Data envío: 26/08/2020 20:07:15.223

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 20:04:14

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 20:04:34

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 20:05:00

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 20:05:25

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 20:05:43

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 20:06:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 20:06:24



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.galicia.gal/gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

8.3 2989(11/POP-000359)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a carga de traballo para o cadro de persoal da planta de Siemens-Gamesa nas Somozas

Publicación da iniciativa, 30, 14.10.2020



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Desde a compra realizada pola empresa GAMESA-SIEMENS da fábrica de Vaos en Portugal e os millónarios investimentos realizados nas ditas instalacións, as incertezas das persoas traballadoras de GAMESA-SIEMENS na localidade das Somozas son cada vez maiores.

Unha fábrica referente na calidade de fabricación de palas e o cumprimento dos compromisos adquiridos cos clientes, vese ameazada pola falta de compromiso da empresa en garantir carga de traballo máis aló de decembro de 2020.

Mentres os investimentos millónarios en novas instalacións e a implantación de novos modelos de palas chegan a Portugal, nas instalacións da planta galega seguen a fabricar un modelo xa antigo e non aparecen novos investimentos que melloren as instalacións actuais para poder fabricar modelos de palas de maior tamaño.

A carga de traballo finalizará en decembro de 2020 e a empresa non dá resposta aos continuos requirimentos do comité de empresa sobre esta cuestión e a petición de formar unha mesa de traballo para analizar a viabilidade dunha planta de alto valor en coñecemento e produtividade.

As persoas traballadoras denuncian que o mercado da planta galega estase quedando reducido ao mercado nacional polos menores aranceis que teñen de Portugal para fabricar para o sur de Europa e Norte de África, e sabendo que no Estado español existe un compromiso claro de apostar polas enerxías renovables e con eles a enerxía eólica e que en Galicia está previsto máis que duplicar nos vindeiros dez anos a potencia acumulada no noso territorio, resultaría incomprensible que unha empresa como SIEMENS-GAMESA actuase de costas ao noso territorio.

A oportunidade que xorde coa eólica mariña e a súa posible implantación en Galicia, tamén debera ser un atractivo para que unha empresa europea deste nivel, non optase por deslocalizar a súa produción e continuase coa súa actividade de éxito na comarca de Ferrolterra.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 17:59:01
Nº Registro: 2989
Data envío: 05/10/2020 17:59:01.318

A planta das Somozas conta con preto de 300 traballadores e chegou a ter a 700, é unha planta que leva demostrado eficacia, coñecemento e calidade ao longo dos máis de 20 anos de traballo en Galicia, o futuro do sector eólico é prometedor e a comarca de Ferrol non pode prescindir dunha actividade económica vinculada á transición enerxética nun momento onde a UE introducirá millóns de euros en proxectos vinculados a este sector.

Desde a Xunta de Galicia non dan resposta aos traballadores das Somozas e correspóndelle ao Goberno galego coas competencias en materia industrial, evitar unha deslocalización desta actividade cara a Portugal e poñer a disposición os mecanismos de negociación e promoción industrial para conseguir que SIEMENS-GAMESA invista na planta das Somozas e garanta carga de traballo nos vindeiros anos para unha comarca que debe ver como medra o cadro de persoal da planta das Somozas e non un posible peche das súas instalacións.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cales son as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia, para garantir a carga de traballo para o cadro de persoal de GAMESA-SIEMENS nas Somozas?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 05/10/2020 17:53:52

María Leticia Gallego Sanromán na data 05/10/2020 17:54:02



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

8.4 2848(11/POP-000345)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 máis

Sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir,
dada a limitación das citas á atención telefónica, a atención
sanitaria ás persoas con parálise cerebral

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 18:09:24
Nº Rexistro: 2848
Data envío: 01/10/2020 18:09:24.616

Á Mesa do Parlamento

Isaura Abelairas Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Desde o estado de alarma do pasado mes de marzo uns dos sectores máis afectados neste contexto de pandemia é o dos centros de atención a persoas con discapacidades, véndose reducidos aínda máis uns servizos que xa viñan sendo a todas luces insuficientes.

Os centros de saúde limitaron horarios de atención (sirva como exemplo Centro de Saúde de Navia, Vigo), pasando dun horario de 09:00 horas a 21:00 horas, a un horario de 09:00 horas a 15:00 horas, con atrasos na concesión de citas en varias semanas nalgún caso e limitando as consultas a chamadas telefónicas. Este centro de saúde citado como exemplo, prestaba servizo a persoas usuarias dos centros de Apamp (Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral) ou de Alento.

Esta situación na Atención primaria que supón un retroceso no servizo para toda a poboación, afecta de xeito especial ás persoas con algún tipo de discapacidade e máis gravemente ás persoas con parálise cerebral.

Resulta na maioría das veces imposible recoñecer a sintomatoloxía e trasladar o problema a través dun teléfono.

Os médicos non se trasladan a ver ás persoas pacientes, e estes véñense na obriga de recorrer aos servizos de urxencia hospitalaria coas dificultades que iso implica para estas persoas e os seus coidadores e coidadoras.

A pandemia puxo de manifesto a responsabilidade, profesionalidade e bo facer das entidades do terceiro sector na xestión segura dos centros. As entidades sociais creadas e xestionadas polas familias e apoiadas polo tecido asociativo que traballan dende a solidariedade, a inclusión, son unha garantía de boa atención.

Pero cabe salientar que son centros de servizos sociais, non sanitarios, e

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTROK2n4fR3u9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 18:09:24
Nº Registro: 2848
Data envío: 01/10/2020 18:09:24.616

necesitan sempre, e máis agora neste contexto marcado pola Covid, tutela e atención sanitaria eficaz.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Goberno galego algún mecanismo para garantir a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral ante a limitación das citas a atención telefónica?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Isaura Abelairas Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 01/10/2020 18:06:44

María Leticia Gallego Sanromán na data 01/10/2020 18:06:52

Marina Ortega Otero na data 01/10/2020 18:06:58

Julio Torrado Quintela na data 01/10/2020 18:07:08



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

8.5 3154(11/POP-000382)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do
desenvolvemento do Plan de asistencia ao ictus en Galicia,
posto en marcha no ano 2016

Publicación da iniciativa, 30, 14.10.2020

A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Ictus e unha enfermidade cerebrovascular que ten unha gran relevancia na nosa sociedade.

Cada ano prodúcese en España 120.000 novos casos de Ictus, e prevese que dita cifra se incrementa nun 35% en 2035, segundo datos da Sociedade Española de Neuroloxía, que lembra que, cada ano, morren unhas 27.000 persoas por esta causa, unha cifra que tamén se prevé que se incrementa un 39% en 2035.

Según datos do Grupo de Estudo de Enfermidades Cerebrovasculares da SEN o 59% dos pacientes que tiveron un ictus teñen problemas para realizar as súas actividades cotiás, máis dun 62% teñen problemas de mobilidade, un 64% sofren dor e malestar e un 36% percibe o seu estado de saúde como malo ou moi malo.

Na nosa Comunidade Autónoma prodúcese ao redor de 7.000 novos casos de Ictus cada ano, tamén segundo datos da SEN, ocupando o primeiro lugar entre as causas de mortalidade.

O feito de que o Ictus ocupe o primeiro lugar entre as causas de mortalidade en Galicia (primeira en mulleres, segunda en homes) e que supoña a primeira causa de discapacidade permanente na idade adulta, entre outras, fae que o Ictus ocupe un lugar relevante nas prioridades da Consellería de Sanidade.

A repercusión que ten esta patoloxía no seo das familias, no campo profesional, laboral e social é enorme. As cifras que se manexan son o suficientemente importantes como para que as autoridades sanitarias consideren ao ictus isquémico como un problema de saúde prioritario. Así o recolle a estratexia SERGAS 2020.

A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, coa finalidade de seguir avanzando na mellor atención a cidadanía galega, o 4 de xullo de 2016 presenta o Plan Galego de Atención ao Ictus.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 10:15:18
Nº Registro: 3154
Data envío: 08/10/2020 10:15:18.689

Iste Plan, nace tendo como obxectivo a creación dunha rede de atención ao ictus en toda Galicia xestionada como unha área única para toda a poboación galega.

O principio que levou á súa creación foi o de ofrecer a mellor atención ao ictus á cidadanía galega alí onde acontecera o evento.

Sr. Conselleiro de Sanidade, vendo a importancia que ten este proxecto, hoxe, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de asistencia ao ictus en Galicia (Plan Ictus) posto en marcha no ano 2016?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

CSX: REXISTRO GALICIA
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 10:15:18
Nº Rexistro: 3154
Data envío: 08/10/2020 10:15:18.689

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/10/2020 09:59:12

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/10/2020 09:59:37

José Alberto Pazos Couñago na data 08/10/2020 09:59:45

Noelia Pérez López na data 08/10/2020 09:59:56

María Corina Porro Martínez na data 08/10/2020 10:00:15

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/10/2020 10:00:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/10/2020 10:00:47



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

8.6 3810(11/POP-000478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da infraestrutura e reforzo do persoal da UCI de adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2020 13:03:51
Nº Rexistro: 3810
Data envío: 19/10/2020 13:03:51.572

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopa a UCI de Adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia da COVID-19 veu a facer visibles moitas das carencias que vimos padecendo desde fai tempo na sanidade pública galega. Mostra disto é a situación da Unidade de Coidados Críticos de Adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela, que está a experimentar unhas circunstancias dramáticas. A infraestrutura deste servizo, que xa se vía insuficiente previamente á irrupción da pandemia, móstrase extremadamente precaria para afrontar a situación actual. Son varias as denuncias feitas polo persoal deste servizo atendendo tanto ás infraestruturas da Unidade coma ás súas condicións laborais.

A inexistencia de cubículos pechados que permitan illar a pacientes con risco infeccioso converte a unidade nun espazo completamente “sucio” ao non contar con barreiras que eviten a diseminación de aerosois e poñendo así a todos os pacientes hospitalizados baixo risco de infección.

Do mesmo xeito, a situación do persoal tamén é precaria ao non contar con medidas organizativas claras e precisas que o obrigan estar sometido a unha constante mobilidade entre diversas áreas de críticos sen atender ao estado infeccioso dos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 19/10/2020 13:03:51

Nº Rexistro: 3810

Data envío: 19/10/2020 13:03:51.572

pacientes hospitalizados en cada unidade, co conseguinte risco de diseminación da infección. Tamén se denuncian falta de protocolos de Prevención de Riscos Laborais así como incrementos importantes nas quendas de traballo sen o dereito a descansos regulamentados.

Esta situación foi denunciada en numerosas ocasións polos diferentes profesionais deste servizo, chegando a asinarse un acordo coa Xerencia da Área Sanitaria para a realización de obras de mellora durante o período estival, mais aínda non se comezou ningún aspecto destas reformas. Neste escrito tamén se acordan melloras nos criterios de mobilidade de persoal e compensacións económicas pola situación de exposición á COVID-19 que están sen culminar.

Por todo o anteriormente exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dado a situación da UCI de Adultos do Hospital Clínico, cales son as medidas previstas para a adecuación da súa infraestrutura e no reforzo de persoal?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

CSV REXISTRO: R0HCLU0191165
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 19/10/2020 13:03:51

Nº Rexistro: 3810

Data envío: 19/10/2020 13:03:51.572



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2020 13:01:31

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2020 13:01:36

Iria Carreira Pazos na data 19/10/2020 13:01:47

CSV REXISTRO CLUO19165
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

8.7 4630(11/PUP-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre o número de persoas restrexadoras que hai en Galicia
para o seguimento das persoas contaxiadas pola covid-19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2020 16:32:20
Nº Rexistro: 4630
Data envío: 02/11/2020 16:32:20.140

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social existente diante do aumento constante e imparábel do número de casos Covid-19 en Galiza.

Diante do incremento imparábel do número de casos Covid-19 en Galiza, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cal é o número de rastrexadorxs para o seguimento de persoas contaxiadas por Covid-19 en Galiza?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

CSM-REVISITOCocXhaSaagB
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2020 16:32:20
Nº Registro: 4630
Data envío: 02/11/2020 16:32:20.140

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2020 16:31:54

CSX: FEYJSTFR0ocXha8aaq8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.11.2020 Hora: 10:00
Orde do día

8.8 3442(11/POP-000419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a demora na detección da presenza da covid-19 e na comunicación dos resultados das probas realizadas na Residencia de persoas maiores Os Gozos, en Pereiro de Aguiar

Publicación da iniciativa, 33, 21.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2020 13:08:32
Nº Rexistro: 3442
Data envío: 13/10/2020 13:08:32.579

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o gromo na Residencia “Os Gozos” en Pereiro de Aguiar e a demora na comunicación dos resultados das probas realizadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente vimos constatar a existencia de gromos en residencias de maiores que, coma en ocasións anteriores, son detectadas tardiamente canda atinxen á practica totalidade das residentes nas mesmas e a un número moi elevado das súas traballadoras. Situación que máis unha vez pon de manifesto a insuficiencia e ineficacia das medidas aplicadas pola Xunta de Galiza.

Nestes días na Residencia de maiores “Os Gozos” detectouse a existencia dun gromo que atinxía a 153 das 192 residentes e a máis do 30% das persoas que traballan na mesma, o que evidencia que as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza ou non se executan como deberan ou son claramente insuficientes.

Así, a entidade privada que xestiona a Residencia “Os Gozos” manifestou que tras a práctica dunha proba de detección do virus, os resultados tardaron 5 días en serlle comunicados. Días durante os que, dada a ausencia de síntomas, todas as traballadoras seguiron acudindo aos seus postos de traballo. Comunicados os resultados aconteceu que un traballador deu positivo nas probas realizadas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2020 13:08:32
Nº Rexistro: 3442
Data envío: 13/10/2020 13:08:32.579

A realidade do exposto, poría en evidencia, por unha banda, a inutilidade que a demora na comunicación dos resultados ten nas probas realizadas. A eficacia das probas de detección que se realicen vai inescindiblemente asociada á axilidade na comunicación dos resultados, pois noutro caso de nada serviría a súa práctica. Como presumiblemente pasou no caso da residencia “Os Gozos” a negligencia da Xunta de Galiza posibilitou o risco (neste caso de potencial pasou a real) de contaxio. Asemade, tamén se pon de manifesto a nula eficacia das medidas preventivas para evitar o contaxio. Teoricamente, un só positivo en 5 días transmitiu o virus a 181 persoas.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Detectou o Goberno Galego algún erro nas probas realizadas na residencia “Os Gozos” de O Pereiro de Aguiar polo que se adiaron 5 días na comunicación dos resultados á dirección do centro, así como nos protocolos ou medidas de prevención impremeditadas que posibilitara que un só traballador contaxiara a 153 residentes e 28 traballadoras?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSX4 REXISTROKiwEGzh1s7
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2020 13:08:32
Nº Rexistro: 3442

Data envío: 13/10/2020 13:08:32.579

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2020 13:04:21

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2020 13:04:25

María González Albert na data 13/10/2020 13:04:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/10/2020 13:04:44

CSV: REXISTROKiwEgzh1s7
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

